

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural




Núm. 22 [2019] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 22 (2019)

2019

Fundación Cultural da Estrada
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

miscelanea.aestrada.com

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2019

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

www.museo.aestrada.com

www.miscelanea.aestrada.com

Tradución de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro

alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Templo parroquial de San Xurxo de Codeseda, A Estrada.

Fotografía: Damián Porto Rico

Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

Impresión

Máis Deseño Silleda S.L.

www.omeulibro.com

Dep. Legal: PO 188-2016

Índice

- 11 | As escolas de instrución pública e primeira ensinanza da Estrada no século XIX
Javier García Gómez
- 43 | O médico de Caborca
Carlos Viscasillas Vázquez
- 49 | Nova contribución á toponimia viaria xacobeá.
Un *camiño francés* que pasaba polo lugar da Estrada
Juan Andrés Fernández Castro
- 59 | Los Reyes Magos en Codeseda: una representación excepcional de la Epifanía en la iglesia de San Xurxo
María Novoa Fernández
- 83 | Catálogo fotográfico dos muíños da parroquia de San Lourenzo de Ouzande
Toño Barbeito Sanmartín
- 103 | Avelino Camba Mato, mestre de obras
Carmela Sánchez Arines
- 137 | No medio de San Miguel hai un carballo das mentiras
Henrique Neira Pereira
- 147 | Don Constantino Neira Baloira
José M. Bértolo Ballesteros
- 155 | A difusión dos números indoarábigos en Galicia
Henrique Neira Pereira

- 213 | O clero parroquial de San Xurxo de Codeseda (1620-2020)
Luís Manuel Ferro Pego e Damián Porto Rico
- 255 | Alguacís, serenos, gardas municipais e policía locais da Estrada nos séculos XIX, XX e XXI
Luís Manuel Ferro Pego
- 285 | Varios documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tomo do mosteiro de San Xoán da Cova
Adrián Ares Legaspi

In memoriam



Foto: Bernabé (Faro de Vigo)

José Luis Reimóndez Fernández
(1951-2018)

In memoriam



Jesús María Gonzalo Leis Camba
(1919-2019)



As escolas de instrución pública e primeira ensinanza da Estrada no século XIX

Javier García Gómez
terrarefaaro@hotmail.com

Resumo. Como evidencia o propio título deste traballo, pretendemos unha primeira aproximación ó estado da ensinanza primaria nas parroquias da Estrada no século XIX, a través dos informes de inspección realizados no ano 1860. Os seus obxectivos eran a vixilancia e o cumprimento da normativa, así como a proposta de melloras conducentes a crear unha estrutura educativa consolidada baixo o control estatal, ó amparo da *Lei de Instrución Pública* de 1857¹.

Abstract. As the title of this work shows, this is a first approach to the primary education in A Estrada parishes during the 19th century, according to the inspection reports from 1860. They were aimed to check out and comply with regulations, as well as propose improvements in order to set up a consolidated public education framework, under the Public Education Act of 1857.

Antecedentes

Con anterioridade á Lei de 1857, reguladora das inspeccións e informes que veremos de seguido, a normativa en materia educativa foi evolucionando acorde ós acontecementos políticos do século XIX. Como precedente inmediato, podemos considerar a *Real Cédula dada por Carlos III o 12 de xullo de 1781* como o comezo da obrigatoriedade da ensinanza en España. Durante o trienio liberal de 1820-23, foi aprobado o *Regulamento Xeral de Instrución Pública* de 1821, ó que seguirá un intento de instrumentación da educación pública por parte do absolutismo de Fernando VII, coa aprobación en 1825 do *Plan Xeral de Escolas de Primeiras Letras do Reino*; e xa no período liberal moderado do reinado de Isabel II, o *Plan Xeral de Estudos* de 1845.

Para o ámbito xeográfico que nos ocupa, o *Diccionario* dirixido por Pascual Madoz a mediados do século XIX, aínda que non aporta datos en detalle, é moi indicativo da situación da educación primaria nas

1 *Lei de Instrución Pública*, Gaceta de Madrid nº 1.710, 10 de setembro de 1857.

localidades que describe². Para o termo municipal da Estrada, manifesta a existencia de 26 escolas de primeiras letras frecuentadas por un número aproximado de 750 alumnos, cantidades considerables se temos en conta o carácter rural das parroquias.

Para o período de 1845-1850, relaciona escolas nos lugares de Arca, con 11 nenos; de Arnois, mal dotada e con 14 alumnos; Berres, cun mestre sen dotación e 14 nenos; Callobre, con 12 que pagan certa cantidade mensual; Codeseda, 30 de ambos sexos que pagan a retribución acordada; de Curantes, 20 alumnos pagan 2 reais mensuais cada un; da Estrada, onde o mestre percibe 1.500 reais anuais do fondo de propios por atender a 80 alumnos; Guimarei, 20 nenos polos que pagan seus pais a cantidade acordada; Lagartóns, con 30 nenos e 15 nenas; Lamas con 16 alumnos; Loimil, onde o mestre percibe un ferrado de millo por cada un dos 30 discípulos; de Matalobos con 20 nenos; Moreira, con 70 alumnos que pagan un ferrado de millo; Oca, entre 60 e 70 que pagan cun ferrado de millo; Olives, con 24; Orazo, con 30 nenos que pagan unha cantidade de millo indeterminada; de Ouzande, onde o mestre percibe polos 40 alumnos 1.800 reais anuais pagados polo fondo de propios; Parada, con 30 nenos; Paradela, con 40 nenos e unha dotación anual de 1.100 reais procedentes dunha obra pía; Pardemarín, con 24 nenos que pagan certa cantidade de gran; de Ribeira, con 24; Ribela, con 25; Rubín, con alumnos de ambos sexos que pagan un real mensual; Tabeirós, con 40 nenos e unha dotación de 1.100 reais ó ano; Veá (S. Cristina), con 14 nenos, e de Veá (S. Xián), onde o mestre só percibe a gratificación entregada polos pais.

As visitas de inspección na Estrada

Antes da creación dos inspectores escolares en 1849, a responsabilidade das escolas e a educación primaria recaía na comisión de instrución pública de cada municipio, formada polo alcalde, un rexedor, dúas persoas de libre designación e o párroco³. Os inspec-

2 MADDOZ, P. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1845-1850.

3 *Real Decreto de creación da Inspección das escolas de Instrución Primaria*, Gaceta de Madrid nº 5.315, 2 de abril de 1849; e *Plan Provisional de Instrución Primaria*, Gaceta de Madrid nº 1.381, 28 de agosto de 1838, regulador das comisións locais da instrución pública.

(art. 303). Cada mestre tiña preparado un informe baseado nun cuestionario, no que expoñía o estado e situación das dependencias do edificio da escola, a colocación dos artigos domésticos e mobles, os medios materiais para a instrución, as materias do sistema de ensino, o número de alumnos de asistencia diaria, os que están dispensados do pago da retribución, o sistema adoptado polo réxime da escola, as seccións nas que se divide cada unha das clases, o tempo semanal adicado a cada unha delas, o número de alumnos por sección, os libros de texto dispoñibles para cada materia, o sistema de premios e castigos, o estado, idade e dotación do propio mestre, así como a puntualidade no cobro das súas retribucións.

Con todos estes datos, o inspector emite un informe valorativo, mediante a supervisión dos documentos administrativos de cada docente, os salarios, horarios escolares, exames e probas, melloras nas instalacións, libros de texto e clasificación dos mestres na escala. No ano 1860, o inspector provincial de Pontevedra D. Ángel Rubido vai percorrer o partido xudicial de Tabeirós, visitando as escolas de primeira ensinanza de Codeseda, A Consolación (Tabeirós), A Estrada (completa e incompleta), Veá, Cora, Barcala, Oca, Paradelá, Berres, Cereixo, Callobre e Olives, pertencentes ó municipio da Estrada⁵.

Escola de Codeseda

Estado da escola pública elemental incompleta de nenos da poboación de Codeseda, de 3.891 almas, segundo os datos subministrados polo mestre D. José de Castro no seu informe datado o 9 de xullo de 1860⁶. O edificio está situado no centro da vila, no lugar de Devesiña nº 160, coa fachada ó norte, situación despexada e libre de obstáculos que impidan a saúde, boa ventilación, estado mediano e con patio. Contra a fachada principal está a plataforma coa mesa do mestre, cadeira e armarios, dotada tamén de cadro de adoración, mapa de España, mostras e tinteiros. Os medios materiais cos que conta para a instrución, son cadernos autografados para lectura, si-

5 Arquivo Histórico Universitario de Santiago. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria, Pontevedra. Inspección de Escolas, 1860. Caixa 126, Porción 3ª. Partido Xudicial de Tabeirós, Concello da Estrada.

6 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P6: Codeseda, fol. 1r-5v.

labarios, métodos prácticos, cartilla agraria, páxinas da infancia e urbanidade; mostras, mesas e tinteiros para escritura; e taboleiros para aritmética e ortografía.

As materias que compoñen o programa de ensinanza, son Doutrina Cristiá e Historia Sacra, Lectura, Escritura, Aritmética e Ortografía. O número de alumnos matriculados con separación por idades, divídense en menores de seis anos, con 3, de seis a dez anos, con 48, e de mais de dez anos, 48 nenos. De todos eles, asisten diariamente entre 56 e 70, estando dispensados do pago das retribucións o total dos 99, por estar sen clasificar pola xunta local municipal, sendo o sistema adoptado para o réxime escolar o mixto.

As seccións nas que se divide cada clase de ensinanza son cinco, Silabario con 30 seccións, Método con 10, Doutrina Cristiá e Historia con 10, Escritura con 30, Aritmética con 20 e Ortografía con 10; sendo o tempo dedicado á instrución de cada unha das seccións de cada clase, de unha hora. Os libros de texto dispoñibles para a ensinanza son, para Doutrina Cristiá polo Pai Astete engadido por Luarca, Historia Sacra polo Sr. Fleuri, Lectura e Silabarios polo Sr. Hernando, Método Práctico polo Sr. Naharro, Cartilla Agraria polo Sr. Oliván, Páxinas da Infancia polo Sr. Herradillo, Opúsculo de Urbanismo polo Sr. Salvá, Cadernos Autografados polo Sr. Flórez e Araujo, Aritmética polo profesor Vallejo, e para Ortografía utiliza o Prontuario da Real Academia.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Aritmética	Ortografía
1ª		30			
2ª		10			
3ª	10	10	10		
4ª	10	10	10	10	
5ª	10	10	10	10	10

O sistema de premios para os alumnos desta escola, consiste en gañar un lugar de preferencia, pasar dunha sección a outra e inscribilos no cadro de honra. Para os castigos, o sistema establece a postura de xeonllos, perder o posto, saír o último da clase e borrarlos do



Doctrina Cristiá de Astete.

to do artigo 144 do Regulamento Xeral para a Administración e Réxime da Instrución Pública. Indica, en primeiro lugar, que se formalicen todos os rexistros da escola, incluído o do cura párroco coas indicacións sobre a aplicación e aproveitamento dos alumnos no estudio da doutrina e moral cristiá. Segundo, que se desenvolva axeitadamente o sistema adoptado, facendo unha boa distribución do tempo e o traballo. En terceiro lugar, que as oracións á entrada e saída da escola se fagan con maior atención e recollemento, atendendo non descoidar a educación, aínda en preferencia á instrución. Por último, que se poñan en cadro as mostras de escritura e se melloren no posible os artigos domésticos da escola, agradecendo ó mestre a súa laboría e celo á vista dos bos resultados que presenta a instrución.

Escola da Consolación

Informe do mestre D. Juan Durán e Brea emitido o 9 de xullo de 1860, sobre o estado da escola elemental incompleta da poboación da Consolación, de 2.451 almas, pertencente á parroquia de San-

cadro de honra. En referencia ó seu estado e idade, o mestre D. José de Castro manifesta ter 32 anos e estar casado, posuíndo o título profesional elemental con seis anos de servizo na escola de Codese-da. A súa dotación persoal é de 800 reais ó ano, 100 máis para a escola e 200 para material, percibidos con exactitude e puntualidade dos fondos municipais.

Completando este informe redactado polo mestre, o inspector D. Ángel Rubido vai presentar unha serie de advertencias en cumprimento

tiago de Tabeirós⁷. O edificio escolar da Consolación está situado na rúa do mesmo nome, nº 90, e presenta 40 cuartas de lonxitude norte-sur por 18 de leste-oeste, coa fachada a levante, unha soa dependencia dun único piso de madeira con patio, atopándose nun estado de deterioro xeneralizado. Como dotación mobiliaria presenta unha plataforma coa mesa e cadeira do mestre, dous armarios para mostras e tinteiros, un crucifixo, un mapa de España novo, seis corpos de carpintería para mostras e tinteiros e tres taboleiros, todo en mediano estado.

No tocante ós medios materiais para a instrución, conta para Lectura, Silabarios, Métodos Prácticos, Cartilla Agraria, Páxinas da Infancia e Urbanismo, os do profesor Salvá; Cadernos de Ortografía un e dous, colección de carteis arredor das paredes, e taboleiros para Aritmética e Ortografía. As materias de ensinanza e os libros de texto son os mesmos que os das outras escolas do municipio.

Os alumnos matriculados con separación por idades, son 6 menores de seis anos, 42 entre seis e dez, e outros 42 maiores de dez anos, dos que concorren diariamente entre 60 e 70; estando a totalidade dos 90 nenos dispensados do pago das retribucións por non estar clasificados pola Xunta Local. O sistema mixto é o adoptado para o réxime da escola. Cada clase de ensinanza está dividida en cinco seccións, Silabario 30 seccións, Método 10, Doutrina Cristiá e Historia 10, Escritura 30, Aritmética 20 e Ortografía 10, sendo o tempo adicado a cada unha das seccións de cada clase, de unha hora.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Aritmética	Ortografía
1ª		30			
2ª		10			
3ª	10	10	10		
4ª	10	10	10	10	
5ª	10	10	10	10	10

7 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P7: A Consolación, fol. 1r-2v.



Cadernos de lectura, Hernando.

Para o sistema de premios establece gañar un lugar de preferencia, pasar dunha sección a outra e inscribilos no cadro de honra. Para castigos, a posición de xeonllos, perder un posto, saír de último e borralos do cadro de honra. Como datos persoais, o mestre manifesta ter 31 anos, de estado solteiro, título profesional elemental e levar 4 anos de servizo na escola da Consolación. A súa dotación anual ascende a 600 reais, 100 para a escola e 200 para materiais, percibidos con exactitude e puntualidade trimestral dos fondos municipais.

O inspector vai facer unha serie de advertencias de urxente aplicación. En primeiro lugar, que a escola abandone o actual local e se traslade a outro xa designado,

se adopte un mellor sistema de ensinanza e se faga unha correcta distribución de tempo e traballo, así como das cantidades asignadas para material interno. En segundo, que se fagan efectivos os rexistros escolares, especialmente o do cura párroco no tocante á aplicación e aproveitamento dos alumnos no eido da doutrina e moral cristiá. En terceiro lugar, a preferencia da educación sobre a instrución, con especial atención ó recollemento con que se deben facer as oracións de entrada e saída da escola. Remata o inspector solicitando ó mestre un maior gusto, regularidade e orde no pase das seccións.

Escola de Veá

Informe sobre o estado da escola pública de nenos de ambos sexos do pobo de Veá, de 1.121 almas, emitido polo mestre D. Enrique Rodríguez o 10 de xullo de 1860⁸. O edificio escolar, en réxime de aluguer, sitúase no centro das parroquias deste nome, no primeiro

8 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P8: Veá, fol. 1r-2v.

andar do nº 80 do lugar de Bouzamar, coa fachada principal ó nacente e sur con dúas fiestras. Manifesta o mestre que o piso está inútil, sen faiado nin dependencias. En relación ó estado e colocación de mobles e artigos domésticos, informa que dispón de catro corpos de carpintería, mesa do profesor e cinco asentos para os nenos, unha ducia de tinteiros e mostras con vidros e libros.


Como medios materiais para a instrución, dispón para Lectura, Silabarios, Métodos Prácticos, Cartilla Agraria, Procesos, e o manual de Astete para Moral e Relixión. As materias do programa de ensinanza e os libros de texto para cada unha delas, son os mesmos que os relacionados nas escolas anteriores.

Os alumnos matriculados ascenden a 113 con separación por idades, de seis a dez anos, 44, e maiores de dez, 69, dos que concurren diariamente entre 55 e 60, estando a totalidade dos mesmos dispensados do pago de retribucións por estar sen clasificar. O sistema adoptado para o réxime da escola é o simultáneo. Son catro as seccións nas que se divide cada clase de ensinanza, Silabario con 30, Método Práctico 20, Doutrina e Historia Sacra 30, Aritmética e Escritura 27; sendo o tempo adicado á instrución de cada unha das seccións, de unha hora diaria.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Agricultura	Aritmética
1ª		40			
2ª		30			
3ª	10	10			
4ª	33	33	27	8	14

O sistema de premios ós alumnos consiste en pasar á sección superior, e o de castigos, pasar á inferior e poñelos de xeonllos. O mestre manifesta estar casado e ter unha idade de 40 anos, posuír o título de aptitude profesional polo Sr. Gobernador e levar 4 anos de servizo na escola de Veá. A súa dotación persoal son 600 reais anuais, 200 para material e outros 100 para o edificio da escola, pagados con exactitude e puntualidade polos fondos municipais. As advertencias



Silabario de Hernando.

do inspector D. Ángel Rubido, ademais das citadas nas outras escolas, expresan a necesidade de conseguir de inmediato un crucifixo para a escola, requirindo que se executen todas as melloras que necesita o local escolar, dando cumprido coñecemento á Inspección.

Escola de Cora

Estado da escola pública de nenos de ambos sexos da poboación de Cora, de 995 almas, segundo o informe datado o 10 de xullo de 1860 e asinado polo mestre D. Francisco Concha⁹. O documento indica que o edificio escolar está situado no lugar de Piñeiro n^o 7, no centro da parroquia,

coa fachada principal orientada a nacente e sur, ventilado e con boa salubridade pública, aínda que de tamaño reducido, sendo o seu estado xeral regular. No estado e colocación de mobles e artigos domésticos, informa que hai seis corpos de carpintería fronte á mesa do mestre e seis bancos de asento para os nenos de lectura, ademais dunha ducia de tinteiros e mostras para escribir en cadros con vidro.


Doutrina Cristiá, Lectura, Escritura, Aritmética e Agricultura, son as materias que compoñen o programa de ensinanza. Os alumnos matriculados e separados por grupos de idade, suman menores de seis anos, 84, de seis a dez, 20, e maiores de dez anos, 50, asistindo diariamente entre 45 e 50. Por non estar clasificados pola xunta local, están dispensados do pago 84 alumnos. O sistema adoptado para o réxime da escola é o simultáneo. Cada clase de ensinanza está dividida en catro seccións, Silabarios con 30, Método Práctico 20, Doutrina 16, Escritura e Aritmética 18, con unha hora diaria de tempo dedicado á instrución de cada unha delas. Os libros das materias son os habituais nas outras escolas do distrito escolar da Estrada.

9 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3^a, P8: Cora, fol. 1r-4v.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Agricultura	Aritmética
1ª		30			
2ª		20			
3ª	16	16			
4ª	18	18	18	3	18

O mestre de Cora aplica como sistema de premios, pasar ós alumnos a unha sección superior, situación inversa na aplicación dos castigos, á que engade poñelos de xeonllos ou encerralos por unha hora ou mais, segundo a falta cometida. D. Francisco Concha confirma unha idade de 33 anos, de estado casado, a posesión do título de aptitude e moralidade polo Sr. Gobernador e un servizo de catro anos de ensinanza como mestre na escola de Cora. A súa retribución persoal ascende a 500 reais ó ano, 200 para material escolar e outros 100 para mantemento do edificio, pagados con exactitude e puntualidade dos fondos municipais. Seguindo a súa habitual liña de traballo, o inspector do distrito escolar require unha serie de puntos ó mestre de Cora, con especial referencia a que se fagan as necesarias reformas no local, como unha plataforma para a mesa do mestre, e se observe unha mellor limpeza e aseo da clase.



Método práctico de Naharro.

Escola da Barcala

Informe asinado polo mestre D. Francisco Antonio Iglesias, sobre o estado da escola pública incompleta de nenos de ambos sexos da poboación da Barcala, de 512 almas, datado o 10 de xullo de 1860¹⁰. O edificio escolar, alugado e de reducidas dimensións, está situado no centro das parroquias destinadas a ela, Santa Mariña e San Miguel, no lugar de Trasande nº 57, piso primeiro. A fachada principal está orientada ó leste e norte, cunha fiestra a cada vento, piso en bo estado e sen faiado, boa ventilación, e como dependencias auxiliares, unha corte e unha cociña. Como mobles e artigos domésticos, dispón unicamente dunha mesa destinada a escribir o mestre e os nenos, oito asentos e mostras. Os medios materiais para a instrución e as materias que comprende a ensinanza, son os mesmos que as demais escolas do municipio.

O número de alumnos matriculados na escola da Barcala, ascende a 44 menores de seis anos, 20 entre seis e dez, e 19 maiores de dez anos, dos que concorren diariamente entre 20 e 25, estando dispensados do pago de retribucións o total dos 44, por non telos clasificado a Xunta Local. O sistema escolar adoptado é o simultaneo. Cada clase de ensinanza divídese en catro seccións, Silabario con 16, Método Práctico 12, Doutrina Cristiá 10, Escritura e Aritmética 8; empregando unha hora diaria na instrución de cada unha das seccións.


Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Aritmética
1ª		10		
2ª		12		
3ª	10	10		
4ª	12	12	12	12

A aplicación do sistema de premios polo mestre consiste no pase dos alumnos á sección superior, sendo o de castigos o pase a unha inferior e a postura de xeonllos. En canto á idade e estado

10 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P9: Barcala, fol. 1r-2v.

do mestre, manifesta estar viúvo e ter 63 anos, posuír o título de aptitude e moralidade polo Sr. Gobernador e levar catro anos de servizo na ensinanza nesta escola da Barcala. Ascende a súa dotación persoal a 500 reais ó ano, 200 para material da escola e 100 para o edificio, pagados dos fondos municipais con exactitude e puntualidade. Como resultado da súa visita, o inspector D. Ángel Rubido xulga prioritario o traslado da escola a outro local mais axeitado, así como a adquisición do material incluído no presuposto consignado para esta finalidade, así como as habituais advertencias para as escolas da Estrada, sen esquecer a limpeza e orde do local escolar.



Cadernos autografados de Flórez.

Escola de Oca

Estado da escola pública elemental de nenos da poboación de Oca, a cargo do mestre D. Ramón Barreiro e Colmeiro, como consta no informe asinado o 11 de xullo de 1860¹¹. No tocante a situación, estado e dependencias do edificio escolar, está nun extremo do distrito escolar, na denominada praza de Oca, pertencente a dominio particular. O seu estado é bo, saudable, despegado de pantanos e outros elementos prexudiciais para a saúde dos nenos, aínda que carece de faiado e precisaría branqueo e dúas fiestras a levante para unha mellor ventilación. Presenta a fachada principal a poñente con dúas fiestras, unha única dependencia e un soto, ademais dunha boa fonte saíndo da fachada.

Os mobles e artigos domésticos atópanse útiles, cunha mesa para o mestre e un banco con respaldo. As mesas de traballo dos nenos,

¹¹ A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.10: Oca, fol. 1r-6v.

en liñas paralelas na parte central, están dotadas con borradores, tinteiros, plumas e mostras. As nenas sitúanse á dereita e esquerda do mestre cos mesmos equipamentos. Os medios materiais para a instrución son mesas, tinteiros, plumas, papel pautado, mostras, libros e lousa. Os libros de texto e as materias do programa de ensinanza, son os comúns coas demais escolas do concello.

No libro de matrícula de Oca para o presente ano 1860, constan inscritos 45 alumnos menores de seis anos, 17 entre seis e dez, e 28 maiores de dez anos, dos que concorren diariamente arredor de 20, motivado segundo o mestre, polos traballos no campo propios destas datas e as obras nos camiños. Ningún dos asistentes paga as retribucións baixo o pretexto de pobreza, sendo o sistema adoptado para o réxime escolar o individual, aínda que o habitual era o simultáneo cando había máis concurrencia.

Cada clase de ensinanza divídese en tres seccións, Doutrina Cristiá e Lectura 1, as mesmas materias e Escritura 2, Escritura con Aritmética e Historia Sacra 1. En referencia ó tempo dedicado a cada unha das seccións, o mestre informa que os sábados emprega a xornada á instrución da Doutrina Cristiá, Historia e Educación a todas as seccións segundo as capacidades de cada alumno; e os cinco días restantes empréganse nas demais materias, repartindo as tres horas de ensinanza entre todas as seccións en relación ó número de nenos que asiste a cada unha. O número de alumnos por sección, son 10 na primeira, 8 na segunda e 2 na terceira.

O sistema de premios establecido por D. Ramón Barreiro consiste en transmitir ós alumnos palabras de amor, ofrecerlles pasar ás mesas traseiras, gañar postos e nomealos vixiantes das seccións. Pola contra, nos castigos descendelos de posto, obrígase a poñer de xeonllos e, chegado o caso, unha tirada de orellas. No eido persoal, o mestre afirma ter 40 anos, de estado solteiro e posuír o título profesional elemental, ocupando desde hai cinco anos este posto de ensinanza en Oca, despois de outros tres nunha escola particular. A súa retribución anual ascende a 600 reais, 180 mais para material e outros 120 para o local da escola, todo pagado con puntualidade mensual dos fondos municipais. O inspector D. Ángel Rubido volve

a facer as habituais advertencias, rematando coa esperanza da mellora dos resultados en vista da boa aptitude e suficiencia demostradas por este mestre.

Escola de Paradela


Estado da escola pública elemental de nenos da poboación de Paradela, a cargo do mestre D. Melitón da Vila, segundo informe datado o 11 de xullo de 1860¹². O local, de dominio particular, está situado nun extremo do distrito escolar, no lugar de Sinde, sendo o seu estado xeral malo, aínda que a súa situación é saudable, despexada e libre de pantanos. A fachada principal está orientada ó leste, impartindo a instrución na única dependencia do piso principal.

O mobiliario e artigos domésticos están en bo estado de uso, sen necesidade de substituír ningún. Está composto de mesa para o mestre e un banco sen plataforma, con mesas e asentos de traballo para os nenos na parte central, cos seus borradores, tinteiros, plumas e mostras, formando liñas paralelas. Na parede hai un crucifixo e un taboleiro para contar. Ademais do anterior, conta para a instrución con papel pautado e libros, sendo os mesmos que xa vimos nas outras escolas do distrito, así como as materias do programa de ensinanza.

No presente ano 1860 constan no libro de matrícula 43 alumnos, dos que 16 teñen entre seis e dez anos, e 27 son maiores de dez, dos que concurrían diariamente a totalidade dos mesmos ata o mes de maio, reducíndose na actualidade a 14 por motivo dos traballos no campo. O mestre que subscribe carece de datos sobre os que están dispensados do pago, confirmando o sistema individual como o adoptado na actualidade, aínda que en épocas de maior concorrencia utiliza o simultaneo.

Cada clase de ensinanza divídese nas seccións de Doutrina Cristiá e Lectura 1, a mesma con Escritura 2, Historia Sacra con Escritura e Aritmética 1. Por seccións, os sábados están dedicados a Doutrina Cristiá, Historia e principios de educación; repartindo as tres horas diarias dos restantes cinco días ás demais materias. Na actualidade, o número de alumnos por sección, suman 5 na primei-

12 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.11: Paradela, fol. 1r-6v.



Aritmética para nenos de Vallejo.

puntualidade mensual. Xunto coas advertencias habituais e comúns nas escolas do distrito, o inspector advirte ó mestre o seu deber de cumprir as horas de ensinanza sinaladas pola Xunta Local, sen faltar un so día.

Escola de Berres

Informe sobre o estado da escola pública incompleta de nenos da poboación de Berres, de 2.590 almas, asinado o 9 de xullo de 1860 polo mestre D. José María Carbón¹³. O edificio escolar está situado no centro da vila, lugar da Igrexa sen número, coa fachada principal ó sur, situación despexada e libre de obstáculos que impidan a saúde, o seu estado xeral mediano e cun patio arborado unido a ela. Contra a fachada principal, sitúase a plataforma coa mesa e cadeira do mestre, catro corpos de carpintería ós lados cos seus cadros, mostras

ra, 4 na segunda e 5 na terceira. O mestre emprega como sistema de premios as palabras de amor, pasalos ás mesas traseiras e nomealos vixiantes das seccións, consistindo os castigos en facelos descender de posto, poñelos de xeonllos e chegado o caso, un tirón de orellas.

Manifesta o mestre ter 40 anos e estar casado, posuír o título profesional elemental expedido pola Dirección Xeneral de Estudos e levar cinco anos de ensinanza na escola de Paradela. A súa dotación persoal ascende a 500 reais, mais 260 para material e outros 40 para o edificio escolar, todo procedente dos fondos municipais pagado con

13 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.12: Berres, fol. 1r-4v.

e tinteiros, ademais dunha ducia de bancos de asento para os nenos e un taboleiro para Aritmética. Os medios materiais, as materias do programa de ensinanza e os libros de texto son os mesmos que os referidos ás demais escolas do distrito.

Atendendo á separación por idades, os alumnos matriculados son 7 menores de seis anos, 46 entre seis e dez, e 21 de mais de dez anos, dos que concorren a diario de 50 a 62. Un total de 70 están dispensados do pago por estar sen clasificar, sendo o sistema adoptado para o réxime escolar o mixto. Cada clase de ensinanza divídese en cinco seccións, Silabario 30 seccións, Método 12, Doutrina Cristiá e Historia 20, Aritmética 9 e Escritura 3, empregando unha hora á instrución de cada unha das seccións.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Aritmética	Ortografía
1ª		30			
2ª	9				
3ª				20	
4ª		2	6		2
5ª	2	1	2		

O mestre aplica para o sistema de premios, gañar lugar de preferencia, pasar dunha sección a outra e inscribilos no cadro de honra. Os castigos consisten en perder o posto, saír de último, borrarlos do cadro de honra e poñelos de xeonllos. D. José María Carbón manifesta ter 43 anos, estar casado, posuír o título profesional elemental expedido polo Sr. Gobernador e levar catro anos de servizo na escola de Berres. Percibe con exactitude e puntualidade dos fondos municipais, 500 reais ó ano de retribución persoal e outros 300 para material e dotación da escola. As advertencias do inspector resaltan a necesidade de mellorar o local escolar, ademais de instar ó mestre a que se faga cargo da ensinanza de forma efectiva, sen abandonar un so día as súas responsabilidades.

Escola de Cereixo

Estado da escola pública incompleta de nenos da poboación de Cereixo, de 1.743 almas, manifestado no informe do mestre D. Manuel Rodríguez datado o 12 de xullo de 1860¹⁴. O edificio escolar está situado no centro da vila, rúa Cereixo n.º 9, piso principal en réxime de aluguer, coa fachada ó nacente e cun estado xeral cualificado como malo, sen mais dependencias que a sala da clase. O mobiliario atópase nun estado mediano, sen necesidade de substituír ningunha peza. Unha plataforma acolle a mesa e a cadeira do mestre, cun crucifixo e as mesas e cadeiras dos nenos en paralelo, coas súas mostras e tinteiros, libros, papel, plumas e tableiros nas paredes.

Os alumnos matriculados en Cereixo suman 22 de entre seis e dez anos, e 31 maiores de dez, dos que concorren a diario 37, recibindo todos eles ensinanza gratuíta por non estar clasificados pola Xunta Local. O sistema escolar adoptado é o simultáneo. Cada clase de ensinanza divídese en cinco seccións, Doutrina Cristiá 2 seccións, Lectura 5, Escritura 5, Ortografía máis Aritmética 4, Agricultura 1. O tempo dedicado a Doutrina Cristiá é de seis horas, para Lectura catro e media, para Escritura catro, para Aritmética dúas, para Ortografía unha, e para Agricultura media hora, que totalizan as 18 horas semanais.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión	Lectura	Escritura	Aritmética	Ortografía	Agricultura
1ª		8				
2ª	13	7				
3ª		12				
4ª	6	7				
5ª		14	6			
6ª		5	7	6	2	1

O sistema de premios aplicado por D. Manuel Rodríguez, consiste en gañar puntos na sección e pasalos á superior, impondo para os castigos a perda dos anteriores. O mestre de Cereixo está solteiro e ten 26 anos, posúe o título de ensinanza de escolas incompletas e leva catro anos de ensino nesta escola. A cantidade anual da súa

14 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.13: Cereixo, fol. 1r-4v.


retribución ascende a 500 reais, mais 200 para material e 100 para o edificio escolar, estando ó día na percepción de todas elas. O inspector D. Ángel Rubido resalta a importancia de realizar as melloras que precisa o local segundo o acordado, e que o mestre trate con exactitude e celo as súas funcións educativas.

Escola de Callobre

Informe do mestre D. Bonifacio Paseiro e Tabora, asinado o 10 de xullo de 1860, sobre o estado da escola pública incompleta de nenos de ambos sexos da poboación de Callobre¹⁵. Describe a situación do local de propiedade particular nun extremo do distrito escolar, na rúa de Cimadevila nº 11, nun estado xeral bo e saudable, sen elementos que prexudiquen a saúde. A fachada principal está orientada a poñente, con dúas fiestras vidradas e unha soa dependencia, carecendo de teito ó faiado e sen branquear.

Os mobles e artigos domésticos atópanse nun estado mediano, debendo substituír un banco e unha cadeira. Carente de plataforma, ante a mesa e a cadeira do mestre alíñanse en paralelo seis corpos de carpintería con tinteiros e mostras. A ambos lados sitúanse os asentos para os nenos de lectura e un taboleiro contador a unha vara de altura, igual que o crucifixo.

No libro de matrícula consta un neno de seis anos, 19 entre seis e dez, e 27 de mais de dez anos, dos que acoden con puntualidade



O amigo dos nenos de Sabatier.

15 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.14: Callobre, fol. 1r-4v.



Caderno de escritura.

arredor de 38, aínda que na actualidade son 22 por motivo dos traballos no campo. O mestre non aporta datos por descoñecemento do número de nenos exentos do pago das retribucións, pero ningún aporta nada co pretexto de pobreza. Cando a concorrencia é elevada apícase o método simultáneo, mais na actualidade é o individual.

As seccións nas que se divide cada clase de ensinanza son Doutrina Cristiá e Lectura, as mesmas materias con Escritura e Historia Sacra, Escritura e Aritmética. Os sábados dedícanse á instrución da Doutrina Cristiá, Historia e principios de educación a todas as seccións segundo as súas capacidades. Os cinco días restantes empréganse nas demais materias, repartindo as tres horas de ensinanza entre todas as seccións en proporción ós asistentes. Por seccións, o número de alumnos na actualidade é de 12 na primeira, 8 na segunda e 2 na terceira.

Para o sistema de premios, D. Bonifacio Paseiro establece laudes, ofertas de ascenso e nomeamento de vixiantes das seccións; consistindo os castigos no descenso, ameazas con deixalos na escola e poñelos de xeonllos. O mestre ten 28 anos e está solteiro, posúe o título de habilitación para a ensinanza polo Sr. Gobernador de Pontevedra e leva de servizo na escola de Calobre seis anos. Percibe con puntualidade a súa retribución, que ascende a 600 reais ó ano, outros 200 para material e 100 para a casa, procedentes dos fondos municipais. Feitas as advertencias habituais, o inspector insiste no inmediato remate das obras da escola, adquirindo todo o material incluído no presuposto e que o mestre consiga progresos na instrución.

Escola de Olives

Informe do mestre D. Manuel Barcala sobre o estado da escola pública incompleta de nenos da poboación de Olives, de 1.123 almas,

asinado e datado o 10 de xullo de 1860¹⁶. Os datos subministrados polo docente sitúan o edificio escolar, en réxime de aluguer, no centro da vila de Olives, lugar do mesmo nome nº 13. A fachada principal está orientada ó norte, nun segundo andar un pouco escuro por falta de luces, situado sobre unha corte. Os mobles e artigos domésticos están en mediano estado, cos asentos e mesas colocados fronte ó mestre. Como medios materiais para a ensinanza dispón de libros, papel, plumas, tinteiros, mostras, mesas e asentos.

As materias do programa e os libros de texto son os referidos con anterioridade. O número de alumnos matriculados ascende a 2 menores de seis anos, 12 entre seis e dez, e 47 maiores de dez anos, dos que asisten ordinariamente 40, todos eles gratuitamente. Para o réxime da escola utiliza o sistema individual. Cada clase de ensinanza divídese en catro seccións, Doutrina Cristiá 3 seccións, Lectura 5, Escritura 6, e Aritmética 2, dedicando á primeira seis horas, a Lectura cinco, Escritura tres e media, e Aritmética tres horas e media, que totalizan as 18 horas semanais.

Número de alumnos de cada sección

	Relixión e moral	Lectura	Escritura	Aritmética
1ª		7		
2ª		12		
3ª	30	3		
4ª	12	12	2	2

Para premiar ós alumnos, o mestre aplica gañar un posto na sección ou pasar á superior, e para os castigos a perda do mesmo. D. Manuel Barcala ten 33 anos e está casado, posúe o título de primeira ensinanza para escolas incompletas e leva de servizo na escola de Olives dous anos. Percibe dos fondos municipais pagados con exactitude por mensualidades, 500 reais de dotación persoal, 200 para material e 100 para o edificio escolar. Lébralle o inspector a súa obriga no cumprimento de mercar os materiais indicados no presupuesto, así como a conservación diaria da escola no eido da limpeza e da hixiene.

16 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.15: Olives, fol. 1r-5v.



Cartilla agraria de Oliván.

Escola da Estrada

Informe da mestra D^a. Julia Limán Pintos, asinado o 10 de xullo de 1860, sobre o estado da escola pública elemental de nenas da poboación da Estrada¹⁷. Por carecer esta escola de local, a mestra non informa sobre o seu estado e situación, aínda que manifesta o mal estado en que se atopan artigos domésticos e mobles. En relación ó número de alumnas matriculadas, hai 17 menores de seis anos, 36 entre seis e dez, e 7 maiores de dez anos, dos que concorren a diario 40, estando todas elas dispensadas do pago de retribucións. O sistema adoptado para o réxime escolar é o simultaneo.

Cada clase de ensinanza divídese en varias seccións, Lectura 10 seccións, Escritura 5, Doutrina 10, Historia 2, Aritmética 3, Gramática 3, Costura 4, e Calceta 4. Para inspección de limpeza, rezo e listado emprega unha hora e media semanal, para Escritura catro e media, para Lectura tres, Aritmética dúas, Doutrina tres, Historia Sacra dúas, e Gramática unha hora e media. Os libros de texto son os mesmos que nas demais escolas do distrito escolar, conforme ó disposto na Real Orde de 27 de outubro de 1858. O número de alumnas por sección, suman en Lectura 10, Escritura 6, Doutrina 6, Historia 6, Aritmética 4, Gramática 6, Costura 6, e Calceta 6.

Para premiar ás alumnas, a mestra entrega medallas de diferentes clases e lazos de cinta de cores, e como sistema de castigos imparte os que prevé o regulamento. D^a. Julia Limán ten 27 anos e está solteira, posúe título elemental de ensinanza e leva tres anos de servizo na escola da Estrada. Declara percibir 2.667 reais de retribución persoal, máis 666 para material, cobrados con exactitude mensual dos fondos

17 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3^a, P.17: A Estrada, fol. 1r-2v.

municipais. Feitas as advertencias dispostas no artigo 144 do Regulamento Xeneral para a Administración e Réxime da Instrución Pública, o inspector D. Ángel Rubido insta a inmediata apertura desta escola e se informe do número de alumnas que se presenten.

Escola pública elemental completa da Estrada

Como complemento ás escolas públicas elementais incompletas que referimos con anterioridade, na capital municipal existía outra das denominadas *completas*, pois así o establecía a Lei de Instrución Pública en virtude do número de habitantes da vila, con repercusión directa nas retribucións e o dereito do mestre a gozar dunha vivenda decente para el e a súa familia (Art. 191). Por ser completa, a escola de ensinanza elemental da Estrada impartía todas as materias de estudio relacionadas na Lei (Art. 2), e admitía unicamente alumnos do sexo masculino (Art. 103), concorrendo as nenas á escola incompleta da mestra D^a. Julia Limán.

Do seu estado da conta o informe do mestre D. Domingo Antonio Couñago, asinado o 10 de xullo de 1860¹⁸. Manifesta este docente que o edificio escolar está situado no centro da vila, ocupando o andar principal do nº 24 da rúa Ulla, con capacidade suficiente e cun estado xeral regular, ó igual que os artigos domésticos e mobles. No chan da plataforma está a mesa do mestre, vernizada, con catro laceras e tres caixóns, xunto a un gran sillón. Na parede está colgado un escaparate cun crucifixo e dous cadros, un da Purísima Concepción e outro da Raíña, ademais dun moble con cartas xeográficas e un cadro co sistema métrico. Nos laterais presenta tableiros para Aritmética e Xeometría, un reloxo de campañiña con caixa, un compás grande de madeira e unha regra para tirar liñas. No centro da sala, paralelos fronte ó mestre, hai dez corpos de carpintería coas súas mostras, tintas, libros, cadernos, lousas, temperadores e telégrafos, ademais de seis bancos para os nenos de lectura.

O total de alumnos matriculados nesta escola completa ascende a 152, sendo 34 menores de seis anos, 66 de entre seis e dez, e 52 maiores de dez anos, dos que concorren diariamente entre 110 e

18 A.H.U.S. Caixa 126, Porción 3ª, P.16: A Estrada, fol. 1r-8v.


124, non pagando cantidade algunha por non estar clasificados pola xunta local municipal. O sistema adoptado para o réxime da escola é o mixto. O número de seccións en que se divide cada clase de ensinanza é, para Lectura 12 seccións, Doutrina Cristiá 10, Historia Sacra 8, Relixión e Moral 8, Escritura 10, Gramática 8, Aritmética 10, Agricultura 2, Xeometría 2, e Xeografía 2 seccións. O tempo semanal adicado á instrución de cada unha das seccións de cada clase, ocupa para Lectura unha hora e 15 minutos, para Escritura unha hora e media, Doutrina e Moral Cristiá unha hora e media, Aritmética 50 minutos, Agricultura media hora, ó igual que Xeometría e Xeografía.

Os libros de texto dispoñibles son, para Doutrina Cristiá o do Pai Astete engadido por Luarca, para Historia Sacra o do abade Fleuri, Silabario de Victoriano Hernando, Método Práctico de Vicente Naharro, Agricultura de Alejandro Oliván, Urbanismo de Jacinto Salvá, Páxinas da Infancia de Herradillo, Amigos dos Nenos do abade Sabatier, Tábulas de Lauranie, Fleuri en verso de Antonio Pirala, Cadernos Litografados de José Mariano Flórez, Escritura de Iturzaeta, Historia Sacra de Alberá Delgrás, Gramática e Ortografía da Real Academia, Xeografía de Flórez, e Aritmética e Xeometría de José Mariano Vallejo.

Número de alumnos de cada sección

	LECT	DOCTR	HIST	RELIX	ESCR	GRAM	ARIT	AGRI	XEOM	XEOG
1ª	30	10								
2ª	22	10								
3ª	10	10			10		10			
4ª	10	10	10	10	10	10	10			
5ª	10	10	10	10	10	10	10			
6ª	10	10	10	10	10	10	10			
7ª	10	10	10	10	10	10	10			
8ª	10	10	10	10	10	10	10			
9ª	10	10	10	10	10	10	10			
10ª	10	10	10	10	10	10	10			
11ª	10	10	10	10	10	10	10	2	2	2
12ª	10	10	10	10	10	10	10	2	2	2

O sistema de premios aplicado consiste en gañar posto de honra na sección, pasar á superior, inscribilos no cadro dos elixidos, darlles billetes e nomealos instrutores e inspectores. Para os castigos, este mestre aplica ós alumnos a perda do lugar de honra, descendelos de sección, borralos do cadro, quitarlles os billetes, poñelos de plantón durante a clase, de xeonllos, ou deixalos unha hora mais ó remate da xornada escolar. D. Domingo Antonio Couñago confirma unha idade de 35 anos, de estado casado, con título profesional elemental e superior, así como unha antigüidade como mestre na escola pública do distrito da Estrada de 11 anos. Percibe de retribución anual 5.000 reais, outros 1.250 para material escolar e 600 para o aluguer do local, cobrado todo con exactitude e puntualidade trimestral dos fondos municipais. Feitas as advertencias habituais, o inspector advirte ó mestre substituto que cumpra coas observacións feitas polo titular do posto, que con celo e laboría constantes ten gañado o aprecio das autoridades e pais de familia.



Historia sacra de Fleuri.

Conclusións valorativas da inspección de 1860

Conforme ó disposto na Lei de 1857 no relativo á inspección dos establecementos escolares de instrución pública, o inspector provincial de Pontevedra D. Ángel Rubido emite un informe das visitas realizadas no mes de xullo de 1860 ás escolas da Estrada¹⁹. Como

¹⁹ *Revista de Instrucción Pública, Literatura y Ciencias. Año VI, Nº1.* Madrid, 4 de outubro de 1860, pág. 484. D. Ángel Rubido aparece citado como mestre da Obra Pía Escola de Primeiras Letras de Vigo, Inspector da provincia de Pontevedra e Mestre Superior con opción ó mestrado normal. Ocupou ademais a praza titular de Secretario da Comisión Rexia para o arranxo das escolas de Madrid, por Real Orde de 10 de agosto de 1852, sendo condecorado coa Cruz de Isabel a Católica polos seus servizos na Xunta do Censo de Poboación.

paso previo, xa tiña achegado diferentes prevencións ós mestres de cada escola, coa finalidade de corrixir aspectos organizativos e pedagóxicos de cara á consecución duns mellores resultados na ensinanza, necesarios para o progreso escolar. En cómputo global, as 13 escolas repartidas polo termo municipal da Estrada no ano 1860, que presenta un censo total de 22.807 habitantes, ofrecen instrución primaria e de primeiras letras a un total de 1.118 alumnos. Si sumamos o número de nenos e nenas de entre 8 e 15 anos do censo de 1860 para o municipio da Estrada, obtemos un total de 3.457 alumnos potenciais, polo que a porcentaxe de escolarización nesta franxa de idade estaría situada en pouco máis do 32%²⁰.

Unha vez contrastado o estado escolar, D. Ángel Rubido dirixe o seu informe valorativo ó Reitor do Distrito Universitario de Santiago, do que podemos destacar as seguintes conclusións²¹. A ensinanza en xeral está atendida e os seus resultados son medianos, sendo a falta de edificios o maior dos impedimentos, a pesar dos desvelos dos mestres que na meirande parte aportan gran interese e celo nas súas funcións. A escola da Barcala, por exemplo, está situada nun pésimo e abandonado local, dirixida por un pobre ancián que vive e durme nun camastro de palla na mesma sala de estudio, situación semellante ás demais incompletas do distrito motivada polos escasos recursos dispoñibles. As boas aptitudes e modais que presenta o mestre de Berres, en nada se corresponden co estado de total abandono da escola encomendada. Nas escolas de Santeles, Paradela e Olives, os mestres presentan unha gran carencia de aptitudes docentes, con marcado carácter e caprichosos, chegando a non atender os costumes da vida rural, impartindo as clases a unhas horas incompatibles coa concorrencia dos alumnos. O mal estado das escolas da Estrada chega ó limite coa de nenas, largo tempo pechada por falta de casa.

Mención especial merece a de Codeseda, de excelentes resultados polo exquisito celo do seu mestre, ó que o inspector fai merecedor dun aumento retributivo ata os 1.000 reais. Os mestres da

20 EIRAS ROEL, A. *La población en Galicia. 1700-1860*. Santiago de Compostela 1996, pág. 675.

21 A.H.U.S. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria, Pontevedra. Inspección de Escolas, 1860. Caixa 126, Porción 3ª. Partido Xudicial de Tabeirós, Concello da Estrada, fol. 1r-9v, 8 de agosto de 1860.

Consolación, Oca, Cereixo, Foxo e Veá, trasladada esta última a Callobre de Rubín, cumpren no posible as súas funcións tendo en conta as retribucións que perciben. Apunta igualmente que ningún dos párrocos cumpre co disposto no artigo 11 da Lei de 1857, relativo ó repaso semanal da Doutrina e Moral Cristiá para os nenos. Para rematar, o inspector remite unha proposta á Xunta Local para a creación de novas escolas nas parroquias de Castro e Arnois.

As visitas de inspección de 1878 e 1882

O 12 de setembro de 1878, o inspector D. Vicente Alcañiz comunica ó reitor da Universidade de Santiago o comezo das visitas de inspección ás quince escolas públicas do concello da Estrada, deber que lle ocupará ata o 21 de decembro²². Na propia vila da Estrada existen dúas escolas públicas elementais completas, unha de nenos na rúa do Castro a cargo do mestre D. Florentino Barros Mondragón, e outra de nenas na rúa Ulla dirixida por D^a. Julia Limán Pintos. Para o resto das parroquias, existen escolas en Bouzamar de San Xurxo de Veá a cargo de D. Juan Andrés García, en Piñeiro de Cora con D. Francisco Concha, en Foxo Corbelle de Rubín con D. Manuel Picallo, no lugar da Igrexa de Berres con D. Andrés Rey, en Esmeres de Olives con D. Manuel Barcala, en Viso de Correa de Vinseiro con D. Manuel Megide Iglesias, no lugar de Golmados de Arnois con D. Manuel Brey Barcala, na Devesiña de Codeseda con D. José de Castro e Cortés, no lugar da Consolación de Tabeirós con D. Juan Durán Brea, en Trasande de Santa Mariña da Barcala con D. Juan Rodríguez Rodríguez, na praza de Oca a cargo de D. Ramón Barreiro, no lugar de Trapedra en Santeles con D. Gerónimo Moares, e no lugar de Grande en Paradela a cargo de D. Melitón da Vila Canabal.

O mesmo inspector, D. Vicente Alcañiz, remite un novo informe asinado o 2 de xuño de 1882 ó Gobernador de Pontevedra, como Presidente da Xunta Provincial de Instrución Pública, sobre as visitas realizadas ás escolas do distrito municipal da Estrada²³.

22 A.H.U.S. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria, Pontevedra. Caixa 131, Porción 4^a. Partido Xudicial da Estrada, fol. 1r-2v, 12 de setembro de 1878.

23 A.H.U.S. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria, Pontevedra. Caixa 134, Porción 3^a. Concello da Estrada, fol. 1r-9v, 2 de xuño de 1882.

Como se recolle na acta da sesión da Xunta Local, certificada polo secretario municipal D. Maximino Araujo Gómez o 23 de marzo baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Eliseo de Silva, o estado da maioría das escolas é bastante regular; incidindo o inspector na necesidade de crear seis novas, dúas de nenos e catro de nenas, tendo en conta os 24.668 habitantes da Estrada e o presuposto destinado á instrución, que ascende a 8.604 pesetas. Destaca o lamentable estado da incompleta da Consolación, ademais da pouca dilixencia e asiduidade no desempeño das súas funcións dos mestres de Paradela e Olives. Por outra banda, hai que recoñecer e agradecer ós mestres da completa de nenos da Estrada e das incompletas de Arnois e Cora o bo celo e solicitude despregados no cumprimento dos seus deberes profesionais.

As escolas visitadas e informadas por D. Vicente Alcañiz nos meses de febreiro e marzo de 1882, son a elemental completa de nenos da Estrada, a cargo de D. Florentino Barros Mondragón, a completa de nenas na mesma vila a cargo de D^a. Julia Limán Pintos, a incompleta de Arca e Souto con D. Francisco González Rodríguez, a de Arnois con D. Manuel Brey Barcala, a da Barcala con D. Juan Rodríguez Rodríguez, a de Berres con D. Andrés Rey, a da Consolación a cargo de D. Juan Durán e Brea, a de Vis de Correa con D. Francisco Nodar Magán, a de Codeseda con D. José Castro Cortés, a de Cora con D. Francisco Concha, a de Foxo Corbelle con D. Manuel Picallo Varela, a de Loimil e Orazo con D. José Mancebo Rendo, a de Olives con D. Manuel Barcala Maceira, a de Paradela con D. Melitón de Vila Canabal, a de Oca trasladada a San Martín de Riobó con D. Ramón Barreiro Colmeiro, a de Santeles con D. Gerónimo Moares, e a de San Xurxo de Veá a cargo do mestre D. Juan Andrés García.

A xeito de conclusión, incidiremos na importancia das medidas adoptadas pola inspección, marcando unha clara diferenza coas etapas anteriores onde a supervisión estaba en mans alleas á instrución. As indicacións organizativas e didácticas ofrecidas ós mestres, supoñen un avance e unha mellora da ensinanza nas escolas da Estrada. Esta contribución abarca múltiples aspectos, como os requirimentos ó concello para o pago dos haberes, a clasificación dos

mestres, a creación de novas escolas e a esixencia no cumprimento da nova Lei, tanto para os mestres como para as autoridades municipais. Comeza así a consecución das bases para instaurar un sistema público escolar regulado e supervisado pola autoridade estatal, que se traducirá nunha mellor formación docente con retribucións reguladas, escolas mais dignas e mellor dotadas de materiais didácticos, así como novidosas consideracións pedagóxicas para unha ensinanza efectiva e uniforme.

Documento

14 de xullo de 1860. Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Primeira Ensinanza do distrito da Estrada²⁴.

D. Francisco Javier Barros Mondragón, Oficial primeiro da Secretaría do concello e vocal Secretario da Xunta de Primeira Ensinanza do distrito da Estrada.

Certifico que no día de hoxe celebrouse polos Sres. da expresada Xunta sesión extraordinaria, cuxa acta é como sigue. Na Estrada a catorce de xullo de mil oitocentos sesenta, reunidos os Sres. da Xunta de primeira ensinanza baixo a presidencia do Señor primeiro tenente de Alcalde, Licenciado D. Juan García Fernández, por indisposición do Señor Alcalde e constituídos en sesión con asistencia do Sr. Inspector da provincia D. Ángel Rubido, despois de ter visitado as escolas de instrución primaria deste distrito, polo mesmo Sr. Inspector fixéronse as seguintes observacións.

1ª. A adquisición de locais nas parroquias de Cora e San Xián de Veá ó igual que as existentes en casas pertencentes ó Pobo, procurando proporcionar local axeitado para a ensinanza na escola de Paradela, e axiña facer as melloras mais indispensables nas de Veá, Cora e Berres.

2ª. Débese adoptar como medida xeral o branqueo de todos os edificios destinados á ensinanza, e cando sexan de particulares deberán pactarse por conta dos alugueres as melloras indicadas, contratando os arrendamentos en condicións de estabilidade.

3ª. Convén coñecer a renda con que conta a escola ou obra pía de Paradela, segundo a fundación e casa en que se cumpra con ela, para aprovisionala conforme a Lei.

4ª. A excentricidade das parroquias de Castro e Arnois esixe a construción dunha escola incompleta, fixándose o local no punto mais cómodo para ambas.

5ª. Para prestar igual comodidade a escola de Veá ás persoas que levan este nome, impartirse a ensinanza de temporada ou de medio ano alternativamen-

24 AHUS. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria. Pontevedra. Inspección de escolas, 1860. Caixa 126, Porción 3ª. Partido Xudicial de Taboairós, Concello da Estrada, fol. 102-12v, 14 de xullo de 1860. Orixinal en castelán, tradución do autor.

D. Francisco Javier Ramos Alonso
 Director General primero de la Administración central
 de los ayuntamientos y fiscal Secretario de la Junta de
 primera enseñanza del distrito de la Estrada

Xunta de Primeira Ensinanza da Estrada. 14 de xullo de 1860.

te nas parroquias de San Xurxo e San Xián, proporcionando locais para este propósito.

6ª. Atendendo á necesidade de local para as escolas de nenos e nenas desta capital, activarase o expediente xa iniciado para a súa construción. Coa finalidade de non estar mais tempo pechada a de nenas, a Xunta habilitará e verificará con urxencia o local que afirma ten destinado para ela.

7ª. Que a Xunta procure reunirse para os fins que ten indicados, celebrando as sesións ordinarias das que dará coñecemento á superior e á inspección provincial.

8ª. Que a mesma faga a clasificación dos nenos con recursos e os pobres, que sinala as horas de ensinanza segundo as estacións, dando coñecemento ós mestres para a súa observancia e deber de facer escola todos os días que non sexan exceptuados.

9ª. Que se promova o celo dos Sres. Curas párrocos para transmitirlo ós pais de familia, coa finalidade de que envíen os seus fillos á escola, acudindo á autoridade do Sr. Alcalde para que en uso das súas atribucións, lles esixa ó cumprimento de tan sacra obriga.

10ª. Os bos resultados obtidos na escola de Codeseda, fan ó mestre acreedor dun aumento ata os mil reais na retribución da que goza. Pide por último que se lle manifesten os motivos, pasados e presentes, para que o mestre de Berres non se atope á fronte da súa escola.

A Xunta, informada de todo o proposto polo Sr. Inspector, que cun celo que lle honra afánase en promover a instrución en todas as súas partes, estima atendibles as medidas indicadas, para cuxa realización ocuparase con detalle nas sesións inmediatas, manifestando polo momento que o mestre de Berres deixou de ensinar por carecer de saúde, e mellorando na actualidade, axiña se encargará da ensinanza que interinamente substitúe un habilitado, librándolle certificación ó Sr. Inspector.

Con todo, deuse por rematada esta acta que asinan os referidos Sres. de que certifico. Juan García Fernández. Ángel Rubido. Andrés Silva Castroverde. José María Louzao. Gregorio Álvarez Conde. Francisco J. Barros Mondragón, Secretario.

Concorda co seu orixinal que obra no libro de actas desta Xunta á que me refiro, e para entregar ó Sr. Inspector en virtude do acordado, asino a presente pre-

vio visto e prace do Sr. Alcalde, estando nas Consistoriais desta vila a catorce de xullo de mil oitocentos sesenta. Asinado: Juan García Fernández. Asinado: Francisco J. Barros Mondragón.

Fontes e bibliografía

- A educación en Galicia. 1669-1970. Catálogo da Exposición. Textos escolares, escritos de pedagogía, prensa educativa.* Colexio de Fonseca. Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela, 1999.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago. Fondo Universitario. Ensinanza Primaria, Pontevedra. Inspección de escolas. Visitas, Pontevedra. 1860, 1878, 1882.
- EIRAS ROEL, A. *La población en Galicia. 1700-1860. Crecimiento, distribución espacial y estructura de la población de Galicia en los siglos XVIII y XIX.* A Coruña 1996.
- Gaceta de Madrid.* Nº 1.381, 28 de agosto de 1838. Nº 5.315, 2 de abril de 1849. Nº 5.374, 31 de maio de 1849. Nº 1.710, 10 de setembro de 1857.
- LÓPEZ DEL CASTILLO, M. T. *Historia de la Inspección de primera enseñanza en España.* Madrid, 2013.
- MADOZ, P. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar.* Madrid, 1845-1850.
- MAYORGA MANRIQUE, A. *La inspección educativa. Siglo y medio de inspección educativa en España (1849-1999).* Madrid, 2000.
- REY CASTELAO, O. "Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 6, pp 91-104.
- Revista de Instrucción Pública, Literatura y Ciencias.* Año VI, Nº1. Madrid, 4 de outubro de 1860.



O médico de Caborca

Carlos Viscasillas Vázquez*

carlos.viscasillas@ff.vu.lt

Resumo. Neste artigo damos a coñecer a vida do emigrante galego Arturo Franco Ulloa (1903-2001), natural da Estrada e médico dunha aldea no deserto de Sonora (México). Servan estas liñas para honrar a súa memoria, e a de miles de emigrantes anónimos cuxas vicisitudes nunca coñeceremos.

Abstract. We introduce the life of Arturo Franco Ulloa (1903-2001), a doctor from A Estrada who emigrated to Mexico at the beginning of the 20th century.

Aos emigrantes

Introdución

Achegamos a este número da *Miscelánea* o interesante relato da vida do emigrante galego Arturo Franco Ulloa. Nado na Estrada o 9 de febreiro de 1903¹, foi fillo do doutor Arturo Franco Ferreirós (nado en Carril en 1874) e de Pura Ulloa Villar², dos Ulloa de Orazo (A Estrada)³. Pura e Arturo casaran arredor de setembro de 1898⁴ e tiveran 6 fillos: Pura, Amparo, Paz, Juana, Faustino e Arturo. En 1911 Arturo pai partira cara ás Américas levando consigo os seus fillos

* Universidade de Vilnius, Lituania.

1 MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE, Archivo General de la Nación de México, ES.28005.AGA. AGA, RIEM, 088, 169.

2 Pura era curmá do ilustre astrónomo Ramón María Aller Ulloa; e tía avoa de Concepción Adelaida Carnero Valenzuela (neta de Mauricia Ulloa), unha das primeiras científicas da Universidade de Santiago.

3 VISCASILLAS VÁZQUEZ, Carlos. "Los Ulloa de San Pedro de Orazo (A Estrada, Pontevedra)". *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, 16, 2013, págs. 305-316.

4 La Correspondencia Gallega: diario de Pontevedra: Año X Número 2599 - 3 septiembre 1898.



A estradense Pura Ulloa Villar.

Arturo, Paz e Faustino, de oito, sete e dous anos respectivamente.

Viaxe e emigración

Arturo pai, Arturo fillo e Faustino chegaron ao porto de Veracruz (México) o 13 de decembro de 1911, segundo mostran os rexistros migratorios⁵, sen que saibamos cando chegou o resto da familia (a nai Pura coas fillas). Segundo estes mesmos rexistros de emigración⁶, unha das fillas, Paz (nacida en Pontevedra en setembro de 1904), chegou a Veracruz o 18 de decembro de 1911, facéndonos pensar que quizais a familia tivese

que separarse en distintos barcos. A familia estableceuse primeiro en San Pedro de Coahuila, berce da revolución mexicana de 1910, e dende alí trasladáronse a Caborca, onde o noso estradense foi o primeiro médico da vila. Nada se sabía do paradiro destes emigrantes estradenses. Os Franco Ulloa foron unha das moitas familias galegas da emigración masiva e económica de finais do século XIX e comezos do XX. Segundo o seu neto máis novo, foron a México porque era un país en vías de desenvolvemento, e animados por unha irmá de Arturo pai que emigrara a México anos antes. O que si sabemos é que Pura Franco Ulloa faleceu en 1913 en San Pedro de Coahuila e que nunca voltaron a Galicia. Mantiveron comunicación por carta coa familia galega durante un tempo, pero co paso dos anos o contacto perdeuse. Unha nova da *Correspondencia galega* do 19 de xuño de 1914 anunciaba que Arturo Franco embarcara coa súa familia para regresar a Galicia, pero non temos probas de que efectivamente se produciu. Grazas a internet, soubemos que aquel cativo foi un mé-

5 MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE, Archivo General de la Nación de México, ES.28005.AGA. AGA, RIEM, 088, 169.

6 *Ibid.* AGA, RIEM, 088, 176.

A familia Franco Ulloa en México. No centro sentados, Arturo Franco Ferreirós (xa viúvo) e Arturo Franco Ulloa. Atrás Faustino, Pura, Amparo, Paz e Juana Franco Ulloa.



dico moi querido e apreciado nunha afastada cidade do norte de México preto do deserto de Sonora. Nesa lonxana cidade chamada Caborca, onde se lle adica unha das rúas principais, exerceu a súa labor benéfica este ilustre e descoñecido estradense.

A vocación médica de Arturo

Ademais da vocación de servizo aos demais, a vocación médica de Arturo viría seguramente do seu pai, licenciado en medicina en 1897 pola Universidade de Santiago de Compostela⁷ e logo médico titular de Carril e doutor da Fundación Fernández⁸ da mesma localidade. Por outra banda, a profesión de médico tamén era tradicional na súa familia materna. Arturo e os seus irmáns tiñan medio cento de curmáns polos Ulloa, moitos dos cales nunca chegaron a coñecer. Algúns deles tamén médicos de prestixio como José Valenzuela Ulloa (médico titular de Silleda), Genaro Otero Ulloa (médico titular da Estrada) e José Otero Ulloa (médico titular de Marín)⁹, Maximino Araújo Ulloa (médico da Beneficencia provincial) e José María Araújo Ulloa (pediatra na Estrada). En total 6 curmáns doutores da mesma familia. Todos eles, agás Arturo, estudaron na

7 ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO (A.H.U.S.). EXPEDIENTES PERSONALES, Leg. 450, Exp. 17

8 *El Diario de Pontevedra*. Número 5351 - 3 de abril de 1902. Fundada en 1847 en Carril polo filántropo Andrés Fernández García.

9 A rúa principal de Seixo (Marín) se lle adica o doutor José Otero Ulloa.



O doutor Arturo Franco Ulloa nos anos da emigración.



Credencial de estudante de medicina de Arturo Franco Ulloa en 1934.



Título de médico cirurxián pola Universidade Nacional de México outorgado a Arturo Franco Ulloa en 1935.



Cédula profesional do médico Arturo Franco Ulloa.



Arturo Franco Ulloa coa súa dona Laura Méndez Beltrán (á esquerda), a súa filla Nidia María Franco Méndez e o seu home Ramón Gastelum Lizarraga (dereita), e a neta maior María Guadalupe Gastelum Franco (imaxe c. 1955).

Facultade de Medicina da Universidade de Santiago¹⁰. Tradición médica dos Ulloa que cruzou fronteiras ao outro lado do Atlántico. Arturo Franco Ulloa estudou medicina na Universidade Nacional de México (UNAM), unha das máis antigas e prestixiosas de América, fundada en 1551. Recibiu o título de médico cirurxián o 14 de agosto de 1935 (figura 5), sendo reitor o tamén médico Fernando Ocaranza Carmona (1876-1965). Do exercicio da súa profesión, atopamos numerosos testemuños que dan fe da súa gran humanidade e amor ao próximo, testemuños que nos lembran a vida de Giuseppe Moscati. Sempre estivo alí para coidar aos seus pacientes, que aínda o recordan con emoción e respecto na vila de Caborca, onde lle adican con honra a rúa terceira. A Estrada pode estar orgullosa do bo facer dun dos seus fillos.

Matrimonio e últimos anos

Arturo casou en Caborca coa mexicana Laura Méndez Beltrán (1913-1985) en 1941, coa que tivo unha filla e varios netos, todos descendentes de galegos. Arturo morreu no 2001 á avanzada idade

10 VISCASILLAS VÁZQUEZ, Carlos. *Opus cit*, pág. 315.



O presidente municipal, don Roberto Reynoso Gómez (á esquerda), sauda ao estradense doutor Arturo Franco Ulloa en presenza do gobernador do Estado de Sonora Ing. Rodolfo Félix Valdés (dereita).

de 98 anos, como moitos dos seus parentes Ulloa, que tiñan fama de lonxevos¹¹. Como nos din os seus descendentes, Arturo nunca esqueceu a súa orixe galega, e sempre lembraba con orgullo que fora monaguillo en Santiago. A súa memoria permanecerá durante moitos anos nos habitantes de Caborca. Servan estas liñas para honrar a memoria deste galego ilustre que levou o bo nome da Estrada á outra banda do océano e agardamos coñecer máis detalles da súa vida.

11 A súa curmá Florinda Ulloa González morreu na Coruña aos 106 anos de idade; e a súa curmá Rita Vázquez Ulloa aos 101 anos tamén na Coruña.



Nova contribución á toponimia viaria xacobeá. Un *camiño francés* que pasaba polo lugar da Estrada

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Este breve traballo achega unha proba que afianza o carácter eminentemente xacobeo das terras estradenses e dalgún dos camiños que a cruzan, moi especialmente o que atravesaba o actual núcleo urbano da capital municipal. Estes itinerarios, trazados sobre vellos camiños medievais, con frecuencia vías romanas reutilizadas, foron frecuentados por todo tipo de persoas que viaxaban, desde o sur de Galicia, a Santiago de Compostela, meta e fin da peregrinaxe e destino dos produtos —especialmente viño— que a cidade demandaba.

Abstract. This brief piece of work is an evidence of the relationship between Saint James, A Estrada region and its roads, especially the way which went through the current city centre. These routes were traced on old medieval paths, often reused Roman roads, and all kind of people used them to travel from the south of Galicia to Santiago de Compostela, where the pilgrimage ended and the products, especially wine, arrived as demand.

Son xa moi numerosos os testemuños¹ de todo tipo que acreditan o tránsito de peregrinos polas terras estradenses e mesmo polo antano coñecido como *lugar da Estrada*, hoxe importante centro urbano, capital e núcleo rector do extenso municipio ao que dá nome. As probas de maior autoridade proceden daqueles documentos que confirman nun lugar determinado a presenza de peregrinos: a súa partida de defunción, as noticias de misas de sufraxio celebradas polas súas almas, a fundación de confrarías que recollen nas súas ordenanzas a atención a camiñantes e peregrinos e as memorias de visitas pastorais con referencias ao seu coidado, así como a fundación ou mantemento de hospitais e hospicios destinados a tal fin, sen refugar outras achegas de índole circunstancial que aportan información significativa. Neste último apartado pódese incluír o documento que damos a coñecer², unha carta de venda outorgada o día 7 de novembro de 1499 perante o notario público Fernán Bietes. No seu texto especificábase que Pedro Rodríguez e a súa muller, Maior

1 Remítímonos á abondosa e ben coñecida bibliografía sobre este tema.

2 Carta de venda de 1499. Arquivo da Fundación Penzol de Vigo, signatura PLA-04-199.

do Pedregal, *moradores enna freygresia de sant lourenço douçande*, venden a Juan Rodríguez de Casdorrazos e a súa esposa Hurraca Pose, de Aguións, *a casa dastrada questa so o camiño françes para a parte do vendaval da freygresia de sant lourenço douçande con todas suas herdades e devesas...*

Trátase, como pode apreciarse na transcripción do documento, doutra máis das moi numerosas escrituras de compravenda do século XV conservadas nos arquivos e coleccións documentais, coa estrutura e formalismos propios daquelas pezas notariais. Esta, sen embargo, interésanos moi especialmente porque relaciona de maneira clara e inequívoca o lugar da Estrada³ cun denominado “camiño francés”, o que non deixa de sorprender, en tanto que esta acepción veu sendo tradicionalmente aplicada ao itinerario norteño que, partindo de Francia, seguían os peregrinos hacia Compostela, bastante afastado das terras estradenses⁴.

Cabe pensar pois nunha aplicación extensiva do termo “camiño francés” a outros itinerarios de relevancia que tivesen como meta a cidade apostólica; por eles circularían todo tipo de persoas: arrieiros, estudantes, enfermos, frades regulares de visita ás súas casas matrices compostelanas..., e tamén peregrinos.

A urbe xacobeá cobra relevancia tralo descubrimento da tumba apostólica ao tempo de Carlomagno a vai medrando en prestixio e importancia de modo que, xa nos albores do século XI, se erixe en capital indiscutible de Galicia, en detrimento da vella *Lucus Augusti* que detentou durante séculos a primacía administrativa, política e económica da *Gallaecia* septentrional. Este desprazamento do centro de gravidade urbano experimentado no noroeste peninsular trae como consecuencia unha reconfiguración da rede viaria estruturada sobre as vellas calzadas e vías romanas: todos os camiños levan agora a Compostela.

3 Lembremos que deica o século XIX parte do seu territorio pertenceu á parroquia de San Lourenzo de Ouzande.

4 Elisa Ferreira, sen embargo, transcribe un fragmento dun foro da comarca da Ulla datado en 1565 onde se menciona unha viña [...] *que ba alongo del camyno francés que va para la ciudad de Santiago [...]*. FERREIRA PRIEGUE, Elisa María, “Los caminos medievales de Galicia” en *Boletín Auriense*, anexo nº 9, 1988, pax. 122. Así mesmo Fernando Cabeza infórmanos dun antigo “camino francés” na freguesía estradense de Moreira. CABEZA QUILES, F., *Toponimia da Estrada*, Edición da Real Academia Galega, A Coruña, 2018, pax. 75.

O tránsito cara a cidade do Apóstol desde o sur encarrilábase, fundamentalmente, por dous sucos tectónicos que percorren o ocidente galego en sentido S-N. O primeiro deles, coñecido como Depresión Meridiana, vai desde Tui a Carballo. Paralela a esta longa depresión rectilínea aínda que desprazada uns 15 km cara o leste e cunha lonxitude bastante inferior avanza outro corredor natural que denominaremos Depresión Oriental. Estas fendas xeolóxicas foron aproveitadas polos trazadores romanos, moi destacados enxeñeiros de camiños, para construír, desde as terras lusitanas, diversos tramos das vías de penetración na *Gallaecia* interior. Aquelas calzadas seguiron sendo plenamente funcionais durante toda a Idade Media e incluso, séculos máis tarde, serviron de baseamento para a construción de importantes infraestruturas viarias como a estrada N-550 e a autopista A-9.

A Depresión Oriental, que conducía unha calzada romana de carácter secundario, inicia a súa andadura en terras portuguesas (Monçao), pasa por Angoares, Pazos de Borbén e Soutomaior, A Lagoa, Casoirado e Soar aproximándose ao territorio estradense despois de cruzar o concello de Cuntis. Introdúcese entón no val do río Veá e segue cara a Santiago. Desde a Parroquia cuntiense de Portela –quizás desde o Porto de Gómez, pola Casiña– apartábase un ramal daquel vello camiño en dirección nordés cara á lonxana *Lucus Augusti* pasando polo lugar que, séculos máis tarde había ser A Estrada⁵. Estas eran as rutas S-N de máis doada andadura e moi probablemente adecuadas ao tránsito de roda; a primeira delas cruzaba o Ulla por Cesures e esta segunda facíao pola Ponte Veá nun lugar difícil de precisar que quizás coincidise coa actual ponte, de feitura non romana como se deduce da súa estrutura, dimensións e modelo construtivo.

Á sombra da súa catedral medra constantemente a cidade apostólica, *civitas Sancti Iacobi*, onde van asentando as casas matrices das diversas ordes monásticas, ao tempo que o cabido catedralicio acrecenta o seu poder en virtude dos privilexios reais e as espléndidas achegas do Voto de Santiago. Moi pronto Compostela pasa

5 *Strata, strata antiqua*, eran algúns dos nomes que nos documentos medievais recibían aqueles camiños.

a compartir con Roma a primacía espiritual de Europa e acada a preeminencia urbana de Galicia. Á cidade apostólica chegan constantemente multitude de peregrinos, artesáns a exercer os seus oficios, colonos de diversas orixes, esmoleiros, enfermos, frades, cregos, estudantes e arrieiros con abastos de consumo, entre outros liño, carbón vexetal, cera, coiros, lan e, moi especialmente, os viños da Ulla e do Ribeiro que a urbe compostelana demandaba en gran cantidade. Da área noroccidental da actual provincia de ourense, na confluencia dos vales dos ríos Arnoia, Avia e Barbantiño, todos eles sufragáneos do Miño, procedía o prezado viño Ribeiro; o da Ulla elaborábase nas ribeiras do río que lle dá nome, especialmente nas ubicadas hoxe nos concellos da Estrada e Vedra. Os demais produtos citados (aos que cabería engadir o xelo), procedían maioritariamente das terras de Montes e Tabeirós.

Desde épocas moi temperáns –con seguridade xa a comezos do século XI– os trasfegadores galegos que colocaban en Santiago de Compostela os odres do prezado viño ribeirán refugaban, a pesar do seu doado percorrido, as rutas que deixamos descritas por atoparse demasiado afastadas e a desmán da zoa productora do viño optando polo itinerario máis curto e directo, que cruzaba as serras do Faro e Testeiro polos estreitos e pedregosos camiños aptos para a circulación de persoas e bestas, aínda que non para o tráfico de roda. Estes camiños de montana e ladeira, que discorrían polos interfluvios dos ríos de mediano e gran caudal dificilmente vadeables, caracterizan o sistema viario primitivo, deficitario en pontes.

Unha vez chegados á parroquia de Pardemarín os arrieiros penetraban na comarca estradense e podían optar por dirixirse polo N cara ás pontes de Sarandón ou Ponte Ulla ou ben tomar a dirección oeste por Cereixo cara o lugar da Estrada, colocar alí parte da súa mercadoría, facer noite e logo continuar deica compostela cruzando o río Ulla por Ponte Veá. É moi significativo o feito de que tres das cinco pontes que atravesaban aquela corrente se encontrasen na parte septentrional da comarca estradense, caracterizada dende o punto de vista xeomorfolóxico pola preeminencia de chairas e pequenas lombas que conforman os úbedos vales dos ríos Veá, Liñares e Bo, tributarios do Ulla. Unha mesta rede camiñeira artellaba

esta ribeira ullá⁶ en sentido lonxitudinal e transversal e comunicaba entre si as tres pontes asegurando, en todo tempo e circunstancia, o tránsito a Compostela por algunha delas. De aí deriva a importancia estratéxica deste territorio e das pontes estradenses, auténticas portas da urbe compostelana.

Sucedía con frecuencia que as enxurradas desfacían as pontes de Ponte Ulla e Sarandón, que adoeían de graves problemas estruturais e de deseño; incluso houbo longos periodos en que ambas as dúas se encontraban derrubadas⁷, circunstancia que podía paliarse habilitando cativos pontillóns de madeira ou cruzando en barcas. Estas circunstancias adversas, sen embargo, inducían a moitos camiñantes e arrieiros a escoller o paso seguro da Estrada para encamiñarse ao seu destino compostelano pola Ponte Vea, nunca arrasada polo río.

Chegados a este punto cabe preguntarse sobre as circunstancias que propiciaban o tráfico de persoas (tamén peregrinos) e mercado-rías polo lugar da Estrada.

1. O transporte de viño do Ribeiro efectuábase tradicionalmente pola que denominaremos “ruta primitiva”, atravesando, como queda dito, as serras de Faro e Testeiro ata Meavía (Forcarei) e Pardemarín (xa na Estrada); neste punto optábase por seguir cara a Sarandón-Ponte Ulla ou desviarse pola Estrada. A segunda opción foise imponendo a causa do frecuente derrubamento daquelas pontes, o elevado custo das barcas (que se transfería ao produto final, encarecéndoo), a actuación de ladróns e saqueadores naqueles arredados e solitarios camiños montesíos e a paulatina mellora das comunicacións da Terra de Montes e Tabeirós. Era habitual que os peregrinos formasen grupos máis ou menos numerosos e que procurasen a compañía da experimentada xente arrieira para salvar despoboados e pasos difíciles ou perigosos, de modo que se podería asimilar doadamente camiño de arrieiros a camiño de peregrinos aínda que estes últimos se desviasen en ocasións para visitar algúns santuarios de sona ou demorasen a viaxe a causa de accidentes ou enfermidades.

6 O río Ulla delimitaba o extremo meridional da denominada *Terra de Santiago*.

7 Ata 127 anos chegaron a estar simultaneamente intransitables ámbalas pontes, Sarandón e Ponte Ulla, distantes entre si uns 7'5 km.

2. Coa mellora das comunicacións, a partir do século XVIII e xa de modo xeralizado no século seguinte, comezou a impoñerse o transporte rodado de tracción animal, polo que a “ruta primitiva” foise abandoando progresivamente e como alternativa impúxose o antigo camiño real que por Codeseda e Tabeirós acababa entrando na Estrada por Bedella, atravesaba o barrio do Cruceiro e seguía por Figueiroa cara a Compostela.
3. Os arrieiros e viaxeiros de toda caste da propia Terra de Tabeirós e Montes, sur da actual provincia de Pontevedra, noroeste da de Ourense e incluso norte de Portugal observaban como opción preferente o tránsito polo lugar da Estrada, derradeira etapa do camiño a Santiago⁸, punto estratéxico onde se celebraban concurridas feiras e se dispoñía de aloxamento e mantenza para persoas e animais así como asistencia para peregrinos no hospital que existía na parroquia de Figueiroa.
4. A circulación de persoas ou grupos de persoas –léase tamén peregrinos– foi frecuente e fluída pola tupida rede camiñeira que artellaba todo o ámbito estradense, especialmente os pequenos vales septentrionais ribeireños do Ulla, de benigno clima, pródiga agricultura e abondoso viño. Así, a modo de brevísimo exemplo, citamos o testemuño dalgunhas partidas de defunción de distintas freguesías con referencias a peregrinos. Orazo, 6.2.1758: [...] *se enterra a Juan George natural de Bohemia y según sus papeles era peregrino. Venía de visitar al Apóstol [...]*. Remesar, 21.1.1794: [...] *se dio sepultura en el interior de dicha iglesia al cadáver de Francisco de Quintana, del Obispado de Santander. No recibió Santos Sacramentos por no dar lugar a ello la breve enfermedad que le sobrevino pero consta haber recibido el de la penitencia y comunión por un papel que vulgarmente llaman Compostela, en la Iglesia del Señor Santiago, en este Reino de Galicia [...]*. Figueiroa, 26.10.1784, falece Ignacio Taberneiro, de Santa Eulalia de Ponte Caldelas que [...] *venía de ganar el Jubileo del Año Santo [...]*.

Voltemos ao *camiño francés*, obxecto desta sumaria comunicación, lembrando que na xénese do fenómeno xacobeo é ben patente a intervención de reis, políticos, intelectuais e relixiosos de orixe

8 Do que dista uns 23 km.

franca; se a iso engadimos que o máis salientable traxecto xacobeo era aquel que partía precisamente de Francia non debe estrañar que o termos *francés* e *camiño francés* acadasen xa en épocas moi temperás gran prestixio e consideración por ser a vía principal de entrada de peregrinos —entre os que encontramos papas, santos e reis— na Península Ibérica. Esta alta estima acadou o seu cumio na Idade Media cando o a expresión se extrapola e pasa a designar a todos os camiños que levaban a Santiago; despois, coincidindo seguramente co declive do fervor xacobeo, a locución regresa á prístina acepción pola que hoxe é coñecida. Conservouse, sen embargo, suspendida no tempo, nalgúns poucos topónimos⁹ espallados polo municipio estradense e en certos documentos coma o que presentamos.

Apéndice

1499.11.7. Pedro Rodrigues e a súa muller Maior do Pedregal, de San Lourenzo de Ouzande, venden a Juan Rodrigues de Casdorrazos e a súa esposa Urraca Pose unha casa no lugar da Estrada, a carón do camiño francés, por tres mil cen pares de brancas. Documento conservado no Arquivo da Fundación Penzol de Vigo. Signatura PLA-04-199¹⁰.

1. Anno do nasçemento do noso sennor iesucristo de mill e quatroçentos e nobenta e nove annos septe dias do mes de nobembre sepan todos que eu pedroRodrigues morador enna freygesia de sant lourenço douçande por min e por minna muller mayor do pedregal e por todas nosas bozes berdadeira e fir-
3. memento outorgo para senpre a bos juan Rodrigues de casdorrazos e a bosa muller horraca pose moradores enna freygesia de santa maria da-
4. guioos e as bosas bozes conben a saber a casa dastrada questa so ocamino frances para a parte do vendaval da freigresia de sant lourenço dou-
5. çande con todas suas herdades e devesas segun que fasta agora eu o dito pedro rodrigues tiben e posoin e vendovos todo amontes e afontes por
6. contia de tres mill e cen pares de brancas que ja me destes e pagastes e de que confeso e outorgo que soo entrego e ben pago e renunçio a toda

9 Así *O Francés*, en Guimarei (A Estrada). Manuel Reimóndez Portela, pola súa parte, localiza este topónimo nas parroquias de Oca e Lagartóns, aínda que este último podería terse confundido co seu homónimo da parroquia limítrofe de Guimarei. FOLGAR BREA, María J. "Toponimia menor do concello da Estrada I e II", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, XI e XII, 2008 e 2009, pp. 320 e 152 respectivamente.

10 Agradezo a súa amable colaboración a Benito Ramírez Abal, arquiveiro da Fundación Penzol de Vigo e a Damián Porto Rico, do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

7. eixepçon que non diga delo o contrario e a lex direito do aver non dado nen contado en presenza do notario e testigos e todo juro sennorio bos aucion e dereito
8. possison e propiedade que eu ajo e me perteçe en esto que bos bendo de min e de minna bos o tiro e tollo e en bos e en bosas bozes o pono e
9. traspaso por esta presente carta de benda e se mais bal esto que bos bendo que a dita contia toda esa demassia bos dou en libre doaçon para
10. senpre e prometo de bos Anparar e defender con esto que bos bendo para o que bos obligo min e meus bees e daqui en diant
11. façades delo toda bosa boontade como de nosa cousa propia e esto prometo teer e conprir so pena do dobro da dita contia que pague por
12. pena quen contra elo beer ou pasar e a pena pagada ou non pagada esto fique firme e balla para senpre e eu o dito juan rodrigues A-
13. si o reçebo por min e por la dita minna muller absente ben como se fose presente que foy feita e outorgada na iglesia de santa maria
14. daguios que he en terra de bea testigos que estaban presentes gonçalvo Rodrigues clerigo de sant lourenço douçande e juan bouçon e juan mançebo mora-
15. dores enna dita terra e outros.
16. E eu ferman bietes notario publico jurado por la abtoridade A-
17. postolica e escusador de a[lonso] lopes galos notario de terra de ta-
18. beyros e revadulla a esto que dito he presente foy con os ditos testigos
19. e despues ben e fielmente e meu nome e signo puge que tal he.

SIGNO ferman bietes notario apostolico



Los Reyes Magos en Codeseda: una representación excepcional de la Epifanía en la iglesia de San Xurxo

María Novoa Fernández
maria.novoa.f@gmail.com

Resumen. Una de las escenas más difundidas del imaginario del cristianismo es la de la Epifanía. Su mensaje de salvación y universalidad queda reflejado a través del reconocimiento de la figura de Cristo por parte de los gentiles, representados en la figura de los Reyes Magos. La iglesia de San Xurxo de Codeseda esconde una sorprendente pieza con la cabalgata de los Magos que, con toda probabilidad, formó parte de un baldaquino en su origen.

Abstract. The Epiphany is one of the most widespread scenes of the Christian imaginary. The message of salvation and universality is reflected on the recognition of Christ by the Gentiles, which are portrayed by The Three Kings. The church of San Xurxo de Codeseda has a surprising piece about the Procession of the Magi, which probably belonged to an altar canopy originally.

Los Reyes Magos en Codeseda: una representación excepcional de la Epifanía en la iglesia de San Xurxo

La pieza que analizaremos es uno de los dos relieves que se encuentran incrustados en un lugar poco visible y accesible de la iglesia de San Xurxo de Codeseda. En concreto, en el lienzo mural que une los dos campanarios y que se orienta hacia el ábside de la iglesia. Este relieve tiene una Epifanía, y en origen habría sido uno de los frentes de un baldaquino tardogótico.

La Epifanía o Adoración de los Magos constituye la primera Teofanía o manifestación pública del Mesías en la que se le reconoce como Salvador. La divinidad de Cristo es reconocida por los Reyes Magos, identificados con los gentiles, que se convertirán en los representantes de los distintos pueblos de la tierra acogidos en el seno de la Iglesia. De este modo, a través de su figura, se representa el mensaje de universalidad de la Iglesia¹.

1 Más información sobre esta iconografía en: GRAU-DIECKMANN, P. (2002), "Una iconografía polémica: los magos de Oriente" en *Mirabilia: Revista Eletrônica de História Antiga e Medieval*, nº 2, pp. 102-123; RÉAU, L. (1996), *Iconografía del arte cristiano. El Nuevo Testamento*. T1, Vol. 2, Barcelona: Ediciones del Serval y RODRÍGUEZ PEINADO, L. (2012), "La Epifanía", *Revista Digital de Iconografía Medieval*, vol. IV, nº 8, pp. 27-44.



Iglesia de San Xurxo de Codeseda, Fotografía de Pablo Sanmartín y Álex Negreira, *Colectivo A Rula*.

La escena de la Adoración de los Magos ha sido una de las más reproducidas a lo largo de la historia, calando de manera profunda en el imaginario popular que perdura hasta nuestros días. Sin embargo, el ciclo de la Epifanía se compone de un número de escenas más amplio. Se inicia con la aparición de la estrella y el viaje que emprenden los Magos tras ella; a continuación, tiene lugar el encuentro de los tres personajes en el camino, puesto que cada uno iniciaría el viaje desde su patria. Tras esto, llegan juntos a Jerusalén y preguntan a Herodes por el paradero del Rey de los judíos. Herodes, después de consultar a sus sacerdotes y escribas, confirma a los Magos que el lugar que buscan es Belén, y les pide que si encuentran al Niño vuelvan y se lo comuniquen. Los Magos llegan a Belén siguiendo la estrella que se les aparece de nuevo, se postran ante el Niño y le ofrecen sus dones. Finalmente, los Magos son advertidos en sueños por una presencia divina de no avisar a Herodes y de regresar a su tierra por otro camino. No es frecuente que aparezcan representados todos los episodios del ciclo; por norma general, en la gran mayoría de los ejemplos solo nos encontraremos la Adoración.

Las fuentes del tema

La primera mención a este tema se encuentra en el Evangelio canónico de Mateo (Mt. 2, 1-16) donde se recoge el ciclo completo, pero se omiten datos como el número de Magos, su lugar de procedencia, sus nombres, su rango, su fisonomía o la duración de su viaje. Curiosamente, es el único de los cuatro evangelios canónicos que recoge este episodio, siendo Lucas el encargado de narrar la Adoración de los pastores. A partir de aquí, el episodio se irá nutriendo progresivamente a través de los textos apócrifos y de la literatura patristica, dando lugar a una iconografía que perdura hasta nuestros días. Pero sería inviable tratar de abarcar todas las fuentes en este pequeño trabajo debido a su gran volumen, por lo que nos limitaremos a reseñar solo algunas de ellas.

Empezaremos preguntándonos sobre quiénes eran estos Magos a los que alude el evangelista y qué implicaba este término en la época en la que este autor escribe. Dado que el Evangelio de Mateo habría sido redactado hacia finales del siglo I², algunos autores clásicos nos dan pistas sobre estos personajes: para Heródoto eran sacerdotes que intervenían en los sacrificios³; Plutarco les atribuye una tradición mágica vinculándolos al zoroastrismo⁴; para otros como Hipócrates de Cos, Sófocles o Eurípides se asociaban con distintos tipos de charlatanes, mendigos y vagabundos⁵. Además, fueron considerados los primeros seguidores de Zoroastro⁶ y también sus discípulos. Esta

2 DE TUYA, M. (1964), *Biblia comentada. Texto de Nácar-Colunga. Evangelios*, vol.5, Madrid: La Editorial Católica, pp. 7-10.

3 POU, B. (trad.) (1976), *Heródoto. Los nueve libros de la Historia*, Barcelona: Iberia., pp. 47, 59 y 62.

4 PORDOMINGO PARDO, F. y FERNÁNDEZ DELGADO, J.A. (trad.) (1995), *Plutarco. Obras morales y de costumbres (Moralia). Isis y Osiris; Diálogos píticos*, vol. 6, Madrid: Gredos, pp.148-149; 371-372.

5 CARDINI, F. (2001), *Los Reyes magos: historia y leyenda*, Barcelona: Península, p. 20.

6 Zoroastro o Zaratustra es el profeta del zoroastrismo también conocido como mazdeísmo. Esta doctrina tiene ciertos paralelismos con el cristianismo, como pueden ser las tres figuras de salvadores que esperan, denominadas *Saoshyant*; una de ellas nacería de una virgen y sería descendiente de Zaratustra, trayendo la resurrección universal y la inmortalidad. Más información sobre Zoroastro y su doctrina en: BROWKER, J.(ed.) (2006), *Diccionario abreviado Oxford de las religiones del mundo*, Barcelona: Paidós, pp. 778-779; CARDINI, F. (2001), *Los Reyes magos ...* p. 31-32, 35-36; GUERRA, M. (1980), *Historia de las religiones. Constantes religiosas*, vol. 1, Pamplona: EUNSA, pp. 236- 245; GUERRA, M. (1980), *Historia de las religiones. Antología de textos religiosos*, vol. 3, Pamplona: EUNSA, pp. 235-254,263; RAHNER, K. (dir.) (1976-1977), *Sacramentum mundi: enciclopedia teológica. Oración-Religión (usos)*, vol. 5, Barcelona: Herder, pp. 1002-1012.

relación con el zoroastrismo la encontramos en un apócrifo cuyo origen se ha situado en el siglo VI, el *Evangelio Árabe de la Infancia*, en el que el propio Zoroastro profetiza el nacimiento del Mesías:

Y sucedió que, habiendo nacido el señor Jesús en Belén de Judá durante el reinado de Herodes, vinieron a Jerusalén unos Magos según la predicción de Zaradust (*Evangelio Árabe de la Infancia*, capítulo 7)⁷

Una parte importante de la patrística los consideró sabios astrólogos persas encargados del estudio de las estrellas, como fue el caso de san Agustín⁸ o de León Magno⁹; otra parte, como Orígenes¹⁰ o san Isidoro¹¹, los vio como personajes vinculados con el mundo demoníaco, que tras rendir homenaje a Cristo abandonaron sus antiguas artes.

En los inicios del cristianismo los Magos no son considerados reyes, algo que se empieza a incorporar a partir de Tertuliano, quien los asocia con un pasaje de los salmos que habla sobre los reyes de Tarsis:

Al igual que a David, se le ofrecerá a aquel (Jesús) oro de Arabia, pero por parte de los reyes de Arabia y Saba: pues el Oriente también consideró magos a los reyes (Tertuliano, *Adversus Judaeos*, 9)¹²

Los reyes de Tarsis y las islas traerán tributo. Los reyes de Sabá y de Seba pagarán impuestos; todos los reyes se postrarán ante él y le servirán todas las naciones. (*Salmos* 72, 10.11)

Este pasaje sobre los reyes de Tarsis y las islas se encuentra de forma subyacente en los escritos de la gran mayoría de los autores posteriores. Es importante considerar que la presencia de estos personajes en las Sagradas Escrituras, cuya vinculación con la magia

7 SANTOS OTERO, A. de (trad.) (2001), *Los Evangelios Apócrifos*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, pp. 141-142..

8 DE LUIS, P. (trad.) (1983), *Obras completas de San Agustín. Sermones (4º) 184-272 B*, vol. 24, Madrid: La Editorial Católica, pp. 85-89.

9 SÁNCHEZ ALISEDA, C. (trad.) (1945), *San León Magno. Sermones escogidos*, Madrid: Aspas, pp. 57-60.

10 RUÍZ BUENO, D. (trad.) (1967), *Orígenes. Contra Celso*, Madrid: La Editorial Católica, pp. 92-94.

11 OROZ RETA, J. y MARCOS CASQUERO, M.A. (trad.) (1982), *San Isidoro. Etimologías*, vol.1, Madrid: La Editorial Católica, pp. 713-717.

12 UDAONDO PUERTO, F.J. (1995), "Fuentes para el estudio de la iconografía de los Reyes Magos", *Ruta Cicloturística del Románico Internacional*, nº13, Pontevedra: Fundación Cultural Rutas del Románico, p. 93.

y las artes adivinatorias era en cierto modo difusa, ponía en una situación comprometida a la mayoría de los Padres de la Iglesia. Esto se acentúa por el hecho de haber sido ellos, unos extranjeros, los primeros en ir a adorar y ofrendar a Cristo, frente a la negativa de los judíos. Por todo ello, una de las grandes preocupaciones de la exégesis será el aclarar cualquier tipo de duda o desvío que surja en relación con estos personajes.

E non podemos pasar por alto diversas especies de fauna que son de interese máximo para a conservación deste tipo de biotopos e, polo tanto, para a conservación da biodiversidade, como os endemismos: entre os anfibios a ra patilonga (*Rana ibérica*) e a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitánica*), propios do noroeste peninsular e que non atoparemos noutras partes do mundo. E tamén o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), distribuído unicamente nalgúns puntos de Galicia, Euzkadi e a Bretaña francesa. Sen dúbida a lista é maior, mais estas especies vencelladas á humidade e calidade do hábitat que as sostén merecen ser citadas. A maiores debemos facer fincapé, de novo, nuns inquilinos que teñen a día de hoxe os abandonados muíños, que son os morcegos (xéneros protexidos en toda a Unión Europea como *Plecotus*, *Pipistrellus*, *Myotis* e *Rinolophus*), que os utilizan con asiduidade para refuxiarse e/ou criar.

Os muíños de Ouzande

Non podemos dicir, nin tampouco pretendemos aventurar, cando se instaloron os primeiros artiluxios hidráulicos na parroquia, mais desde o século XVI estarían presentes nela sen ningunha dúbida e supoñemos que tamén xa bastante antes. Na época moderna atopamos un dato claro, procedente do *Diccionario* de Pascual Madoz, quen

nos comenta que tiña a parroquia dous muíños fariñeiros, alá entre os anos 1845 e 1850.² Estamos seguros que esta cifra sería máis elevada, xa que as ocultacións eran inherentes aos intentos de control facendístico e estatístico desde os tempos do catastro do Marqués de la Ensenada.

A día de hoxe contamos en Ouzande cun total de oito muíños, todos completamente abandonados desde hai décadas. Como xa sabemos a rede fluvial da parroquia é cativa: aínda que conta con dous regatos, un deles non é apto para alimentar esta caste de artiluxios, polo que todos se aglutinan no rego da Pinguela ou tamén chamado rego da Fervenza; e todos, agás un (o máis moderno) na parte alta do seu curso, a de maior pendente e, polo tanto, a de maior desnivel, nun tramo de non máis de 600 metros. Isto traía tamén unha desvantaxa: o caudal era máis cativo canto máis cerca do nacemento do río estivera. E para a moenda, ou para mover o pesado artefacto do rodicio máis a capa, era necesario un caudal mínimo. Polo tanto, nos meses de verán, cando os niveis de auga menguan considerablemente, sería doado quedar sen caudal suficiente para mover un rodicio. Isto tiña que acontecer, polo que esta casuística levou ós veciños de Ouzande a planificar do xeito máis rendible a distribución dos rodicios para minguar no posible a carestía de auga e, polo tanto, a forza motriz dispoñible. Optaron por represar a auga, xa no curso alto; se ben aínda construíron un muíño regueiro arriba da presa. Esta é de dimensións considerables, con dique de forma semicircular duns dezaoto metros de lonxitude e máis de dous de alto na beira do curso de auga, que podía acumular unha gran cantidade de líquido, seguramente suficiente para unha ou varias moendas. Evidentemente, a día de hoxe, está en completo desuso.

Mais o dispoñer de auga almacenada non significaba que se puidese moer sempre e a todas horas: se o caudal era insuficiente para a moenda, tamén sería insuficiente para que a presa abastecese de maneira continua e uniforme a demanda dos muíños, polo que estes só funcionarían cando a presa estivese ben chea, até que se esgotase a auga nela embalsada. Logo, tocaría agardar de novo a encher a

2 MADÓZ, Pascual. *Diccionario geográfico, estadístico e histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1845-1850.

presa e, de novo, á moenda. Eso sí, con estas augas podían moer simultaneamente os seis muíños que se atopan curso abaixo, que de seguro que o facían en tempos aínda non tan lonxanos. É por iso que os muíños están dispostos na zona de máis pendente do pequeno curso fluvial, situada entre os 390 e os 300 metros de altitude sobre o nivel do mar, nunha lonxitude total de pouco máis de 500 metros, o que permitía aproveitar a maior forza das augas do curso fluvial da parroquia. Con esta presa conseguíase aliviar na medida do posible a carencia de auga da época estival, pois na estación húmida o caudal do río bastaba para mover os rodicios de todos eles.

As augas da moenda do primeiro muíño, o da Freixa, uns metros arriba da presa, ían parar sen remedio a esta, que distribuía a auga para os restantes dos enxeños regueiro abaixo: moían todos en base a esta estrutura.

Non deberíamos pasar por alto tampouco que, se ben esta presa aliviaba ós veciños da ardua tarefa de moer noutros lugares máis alonxados naqueles tempos, esta estrutura tamén debía ter o seu mantemento: é decir, cada certos anos habería que limpala, pois cada ano a colmatación de residuos e lodos iríase acumulando no fondo e reducindo a súa capacidade de almacenamento. Seguramente farían unha limpeza anual para evitar maiores problemas e non deixarían acumular moita cantidade de material. Mais a tarefa sería sen dúbida moi traballosa, máxime naqueles tempos. A día de hoxe a colmatación é evidente e no seu leito medrou e medra unha arboreda florecente a base de ameneiros, salgueiros e escasos e fermosos freixos.

O último muíño, que é o máis moderno, do século pasado, atópase no curso baixo do regueiro e non debía ter problemas de carestía de auga. Se ben tamén é un muíño bastante alonxado de calquera dos núcleos de poboación existentes, quedando preto do lugar da Devesa de Guimarei.


Os muíños coñécense por varios nomes. E mesmo en ocasións nin os propios veciños se poñen de acordo en nomealos. Polo que imos dar unha nomenclatura un pouco adaptada ás nosas pesquisas e comenzando desde o curso superior até o inferior.

Muíño da Freixa

É o primeiro e aproveita o desnivel da primeira ferverza. Trátase dun muíño de cubo, que sobresaie notablemente por riba do seu teito. Presenta na lumieira da porta unha inscrición que nos leva ó ano 1942, que sería data de arranxos.



O muíño da Freixa está hoxe rodeado dunha paisaxe que nada ten que ver coa de anos pretéritos, nos que todo o que o rodeaba serían pasteiros para o gando. Obsérvese ademais a pequena magnitude da ferverza, que non lle quita certo encanto. E obsérvese tamén o alto cubo que se ergue por riba do teito do muíño.



O interior do muíño da Freixa foi recibado, para unha mellor salubridade. Mais dos utensilios xa apenas quedan restos, o que nos indica que hai moito que non moe.



O encoro, ou barreira de auga, completamente cheo e baleirándose por unha fenda lateral. Servía de almacenamento de auga para a moenda en épocas de carestía desta. Como vemos, a día de hoxe, é practicamente un bosque.

Muíño do Redondo ou de Arriba

Polo nome indícanos que sería o muíño no que moían os seus propietarios, os veciños do dito lugar. É o segundo, malia que o primeiro que moe coas augas collidas da presa. Tamén parece ser o máis antigo, de cachotería e con xambas apenas labradas, moi rústico na súa construción, mais enormemente interesante: cómpre destacar a multitude de cruces e marcas que o adornan. Entre elas podemos



O muíño do Redondo, o máis vello conservado e tamén un dos máis arruinados. Unha mágoa, dado o interesante da súa construción.



O interior do muíño do Redondo, destrozado e con parte das vigas do teito no chan, invadido pola vexetación que pula por saír de cada rincón onde se poida sustentar.



Detalle da porta de entrada ó muíño do Redondo, cunha interesante solución para aplicar o lintel, hoxe medio escorregado. Nótense as moitas gravuras que presenta, dende cruces normais até ben debuxadas e adornadas.



Detalle da cruz con pé debuxada na ampla xamba da porta do muíño do Redondo.



Detalle de cruz dentro de círculo e da cruz con pé, nunha das xambas da porta.

contemplar diversas formas de cruces, ben isoladas, ben adornadas e envolteitas en círculos. Polo modelo construtivo que presenta diremos que se trata do máis antigo da parroquia que está en pé. É un muíño de canle e preséntase moi arruinado: co teito caído enriba do interior.

Muíño Vello ou da Costa

O terceiro do curso e o segundo que bebe da presa. Polo nome dedúcese que é un muíño vello, mais preséntase como arranzado en tem-



Muíño Vello ou da Costa, que como vemos foi completamente renovado, sendo a habitación un cubículo de bloque e formigón.



Interior do muíño Vello. Completamente desdebuxado, preséntase como un limpo habitáculo apto para un tratamento hixiénico da fariña, moi distinto do que eran as habitacións de anos anteriores. A pesares dos arranxos non quedan restos dos utensilios da moenda, como a moega e a quenlla, nin a mesa de recoller a fariña.

pos modernos, do que só queda da parte máis antiga a cimentación co inferno, sendo a parte da habitación un cubículo –nunca mellor dito– de bloque recibado de formigón, co teito da mesma forma construtiva. Non lle tocaron, eso sí, á estrutura da canle, que segue a ser de cachotería e moi rústica.

Muíño de Salgueiro

O terceiro que bebe da presa. Xa parece máis moderno, con xambas ben labradas e cunha única cruz gravada nelas. Ben conservado, xa que lle colocaron un teito de formigón. Tamén é un muíño de canle.



O muíño de Salgueiro presenta ademais un murete de acceso para poder salvar o forte desnivel do terreo. Tamén conta cun pousadoiro ó lado da porta, típico da maioría dos muíños. Ó fondo podemos apreciar as augas da ferverza grande.



No interior do muíño de Salgueiro aínda quedan os restos das vigas da moega, e tamén do burro, que se utilizaba para levantar a capa de encima do pé, e poder picala cando xa estaba gastada e moía mal. Á man dereita, na xamba da porta, podemos apreciar unha ben labrada cruz.

Muíño da Arqueta

É o último que colle as augas da presa e que as verte directamente ó cauce do regueiro. Tamén ben conservado, en parte gracias de novo ó teito de placa de formigón. Pero non presenta cruz algunha. É un muíño de canle, moi pronunciada.



O muíño da Arqueta rodeado de frondosa vexetación de musgos, fentas e silvas parece máis un xardín botánico. Todo o que vemos á dereita do regueiro sería, en tempos, pasteiros para o gando.



No interior do muíño da Arqueta aínda se conservan, malamente, diferentes utensilios da moenda: un rodicio vello e inservible, varias vigas de madeira que sosteían a moega; e pervive intacta, feita de tixolo, a estrutura que recollía a fariña para barrela e recollela polo porteliño inferior cara ó saco ou caldeiro.

Muíño do Rubio

Colle augas directamente do río xusto debaixo do inferno do anterior, despois de percorrer varias decenas de metros a súa levada. É unha estrutura de cachotería, cos linteis máis ou menos ben labra-



O muíño do Rubio nunha imaxe de antes de ser restaurado, coa súa pontella de paso de dous tramos que dividía tamén as augas en dous cauces: unhas para o regadío dos pasteiros e outras para o cauce do regato, que caía augas abaixo, noutra levada cara ó muíño do Cura e máis regadío. Atrás do muíño existe outro dique que tamén embalsaba auga, seguramente para o muíño do Cura e para o regadío.



O muíño do Rubio despois da restauración, na que se lle arranxou o tellado e se lle puxo unha porta. A diferenza é notable e o edificio con estas actuacións logrará perdurar con moita máis saúde

dos, onde se conservan varias cruces gravadas, todas simples. É de canle, cunha caída longa e pronunciada. Foi restaurado ultimamente e tellado con tella do país, presentando un estado de conservación óptimo.



No interior do muíño do Rubio só quedaba o pé máis a moa. Tamén podemos apreciar que as vellas paredes estaban levantadas riba de grandes e duras penedas que aínda tiveron que ser algo picadas para dar máis espazo á habitación.

Muíño do Cura, ou do Igrexario

Do que con ese nome xa non queda dúbida de quen era o propietario orixinal. Atópase bastante alonxado do cauce do regueiro, ubicado



O fronte do muíño do Cura está invadido por hedras e vexetación, se ben pode contemplarse mercé a que está fronte a un pasteiro limpo. O resto do edificio atópase semiagochado entre a maleza, que se abre paso tras o seu abandono.



Cruces na xamba e lintel da porta no muíño do Cura



O lateral do muíño do CURA, en donde se aprecia o inferno tapado, amósanos perfectamente como se levantaban paredes de pedra, con cachotes de granito de tamaños considerables, sen labrar nin traballar e asentados entre sí con pequenas pedriñas.

a carón das propiedades dunha casa soarenga, cun pombal ben conservado aínda a día de hoxe, que en tempos foi propiedade do cura da parroquia. A preciosa igrexa con vestixios románicos na súa ousía encara toda esta propiedade, co que o párroco podía ver a pertenza eclesiástica desde a igrexa ou desde a casa.

Muíño da Xaquina ou Novo do Recosto

É o último, alonxado de todo núcleo poboacional antigo de Ouzande, pero moi próximo ó lugar da Devesa de Guimarei. Xa é un muíño de formigón e tixolo que foi levantado a mediados do século pasado, concretamente no ano 1951, según algún dos donos que aínda viven. É un muíño de cubo, e este tamén moderno, pois a auga chega por un acueducto que vai sobre piares, caendo por riba do nivel do seu teito. Desde fai tempo está inmerso nun mar de maleza que case o cubre na súa totalidade sendo dificultoso o acceso. A súa construción levárona a cabo ó parecer, según conta Reimóndez



O muíño Novo do Recosto case non se aprecia pois está asulagado de silvas e maleza froito dun abandono non moi lonxano, non unicamente muíño, senón dos pasteiros e terras de labor que había ó seu carón. Deixadas de traballar aquelas, a natureza segue o seu curso e as silvas e as herbas altas son as primeiras en colonizar o terreo. É un muíño moderno, de despois de mediados do século pasado, feito de tixolo e formigón. Cremos que non moeu durante moito tempo, pois a electrificación das aldeas estaba a un paso.

Portela,³ sete veciños que tiñan que ir moer ó Mollarrabo, xa na veciña parroquia de Guimarei, co que o traxecto se lles facía longo. Polo tanto optaron por instalar un no desnivel máis pronunciado da curso fluvial do rego, na Costa do Prado. Ao final, déronlle entrada a un veciño máis, para así non ter que moer cada un deles no mesmo día da semana. Con todo, seguramente foi o muíño que menos moeu de toda a parroquia, case a estrear, pois pouco despois chegaría a electrificación do rural e, ó mesmo tempo, un éxodo masivo cara as vilas.

Todos os muíños son de propietarios privados (se ben o do Cura, seguramente nos seus primeiros tempos, tería un réxime distinto: sería só da Igrexa e igual puido funcionar como muíño de maquiá) e de uso compartido, chamados vulgarmente “de herdeiros”; é dicir, que os donos de cada un deles serían uns cantos veciños que tiñan

3 REIMÓNDEZ PORTELA, M. *A Estrada Rural*. Pontevedra 2007.

potestade sobre unhas horas de moenda, ou un día, cada certo tempo, momento no que podían acudir á moenda. Esta potestade herdábase ao igual que calquera outro ben. E tamén conlevaba unhas obrigas comúns, como eran o mantemento do edificio, da máquina e das levadas para que todo funcionase correctamente.

Se chegaches até aquí, estimado lector, poida que tal vez che entrasen ganas de visitar o lugar, e invítote a que o fagas, e contemplar *in situ* a beleza destas construcións. E, por ende, a paisaxe, completamente rexenerada, no que sería o seu clímax natural. Se ben o desnivel que hai que superar entre os muíños do curso baixo até os da cima de todo é considerable, podemos afirmar que se trata dunha pequena ruta moi recomendable, boa de facer, cos carreiros e camiños claros, seguramente debido as actuacións da asociación A Fervenza de Ouzande que todos os anos acomete unha benfeitora limpeza, polo que tanto os accesos ós muíños como os arredores destes están en boas condicións, aptos para ser admirados e con lugares bos para pasar unha tarde fresca se decidimos ir no verán. Ademais poderemos darnos de conta dos traballos que supoñía ir ao muíño: se a nós, que imos baleiros e sen peso, xa nos pode costar algo, imaxinemos ese acto portando un saco de millo ó lombo.

Bibliografía

- ABRAIRA PÉREZ, Miguel A. *Muíños das terras de Redondela. Estudio etnolóxico dos muíños de auga*. Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, 2002.
- BARBEITO SANMARTÍN, Antonio. *Catálogo fotográfico dos muíños da parroquia de Santo André da Somoza*. En *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, nº 21, 2018, pp.128-147.
- CASTELLS, Álvaro e MAYO, Manuel. *Guía de los mamíferos en libertad de España y Portugal*. Pirámide, 1993.
- GARCÍA, Xosé Ramón. *Guía das plantas de Galicia*. Xerais, 2008.
- LORES ROSAL, Xabier. *Os muíños de auga no Concello de A Estrada*. En *Revista de Estudos Provinciais*, 2002.
- MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel. “Origen y evolución del municipio de A Estrada (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos”. En *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, nº 3.
- PALOMO PALOMO, Juan e FERNÁNDEZ URIAL, María Pilar. “Los molinos hidráulicos en la Antigüedad”. En *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie II, t. 19-20, 2006-2007.

PORTO RICO, Damián. “Guía dos recursos faunísticos, extinguidos e por extinguir, das terras da Estrada”. En *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, nº 20, 2017.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada rural*. Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra. 2007.

VARELA CASTRO, Pedro. *A Estrada*. 1923.



Avelino Camba Mato, mestre de obras

Carmela Sánchez Arines

DEA en Historia da Arte

melasins@gmail.com

Resumo. O 15 de decembro de 2019 cúmprense corenta anos do pasamento de Avelino Camba Mato, un mestre de obras estradense nado en 1895. Emigrante en Cuba, tivo unha formación autodidacta en cantaría e albanelería, executando proxectos que el mesmo deseñaba e traballando con arquitectos como Juan Argenti ou Arturo Zas. Da súa produción destacan as obras eclécticas realizadas na época da vila “airista”. A Esquina, a Porta do Sol ou a casa racionalista da rúa Pérez Viondi son algúns exemplos.

Abstract. December 15th, 2019 marks 40 years of the death of Avelino Camba Mato, a master builder born in A Estrada in 1895. He emigrated to Cuba and had a self-taught training in masonry, carrying out his own projects and working with architects as Juan Argenti or Arturo Zas. His eclectic works from the 1920s are remarkable. A Esquina, Porta do Sol or the rationalist house in Perez Viondi street are some of the examples.

Introdución

Non cheguei a coñecer a Avelino. El faleceu en 1979 e eu nacín o ano anterior. Tampouco escoitara falar del ata que fixen o traballo final dos cursos de doutoramento. O meu TIT (traballo de investigación tutelado), dirixido polo profesor Juan Manuel Monterroso Montero, titulábase a *Arquitectura civil dos séculos XIX e XX no Deza e Tabeirós: a figura do empresario Manuel Porto Verdura*. Nel realicei unha análise das edificacións da Estrada dos anos 20 e 30, e Avelino fora un dos mestres de obras desa época. Tamén traballara para o afamado “Escobeiro”, por exemplo no edificio de *Mistura*, que a maioría da xente coñece como *A Esquina*. Ademais desta, a súa primeira grande obra, débenselle outras moitas por toda a vila. Por iso, neste artigo, afondo na súa biografía e nalgúns desas construcións.

Biografía

O día 28 de xuño de 1895, rematadas as festas patronais de San Paio, veu ao mundo na antiga rúa de San Lourenzo¹ un cativo ao que lle puxeron o nome de Avelino. Era o cuarto fillo de Francisca Mato Fernández, natural de Ouzande, e de Domingo Camba Puente, de Guimarei. Ao día seguinte do seu nacemento, foi bautizado na igrexa parroquial, exercendo de madriña a súa tía Dolores Mato e de padriño un dos seus irmáns maiores, José María, de dez anos. Sendo aínda un neno, a temperá morte do pai obrigouno desde moi cedo a axudar na casa e poñerse a traballar, igual que o resto dos irmáns. Co paso do tempo, José María acabou establecéndose en Buenos Aires; a seguinte irmá, Manuela, dedicouse á venda de porcos; Antonio tivo taberna no Souto de Veá e unha casa de comidas con Benedicta, unha moza de Cuntis coa que casou; Francisco, emigrante en Cuba, foi albanel en Ouzande²; e Laureano, quen tamén se trasladara a Cuba, *de polisón*, foi feirante e panadeiro, rexentando xunto á súa muller, Flora, unha tasca no daquela “Barrio Novo”³.

Cando naceu Avelino, España atopábase baixo a rexencia de María Cristina de Habsburgo, dada a minoría de idade do rei Afonso XIII. En canto ao concello, o día 1 de xullo tomaba posesión como alcalde⁴ o veciño de Berres Laurentino Espinosa Valladares⁵. O novo rexedor permaneceu no posto ata 1902, sendo substituído no cargo polo avogado Manuel Cagide Iglesias. Nese mesmo ano, Afonso XIII asumiu o poder efectivo.

- 1 En 1926, a rúa de San Lourenzo mudou de nome polo de Pérez Viondi. O acordo data do 7 de abril dese mesmo ano, cando a corporación municipal acordou declarar fillo adoptivo da vila ao médico cubano e darlle o seu nome á vía. En ARCA CALDAS, Olimpio: *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*. Concello da Estrada, A Estrada, 1996.
- 2 Francisco Camba Mato mercou a casa reitoral de Ouzande cara a 1932. Nesa década e na dos anos 50 fixolle varios arranxos para adaptala ás súas necesidades e novos usos que lle confiren o actual aspecto. Ver Camba Sanmartín, Xabier: “A casa do cura”, *Carreiros* nº 8, 2009.
- 3 O “Barrio Novo” naceu a finais do século XIX no contorno da vía de comunicación co veciño concello de Cuntis. Segundo Arca Caldas, a finais de 1868, Benito María de Oca y Gil conseguiu recursos da Deputación Provincial para construír a estrada de Cuntis - A Estrada. Arca Caldas, O.: *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*. Concello da Estrada, A Estrada, 1996, p. 85.
- 4 FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesusa: “Alcaldes estradenses”, en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, nº 7, 2004.
- 5 Laurentino Espinosa Valladares, avogado e escritor natural de Vilancosta, onde naceu en 1861. Foi o recompilador da obra da súa tía Avelina Valladares Núñez, así como o herdeiro do seu tío Marcial, irmán da anterior.



Avelino Camba de mozo.
Arquivo familiar.



Avelino e Laureano Camba Mato en
Cuba. Arquivo familiar.

Nesa época, A Estrada era unha pequena vila na que se comezaban a producir importantes melloras. No último cuarto do século XIX tomábanse as primeiras iniciativas para unha incipiente planificación urbanística, coa dotación de servizos acordes coa capitalidade que pretendía asumir. Así, cara a 1878 expúxose a necesidade de realizar un plano, estando conformado o tecido urbano por unhas 300 casas, a maior parte vivendas unifamiliares de planta baixa e unha altura⁶. Ademais, os anos finais da centuria estiveron marcados polas xestións para a construción de dous importantes edificios: o concello e a igrexa.

Nesta vila en proceso de crecemento, á que en pouco tempo lle foron concedidos os tratamentos de “Ilustrísima” e de “Excelencia”⁷, Avelino realizou os seus estudos primarios. Na escola foi compañeiro

6 FERNÁNDEZ BASCUAS, M. J.: “Aproximación á xénese urbanística da vila de A Estrada. I”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, número 2. A Estrada, 1999, pp. 50 - 54.

7 O rei Afonso XIII concédelle o tratamento de Ilustrísima en 1878 e o de Excelencia en 1912 ao querer dar unha proba do seu Real aprecio á vila. *Gaceta de Madrid*, nº 262 de 19 de setembro de 1878 e nº 108 de 17 de abril de 1912.



Vista da casa do concello.
Fondo Museo M. Reimóndez.



Antiga igrexa.
Fondo Museo M. Reimóndez.

doutros mozos estradenses como Bernardino Sanmartín e os irmáns Pereira Rial, dos que gardou sempre bos recordos e cos que mantivo unha estreita amizade ao longo de toda a vida.

En 1916, cumpridos os 20 anos, alistouse para realizar o servizo militar, que naquel momento duraba tres anos. Estivo destinado en Tui, Santiago de Compostela e Ferrol, pasando á reserva en 1924. A súa amizade co estradense Ángel Pereira Renda⁸, capitán do Rexemento Zaragoza 12, proporcionoulle algunha simpática anécdota da época da *mili* que recordou sempre.

Desde mozo dedicouse á construción e á cantaría, sendo bo coñecedor do latín dos canteiros, o *verbo dos arxinas*. Pero igual que algúns dos seus irmáns, tamén probou fortuna na emigración, marchando a Cuba nos anos 20. Partiu desde Vigo nun barco transatlántico,

8 Ángel Pereira Renda naceu na Estrada o 1 de marzo de 1891. Foi o pequeno dos fillos de Peregrina Renda López e Camilo Pereira Freijenedo e irmán, entre outras, de Sara e Virxinia.

pagando a pasaxe grazas aos cartos que lle deixara a nai. Segundo a familia, permaneceu alí tres anos, nos que, ao parecer, traballou en obras e reformas de edificios como o *Centro Gallego de La Habana*⁹ e o *Capitolio*¹⁰. Por iso, é probable que formara parte do cadro de persoal da contratista norteamericana Purdy & Henderson, que tiña unha sede en Cuba e participou en ambas obras.

A emigración a América experimentara un grande impulso desde mediados do século XIX ata ben entrado o XX. Neste fenómeno migratorio influíron varios factores coma o da liberalización do fluxo de pasaxeiros, as garantías dunhas condicións mínimas nas viaxes e as melloras na navegación. Por iso, a presenza de galegos en terras americanas era moi habitual. E máis aínda a de estradenses en La Habana. Aquí foi onde Avelino coñeceu a outras familias emigradas da vila, como a Puente Núñez, coa que máis tarde chegou a ter vínculos familiares.

O traballo en Cuba debeu proporcionarlle unha certa estabilidade pois permitiulle, ademais de devolverlle os cartos á nai, regresar á Estrada en 1924. Durante esa estancia, contraeu matrimonio na igrexa parroquial de San Paio con Esmeralda Gómez Puente¹¹, curmá dos seus amigos emigrados en Cuba e á que coñeceu grazas a eles. A voda celebrouse o seis de setembro de 1924, sendo oficiada polo párroco Nicolás Mato Varela e actuando de testemuñas Manuel Torrado e Maximino Sanmartín.

O matrimonio instalouse inicialmente nunha vivenda de aluguer na rúa Leicures. Transcorridos nove meses exactos do casamento, o día seis de xuño de 1925, naceu a súa primeira filla, Josefa, familiarmente Pepiña. Ano e medio despois, tras mudarse á rúa Pérez Viondi, chegou Isabel, a segunda dunha familia que acabou sendo numerosa.

9 O edificio do *Centro Gallego de La Habana*, que hoxe alberga o Gran Teatro "Alicia Alonso", inaugurouse o 22 de abril de 1914 segundo o proxecto do arquitecto belga Paul Belev.

10 O Capitolio data de 1929 e foi realizado baixo a dirección do arquitecto Eugenio Rayneri.

11 Esmeralda era a filla pequena de Juana Puente Núñez e Andrés Gómez González, comerciantes da rúa Ulla. O pai, falecido o 25 de abril de 1931 aos 77 anos, fora un dos fundadores do casino estradense, ademais de xastre. As súas irmás e irmáns foron Enrique, América, José, María, Francisco, Josefa e Juan.



Avelino e Esmeralda, xa de maiores. Arquivo familiar.

O nacemento de Isabel marcou un novo cambio na vida de Avelino, que tivo que regresar a Cuba. Por iso, o seu cuñado Enrique quedou na casa durante a ausencia para axudar a Esmeralda coas dúas nenas pequenas, unha delas acabada de nacer.

Nesta última estancia en La Habana residiu no número 44 da rúa Egido, actual avenida de Bélxica. E malia que, segundo contan as fillas, esta viaxe foi máis curta que a anterior, a súa relación con outros galegos serviu para resultar elixido como vogal da sociedade cubana “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada”¹², formando parte despois da xunta directiva do Centro de Emigrados¹³.

Establecido definitivamente na Estrada, viviu sempre na casa que construíra antes de marchar e na que entre 1928 e 1933 naceu o resto da prole: Enrique, Inés, Ana e Camilo.

12 A sociedade “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada” fundouse nos salóns do *Centro Gallego* de La Habana o 4 de xuño de 1915 con 47 asociados e representación das parroquias estradenses de Vinseiro, Aguións, Cereixo, Tabeirós, Ribeira, Oca, Callobre e Lagartóns. Os seus fins eran, entre outros, a protección ás sociedades confederadas da Estrada, ao ensino e á persoa asociada necesitada.

13 O “Centro de Emigrados” creouse na Estrada o 1 de xaneiro de 1921 co financiamento da sociedade “Hijos del Ayuntamiento de la Estrada”.



Avelino con outros mozos estradenses en Cuba. Arquivo familiar.

Durante máis de catro décadas, traballou de mestre de obras, edificando ou reformando casas por todo o concello. Tamén construíu tumbas e panteóns, como o de Manuel Esmorís, quen, segundo contan, lle dixo, *Avelino, quero que me hagas mi última casa y que no le falte de nada.*

A dedicación ao sector da construción levouno a afiliarse ao sindicato. O 22 de marzo de 1946, convocado polo delegado Antonio Barros Gómez, reuniuse co resto de empresarios e produtores do ramo co obxecto de constituír unha asociación. Avelino resultou elixido por unanimidade para o cargo de Mestre Maior da directiva. A súa vinculación seguiu sendo moi activa ata a súa xubilación. Así se pon de manifesto na documentación conservada no arquivo familiar, con circulares de diferentes décadas, e mesmo pola representación do gremio nalgunha comisión das festas de San Paio, como na de 1953.

Cumpridos os 65 anos, fíxose cargo da empresa o seu fillo Enrique, Tito, aínda que durante un tempo seguiron traballando xun-



Avelino e Esmeralda con toda a prole. Arquivo familiar.

tos. Finalmente, retirouse tras rematar a que foi a súa última grande obra, un inmoible entre a praza do concello e a rúa Justo Martínez. Casualmente, na esquina oposta desa beirarrúa, no cruzamento con Calvo Sotelo levantara, corenta anos antes, o seu primeiro edificio.

Cando deixou de exercer, gozou da súa xubilación na Estrada coa familia e amizades. O seu falecemento produciuse cando contaba 84 anos de idade, o 15 de decembro de 1979, a causa dunha bronconeumonía. Foi soterrado no cemiterio de Figueiroa, moi cerca da capela funeraria que construíra.




En Ouzande con dúas netas. Arquivo familiar.

Mestre de obras

Avelino Camba Mato tivo unha formación autodidacta, baseada na experiencia adquirida como peón e canteiro na Estrada e como albanel en Cuba. Tamén se instruíu co estudo de libros e manuais de arquitectura, conservando na biblioteca familiar interesantes publicacións ao respecto, como os cadernos da *Enciclopedia gráfica de artes y oficios* da Casa Editorial Feliu y Susanna de Barcelona. Ademais, sempre contou cunha serie de especialistas en diferentes ramas que aportaron os mellores materiais e acabados ás súas obras: madeira da carpintería dos Chao, que era logo traballada por Benito García; pedra do mestre canteiro Antonio Velay ou pezas da fundición Alemparte do Carril.

Nun primeiro momento, el mesmo realizaba os bosquejos das vivendas que lle encargaban. Tratábase de sinxelos esbozos nos que debuxaba os principais trazos das fachadas, incorporando en ocasións as medidas e as plantas. Pero nos anos 30 apréciase un cambio na súa produción, probablemente a raíz dunha polémica xerada na vila en relación cos profesionais da arquitectura, un conflito que xa se vivira a nivel rexional a finais do século XIX, sobre todo trala che-



Vista dun dos tomos da enciclopedia. Biblioteca familiar.

gada a Galiza de novos arquitectos procedentes de Madrid. Houbera daquela momentos de gran tensión, como o acaecido co valisoletano Jenaro de la Fuente Domínguez¹⁴, mestre de obras que tras obter en 1871 a titulación oficial na Escola Especial de Arquitectura de Madrid, compaxinou nun primeiro momento a súa actividade en Vigo como mestre de obras militares de terceira clase, co rango de alférez, co desempeño privado da profesión. O seu posterior nomeamento como director facultativo das obras municipais do concello olívico, posto que encubría o de arquitecto municipal, xerou un longo conflito cos arquitectos da cidade. Dado que, ao parecer, a súa titulación non lle permitía ocupar ese tipo de cargo, foi denunciado pola Asociación de Arquitectos de Galicia, de recente creación. A denuncia chegou ao Tribunal Supremo pero, malia as disposicións e sentenzas, nada lle impediu continuar no seu posto municipal ata o seu falecemento.

14 Biografía consultada na páxina da Real Academia da Historia en setembro de 2019 (<http://dbe.rah.es/biografias/38294/jenaro-de-la-fuente-dominguez>)

No caso da Estrada, o 15 de maio de 1929, o arquitecto Juan Argenti y Navajas¹⁵, titulado pola Real Academia de San Fernando, presentou un escrito ao alcalde Benito Vigo Muni-lla en relación coas incompatibilidades do cargo. Nel dicía literalmente que *ha podido observar que las casas que se ejecutan en esa importante y progresiva Villa, carecen de plano y dirección de facultativo competente, sino todas, por lo menos la mayor parte de las actualmente en ejecución y es de suponer que la principal causa de ello debe estar en no pedirse este trámite por ese Ayuntamiento, polo que sentindo a necesidad de llamar la atención de ese Excmo. Ayuntamiento [non só] como Arquitecto, sino también como*




Avelino Camba Mato. Arquivo familiar.

Arquitecto Provincial y en representación de la Asociación de Arquitectos de Galicia, suplica que no se concedan más autorizaciones para la construcción de edificios de importancia superior a doce o quince mil pesetas que no estén garantizadas con plano y dirección de Arquitecto.

Aínda que non hai coñecemento da resposta dada polo concello, o escrito debeu exercer certa influencia nos mestres de obra locais á hora de presentar proxectos, apreciándose a partir desa data un incremento na documentación conservada no Arquivo Municipal dos expedientes asinados por profesionais. Do mesmo xeito, obsérvase que Avelino estivo máis unido a arquitectos titulados como o propio Juan Argenti, con quen xa traballara nalgunhas casas promovidas polo empresario Porto Verdura.

Con todo, isto non foi impedimento para que Avelino seguira levando a cabo a construción de numerosas promocións privadas cos seus proxectos, como veremos, e tamén de obras públicas. Así,

15 Este arquitecto, de orixe madrileña, foi o responsable do plano urbanístico municipal da vila da Estrada dos anos 20 do pasado século e de obras públicas como a do antigo matadoiro ou das desaparecidas praza de abastos e escola de traballo. Malia que os seus apelidos poidan aparecer na rede ou en bibliografía sen o i grego de unión, neste caso respectouse por ser como aparece escrito nos documentos que manexamos e que asinara el.



Vista do escrito. Arquivo Municipal.

por exemplo, en 1928 adxudicáronlle por un valor de 3512,32 pesetas as *reparaciónes en extremo necesarias para sacar el agua de las lluvias de la Casa Consistorial y para ampliar el local destinado a oficinas municipales*. Anos máis tarde, en 1932, mediante concurso, asignáronlle as *obras de reparación y ensanche del Laboratorio municipal* por 217,50 pesetas, xunto coas de pavimentación do matadoiro por outras 213,45 pesetas.


En 1944, e cunha decena de obreiros, estivo traballando no ensanche e afirmado do Camiño de Gradín, incluíndo o peche de fincas e a apertura do segundo tramo. Rematada esta obra, en 1946

levaría a cabo a construción da segunda fosa séptica dos sumidoiros da vila, segundo o proxecto de Argenti y Navajas.

Obras con bosquexos propios

A diferenza do seu coetáneo José Sanmartín Constenla¹⁶, mestre de obras da Somoza, Avelino non adoitaba asinar os seus bosquexos. Nin sequera asinou os planos da súa propia casa que se conservan no Arquivo Municipal, que con certeza deseñou el. Por iso, eses esbozos, as obras executadas e varias testemuñas orais permiten atribuírle algúns dos proxectos conservados no Arquivo Municipal da

16 Sanmartín Constenla, popularmente coñecido como "Sanmartín da Somoza", naceu cara a 1893 na parroquia estradense da Somoza e faleceu en 1957, aos 64 anos de idade. Estaba casado con María Florinda Carracedo Figueira e un dos seus fillos, Odense, continuou coa empresa de construción paterna.



Plano para Enrique Vázquez. Archivo Municipal.

Estrada, como por exemplo o do popular bar *La Puerta del Sol* onde *Elenita Piñeiro* preparaba saborosos batidos e cócteles.

La Puerta del Sol

La Puerta del Sol foi un *moderno bar a todo confort* que en 1928¹⁷ abriu as súas portas na *praciña da Baiuca*. Era propiedade de José Piñeiro, o pai de *Elenita*, un veciño de Moreira que estivera emigrado en Cuba. A sona do negocio foi tal que, pasado o tempo, acabou designando co seu nome á praza na que se asentou.

17 Dous anos despois, o primeiro piso estivo ocupado pola sede social do Centro Republicano Estradense. Así, o 18 de maio de 1930, tivo lugar a sesión de constitución da mesma nos altos del café "Puerta del Sol". Máis información en Garrido Couceiro, Xoán Carlos: *A Estrada Republicana I*, <https://www.tabeirosmontes.com/novas/a-organizacion-do-republicanismo-estradense>

En xullo de 1928, un anuncio no xornal *El Emigrado* informaba á cidadanía da apertura de dito establecemento *en la esquina de triple fachada que está terminando de edificarse*. Grazas a esta publicidade, constatamos que o proceso construtivo demorouse catro anos, pois a solicitude de licenza databa do 20 de outubro de 1924. Estaba a nome de Enrique Vázquez Esmorís, quen quería construír unha casa *en la calle del Ulla de esta villa, carretera de Chapa a Carril, kilómetro 22, hectómetro primero*, segundo o plano que achegaba. Un plano cuxo estilo e caligrafía permiten atribuírlo a Avelino Camba Mato. Deste xeito, a da Porta do Sol convértese na primeira obra que deseñou e executou.

No bosquexo, a diferentes escalas, obsérvase unha edificación de planta trapezoidal de dúas alturas, con catro ocos de ancho nas fachadas ás rúas e tres na da praza. Os vans da planta baixa correspóndense con portas, varias modificadas a día de hoxe, dispoñéndose unha fiestra no centro do chafrán. No primeiro andar ábreanse balcóns, coa excepción de dúas galerías na esquina. Nesta última, cun tratamento diferenciado por ser a que dá á praza, unha varanda percorre a cornixa.


Casa familiar

Un ano despois do proxecto de *La Puerta del Sol*, o 14 de outubro de 1925, Avelino solicitou permiso para *construír una casa de planta baja con una puerta central y dos vidrieras a los lados en la forma que resulta del adjunto plano*. Tralo informe do xefe de camiños provinciais, a comisión municipal permanente acordou concederlle a autorización o día 31 dese mesmo mes. O plano que acompaña á solicitude de licenza é un sinxelo bosquexo a escala 2 x 100. Nel vese unha porta central con arco de medio punto flanqueado por dous grandes vans con parteluz. Estas fiestras terían unha reixa decorada con espirais dobres e un rombo central, que na obra final foron substituídas por dúas simples barras. Rematada a Guerra Civil, engadiulle a planta superior, conservándose varios esbozos do mesmo na documentación do arquivo familiar.

A ampliación segue o mesmo ritmo marcado no baixo, coa apertura de tres ocos correspondentes con dúas ventás laterais cuadrán-

gulares e unha porta central coas esquinas superiores redondeadas. Constructiva e ornamentalmente, o máis salientable é o balcón de formigón con planta poligonal e esquinas rematadas en curva, así como os enmarques dos vans e o efecto de horizontalidade empregando franxas de formigón na parte inferior dos ocos. No ático, sobre unha pequena cornixa, érguese un sinxelo acroterio liso que actúa como peche da terraza do baixo cuberta.


Un bosquejo similar ao que executou para a súa propia casa foi o presentado por Francisco Torrado Otero en 1926 e que, polas características, tamén lle é atribuíble. Era para unha vivenda de planta baixa que se situaría *en la travesía que va de la calle Riestra a la feria del Ganado*. A



Plano da casa familiar. Arquivo Municipal.



Vista da casa coa ampliación.



Bosquexo para Francisco Torrado. Arquivo Municipal.


principal diferenza radica no tamaño da construción, que sería máis ancha, e nos vans, cun arco rebaixado.

Casa para José Piñeiro Sanmartín

No número 13 da actual rúa Pérez Viondi sitúase unha casa de dúas alturas que, aínda que deshabitada e en estado de abandono, conserva restos dunha traballada carpintería. Ademais, as súas trazas arquitectónicas responden ás da corrente ecléctica galega.

O promotor da mesma foi o carpinteiro José Piñeiro Sanmartín, quen en 1928 solicitou permiso *para construir una casa en terreno de su propiedad sito en la calle de San Lorenzo*. Xunto á solicitude, presentaba un bosquexo da fachada, a escala 2 x 100, que volve a responder ás características dos traballos de Avelino.

No esbozo vemos o debuxo dunha fachada de dúas alturas que se organiza a través da apertura de tres vans. No piso inferior ábreanse portas con arcos de medio punto, mentres que na planta alta dispónse un balcón flanqueado por dúas galerías. Por desgraza, na actualidade, estas galerías xa se perderon.




Vista da casa.

Bosquexo da fachada. Arquivo municipal.

Casa para Ramiro Esmorís Rozados

Outro dos proxectos atribuíble a Avelino Camba Mato é o do número 14 da rúa Calvo Sotelo, en cuxo baixo houbo durante anos un comercio de tecidos. O seu promotor foi Ramiro Esmorís Rozados, quen en 1929 iniciou os trámites para reedificar a súa casa, solicitando licenza para *derribar y construir de nuevo el edificio que posee en la Plaza de R. Ciorraga de esta Villa, adelantándolo a la línea que determina el plano de población vigente, para lo cual ha adquirido el terreno que era propiedad de ese Ayuntamiento. Acompaña el adjunto plano y SUPLICA le sea concedida la oportuna autorización.*

O plano conservado no expediente do Arquivo Municipal é un sinxelo esbozo da fachada da casa, a escala 2 x 100, de planta baixa e unha altura. O baixo organízase coa apertura de tres grandes vans, mentres que na planta superior dispónse un balcón flanqueado por dúas galerías. A única decoración sitúase na parte superior das gale-



Bosquexo para Ramiro Esmoris. Arquivo Municipal.



Estado da casa em 2008.

rías e no balcón, que presenta unha balaustrada e un frontón sobre columnas xónicas como remate.

A casa construíuse en formigón, contando na actualidade cun revestimento de lousas no baixo. Esta cubrición, xunto coa redistribución dos vans e a carpintaría dos escaparates, falan dunha reforma posterior, polo que é probable que nun primeiro momento a obra se executara seguindo o deseño inicial.

A nivel construtivo, son característicos os balaústres, as galerías de formigón con fiestras de guillotina e o remate dentellado da cornixa; aspectos que lle confiren un aire ecléctico acorde coa arquitectura desenvolvida na vila na década dos anos 20.

Casa de Comidas de Benedicta Campos


A que moitas coñecemos como o “TNT” foi, en tempos, a casa de comidas de Benedicta Campos, cuñada de Avelino. O seu irmán, Antonio Camba Mato, solicitou permiso para construíla en 1929.

O proxecto conservado, aínda que moi simple, ten bastante calidade técnica. Cunha escala de 2 x 100, nel preséntanse dous alzados xunto co plano da planta baixa. Porén, entre o debuxo das fachadas e a construción actual atopamos varias diferenzas, que radican principalmente nas dimensións.

No referente á planta, debemos salientar o feito de que aparece marcada a rede de sumidoiros, que atravesaría a casa de leste a oeste, algo que ata o de agora non viramos nos proxectos de Avelino. Seguindo este bosquexo, no baixo da vivenda habería unha tenda, un comedor, un cociña, un retrete, unha galería e as escaleiras de acceso ao piso superior.


A construción presenta unha organización simétrica con catro ocos nas fachadas principais e un na da esquina. Na actualidade, case todas as portas da planta baixa están cegadas. No piso superior, aínda que en mal estado de conservación, obsérvanse os balcóns e os balaústres de cemento das portas de aire, similares aos empregados na casa de Esmorís. En canto aos enreixados de fundición, o modelo utilizado verémolo noutras obras construídas por Avelino.

Os principais referentes desta edificación atopámoslos na arquitectura desenvolvida nas primeiras décadas do século XX en cidades



Detalle do proxecto. Arquivo Municipal.

como Vigo. En xeral, pódese dicir que as características da vivenda se corresponden cos gustos eclécticos do momento. O máis destacado é a unidade formal e estrutural das súas fachadas, xunto co emprego da cantaría combinada co formigón e o uso do ferro fundido nos balcóns.



Detalle do plano. Arquivo Municipal.

Fachada para Manuel Porto Verdura

O 29 de maio de 1929, o empresario Manuel Porto Verdura solicitaba licenza *para edificar una fachada en el solar que posee en la Travesía de Vega de Armijo y precisando para ello la autorización de la Excm. Comisión Municipal Permanente, acompaña plano*.¹⁸ A decisión favorable da comisión data do 1 de xuño de 1929. Porén, o promotor recibe a notificación na casa consistorial o 28 de xaneiro de 1930, polo que é probable que nese tempo estivera en Cuba. O plano que acompaña á solicitude é un simple bosquejo dunha construción de planta baixa con dous portóns de tres follas.

Na actualidade, o esbozo non se corresponde con ningunha das construcións que hai nesa rúa. Porén, é probable que houbera un cambio de proxecto ou unha reforma posterior, co engadido dunha planta, polo que se correspondería co número 5.


Así mesmo, tanto polo bosquejo inicial como polas características construtivas, pode atribuírselle o traballo a Avelino Camba Mato, quen por esas datas tiña ata unha ducia de obreiros ao seu cargo.

¹⁸ Arquivo Municipal da Estrada. Licenzas de obras de 1924 a 1935. Caixa 1382, expediente 97.



Fachada da casa.

A casa promovida por Manuel Porto Verdura en Vega de Armijo é unha construción de cemento de dúas alturas. No baixo ábrese dous portóns e dúas portas nas esquinas, mentres que na planta dispóñense dous balcóns. Malia tratarse dunha edificación moi sinxela, posúe dous aspectos que lle confiren protagonismo: por unha ban-



Detalle do balcón no catálogo da fundición Alemparte. Arquivo familiar.

da, a grande altura dos vans e, por outro, a tipoloxía do peche dos balcóns con motivos de flores, probablemente feitos na Fundición Alemparte de Carril.

Os principais referentes desta casa atopámoslos noutras construcións realizadas na Estrada na década dos anos 20. A organización simétrica dos vans, a altura dos mesmos e o os balcóns poñen en relación esta edificación con outras nas que traballou Avelino Camba Mato e promoveu Manuel Porto Verdura como a Casa de Comidas de Benedicta Campos ou “A Esquina”.

Obras executadas con proxectos alleos

Durante máis de corenta anos, Avelino construíu numerosas obras na vila seguindo os proxectos de arquitectos de Vigo, Pontevedra ou Santiago de Compostela. Porén, neste apartado, centrarémonos principalmente nas obras desenvolvidas no primeiro terzo do século XX xa que supoñen un paradigma na arquitectura estradense. Algunhas desas edificacións foron promovidas por Manuel Porto Verdura, “O Escobeiro”, un empresario, natural de Nigoi, que fixo fortuna en Cuba, onde rexentou a fábrica de vasoiras, á que chamou “El Águila de Nigoy”, en memoria da súa parroquia natal.


A Esquina. Edificio para Manuel Porto Verdura.

O edificio da *Esquina* foi a primeira grande obra que executou Avelino. Segundo a familia do construtor, chegaron a traballar nela ata sesenta persoas entre peóns, albaneis, canteiros, carpinteiros, fontaneiros e electricistas. Foi tamén alí onde Avelino perdeu un dedo da man por un accidente¹⁹.

O edificio, situado na intersección entre as rúas Justo Martínez e Calvo Sotelo, foi deseñado polo aparelador Manuel Constenla Rodríguez. Concibido para vivendas e baixos comerciais, desde o ano 1952 un dos locais acolle unha coñecida tenda de calzados que lle deu o popular nome de *A Esquina* a toda a edificación. Para outra xeración, non obstante, é coñecido como o edificio de *Mistura*, por ser sede desde finais dos 90 desta asociación e escola de tempo libre.

De acordo coa documentación conservada no Arquivo Municipal da Estrada, o edificio proxectouse con tres pisos, contando na actualidade con cinco. Segundo a información que aporta a licenza de obras, outorgada o 6 de xullo de 1929, e a da placa do remate, na que se sinala o ano de 1931, supoñemos que o cambio estrutural do proxecto realizouse sobre a marcha. Unha variación que tamén se reflicte nos materiais construtivos utilizados, pois as tres primeiras

19 Ao parecer, Avelino atopábase na terraza falando co promotor, Manuel Porto Verdura. De súpeto, un dos operarios tirou dunha polea e, para non caer, agarrouse á roldana que lle arrincou o polgar dereito. Baixou correndo e deulle tempo a chegar á casa do médico Araújo, na rúa San Paio, antes de se desmaiar. Detrás del saíron varios empregados ata a farmacia de Pardo, na actual praza de Galicia, onde puxeron o dedo en alcohol, aínda que, desgraciadamente, non foi posible a súa recuperación.



Detalle do plano. Arquivo Municipal.

plantas son de cantaría e as dúas últimas de formigón. Xunto a isto, a propietaria asegura que a construción realizouse dunha soa vez e que non sufriu ningunha ampliación.

O edificio organízase a través de balcóns e portas de aire que percorren ambas fachadas. A entrada dispónse na da rúa Justo Martínez, lenzo que puido ser concibido como o principal por situarse na rúa que conduce cara á casa do concello.



Detalle dunha das placas.

Xunto á simetría e harmonía dos vans, o edificio destaca polos remates. Así, sobre o baixo cuberta dispóñense en cada unha das fachadas dous frontóns semicirculares con cadansúa placa nas que se pode ler “M. P. VERDURA 1931 PLACA-OBSEQUIO DE LOS OBREROS DE ESTA OBRA”, e “M. P. VERDURA AÑO 1931”.



Detalle da baixante de fundición.

Vista da entrada.



Vista xeral do edificio.

A nivel ornamental, ademais das placas e dos xeros do remate, son de salientar as varandas de cemento da terceira planta e os traballos de fundición, como as reixas dos balcóns ou o baixante de auga.

No interior, a distribución dos espazos están determinados pola escaleira e por un patio interior. Nas plantas primeira e segunda, á dereita e á esquerda do relanzo, ábreanse as portas das dúas vivendas. Ao lado destas, dúas fiestras para dar luz no interior dos pisos. Pola contra, no terceiro piso obsérvase unha diferenza, motivada polo probable cambio de proxecto. Á esquerda e á dereita da escaleira hai

dúas portas que dan a unha mesma vivenda que ocupa toda a planta e que, en orixe, ía ser destinada á *Sociedad El Casino*.

Como decoración do interior, son salientables os balaústres de fundición das escaleiras, as reixas das ventás interiores, o pavimento de baldosa hidráulica, o zócalo do salón do terceiro piso e a carpintería.

Tipoloxicamente, o edificio responde aos gustos eclécticos do primeiro cuarto do pasado século, acordes con outras obras realizadas na Estrada, e que se xustifican no seu carácter burgués. Esta corrente, que floreceu nas principais vilas galegas na década dos 20, debeu chegar, pois, con algún atraso a esta pequena vila.

O emprego do granito combinado con formigón, o uso do ferro fundido ou a unidade formal e estrutural da fachada, son algunhas das características comúns que igualan a obra con outras obras eclécticas das cidades de Pontevedra ou Vigo. Ademais, o feito de estar emprazado na esquina de dúas rúas principais, ponnos en relación con múltiples exemplos da arquitectura que se desenvolveu ata os anos 30 do século XX en autores como Domingo Rodríguez Sesmero, Jenaro de la Fuente Domínguez, Manuel Felipe Quintana ou José Franco Montes, quen traballou na Casa do Concello da Estrada. Tamén se atopan diversos parecidos coa obra realizada en Vigo polo arquitecto francés de ascendencia polaca Michel Jean Pacewicz Durand.

Palco da música

Nunha reportaxe sobre A Estrada publicada no diario *La Noche* o 26 de xuño de 1948 con motivo das festas patronais, a colaboradora Aurora Fernández falaba da vila e dos *bellos jardines con un artístico templete que se están levando a feliz término en las inmediaciones de la esbelta Casa Consistorial*. Un palco da música que, segundo fontes orais, foi realizado por Avelino. Así, aínda que data de mediados do século XX, merece unha mención específica neste apartado pola súa tipoloxía arquitectónica, acorde coa dos quioscos das alamedas de finais do XIX.

De planta octogonal, presenta un baseamento de pedra de granito. No corpo central dispóñense oito pilastras de formigón con

Vista co palco en
construción.
Fondo Museo M.
Reimóndez.



Vista do palco na
alameda. Fondo Museo M.
Reimóndez.



Detalle do enreixado antes
da última remodelación.



varandas de ferro que dan paso á cuberta cónica de tella do país. A decoración concéntrase na varanda, situándose no centro de cada tramo unha lira rodeada por unha coroa vexetal.

Outros traballos

Durante toda a súa carreira, Avelino Camba Mato levou a cabo a construción de numerosos proxectos asinados polo arquitecto Juan Argenti y Navajas. Un gran maioría executounos a partir da década dos anos 30, despois do escrito que Argenti presentara no concello. A modo de exemplo, mencionamos algúns como o garaxe para o empresario Ángel García Barcala na rúa do Muíño (1944); a casa para Jesús Carbón Mosteiro na travesía da Feira (1945); a casa de planta baixa comercial e tres pisos para vivendas dos irmáns Camba na rúa Pérez Viondi, a carón da súa (1965); a reforma da casa de Francisco Gómez Puente na rúa Ulla (1949); a modificación e ampliación dunha casa no barrio do Cruceiro para Manuel López Baño (1966); a adición de pisos na casa de Gumersindo Souto en Capitán Bernal (1966); a casa para José Álvarez Vinseiro na prolongación da rúa número 2 (1968); ou casa de planta baixa e dous pisos para José Brea Mato na rúa San Paio (1969).

Con Arturo Zas Aznar e Manuel Nieto Caballero realizou un edificio para unha vivenda e baixo comercial para María del Carmen Conde *Presares* na rúa 11, actual Iryda (1965); mentres que



O edificio en 1971. Arquivo familiar.

co coruñés Francisco Taracido Fraga executou da man do seu fillo Tito a que foi a súa última obra, o coñecido como *Edificio de Varela*, na esquina da praza do concello coa rúa Justo Martínez (1966).

Dúas obras funerarias

Panteón para Manuel Esmorís

O panteón sitúase no cemiterio parroquial de San Paio de Figueiroa, acaroado a un dos muros de peche do recinto primitivo, no lateral sur. A construción, de planta cuadrangular, responde a tipoloxía dunha capela funeraria. A fachada, revestida en mármore, está organizada en tres rúas, situándose unha porta con lintel de medio punto na central. Nas rúas laterais, sobre o baseamento, álzanse pedestais que soportan ás pilastras. No tímpano dispónse o nome dos propietarios FAMILIA DE M. ESMORÍS. No interior, tamén revestido en lousa e cuberto cunha bóveda de canón casetonada, hai un pequeno altar de pedra. O máis salientable do conxunto é a decoración a base de gamas cromáticas, combinando o branco, o gris e o rosa.




Vista xeral do panteón.

Proxecto dunha capela neogótica

Na documentación do arquivo familiar de Avelino Camba Mato consérvase o proxecto dunha capela funeraria de estilo neogótico. No proxecto, a escala 5 x 100, represéntanse a planta, composta por un círculo inscrito nun cadrado, e a fachada, cun arco apuntado

flanqueado por dúas fiestras alongadas. Como remate, unha cuberta moi pronunciada a dúas augas coroada por un anxo. Posúe decoración vexetal.



Detalle do proxecto da capela.
Arquivo familiar.

Agradecementos

A Ana E. Arca Camba é ás irmás Camba Gómez. Igualmente ás e aos outros Cambas que me facilitaron información. E aos que non son nin Camba nin familiares pero estiveron aí para as miñas consultas, tamén. Grazas.

Fontes documentais

- Arquivo fotográfico do Museo Reimóndez Portela.
Arquivo Municipal da Estrada. Licenzas de obras desde 1924 a 1935.
Arquivo parroquial de San Paio de Figueiroa.
Rexistro civil da Estrada.
Arquivo da familia Camba Gómez.

Bibliografía

- ARCA CALDAS, Olimpio: *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*. Concello da Estrada, A Estrada, 1996.
- BALDELLOU SANTOLARIA, Miguel Ángel: *Arquitectura Moderna en Galicia*. Electa, Madrid, 1995.
- FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesús: “Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada I, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, número 2. A Estrada, 1999.
- “Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901 - 1926)”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, número 3. A Estrada, 2000.
- GARRIDO MORENO, Antonio: *El arquitecto Rafael González Villar*. Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1999.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, Xaime: *Arquitectura de pedra en Vigo*. Galaxia, Vigo, 1999. Vigo. Arquitectura Modernista. 1900 - 1920. COAG, Santiago de Compostela, 1980.
- Percorrido pola arquitectura histórica de Vigo*. Caixa Galicia, Vigo, 2002.
- TÁBOAS VELEIRO, Teresa: *Emigración e arquitectura Os Brasileiros*. Alais Editores, 2004.
- VARELA CASTRO, Pedro: “La Estrada”. *El Eco de Santiago*, Santiago, 1923.



No medio de San Miguel hai un carballo das mentiras

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. No baile de San Miguel de Sarandón (Vedra) subsisten os restos do que antano foi unha ampla carballeira que formaba parte do igrexario parroquial: as propiedades das que antigamente obtiñan parte dos seus ingresos os párrocos e patróns. Dos catro carballos que quedan, un deles, en moi mal estado, recibe entre a veciñanza o nome de Carballo das Mentiras e mesmo conta cunha copla asociada. Un equipo do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia-CSIC recolleu este ano brotes para tentar clonalo e que cando menos a súa herdanza xenética sobrevivira a súa, parece, inevitable desaparición.

Abstract. The remains of a large oak grove survive in San Miguel de Sarandón (Vedra). In the past, it belonged to the church lands and parish priests and landlords took some of their income from these properties. There are four oak trees left and one of them, in very bad condition, is known as the Oak of Lies and there is even a song dedicated to this tree. This year, a team from the CSIC (Spanish National Research Council) has collected shoots in order to try to clone it and, at least, its genetic inheritance survives, although it seems an inevitable disappearance.

A mediados do século XX a importante demanda de travesas de carballo para a construción da vía do ferrocarril entre A Coruña e Zamora –que conta cunha estación na parroquia vedresa de Santa Cruz de Ribadulla– propiciou que o marqués cuxo título leva o anterior nome vendese a maior parte das árbores do igrexario de San Miguel de Sarandón, que se estendía desde a igrexa parroquial cara a Ximonde, pois era o propietario e daquela aínda patrón da igrexa parroquial.

Unicamente quedaron dos máis antigos os catro carballos que aínda podemos ver no baile anexo á igrexa parroquial, onde se celebran anualmente festas coma o San Campio ou a Exaltación do Viño da Ulla. O situado máis ó nordés, á esquerda do palco da música máis ancho, é o que recibe o nome de Carballo das Mentiras e a copla que o singulariza entre os demais que aínda permanecen en pé di:



O Carballo das Mentiras de San Miguel de Sarandón o 10 de abril de 2011, o ano seguinte á pavimentación do baile.



Os escasos brotes do Carballo das Mentiras o 8 de abril de 2017, sete anos despois da pavimentación do baile. Imaxes de Henrique Neira

No medio de San Miguel
hai un carballo das mentiras
onde se xuntan as nenas
pra gobernar moitas vidas.

Este carballo a unha altura de 1,30 metros do chan ten un perímetro duns 240 centímetros, o que de acordo coas táboas que atopamos en Internet para a comunidade veciña de Castela e León¹ daría unha idade de 210 anos, o que supón que sería plantado arredor de 1809. Dos outros tres carballos próximos, dous deles teñen un perímetro algo menor, e o perímetro do que está entre eses dous mide 270 centímetros, o que supón que tería uns 232 anos, de xeito que sería plantado arredor de 1787. Hai á beira destes outros carballos cun perímetro moito menor e polo tanto máis recentes, que contribúen a seguir dando sombra a unha parte do baile.

1 "Calcula la edad de tu árbol". En: *Proyecto Ediar*. Recuperada de: https://www.sdlmedioambiente.com/Edadarbol/calculo_edad.html, consultada a 3 de xullo de 2019.

Dado que entre a veciñanza da parroquia non atopamos ningunha lembranza na tradición oral referente a cando foron plantados os carballos máis antigos nin tampouco coñecemos documentos referentes á plantación, en calquera caso podemos dar por feito que como mínimo os dous máis grosos son polo menos bicentenarios.

Os catro puideron ser plantados na mesma época, pois dependendo de como sexa o terreo, uns poden medrar máis e outros menos, pero igualmente puideron ser plantados con algúns anos de diferenza. O ano de 1809 é o ano da francesada, cando as tropas napoleónicas estiveron en Galicia e mesmo nas terras da Ulla –en dúas parroquias de Vedra quedaron a vivir cando menos tres soldados que desertaron do exército invasor; puidera ser que se necesitara máis leña do normal ese ano e que se cortaran os carballos máis vellos do igrexario e que logo se plantasen outros novos.

En canto á data de 1787, nesa época era o cura reitor Domingo Andrés Ramos², quen neses anos fixo obras na antiga reitoral da parroquia, en Dozar; así que puidera ser que, se empregou árbores do igrexario para as obras, despois decidise replantar a carballeira para ter leña para outras ocasións. Tamén hai que apuntar que no ano 1804 se reconstruíu a tribuna da igrexa parroquial³, así que puido ser outra ocasión para empregar madeira da carballeira e replantala.

Estas son algunhas das hipóteses que podemos formular arredor da orixe da carballeira. Sobre o nome do Carballo das Mentiras tampouco atopamos ningún dato referente á súa orixe. Meu pai, Enrique Neira Parada, natural de Sarandón, lembra que desde sempre se lle chamou así e apunta que puidera ser debido a que estaba no punto onde se xuntaban á saída da misa as mozas das aldeas de Sarandón, Canicova, A Silva de Arriba e A Silva de Abaixo para facer xuntas polo menos unha parte do camiño de volta para as súas casas. Mentres unhas agardaban polas outras poñeríanse a contar contos e de aí viría o do Carballo das Mentiras.

Esa é pois unha posible explicación. Pero o nome de Carballo das Mentiras non é exclusivo de San Miguel de Sarandón: un artigo de

2 Maceira Gago, Antonio D. (dir. e coord.). *O Arciprestado de Ribadulla*. A Coruña, 2001, Fundación Caixa Galicia. Páx. 228.

3 Maceira Gago, Antonio D. (dir. e coord.). *O Arciprestado de Ribadulla*. A Coruña, 2001, Fundación Caixa Galicia. Páx. 224.

Armando Cascón publicado en *El Correo Gallego* o 20 de outubro de 2008 menciona a existencia doutro Carballo das Mentiras á beira da igrexa parroquial de San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (Arzúa)⁴. Recollemos un fragmento dese artigo:

Afincado fronte á parroquial de S. Martín de Calvos o Carballo das mentiras, como así foi bautizado pola veciñanza, estaba disposto de tal xeito que as súas raíces permitían o acougo de calquera aldeán que quixese sentar ao seu carón. Din na parroquia que tiña os mesmos anos cá igrexa, que data de mediados do século XVIII. Do Carballo das mentiras contou Antón Fraguas no seu pregón da Festa do Queixo de 1984 que debeu adoitar o nome por ser lugar onde se reunía o Consello Parroquial e que cecais, de tales xuntanzas acadara tal nomenclatura. Pero coído que non só foi polo Consello Parroquial. ¡Que outra cousa lle fá contar o garboso noivo á súa namorada en primaverais tardes de domingo, o emigrante retornado con aires de grandeza alardeando aos mozos e mozas da aldea das súas andanzas nas américas, ou mesmo o pedáneo ou alcalde nos seus parlamentos denantes da misa para convencer os veciños da súa boa xestión!, senón máis que mentiras.

Ao carballo das mentiras levouno a parcelaria, disto xa vai máis dun cuarto de século. Os xustos para hoxe, en tempo de recanto outonal, renderlle a súa merecente lembranza.

Así, este carballo arzuán desapareceu e o vedrés está en vías de facelo: en 2010 a Deputación da Coruña achegou os cartos para acondicionar o baile de San Miguel de Sarandón, cun proxecto que incluía o pavimentado do campo diante do palco da música máis novo, xusto a zona onde está o Carballo das Mentiras⁵.

Semella que ninguén tivo en conta que os carballos e outras árbores precisan estar plantados en terras ben aireadas, e esta puidera ser a razón principal da decadencia do Carballo das Mentiras: o seu deterioramento non foi inmediato, pero si continuado. Polo que me explicou o premiado profesor de Agroxardinería do IES Montecelo Eliseo Castro, é preciso que lles chegue ás raíces a auga da chuvia e que reciban tamén a calor do sol e que se ventile a terra, regulando a auga e a luz un complexo equilibrio no uso do chan por parte da árbore e da fauna.

4 Cascón, Armando, 'O carballo das mentiras, lugar de reunión'. Recuperada de: <https://www.elcorreogallego.es/area-de-compostela?idMenu=322&idEdicion=1043&idNoticia=355688>, consultada a 3 de xullo de 2019.

5 La Voz. 'Sarandón tendrá un nuevo campo renovado para su Festa do Viño'. Recuperada de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2010/01/17/sarandon-tendra-nuevo-campo-renovado-festa-do-vino/0003_8232866.htm, consultada a 3 de xullo de 2019.

Calquera alteración grave dese equilibrio pode supoñer efectos devastadores, conducindo á morte das árbores. É dicir, non vale con deixar uns centímetros de terra arredor do carballo e logo pavimentar todo ducias de metros arredor, sen deixar buratos de ventilación e irrigación no chan.

Aínda que desde a pavimentación do baile o Carballo das Mentiras foi podado cando menos un par de veces –e quizais iso contribuíu dalgún xeito a agravar a situación– todo apunta a que o



Ortofotografía obtida do visor SIGPAC en <http://sigpac.mapa.es/feqa/visor/> o 3 de xullo de 2019. Obsérvase no centro da imaxe o baile de San Miguel de Sarandón pavimentado e na parte inferior del, sen follas apreciables na fotografía, o tronco do Carballo das Mentiras.

deterioramento empeza logo de que o cemento cubriu a terra do baile. O carballo degradouse ata o punto de que nos tres últimos anos soamente botou unhas ponliñas con follas na parte superior do seu tronco, que tras a última poda perdeu as grandes ponlas que tiña.

Nelas colocouse durante anos un pipo desde o que descendía o viño polo medio dunha das dúas grandes botas que constitúen un dos atractivos da Exaltación do Viño da Ulla, que chegou en 2019 á súa edición número 39.

Mais iso xa é historia. O que se está a intentar este mesmo ano é clonar o Carballo das Mentiras, un proxecto no que se implicaron a Asociación Cultural San Campio de San Miguel de Sarandón, a través de José García García; a Comisión de Festexos de San Miguel de Sarandón, a través de Francisco Collantes Carollo; e a escola de Sarandón, co mestre Antonio Vázquez Turnes.

José García contactou con Nieves Vidal González do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, do Consello Superior de Investigacións Científicas, e ela xunto coa directora do centro compostelán, Conchi Sánchez Fernández –especialista na clonación de carballos–, recolleu esta primavera brotes das ponliñas sobreviventes para tratar de realizar unha clonación *in vitro*.



Clon do Carballo das Mentiras que se está a coidar na sede compostelá do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia-CSIC. Imaxe cedida polo IIAG-CSIC.

A operación deu xa froitos en forma dun pequeno carballiño, pero aínda é cedo para saber se será quen de continuar medrando, para iso é preciso que pase máis tempo.

Outros lugares e árbores das mentiras

No buscador do proxecto Toponimia de Galicia⁶ atopamos tres microtopónimos que inclúen a palabra mentiras. Son: A Pedra das Mentiras na parroquia de San Salvador de Coruxo do concello de Vigo (Pontevedra); un terreo denominado As Mentiras na parroquia de Santa María de Videferre no concello de Oímbra (Ourense) e O Campo das Mentiras, núcleo habitado na parroquia de San Salvador de Xanceda (Mesía, A Coruña), onde se atopa a capital municipal. En Internet non puidemos atopar maior información sobre a razón pola que os dous primeiros lugares se denominan así, pero si do terceiro⁷:

conta o amigo “Mero” Iglesias Dobarrio: "sei dos vellos que me contaron que lle chamaban así por mor dos mandatarios do Ayuntamiento que sempre pro-

6 “Toponimia de Galicia”. Recuperada de: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>, consultada a 3 de xullo de 2019.

7 Varela, Carlos C. “Brevísimo guía para a procura toponímica da Galiza comunal”. Recuperada de: <https://vinte.praza.gal/opinion/brevissimo-guia-para-a-procura-toponimica-da-galiza-comunal>, consultada a 3 de xullo de 2019.

metían –para facerse cos votos– e logo non facían nada. Algo moi parecido ao de hoxe. Seica alí, antes das reunión dos concelleiros, falaban coma nas xuntas veciñais, para tratar o que logo non cumprían.

Tamén puidemos atopar en Internet varias páxinas sobre árbores “das mentiras” en distintos puntos da xeografía española.

Roble de las mentiras ou *Gezur Aretza*, do barrio de Elexalde en Galdakao (Biscaia)

A explicación da orixe do nome deste carballo ten semellanzas coa que atopamos para o Carballo das Mentiras de San Miguel de Sarandón. Tomamos o nome en éuscara do blog Galdakao⁸ e o dato da orixe do nome do blog de David de Jorge E.⁹:

En las inmediaciones de la iglesia del barrio de Elexalde creció en época ya pasada un hermoso roble bajo el que los fieles de aquel entonces conversaban antes de misa, motivo por el cual los vecinos lo denominaron “el roble de las mentiras”; tras la guerra civil, aquel ejemplar murió de pena y rabia”.

Roble de las mentiras ou *Guzurratx*, de Mallabia (Biscaia)

No concello biscaíño de Mallabia había tamén un carballo das mentiras, segundo lemos nun documento publicado na web do Concello de Getxo¹⁰:

A una taberna que estaba en el barrio Arteaga se le decía Gusurtoki. Ha sido habitual que a los lugares donde la gente se reunía para hablar se les diga gezur ‘mentira’. Por ejemplo en Mallabia al roble que estaba en el lugar donde se divide la carretera principal se le dice Guzurratx (roble de las mentiras) y en Gorliz tenemos Guzurmendi, como la casa contigua al Ayuntamiento de Lekeitio. No podemos olvidar que el edificio donde se encuentra la casa de cultura de Ondarroa es Guzurretxi. En Agurain, al camino junto a la muralla donde pasean las parejas se le dice *El Mentidero*.

8 Galdakao. “Curiosidades de Galdakao: del ‘Gezur Aretza’ al cráter marciano”. Recuperada de:

<https://blogs.eitb.eus/galdakao/2012/03/12/curiosidades-de-galdakao-del-gezur-aretza-al-crater-marciano/>, consultada a 3 de xullo de 2019.

9 De Jorge E., David. “Un restaurante árbol”. Recuperada de:

<https://blog.daviddejorge.com/2009/08/03/un-restaurante-arbol/>, consultada a 3 de xullo de 2019.

10 “Guzurtoki”. Recuperada de: <https://www.getxo.eus/DocsPublic/servicioeusker/G.pdf>, consultada a 3 de xullo de 2019.

Roble de las mentiras ou *Guzurra haritza*, de Zamudio (Biscaia)

O carballo das mentiras do municipio de Zamudio (Biscaia) funcionaba como lugar de encontro¹¹:

“Guzurra haritza”. Roble que existía a la salida de la iglesia de Zamudio, se denominaba el “roble de las mentiras” un hito, lugar de encuentro, que actualmente ha desaparecido.

El Suro de les Mentides, de Romanyá de la Selva (Xirona)

Tamén a explicación da orixe do nome desta antiga sobreira ten semellanzas coa que atopamos para o Carballo das Mentiras de San Miguel de Sarandón. Tomamos o texto de Geocaching.com¹²:

Xavier Cortadellas, en su libro *El poble dels cent focs – Llegendes de les Gavarres*, recoge, entre otros, el porqué a este alcornoque se le conoce como el *Suro de les mentides* (Alcornoque de las mentiras):

Cuando volvían de misa o de mercado de Llagostera, las mujeres de can Llac, de can Casas, de can Punset y del mas Gran hacían juntas el camino hasta que llegaban a este punto. Después se separaban en dos grupos de dos, pero antes de seguir cada una por su cuenta, se detenían ante este alcornoque y estaban mucho rato hablando. Los hombres, cuando las veían, decían: “Cuatro mujeres juntas seguro que cuentan muchas mentiras”.

El alcornoque de las mentiras, de Rojítán (Cádiz)

Un documento de 1577 menciona “el alcornoque de las mentiras” nun lugar hoxe encadrado no Parque Natural de Los Alcornocales, próximo a Xerez (Cádiz)¹³.

11 “Catálogo de Paisaje y las Determinaciones de Bilbao Metropolitano”. Recuperada de: http://www.bizkaia.eus/home2/archivos/DPTO6/Temas/Lezama_Cas.pdf?hash=8e355472178a852e6ea611503de6f37c&idioma=CA, consultada a 3 de xullo de 2019.

12 “El Suro de les Mentides”. Recuperada de: https://www.geocaching.com/geocache/GC4ZMT3_el-suro-de-les-mentides?guid=1b015718-9e59-4411-a81f-ed7b7285882c, consultada a 3 de xullo de 2019.

13 García Lázaro, José e Agustín. “Por las tierras del Rojítán”. Recuperada de: https://www.diariodejerez.es/jerez/tierras-Rojitan_0_883712170.html, consultada a 3 de xullo de 2019.

El pino de las mentiras de Fuente el Olmo de Íscar (Segovia)

Encóntrase nun piñeiral á saída de Fuente el Olmo de Íscar cara a Fresneda de Cuéller e figura no catálogo de especies de singular importancia de Castela e León. Tamén lle chaman *El pino de las apuestas* ou *El pino de las dos Gachas* e ten un diámetro de ata 170 centímetros no punto maior. Hai dúas explicacións das razóns polas que recibe o nome de *El pino de las apuestas*: a primeira, porque moita xente fai apostas sobre canto mide de alto e logo non as paga (de aí tamén o das mentiras)¹⁴ e a segunda porque nel se xuntaban os cazadores da zona a facer balance das pezas cazadas na xornada¹⁵.

De seguro hai moitas máis árbores das mentiras ou con nomes semellantes polo mundo adiante, o que pretendiamos con esta selección é amosar o valor cultural que teñen moitas das árbores que vemos a cotío e que precisamente por velas a diario se cadra non valoramos tanto como deberamos.

14 Jimeno, Isabel. "El árbol de las mentiras". Recuperada de: <https://www.elnortedecastilla.es/pg060421/prensa/noticias/Segovia/200604/21/VAL-SEG-088.html>, consultada a 3 de xullo de 2019.

15 Ambientum.com. "Árboles, leyendas vivas". Recuperada de: <https://ulises.blogia.com/2007/030804--rboles-leyendas-vivas-exposici-n-de-rboles-singulares-de-espa-a.php>, consultada a 3 de xullo de 2019.



Don Constantino Neira Baloira

José M. Bértolo Ballesteros
joberba4@hotmail.com

Resumo. Un dos homes que máis se destacou na vida cultural do concello da Estrada a mediados do século xx foi don Constantino Neira Baloira. Algúns exemplos do seu labor como sacerdote, investigador, poeta e galeguista móstranse neste artigo.

Abstract. One of the most remarkable men in the cultural life of the region of A Estrada during the middle of the XX century was Mr. Constantino Neira Baloira. This article highlights some examples of his labour as priest, researcher, poet and his activity as supporter of the Galician culture.

D. Constantino Neira, que nos seus últimos anos foi párroco de san Miguel de Moreira e arcipreste de Tabeirós, procedía dunha familia moi humilde, mesmo os seus ascendentes foran caseiros do pazo de Oca. Con todo, seu pai puido levantar unha pequena casa no lugar do Rego na parroquia de Remesar, onde naceu Constantino o 3 de agosto de 1902.

Era fillo de Andrés Neira Gondar, natural de Remesar, e de Filomena Baloira Bernárdez, natural de San Pedro de Ancorados, ambos labregos, neto por liña paterna de Gabriel e Carolina e pola materna neto de Manuel e Carmen.

Tiña unha tía chamada María Neira Gondar, que acompañará a Constantino toda a súa vida e que era moi relixiosa. Confesaba habitualmente na catedral de Santiago co cóengo e investigador don José Couselo Bouzas con quen chegou a ter a confianza de falarlle do seu sobriño Constantino, un rapaz moi espelido, que ela quería que se fixese cura. Don José prometeulle axudar o rapaz para que fixese as probas de entrada ao Seminario.



Constantino Neira. Ano 1957.

A Constantino, tralos exames de oposición para os estudos na Universidade Pontificia de Santiago, convocados no Boletín Eclesiástico o 10 de agosto de 1914, foille concedida en setembro dese ano unha beca fundada polo párroco de Remesar D. Ramón Silva Señoráns para os nados nas dúas parroquias de presentación dos Marqueses de Camarasa, Remesar e Riobó. A beca era de media pensión para o seminario de Santiago para custear cama e sustento. A comida consistía nunha cunca de caldo ao mediodía e outra á noite, mentres que os estudantes de pensión completa tiñan dereito a un prato de caldo, outro de comida e, se eran maiores, un vaso de viño.

O seu expediente de estudos é fácil de lembrar, xa que todo é sobresalientes (*Meritissimus* ou *meritissimus cum laude*). Recibiu as ordes de subdiaconado o 20 de decembro de 1924 de mans do bispo Lago González e as de presbiterado o 6 de xuño de 1925 de mans do bispo de Tui.

O seu primeiro destino foille adxudicado tres días despois, sendo nomeado coadxutor de Meirás. En marzo de 1927 é nomeado ecónomo de Santa María de Xobre e o 23 de agosto de 1930 foi nomeado párroco en Santa Baia de Xil (Meaño. Pontevedra). Logo foi nomeado párroco de Ancorados, pero resulta que cando chegou alí, xa outro cura ocupara a praza e ante a súa reclamación o arcebispo lavouse as mans. Con todo e a pesar de que o novo cura de Ancorados tiña actuacións contrarias ao seu ministerio, con prácticas supersticiosas ou bruxería que daban pingües beneficios, don Constantino non só lle perdoou senón que foi amigo del.

Pero deseguida permutou para San Miguel de Curantes. Alí foi nomeado en marzo de 1936 secretario da Xunta Local do Montepío do Clero de Tabeirós e Veá. O día 20 dese mes e ano oficiou un en-

lace matrimonial na capela do pazo da Mota entre Carmela Otero Cobián e Fernando Botana Rose.

Logo, o 31 de xullo de 1944 foi nomeado párroco de entrada para San Miguel de Moreira, onde estivo ata o seu pasamento.

En 1949 é proposto como asesor eclesiástico da Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros da Estrada. En 1954 era arcepreste de Tabeirós.

Tivo un infarto e foi atendido polo médico estradense don Manuel de la Calle, pero vendo a súa gravidade derivouno a Santiago ao eminente doutor Domínguez, que non puido darlle remedio. Finou en Moreira o 18 de xullo de 1970 de infarto de miocardio, sendo enterrado nesa parroquia.

Deixou como único herdeiro o arcebispo de Santiago, se ben rogaba que atendesen á súa tía María mentres vivise. María, que finou aos 100 anos, foi internada e atendida no asilo de Carretas.

Constantino investigador

1. En 1968 publica na revista *Compostellanum* de Santiago o artigo “La iglesia románica de San Miguel de Moreira y sus capiteles historiados”. Vol. 13, Nº. 2 (Abril-Junio), 1968, págs. 359-363. No seu artigo analiza cada un dos capiteis da igrexa de Moreira e ofrece as múltiples interpretacións que se poden dar de cada un. Por exemplo, do capitel en que hai un home entre dous leóns, di:

O personaxe pode representar un domador de feras (leóns), simbolizando a Cristo triunfador.

Pode significar a Sansón, persoeiro bíblico ou a Gilgamesh, persoeiro sumerio. Simbolizando o home como rei da creación.

Podería encarnar o profeta Daniel cos leóns.

Os perigos, cos que estaba sometido o peregrino, simbolizados polos leóns e a axuda e protección do apóstolo.

Pode plasmar o mago Fileto, compañeiro de Hermóxenes antes da súa conversión.

2. Descubriu varios megalitos, a saber:
 - Un túmulo de San Pedro de Ancorados.
 - Un túmulo entre Meavía e Pardemarán.
 - Un túmulo en San Miguel de Moreira.



Selo romano con Diana. Sales.

- Cinco túmulos entre o monte de Vilafruguil de San Miguel de Moreira e o monte de Mamoela en san Pedro de Ancorados.

- Un túmulo no Campo das cruces en Outeiro da parroquia de San Miguel de Moreira.

- Un túmulo no monte Pica de San Miguel de Moreira, onde logo uns canteiros atoparon dúas machadas pulidas.

Na investigación destes túmulos atopou diversos utensilios prehistóricos e romanos, como coitelos de sílex e outras pezas, que depositou no Museo Provincial de Pontevedra e que está todo plenamente identificado e numerado. A saber:

- 003678 Selo romano con Diana. Sales, Vedra.
- 004002 Cabeza castrexa. Moreira Nova, A Estrada.
- 004417 Pondus (pesa de tear romano). A Estrada.
- 004891 Cerámicas romanas. Moureira, Berres, A Estrada.
- 003668 Machado pulido. O Pazo, Ribeira, A Estrada.
- 003669 Machado pulido. Sestebo, Moreira, A Estrada.
- 003670 Machado pulido. Moimenta, Arnois, A Estrada.
- 003671 Machado pulido. Ancorados, A Estrada.
- 003672 Machado pulido. Pica, Moreira, A Estrada.
- 003677 Machado pulido. Riba, Moreira, A Estrada.
- 003700 Machado pulido. Pica, Moreira, A Estrada.
- 003701 Machado pulido. Pica, Moreira, A Estrada.
- 003702 Machado pulido. Outeiro, Moreira, A Estrada.
- 004180 Machado pulido. Moreira, A Estrada.
- 004181 Machado pulido. Moreira, A Estrada.
- 004182 Machado pulido. Rivas, Ancorados, A Estrada.
- 003673 Machado pulido. Outeiro, Moreira, A Estrada.
- 004578 Machado pulido. Parada, A Estrada.
- 003674 Fusaiola. Ulla, Berres, A Estrada.
- 003675 Fusaiola. Castro Barbude, A Estrada.
- 003676 Fusaiola. Castro Barbude, A Estrada.
- 003679 Materiais varios. Castro Barbude, A Estrada.
- 003680 Materiais líticos. Outeiro, Moreira, A Estrada.
- 003699 "Buril" pulido. Riba, Moreira, A Estrada.

- 003667 Fragmento de sigillata decorada. Castro Barbude, A Estrada.
- 004416 Fragmentos de anforeta. A Estrada.
- 004418 Xerriña medieval. S. Francisco, Pontevedra.

Constantino editor de revista

La Ciudad de Dios foi un periódico mensual editado na Estrada en 1932. Foi promovido por D. Constantino, que estaba de cura en Curantes, por D. Jesús López Salgueiro, cura de Moreira, e por D. Andrés Salgueiro Costa, cura ecónomo de Vinseiro. A revista, repartida gratuitamente polos pá-



Constantino Neira.

rrocos nas igrexas, entre outras cousas atacaba o matrimonio civil. Os promotores foron denunciados e xulgados na Audiencia Provincial de Pontevedra o 17 de marzo de 1933 por editar o periódico incumprindo a Lei de Imprenta, aínda que foron absoltos.

Constantino poeta

Desde moi novo e estando no seminario chamárono as musas para que deleitase coas súas rimas a seus compañeiros e amigos, e participando en diversas veladas literarias.

Cando en 1962 se trasladaron os restos do seu compañeiro e pai-sano Xosé Cabada Vázquez ao cemiterio de Codeseda, tivo unha intervención¹ baixo o pseudónimo de Martiño deste xeito:

Agora eu, que nunca fun poeta, que sempre coidei privado para min a achego á morada das musas, quero deixar pendurada da gloria inmarcitada dun poeta de sona ben gañada, o bon amigo Xosé M. Cabada Vázquez, eiquí xustamente, a carón do seu lar vernáculo, sobor diste sartego que garda receioso súas cinzas, ista frol cativiña por ser miña, pro que ten o mérito de ser a primeira, e cicais (sen cicais) sexa tamén a derradeira, que xurdeu do meu caletre apoucadiño. Vela eiquí:

1 <https://www.tabeirosmontes.com/biografiacutea.html>
BLANCO FUENTES, Mario e FERNÁNDEZ CASTRO, J.A. "A *translatio* dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez", en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, vol. IV, 2001, pp.109-139.

UNHA FLOR SINXELA

Lonxe da terra amada e cobizosa
 Relembrando o fungar dos piñeirales,
 De cotío istes montes e istes vales
 Eran de Cabada arela saudosa.

Cal outro Añón na súa vida azarosa
 Para torcedura e cruto dos seus males,
 Sofreu o exilio i-outras penas tales
 Que solo a morte puido acalar piedosa.

Máis hoxe que terra sagra en Codeseda
 As súas cinzas para sempre van levar
 Prego a Deus que súa i-alma pura e leda

Dende os outos ceos poida ollar
 O cativo momento que eiquí queda
 No curazón da terra que el soupo amar.

Martiño

Constantino sacerdote

A súa máxima era que os bens e actividades temporais non estorbasen para dedicarse aos bens espirituais e eternos. Por iso pódese dicir que era un cura postconciliar, xa que se preocupaba polo benestar temporal dos veciños tanto como do seu benestar espiritual.

Loxicamente viviu de acordo cos signos dos tempos. Na igrexa da Estrada o 4 de abril de 1938 celebrouse un acto fúnebre polos “mártires” falecidos no cruceiro Baleares. Á saída do acto e na praza do Xeneralísimo Franco houbo un acto, no que se recitaron poemas e cantou o himno de Falanxe, pero que tiña como parte principal un elocuente discurso pronunciado por don Constantino Neira, que como era preceptivo xuntaba os termos cristiáns e os patrióticos.

En 1954 ofrécese voluntario xunto con outras personalidades da Estrada e da universidade compostelá para dar unha conferencia aos alumnos de preuniversitario do Colexio da Inmaculada Concepción da Estrada. A súa bonhomía e sabedoría servía como aliciente na vida cultural da Estrada en moitas ocasións.

Na súa parroquia de Moreira preocupouse e buscou a financiación necesaria para reparar o teito da igrexa, que estaba en mal estado, co



Constantino con autoridades e veciños diante da igrexa.

asesoramento de Filgueira Valverde. Foron os irmáns Salgado Torres quen proporcionaron a maior parte dos cartos. Ao realizar as obras descubriu as pinturas murais que estaban tapadas no presbiterio, realizadas no século XVI e que cubrían as paredes antes da aparición dos retablos renacentistas e barrocos. As pinturas quedaron ocultas polos retablos e pola cal con que se cubrían as paredes, cumprindo coas ordes governativas que mandaban branquear os lugares públicos como medida profiláctica contras os contaxios das enfermidades epidémicas. As pinturas atopadas representan unha escena da vida de Cristo, o lavado dos pés aos apóstolos. As pinturas, atribuídas ao mestre Frameán, teñen moita semellanza coas descubertas posteriormente en Santiago de Tabeirós.

Tamén mandou levantar o cruceiro que está diante da igrexa e que fixo un canteiro do Viso, así como as escaleiras que nos introducen no adro. Organizou a construción do cemiterio e fixo un panteón para os curas e outro para os pobres da parroquia, aínda que quizais mal asesorado non coidou da estética do cemiterio que debía non desentoar co reconecido e prestixioso monumento románico que é a igrexa.

Constantino galeguista

Precisamente a causa do seu interese pola investigación foi presentado a Filgueira Valverde, a Otero Pedrayo, aos doutores Mato Calderón e García-Sabell, e a outros, que o recibiron cos brazos abertos, conscientes de que tiñan diante deles a un persoeiro traballador, amante e defensor da cultura galega.

En 1954 era arcipreste de Tabeirós e como tal fixo a ofrenda e invocación dos máis de 3.000 veciños do arciprestado de Tabeirós que fixeron a peregrinación ata a catedral de Santiago Apóstolo. Antes da ofrenda falou co bispo don Miguel Novoa Fuentes, que se mostrou contrario a que fíxese a ofrenda en galego. Don Constantino respondeulle que eles non eran separatistas nin revolucionarios, “simplemente somos galegos”. E fixo a ofrenda en galego, como o faría logo noutras ocasións.

E así en 1970 nos actos do Día das Letras Galegas en honor de Marcial Valladares don Constantino oficiou a misa e expuxo a súa homilía en galego, non sen nervios xa que era algo completamente inhabitual. Mereceu as gabanzas públicas de parte de D. Domingo García-Sabell, con quen mantivo un trato asiduo de tal xeito que, cando tivo lugar o pasamento de don Constantino, o doutor García-Sabell acudiu a darlle o último adeus.

Era amante da lingua galega por iso sabía moitísimos refráns e contos populares, que recollía no seu entorno. Lamentablemente toda a súa obra poética e lingüística non fomos quen de atopala e recuperala.

Fontes documentais

A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural, ed. Museo do pobo estradense M.R.P. Hemeroteca da *Voz de Galicia*.

<http://arquivo.galiciiana.gal>

Rexistro Civil.

Museo de Pontevedra.

Testemuña de don Ricardo Celso Rodríguez Rodríguez, a quen agradecemos a súa amabilidade e achegas.



A difusión dos números indoarábigos en Galicia

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. Hai varios milenios que se utilizan en Galicia sistemas de numeración: supoñemos que habería algún na Idade de Bronce -o tempo dos petróglifos- e que se puideron coñecer despois os dos pobos fenicios e gregos polas visitas que navegantes desas procedencias facían ás costas galegas. As mostras máis antigas da numeración romana na Gallaecia, nos miliarios, superan os dous milenios, e polas listaxes de libros existentes na Compostela do século XIII supoñemos que xa eran coñecidos en Galicia os números indoarábigos, pero non usados a cotío. Igualmente na Idade Media empregaríanse os números hebreos nas comunidades locais que mantiñan esa cultura. Cremos que os indoarábigos entran na vida cotiá en Galicia nun longo proceso iniciado a finais do século xv.

Abstract. Numeral systems have been used in Galicia for millennia. It is supposed that there would be some in the Bronze Age (the time of petroglyphs) and the Greek and Phoenician systems could be known later because of the sailors who came to the Galician coast. The earliest samples of Roman numerals in Gallaecia, in milestones, date back more than two millennia. It is supposed that Arabic numerals were already known, but not often used, in Galicia because of the lists from 13th century books from Compostela. Also in the Middle Ages, Hebrew numerals would be used among the local communities which kept that culture. It is believed that Arabic numerals begin to be daily used in Galicia during a long process started at the end of the 15th century.

1. Introducción. Os sistemas de numeración na historia de Galicia

Cando redactei en 2015 o libro *Historia da informática en Galicia. Unha cronoloxía*¹ busquei datos sobre o cálculo e a numeración desde a antigüidade como un xeito de entender a longa tradición de coñecemento matemático en terras galegas, o que me levou a coñecer distintos sistemas e métodos de numeración e cómputo.

Daquela non fun quen de atopar ningún estudo sobre a introdución e difusión en Galicia da numeración indoarábiga. En xullo de 2019 tiña que presentar na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela, en Lugo, un traballo de fin de grao

1 Neira Pereira, Henrique. *Historia da informática en Galicia. Unha cronoloxía*. Santiago de Compostela, 2015, Andavira Editora-CPEIG.



Número 5 antigo na rúa Carretas de Santiago de Compostela.
Foto: Henrique Neira, 2015.

para poder obter o grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, modalidade semipresencial, e pensei en investigar sobre este tema, baixo a dirección do profesor José Carlos Baliñas Pérez.

Asumimos que os números indoarábigos están aí “desde sempre”, pero realmente só se fará uso frecuente deles tras un longo proceso que comeza en terras galegas a finais do século XV. Mais, antes de chegar aí, imos poñer en perspectiva a tradición de cálculo en Galicia no contexto mundial. As mostras máis antigas que se coñecen no mundo do que se considera que son ferramentas de cómputo e posiblemente de observación astronómica son dous ósos nos que se realizaron hai milenios unha serie de marcas.

O máis antigo é o “óso de Lebombo”, un peroné de babuíno atopado nas montañas de Lebombo, entre Suráfrica e Suacilandia²: amosa 29 marcas, o que revelaría coñecementos matemáticos ou de cómputo nos grupos humanos que habitaban esa zona, e mesmo hai opinións que o vencellan cun calendario lunar; está datado entre os anos 42200 a.C. e 41000 a.C.³.

O “óso de Ishango”, datado entre o 20.000 a.C. e o 18.000 a.C., atopado preto das fontes do río Nilo (nordés da República Democrática do Congo) amosa tres conxuntos de marcas que fan supoñer que

2 Desde o 19 de abril de 2018, Suacilandia chámase oficialmente Reino de Eswatini. Véxase: “The Permanent Mission of the Kingdom of Eswatini to the United Nations”. En: <https://www.un.int/eswatini>, consultada a 10 de xuño de 2019.

3 D'Errico, Francesco et al. ‘Early evidence of San material culture represented by organic artifacts from Border Cave, South Africa’. En: ‘Proceedings of the National Academy of Sciences’. Vol. 109 (33), 2012. P. 13214-13219.

se empregou con finalidades matemáticas ou mesmo de observación astronómica –puido ser tamén un calendario lunar–, entre outras hipóteses⁴.

Máis preto de nós, en Le Placard (Charente, Francia), atopáronse ósos de aguiña gravados con marcas⁵ de arredor do 13500 a.C.

Puideron empregarse obxectos semellantes en terras galegas? Non o sabemos; polo momento para atopar mostras de saberes matemáticos e astronómicos en Galicia hai que agardar varios milleiros de anos, ata a cultura megalítica, entre o 5000 a.C. e o 1250 a.C. As entradas de moitos corredores ou cámaras funerarias dos dolmens galegos estudados están orientadas para o lugar por onde saía o sol no solsticio de inverno –entre o 20 e o 23 de decembro no hemisferio Norte–. Isto revela que estas sociedades tiñan eses coñecementos aínda que non haxa rexistros escritos deles⁶.

O seguinte período que toca analizar é a Idade do Bronce, entre 1250 a.C. e 800 a.C., datas entre as que se realizan a maioría dos petróglifos galegos. Tal como resumen Fernández e Docobo “coñécese alineacións solsticiais e equinocciais nos petróglifos de Mogor (Marín, Pontevedra) e na zona da Ferradura (Amoeiro, Ourense), que tiñan como principal finalidade a determinación das estacións do ano”⁷. Se agora hai coñecementos astronómicos xa máis avanzados, habería loxicamente coñecementos matemáticos.

Lembremos que nesta época o crecente comercio de cobre e estaño no Mediterráneo obrigaba a buscar estes minerais cos que se fabrica o bronce cada vez máis lonxe. En Galicia podían obterse, e polo tanto estes coñecementos podían chegar aquí, e de feito en San Mamede de Pedornes (Oia, Pontevedra) o conxunto de petróglifos denominado Auga dos Cebros mostra as tres únicas representacións

4 Brooks, Alison S. e Catherine C. Smith. ‘Ishango Revisited: New Age Determinations and Cultural Interpretations’. En: *The African Archaeological Review*. Vol. 5, 1987. P. 65-78.

5 Durán, Antonio J. *Vida de los números*. Madrid, 2006, T Ediciones. P. 87.

6 Blanco, P. e C. Viu. ‘Las ciencias entran en Dombate para celebrar el solsticio de invierno’. En: *La Voz de Galicia*, 14 de decembro de 2014. En: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2014/12/14/ciencias-entran-dombate-celebrar-solsticio-invierno/0003_201412C14C12991.htm, consultada a 10 de xuño de 2019.

7 Fernández Pérez, Iván e José Ángel Docobo Durántez. *As Matemáticas e a Astronomía en Galicia*. Santiago de Compostela, 2011, Universidade de Santiago de Compostela. P. 18.

de embarcacións coñecidas en petróglifos galegos, seguindo modelos do “Mediterráneo oriental” do “segundo milenio antes de Cristo”⁸.

Como os coñecementos matemáticos evolucionaron de distinto xeito nas diferentes sociedades, podemos especular coa existencia de sistemas de numeración e cálculo, ben desenvolvidos en Galicia ou ben importados, aínda que non teñamos probas concluíntes deles.

Unha investigación recente sobre un período máis tardío sinala o posible emprego da “proporción áurea” en esculturas de guerreiros realizadas entre os séculos II a.C. e I a.C. no sur da Gallaecia: isto revelaría coñecementos avanzados de xeometría e se cadra contactos directos con culturas coma a romana ou a celta da Europa central, como propón Manuel Santos⁹, aínda que como lembra o autor a proporción áurea xa era coñecida na antiga Grecia por Platón, Pitágoras ou Euclides, atopándose en construcións coma o Partenón ateniense, pero tamén nalgunhas máis antigas en Exipto ou Mesopotamia¹⁰.

2. As numeracións fenicia, grega e hebrea

Continuamos a nosa viaxe no tempo coa Cultura castrexa (800 a.C.-100 d.C.), que se desenvolve paralelamente ó establecemento de colonias fenicias e gregas na Península Ibérica; Gádir, a actual Cádiz, foi fundada supostamente arredor do 1100 a.C. por navegantes fenicios¹¹, e séculos despois comeza no leste peninsular a fundación de colonias gregas, como Emporion (orixe da actual Empúries, en Xirona), que se cre data do 575 a.C.

Estas colonias son importantes porque servirán para difundir o uso de moedas, pezas metálicas ás que se lles adxudica un certo valor e que van asociadas a coñecementos matemáticos para a súa produción e manexo. Aínda que xa desde o cuarto milenio a.C. se usaban en Exipto protomoedas consistentes en barras de ouro dun peso fixa-

8 Mosquera, Javier. ‘Tesoros al aire libre’. En: *Faro de Vigo*, 17 de novembro de 2010. En: <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2010/11/17/tesoros-aire-libre/491824.html>, consultada a 10 de xuño de 2019.

9 Santos Estévez, Manuel. ‘A proporción na escultura galaica da Idade do Ferro’. En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Vol. LIX. Nº 125 (xaneiro-decembro 2012). P. 13-38.

10 Ídem. p. 17.

11 ‘Cádiz’. Na web: ‘Turismo de Cádiz’. En: <http://www.cadizturismo.com/destinos/provincias/cadiz/municipios/cadiz>, consultada a 10 de xuño de 2019.

do¹², os sistemas que teñen como base pezas de metal de reducidas dimensións cun peso e unha lei garantidos por unha autoridade –o que hoxe chamamos moeda–, desenvólvense inicialmente entre os anos 700-600 a.C. en Anatolia, Grecia, India e China, e a finais do século VI a.C. xa chegan moedas á península Ibérica¹³, cuñándose nela as primeiras arredor do 400 a.C. nas colonias gregas no Levante peninsular¹⁴.

Mesmo algunhas investigacións propoñen hipóteses como que os torques, antes considerados só obxectos de adorno, poderían ser nunha fase tardía unidade de conta e pagamento: fabricaríanse seguindo un sistema de pesos coma o empregado polo pobo de Tartessos no sur peninsular; isto fai pensar nun posible sistema metrolóxico baseado no fenicio na metade occidental da Península Ibérica¹⁵.

No século XIX atopáronse no porto de Bares –Ortigueira, A Coruña– moedas de bronce cuñadas nas colonias fenicias de Gádir (Cádiz), Abdera (Adra) e Sexi (Almuñécar) no século III a.C.¹⁶. Estes e outros achados como restos de ánforas gregas ou de obxectos de culturas ibéricas en xacementos arqueolóxicos galegos permiten pensar que, ademais de comercio, puido haber transmisión de cultura e ciencia e por tanto de sistemas de escritura e numeración, aínda que fosen de uso moi puntual ou minoritario.

Alguns textos reforzan esta hipótese. Por exemplo, o xeógrafo grego Estrabón –que ten acceso a fontes antigas– sinala no terceiro tomo da súa *Xeografía*, escrita posiblemente entre os anos 29 a.C. e 7 d.C., que o río Miño é navegable nunha lonxitude de 800 estadios, unidade de medida grega¹⁷. Se podía dar o dato sería porque consultou algunha fonte que o indicaba ou porque llo facilitou alguén que visitou Galicia, en calquera dos dous casos o dato viría de alguén

12 'Coir'. Na web: Britannica.com. En: <https://www.britannica.com/topic/coin>, consultada a 10 de xuño de 2019.

13 Veguín Casas, María Victoria. *Historia de las Matemáticas en la Península Ibérica. Desde la prehistoria al siglo XV*. Barcelona, 2010, Editorial Reverté. P. 44-45.

14 Véxase por exemplo: 'Tesoro de la neapolis de Empúries'. Na web: Museu Nacional d'Art de Catalunya, Barcelona. En: <http://www.museunacional.cat/es/colleccio/tesoro-de-la-neapolis-de-empuries/varias-autoridades/076000-cjt>, consultada a 10 de xuño de 2019.

15 Veguín Casas, María Victoria. *Historia de las Matemáticas en la Península Ibérica. Desde la prehistoria al siglo XV*. Barcelona, 2010, Editorial Reverté. P. 31.

16 Iglesias Almeida, Ernesto. *As moedas medievais galegas*. Noia, 2010, Toxosoutos. P. 11.

17 Balboa Salgado, Antonio. *Gallaecia nas fontes clásicas*. Santiago de Compostela, 1996, Universidade de Santiago de Compostela. P. 75.

que coñecía os sistemas de numeración e medidas vixentes daquela en terras gregas.

Aínda varios séculos despois, o *Cronicón* que conclúe en 468 o bispo Idacio de Chaves, sinala un estraño suceso nese mesmo ano¹⁸:

No río Miño, como a unhas cinco millas do municipio de Lais, colléronse catro peixes de aspecto e figura nunca vistos, os cales, como referiron os mesmos que os colleran, homes cristiáns e piadosos, presentaban varios signos, consistentes en letras hebraicas e gregas, números latinos de eras, nesta forma, CCCLXV, e un círculo cos meses do ano, a igual distancia uns doutros.

Temos, pois, que aínda que só fose unha reducida elite intelectual, había quen era capaz –seguramente o propio Idacio ou alguén da súa contorna– de identificar o que pensaban que eran caracteres hebreos, gregos e latinos, o que implica que igualmente coñecerían os respectivos sistemas de numeración.

Mesmo na época que xa analizamos máis polo miúdo –finais da Idade Media e principios da Moderna– posiblemente o sistema de numeración grego sería coñecido pero exclusivamente a efectos de aprendizaxe da lingua grega, pois no século XVI atopamos un membro do Cabido da Catedral compostelá impartindo clases da lingua helénica na Universidade santiagouesa¹⁹.

O mesmo texto de Idacio dános pé para referirnos a outro sistema de numeración, o hebreo, que se empregou en terras galaicas antigamente, aínda que cun uso probablemente reducido a esa comunidade cultural. Non temos constancia documental de que houbera residentes de orixe hebrea xa na época de Idacio, nin antes nin nos séculos inmediatamente seguintes; o primeiro texto conservado no que se constata a súa presenza é o documento dun preito conservado no Tombo de Celanova e datado o 16 de maio de 1044, no que se di

18 Traducimos para o galego a versión en castelán de: Chaves, Idacio de. 'Idatii Episcopi Chronicon'. En: 'Episcopologio Asturicense'. Vol. I. P. 303: "En el río Miño, como á unhas cinco millas del municipio de Lais, cogiéronse cuatro peces de aspecto y figura nunca vistos, los cuales, como refirieron los mismos que los habían cogido, hombres cristianos y piadosos, presentaban varios signos, consistentes en letras hebraicas y griegas, números latinos de eras, en esta forma, CCCLXV, y un círculo con los meses del año, á igual distancia unos de otros".

19 Iglesias Ortega, Arturo. 'El Cabildo Catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica'. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela, 2010, Universidade de Santiago de Compostela. P. 378-379.

que comerciantes hebreos foran agredidos polos homes dun nobre chamado Arias Oduáriz²⁰.

Posiblemente as comunidades de orixe hebrea establecidas en Galicia ata o 1492, ano no que os seus integrantes foron obrigados a abandonar as terras hispanas ou a converterse ó catolicismo, puideron manter o coñecemento da escritura e do sistema de numeración hebreos, ou poderían contratar fóra persoas que os coñecían. Unha mostra que nos quedou da súa produción cultural é a chamada *Biblia Kennicott*, códice iluminado rematado na Coruña o 24 de xullo de 1476 polo copista Moses ibn Zabara²¹, que pon a data do ano xudeu 5236 en caracteres hebreos no colofón²².

3. A numeración romana

Algunha das investigacións máis recentes apunta que o sistema de numeración etrusco xorde arredor do 600 a.C. e que foi a base do romano²³, que aínda empregamos hoxe en día a cotío –por exemplo, cando poñemos unha data, é frecuente poñer o número dos meses con numeración romana. Durante moitos séculos o sistema de numeración romana foi o único empregado en inscricións e documentos en Galicia, e cando non se empregaban os números romanos era porque se indicaban con palabras –en latín, en galego, en castelán– os números a representar.

O proceso de dominación romana do territorio que co tempo a súa administración denominaría Gallaecia comeza no 137 a.C. coa expedición de Décimo Xunio Bruto e remata no 409 d.C. coas invasións dos pobos bárbaros –suevos, vándalos e alanos–, que adoptarán, polo que sabemos, o sistema de numeración romano, o mesmo que o pobo visigodo que os substituíu posteriormente²⁴.

20 Antonio Rubio, María Gloria de. *Los judíos en Galicia (1044-1492)*. A Coruña, 2006, Fundación Pedro Barrié de la Maza. P. 369.

21 Antonio Rubio, María Gloria de. 'Biblia Kennicott'. En: Villares, Ramón (ed.). *Galicia: 100 obxectos para contar unha cultura*. Santiago de Compostela, 2016, Consello da Cultura Galega. P. 121-123.

22 Bodleian Libraries. 'The Kennicott Bible'. En: <http://bav.bodleian.ox.ac.uk/news/the-kennicott-bible>, consultada a 10 de xuño de 2019.

23 Veguín Casas, María Victoria. *Historia de las Matemáticas en la Península Ibérica. Desde la prehistoria al siglo XV*. Barcelona, 2010, Editorial Reverté. P. 65.

24 Ídem. P. 102.

As mostras máis antigas do uso da numeración romana que coñecemos no territorio de Gallaecia son as que quedaron nos miliarios das vías ou camiños.

Así, no Norte de Portugal foron atopados dous miliarios da época de Augusto. Un en São Martinho do Zebal²⁵, Montalegre –hoxe desaparecido–, datado arredor do ano 5 a.C., e o outro no Castro de Avelães²⁶, Bragança, datado no 2 a.C. Se nos cinguimos unicamente ó territorio galego actual, os dous miliarios máis antigos atopados foron datados no ano 40 d.C.: un apareceu na Gándara²⁷, en San Fins de Sales (Vedra, A Coruña) e está hoxe no Museo da Catedral de Santiago; o outro atopouse en San Román de Retorta²⁸ (Guntín, Lugo) e está no Museo dos Camiños de Astorga. Son das mostras primeiras de uso da numeración romana na actual comunidade galega.

Arquitectos e enxeñeiros aplican os cálculos matemáticos en obras coma a torre de Hércules coruñesa, erguida posiblemente polo arquitecto Caio Sevio Lupo²⁹ a finais do século I ou principios do século II; a ponte romana de Ourense³⁰, do século I; a muralla romana de Lugo³¹, dos séculos III-IV, e en moitas outras construcións.

Así mesmo, coas estruturas administrativas romanas aparecen profesións nas que se usan coñecementos matemáticos, coma a de exactor (recadador de impostos); no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón na Coruña consérvase unha lápida do século II ou III que encargou o exactor Fortunato na memoria dos seus libertos defuntos Estatoria, Príncipe e Félix.

Outra mostra máis tardía do uso do sistema romano de numeración e medidas é o *Itinerarium* de Exeria (383-384): describe a viaxe a Terra Santa da autora, unha crónica na que fai referencia á división

25 Rodríguez Colmenero, Antonio, Santiago Ferrer Sierra e Rubén D. Álvarez Asorey. 'Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense)'. Santiago de Compostela, 2004, Consello da Cultura Galega. P. 158.

26 Ídem. P. 199.

27 Ídem. P. 333-334.

28 Ídem. P. 337

29 'Hércules, Torre de'. En: Casal Vila, Benxamín (dir.). *Gran enciclopedia galega* Silverio Cañada. Lugo-Pontevedra, 2003, El Progreso-Diario de Pontevedra. Ed. dixital.

30 Ídem. 'Ourense'.

31 Ídem. 'Muralla de Lugo'.

horaria do día e detalla en millas romanas a distancia entre poboacións³². Aínda que a datación e a orixe da autora foron orixe de moitos debates, as investigacións máis recentes sitúan o texto nas datas indicadas e a autora como unha monxa orixinaria da Gallaecia; sería a primeira escritora galaica coñecida³³.

Da Gallaecia da Antigüidade Tardía –o reino suevo e o posterior visigodo– sabemos ben pouco, aínda que temos textos da época como a *Crónica* do bispo de Chaves, Idacio de Limia (395?-465), que refire os abusos dos recadadores de impostos, da figura do “tyrannicus exactor”³⁴, así que seguía existindo esa profesión e por tanto dalgún xeito os cálculos matemáticos.

Os gobernantes suevos cuñaron moedas en varias cecas da Gallaecia, seguindo modelos romanos, e o mesmo se fixo na época visigoda³⁵: polo tanto existía persoal especializado en sistemas de pesos, medidas e cálculos.

Tras a chegada de árabes e bérberes e a constitución dos primeiros reinos cristiáns, conforme avanza a Idade Media, pouco a pouco recupéranse as grandes obras coma as pontes e comezan a erguerse as catedrais,



Miliario da Gándara (San Fins de Sales, Vedra, A Coruña), datado no ano 40 d.C., un dos dous máis antigos no territorio da actual Galicia. Foto: Henrique Neira, 2015.

32 Egeria. ‘Itinerarium Egeriae’. En: ‘Bibliotheca Augustana’. En: https://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost04/Egeria/ege_it00.html, consultada a 10 de xuño de 2019.

33 López Pereira, J. Eduardo. ‘Exeria’. En: Casal Vila, Benxamín (dir.). *Gran enciclopedia galega* Silverio Cañada’. Lugo-Pontevedra, 2003, El Progreso-Diario de Pontevedra. Ed. dixital.

34 Chaves, Idacio de. ‘Idatii Episcopi Chronicon’. En: ‘Episcopologio Asturicense’. Vol. I. P. 251.

35 Iglesias Almeida, Ernesto. ‘As moedas medievais galegas’. Noia, 2010, Toxosoutos. P. 17-42.

o que require por parte dos arquitectos e mestres de obras coñecementos matemáticos.

A principios do século IX comeza a construción da primeira igrexa dedicada a Santiago en Compostela, que será substituída posteriormente por varios templos maiores³⁶, coma a basílica de Afonso III –consagrada no ano 899–, ata que en 1075 comeza a construción da Catedral románica, en cuxas obras participaron varios arquitectos; entre eles Bernardo o Vello e Roberto, que o *Códice Calixtino* presenta como “didascalí”, ou sexa profesores³⁷ –seguramente de matemáticas e xeometría.

E a tradición de ensino das matemáticas e o cálculo tería continuación. Adeline Rucquoi apunta³⁸ que o bispo de Iria Flavia e Compostela, Hermexildo, podería contar xa cunha escola en Iria ou Santiago na que se educaban fillos de familias nobres galegas; en tempos dos seus sucesores, García –fillo de Fernando I de León, e futuro rei de Galicia entre 1065-1071 e 1072-1073– foi educado na escola catedralicia compostelá, o mesmo que o futuro arcebispo Diego Xelmírez (1068-1140) ou que Fernando II de Galicia e de León (que reinou entre 1157 e 1186). Na *Schola Grammaticorum*, ademais da ensinanza primaria das letras e da gramática para rapaces, é posible que tamén houbera ensino superior: artes liberais, entre elas matemáticas, xeometría e astronomía. Desta escola saían os autores dun *Kalendarium Compostellanum* do século XI e varias crónicas medievais, e nela impartiron clases mestres estranxeiros traídos polo bispo Xelmírez, mentres os clérigos e escolares santiagueses acudían a formarse a Francia. Na escola catedralicia é posible que se ofertara tamén ensino para rapaces da cidade, non vencellados ás actividades relixiosas nin a gobernantes.

36 Yzquierdo Peiró, Ramón. ‘Domus Iacobi’. Santiago de Compostela, 2011, Cabido da Catedral de Santiago.

37 Rucquoi, Adeline. ‘De grammaticorum schola. La tradición cultural compostelana en el siglo XII’. En: ‘Visitandum est. Santos y cultos en el Codex Calixtinus (Actas del VIIº Congreso Internacional de Estudios Jacobeos)’. Santiago de Compostela, 2005, Xunta de Galicia. P. 235-254.

38 Ídem.

A profesión de “magister scholarum” aparece mencionada noutras localidades galegas como Ourense³⁹, desenvolvendo tarefas coma as de notarios ou escribáns.

Toda esta tradición cultural e educativa vai vencellada ó mantemento do sistema de numeración romano, aínda que como imos ver a numeración indoarábica puido coñecerse na época da súa chegada á Península Ibérica, malia que non se empregará ata séculos despois de xeito habitual, como sucedeu no resto de Europa.

4. A numeración indoarábica

A forma de representar os números indoarábicos é produto dun proceso que se remonta ó século III a.C. na civilización do val do Indo e que continuou evolucionando nos séculos seguintes⁴⁰. O sistema de numeración posicional indoarábico que hoxe é un estándar mundial xa se debía empregar no século V na India. O bispo da Igrexa cristiá siria Severus Sebokht, que viviu en Mesopotamia arredor do ano 650, é o primeiro autor de tradición occidental en mencionar o sistema indio de numeración de “nove cifras”; aínda o concepto de cero non acadara a mesma difusión que o resto das cifras⁴¹.

Será no século VII cando se introduce o concepto de cero e as súas regras para o uso na aritmética e resolver certas ecuacións polo matemático e astrónomo Brahmagupta (589-668), concretamente nun libro escrito arredor do ano 628, *Br hmasphu asiddh nta*⁴².

Unha copia do libro foi levada a Bagdad no ano 766 por un erudito da India e entregada ó segundo califa abasí, al-Mansur (712-775), que o fixo traducir ó árabe⁴³. Logo, difundíuse no mundo árabe e desde este no occidental, a través de obras coma a do matemático persa Muhammed ibn Musa al-Khwarizmi⁴⁴, autor do libro *Sobre o cálculo con numerais indios*, escrito arredor do ano 825 e coñecido en

39 Costa Rico, Antón. ‘Educación e cultura literaria en Galiza (414-1483)’. En: *Sarmiento*, nº 4 (2000). Vigo, Servicios de Publicacións das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago. P. 182.

40 Véxanse os esquemas reproducidos en: Area Otero, Xosé Tomás e María Trinidad Pérez López. *De como aprendemos a contar e os aparellos empregados: brevisima historia*. Santiago de Compostela, 2008, Imprenta Universitaria. P. 57-66.

41 Rooney, Anne. *Historia de las matemáticas*. Barcelona, 2009, Oniro. P. 17.

42 Ídem. p. 17-18.

43 Ídem. p. 18.

44 Ídem. p. 18.

Occidente a través de traducións latinas. Do seu apelido deriva a palabra algoritmo.

As primeiras representacións dos números indoarábigos rexistradas na Europa Occidental atopadas polo de agora foron realizadas na península Ibérica, onde, malia o case continuo estado de guerra, a cultura de tradición latina dos reinos cristiáns do Norte se enriquecía con novas achegas culturais procedentes de Al-Andalus.

Primeiramente hai que mencionar o *Codex Miscellaneus Ovetensis*, hoxe conservado na Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo del Escorial (R.II.18), que reúne cinco textos de entre os séculos VII e IX. Nunha das partes do século IX inclúe o que para Menéndez Pidal son os máis antigos numerais arábigos con valor absoluto e de posición e a representación do cero máis antiga constatada en Occidente, aínda que a forma e uso dos numerais é diferente á actual⁴⁵. Atribúeselle a escritura destes numerais a Euloxio de Córdoba (800-859) –posteriormente Santo Euloxio de Córdoba–, que coñecía traballos de autores árabes, e pénsase que se usou este sistema de numeración ata o século XIII en Toledo⁴⁶. O contido deste códice, con todo, está suxeito a bastantes debates, non así o do *Codex Vigilanus* do que imos tratar.

O 25 de maio do ano 976 o monxe Vigila conclúe o *Codex Vigilanus* no hoxe desaparecido mosteiro de San Martín de Albelda⁴⁷ de Iregua (A Rioxa), que estaba situado no Camiño Francés a Santiago, o cal como sabemos era unha importante vía de transmisión de cultura e a través dela puido difundirse este sistema en terras galegas. No códice, redactado en latín e conservado hoxe na biblioteca do mosteiro madrileño de San Lorenzo de El Escorial, Vigila inclúe o

45 Menéndez Pidal, Gonzalo. 'Los llamados numerales árabes en Occidente'. En: *Boletín de la Real Academia de la Historia*. Nº 145 (1959). P. 190.

Menéndez Pidal, Gonzalo. 'San Eulogio y la numeración árabe. Los llamados numerales árabes en Occidente'. En: *Boletín de la Real Academia de Córdoba, de Ciencias, Bellas Letras y Nobles Artes*. Nº 80, xaneiro-diciembre 1960, P. 334-335.

46 Pereira Mira, Benjamín. 'Un afamado códice otrora perteneciente a la librería de la catedral de Oviedo'. En: *Aabadom*. Vol. 14. Xullo-diciembre 2003. P. 28.

Pereira Mira, Benjamín. 'Éxodo librario en la biblioteca capitular de Oviedo: el Codex miscellaneus ovetensis (manuscrito escurialense R.II.18)'. En: *Territorio, Sociedad y Poder*. Oviedo, 2006, Universidad de Oviedo. Nº 1. P. 263-278.

47 Hernández Esteve, Esteban. 'Introducción de los Números Arábigos en Occidente'. En: Albelda.info. En: <http://www.albelda.info/monasterio/introduccion-numeros>, consultada a 10 de xuño de 2019.

debuxo dos símbolos indoarábigos dos números 1 a 9, a maioría similares ós actuais, e indica a súa orixe⁴⁸:

E tamén a propósito das cifras da aritmética. É necesario saber que os indios posúen unha intelixencia moi sutil e que os restantes conceptos lles ceden o paso no que concerne á aritmética, a xeometría e demais disciplinas liberais. Isto ponse de manifesto da mellor maneira nas nove figuras a través das cales expresan cada grao de non importa que nivel. Esta é a forma:

9 8 7 6 5 4 3 2 1.

Xa vimos que o mosteiro de Albelda estaba no Camiño de Santiago, e especúlase que a información sobre a numeración indoarábiga puido chegar alí tras unha visita de Vigila ó convento de Santa María de Ripoll, que contaría cunha biblioteca con traducións latinas de autores árabes⁴⁹.

Hai que lembrar que a través da propia ruta xacobeana puido chegar a mesma información, aínda que non hai constancia diso, pois percorrían o Camiño peregrinos de terras moi afastadas que acudían a Santiago de Compostela, mesmo de Oriente; coñecemos o nome dalgún deles, por exemplo arredor dos anos 983 e 984 visitou Santiago un peregrino armenio, o monxe Simeón, quen hoxe é coñecido como San Simeón de Armenia⁵⁰.

E existen outras vías polas que puido chegar a Galicia a numeración indoarábiga xa na Idade Media: algúns peregrinos visitaron Roma ou Terra Santa desde o Noroeste peninsular, e é posible que coñeceran alí este sistema de numeración, aínda que non temos noticias disto.

No caso de Roma, Silvestre II (nacido Xerberto de Aurillac) estuda durante o seu papado (999-1003) o uso polos cregos do sistema de numeración decimal indoarábigo, en vez do sistema romano,

48 Traducimos para o galego a versión en castelán de: Requena Fraile, Ángel. 'El Cronicon Albeldense en la encrucijada medieval de los números'. En: Español González, Luis; José Javier Escribano Benito e María Ángeles Martínez García (editores). 'Actas VIII Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas, 16-20 de septiembre de 2004'. Logroño, 2004, Universidad de la Rioja. Vol. 1. P. 307:

"Y también a propósito de las cifras de la aritmética. Es necesario saber que los indios poseen una inteligencia muy sutil y que los restantes conceptos les ceden el paso en lo que concierne a la aritmética, la geometría y demás disciplinas liberales. Esto se pone de manifiesto de la mejor manera en las nueve figuras a través de las cuales expresan cada grado de no importa qué nivel. Esta es la forma 9 8 7 6 5 4 3 2 1".

49 Durán, Antonio J. 'Vida de los números'. Madrid, 2006, T Ediciones. P. 71-72.

50 Rocamonde Iglesias, Teresa (dir.). 'Simeón de Armenia'. Na web: 'Xacopedia.com'. En: http://xacopedia.com/Simeón_de_Armenia, consultada a 10 de xuño de 2019.

para simplificar cálculos⁵¹; crese que coñecera o sistema indoarábigo na súa estadía entre 967 e 970 en terras catalás, no mosteiro de Santa María de Ripoll⁵². Con todo, a popularidade do novo sistema de numeración só chegaría décadas máis tarde, comezando con traballos pioneiros coma o *Liber Abaci* (“Libro dos ábacos”) publicado en 1202 polo matemático italiano Leonardo de Pisa, tamén chamado Fibonacci⁵³, que contribuírían a que nos séculos seguintes se fosen coñecendo os números indoarábigos e o sistema de cálculo asociado a eles, moito máis simple que o empregado polos calculistas occidentais da época.

Volviendo ós romeiros e palmeiros –peregrinos a Roma e Terra Santa–, entre eles podemos citar no século XIII a Lucas de Tui, cónego, escritor e historiador natural de León, que foi bispo da diocese de Tui entre 1239 e 1249, e que antes diso peregrinara a lugares como Roma, Grecia, Armenia ou Constantinopla⁵⁴. Tamén podemos citar no século XV o padronés Xoán Rodríguez de Padrón (c. 1390-c. 1450), coñecido como trovador e poeta, que estudou na Universidade de Salamanca, viaxou por Italia e cara a 1440 tomou o hábito franciscano en Xerusalén, retirándose ó seu regreso no convento de Herbón (Padrón, A Coruña)⁵⁵.

Outra vía de coñecemento da numeración indoarábigo sería a través das copias de libros que chegaban a Galicia, especialmente á Catedral compostelá ou ós conventos de San Francisco de Val de Deus ou San Domingos de Bonaval nesta cidade. Sábese que os mosteiros maiores tiñan escolas onde formaban novicios e novicias en materias como lectura e a escritura caligráfica, no canto musical, na gramática latina e no cómputo básico.

Así, en tempos dos arcebispos composteláns Pedro Muñiz (1207-1224) e Bernardo II (1224-1237) os frades dominicos e franciscanos, que acaban de establecer conventos en Santiago, teñen acceso a

51 Sylvester II (pope). Na web: Britannica.com. En: <https://www.britannica.com/biography/Sylvester-II>, consultada a 10 de xuño de 2019.

52 Durán, Antonio J. *Vida de los números*. Madrid, 2006, T Ediciones. P. 72-73.

53 Ibrah, Georges. *Historia universal de las cifras: la inteligencia de la humanidad contada por los números y el cálculo*. Madrid, 1997, Espasa. P. 1357.

54 Casal Vila, Benxamín (dir.). ‘Lucas de Tui’. En: *Gran enciclopedia galega* Silverio Cañada. Lugo-Pontevedra, 2003, El Progreso-Diario de Pontevedra. Ed. dixital.

55 Casal Vila, Benxamín (dir.). ‘Juan Rodríguez del Padrón’. En: *Gran enciclopedia galega* Silverio Cañada. Lugo-Pontevedra, 2003, El Progreso-Diario de Pontevedra. Ed. dixital.

libros traducidos desde o árabe para o latín polo sevillano Xoán de Sevilla (Ioannis Hispalensis), que gardaban os arcebispos nun armario cando menos entre 1222 e 1230, probablemente para protexelos axeitadamente ou porque os conventos aínda estaban en obras. Entre eses libros estarían *Scientiae astrorum et radicum motuum coelestium liber* de al-Farghani; *De ortu scientiarum* de al-Farabi; e o *Liber Algorismi de practica arismetrice*, atribuído ó matemático e astrónomo persa al-Khwarizmi. Pola súa parte, a través do tradutor Hermán o Dálmata coñeceríase a *Geometria* euclídea; todos estes volumes servirían de apoio para as ensinanzas do *Trivium* –gramática, retórica e dialéctica– e *Quadrivium* –aritmética, xeometría, astronomía e música–⁵⁶.

Dado que nas edicións conservadas do *Liber Algorismi de practica arismetrice* xa se amosan os números indoarábigos⁵⁷, supoñemos que eran coñecidos en Santiago, aínda que a súa aplicación nos documentos oficiais ou en inscricións en edificios e monumentos demorase varios séculos, coma no resto de Europa.

De feito, este atraso no uso en documentos oficiais débese en ocasións a prohibicións das autoridades. Así, en 1299 o Concello de Florencia prohibe o uso dos indoarábigos en documentos contables no seu *Statuto dell'Arte di Cambio* e de contado tanto as autoridades de Florencia coma as de Venecia obrigarán a escribir os números dos documentos contables en palabras completas, pois existían varias formas de representar as cifras, e supoñíase que usar a numeración indoarábica podía inducir a confusión⁵⁸. Probablemente tamén exis-

56 Castro, Manuel de. 'La Biblioteca de los Franciscanos de Val de Dios, de Santiago (1220-1230)'. En: *Iacobvs*. Nº 9-10 (2000). P. 29-44.

García Ballester, Luis. 'Naturaleza y ciencia en la Castilla del siglo XIII. Los orígenes de una tradición: los Studia franciscano y dominico de Santiago de Compostela (1222-1230)'. En: 'VI Semana de Estudios Medievales. Nájera, 31 de julio al 4 de agosto de 1995'. Nájera, 1996, Instituto de Estudios Riojanos. P. 145-170.

Rucquoi, Adeline. 'De grammaticorum schola. La tradición cultural compostelana en el siglo XII'. En: 'Visitandum est. Santos y cultos en el Codex Calixtinus (Actas del VIIº Congreso Internacional de Estudios Jacobeos)'. Santiago de Compostela, 2005, Xunta de Galicia. P. 235-254.

57 Véxase, por exemplo: Hispalensis, Ioannis. 'Liber algorismi de practica arismetrice'. Roma, 1857, Tip. delle Scienze Fisiche. En: <http://resolver.sub.uni-goettingen.de/purl?PPN584709110>, consultada a 10 de xuño de 2019.

58 Hernández Esteve, Esteban. *Introducción de los Números Arábigos en Occidente*. En: <http://www.albelda.info/monasterio/introduccion-numeros>, consultada a 10 de xuño de 2019.

tía unha loita entre partidarios dun e doutro sistema, que freou a implantación do novo.

Curiosamente unha das vías que na Idade Moderna difundirá a numeración indoarábiga, a numismática, non tiña este papel na Idade Media. En toda a Idade Media só coñecemos unha moeda hispana na que aparezan números, e ademais son romanos: son as 10 dobras de ouro (gran dobra) que o rei Pedro I de Castela cuña en Sevilla e que indican a data con números romanos: a era MCCCLXXXVIII, é dicir era hispánica 1398 (ano 1360)⁵⁹.

Non coñecemos ata o tempo dos Reis Católicos (1479-1516) ningún outro caso no que se indique nas moedas galegas⁶⁰ nin no conxunto das hispanas⁶¹ ningún número, nin sequera o valor monetario: eran identificadas polo tamaño, peso, composición de metais e deseño, cun complexo sistema non decimal.

Lembremos, por exemplo, que o *Libro dos Cambeadores da Cidade de Santiago*, do que se conserva unha copia de 1385, pero con referencias á existencia dun exemplar anterior⁶², revela a importancia en Compostela da profesión dos cambiadores de moedas pola chegada de peregrinos de distintos países. Instalábanse ante a Porta do Camiño e alí poñían “suas Taboas doradas, y pintadas, con suas Arcas, y balanzas, è dentro diñeyro, è Moedas”⁶³. As balanzas, para comparar o peso das distintas moedas, parecen ser a clave do negocio, e en ningún momento se fala de numeración. Sen dúbida os

59 Museo Arqueológico Nacional. ‘Catálogo. Edad Media. Pedro I de Castilla. 1867/21/2’. En: web do Museo Arqueológico Nacional. En: http://ceres.mcu.es/pages/Viewer?accion=41&Museo=MAN&AMuseo=MAN&Ninv=1867/21/2&txt_id_imagen=2&txt_rotar=0&txt_contraste=0&txt_zoom=10&cabecera=N&viewName=visorZoom, consultada a 10 de xuño de 2019.

60 Iglesias Almeida, Ernesto. *As moedas medievais galegas*. Noia, 2010, Toxosoutos.

61 Museo Arqueológico Nacional. ‘Catálogo. Edad Media’. En: web do Museo Arqueológico Nacional. En: http://ceres.mcu.es/pages/Main?btnSearch=Buscar&txt_OBJE=moneda&hitxt_OBJE=C&txt_CNTT=Edad%20Media&hidtxt_CNTT=C&chk_CNTT=on&servletOrigen=AdvancedSearch& museoUnion=MAN&servletDestino=AdvancedSearch&mosaic=on

62 Campos Souto, María Begoña. ‘La revisión de un texto perdido en la memoria: el Libro dos Cambeadores da Cidade de Santiago’. En: ‘Actes del VII Congres de l’Associacio Hispánica de Literatura Medieval (Castellò de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)’ (1999). Vol. Publicacions de la Universitat Jaume I. P. 421-430.

63 Monteagudo Romero, Henrique. ‘Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII, Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores’. En: *Homenaxe á Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela, 1996, Universidade de Santiago de Compostela. P. 361.

cambiadores contaban ademais con sistemas de cálculo axeitados, fosen ábacos ou outros.

Fagamos agora referencia ós libros que se podían ler na Galicia do século XV. O fragmento máis antigo dun libro impreso que se conserva desde aquela en Galicia son dúas páxinas do volume *Decretales Gregorii Papae IX*, editado por Peter Schoeffer en Maguncia en 1473 e no que aínda se empregan números romanos⁶⁴.

Na biblioteca do Cabido da Catedral de Santiago, a acta capitular do 4 de xaneiro de 1497 recolle as instrucións dadas ós cóengos “pedro de muros e gomes vallo” para que levasen a reparar varios libros; na listaxe⁶⁵ hai 30 libros en pergameo, 13 en papel e 9 dos que non se indica o soporte. Os libros en papel tiñan unha presenza importante, aínda que é probable que na maioría destes exemplares, se non en todos, só se empregasen aínda os números romanos.

Listamos os libros impresos en papel:

Iten vn libro de Seneca grande en papel.

Iten otro libro que se llama circa virtutes theologales en papel.

Iten otro libro en papel que se llama del concilio hecho en Vasilea.

Iten otro libro en papel del concilio de Vasylea.

Iten un libro grande en papel que se llama el dominico.

Iten otro libro que se llama rreporitorio del antonio en papel.

Íten dos libros grandes en papel que se llama dos partes del antonio⁶⁶, que dexo el licenciado de toledo.

Iten otro libro que se llama el dominico sobre el decreto en papel.

Iten otro libro que se llama petrus jacobus en papel.

Iten otro libro que se llama enrique sobre el tercero en papel.

64 Axeitos Agrelo, *Xosé Luís; Pepe Barro e Dolores Sánchez Vales*. *Exlibris Gallaeciae*. Dos libros de Galicia. Santiago de Compostela, 2010, Fundación Cidade da Cultura de Galicia. P. 76-77.

65 López Ferreiro, Antonio. *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago, 1883, Imp. de la Gaceta, F. de la Torre y C^o. P. 443-447.

66 Puidera ser: Nebrija, Antonio de. *Introductiones in latinam gramaticem* ou outra obra dese autor, de acordo con: Rial Costas, Benito. *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)*. Madrid, 2007, Calambur Editorial. P. 210. Ademais, este volume, se realmente xa se coñecía en Compostela, inclúe os capítulos ‘Graecae declinationis’ e ‘De litteris hebraicis’, que mostran os caracteres das linguas grega e hebrea. Iso si, empréganse nel números romanos.

Iten otro libro que se llama Reportorio en papel⁶⁷.

Iten otro libro que se llama Reportorio pequeno en papel.

Polas actas capitulares sabemos tamén que persoeiros do ámbito eclesiástico posuían bibliotecas privadas, así a do cardeal Juan do Barro descrita na do 14 de maio de 1497 e que incluía 14 volumes⁶⁸. Vemos que había bibliotecas e libros, pero a finais do século XV os que traían números indoarábigos serían unha minoría.

5. A difusión do novo sistema de numeración

A difusión a grande escala da numeración indoarábiga en Galicia comeza na Idade Moderna, cuxo inicio se sitúa entre finais do século XV e principios do XVI. Un dos fitos indicadores dos cambios que se están a producir na sociedade galega é a data do 4 de setembro de 1495, na que se funda en Compostela o Estudio Vello, de curta vida, do que xermolou a Universidade de Santiago de Compostela⁶⁹. Aínda que as materias relacionadas coa numeración e as matemáticas seguramente están presentes xa nos primeiros tempos da Universidade, será só a partir de 1751 cando chegue a primeira cátedra especializada. Entrementres, neses séculos os conventos eran focos do coñecemento, e como mostra diso hai traballos sobre matemáticas coma os de Frei Benito Xerónimo Feijoo e Montenegro (1676-1764)⁷⁰, por dar só un nome.

Entre finais do século XV e principios do XVI atopamos diversas vías de difusión da numeración indoarábiga: a chegada de libros e impresos que a empregan ou a súa elaboración en Galicia, coa nova tecnoloxía da imprenta; as moedas; as inscricións en edificios, monumentos, sepulcros ou reloxos de sol; as inscricións en obxectos

67 Este libro e o seguinte puideran ser exemplares de: Li, Andrés de. *Reportorio de los tiempos*, impreso en 1492, de acordo con: Rial Costas, Benito. *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)*. Madrid, 2007, Calambur Editorial. P. 242. No volume empréganse números romanos.

68 López Ferreiro, Antonio. *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago, 1883, Imp. de la Gaceta, F. de la Torre y C^a. P. 447.

69 Justo Martín, María José. 'Lopo Gómez de Marzoa na orixe da Universidade: 4 de setembro de 1495'. En: *Gallaecia Fulget: cinco séculos de historia universitaria*. Catálogo da exposición do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 1995, Universidade de Santiago de Compostela. P. 102-107.

70 Fernández Pérez, Iván e José Ángel Docobo Durántez. *As Matemáticas e a Astronomía en Galicia*. Santiago de Compostela, 2011, Universidade de Santiago de Compostela. P. 15 a 19.

de uso cerimonial; documentos e cartas; esbozos, mapas e planos e mesmo representacións artísticas.

Malia que nos primeiros libros e outros documentos saídos de imprentas en terras galegas só se usaban números romanos, cremos que a difusión de textos impresos nos que se utilizaba a nova numeración contribuíu a dar a coñecer o novo sistema, no que as grafías coas que representaban os números non eran sempre semellantes ás de hoxe, como tampouco as dalgunhas letras. Por exemplo no caso do 5 atopamos xa no século XVI e aínda no século XVIII representacións nas que parece máis a letra S que o número como o coñecemos hoxe⁷¹.

Ademais, libros antigos ou coleccións de documentos encaderados xuntos para arquivalos que se escribían só con números romanos aparecen frecuentemente foliados con números indoarábigos engadidos con tinta ou lapis en épocas posteriores para numerar as páxinas e facilitar a consulta ou facer índices, ou ben indícanse en indoarábigos e coa frase “Anno Domini” as datas que nos textos figuran en eras hispánicas, para axilizar a súa lectura.

Finalmente, queremos apuntar que a forma na que se expresasen os números, fose romana ou indoarábiga, era indiferente para unha gran parte da poboación galega, maioritariamente rural e que na súa maioría non fora formada na lectura e na escritura, especialmente fóra dos espazos urbanos. Juan Eloy Gelabert indica que en Santiago en 1635, hai 984 contribuíntes ou cabezas de familia que deben asinar co seu nome un documento referente a un ‘donativo’ solicitado polo rei Filipe IV: un 52,55% deles é quen de asinar –non necesariamente todos saberían ler. Para o caso de que o cabeza de familia varón está ausente e asina a súa esposa, de 178 mulleres chamadas só 6 eran quen de facelo, ou sexa un 3,4% do total⁷². Comparemos estes datos dun núcleo urbano cos que indica Ofelia Rey Castelao para a comarca natural da Ulla, lindeira con Santiago de Compostela, no

71 Véxase a representación do 1549 no documento das Ordenanzas de Santiago, do que falamos neste traballo.

72 Gelabert González, Juan Eloy. ‘Lectura y escritura en una ciudad provinciana del siglo XVI: Santiago de Compostela’. En: *Bulletin Hispanique*. Tomo 84. Nº 3-4 (1982). P. 267-269.

período comprendido entre 1607 e 1750: só sabía asinar o seu nome un 6,7% da poboación⁷³.

6. Vías de difusión

6.1 Tinta sobre pergameo e papel

Á hora descubrir números escritos, os únicos testemuños 100% fiables son aqueles nos que observamos un orixinal ou unha reprodución fotográfica, pois nos volumes antigos con transcricións sempre queda a dúbida de se o documento citado era traslado dun anterior, cousa que non sempre queda clara. Consultando documentación de orixe medieval, vese que en ocasións os notarios que anos despois fan o traslado dun documento ás veces usan números indoarábigos en lugar dos romanos ou en letra completa que aparecían no orixinal, así que debe terse isto en conta á hora de ler este traballo.

Os documentos notariais, municipais, ou os producidos en conventos, mosteiros ou catedrais poden agochar textos nos que apareceran moi cedo os números indoarábigos, pero son ducias as coleccións documentais conservadas, nalgúns casos con milleiros de documentos, e poucas as que están transcritas e publicadas⁷⁴. Buscar en todas semella unha tarefa de anos, así que a modo de sondaxe empregamos o buscador do proxecto *Gallaeciae Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega⁷⁵ –que inclúe 15 coleccións galegas desde o ano 871 ata o 1500– e o do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega, que busca en 74 coleccións: de documentos monacais ou notariais, obras literarias e outros textos⁷⁶. O resultado nos dous casos foi negativo.

73 Rey Castelao, Ofelia. 'Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen'. En: *Bulletin Hispanique*. Nº 100-2, 1998. P. 273-274.

74 Cabana Outeiro, Alexandra. *Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011)*. Santiago de Compostela, 2015, Consello da Cultura Galega. En: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/98>, consultada a 10 de xuño de 2019.

75 Consello da Cultura Galega. 'Gallaeciae Monumenta Historica'. En: <http://gmh.consellodacultura.gal>, consultada a 10 de xuño de 2019.

76 Instituto da Lingua Galega. 'Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega'. En: <https://ilg.usc.es/tmilg>, consultada a 10 de xuño de 2019.

O portal *Recursos Integrados da Lingua Galega*⁷⁷, que incorpora documentos medievais e modernos, permitiunos localizar no Corpus Xelmírez - Corpus lingüístico da Galicia medieval documentos nos que a transcripción indica o uso de números indoarábigos, pero trátase posiblemente de copias ou traslados notariais máis recentes ou ben a incorporación dos números prodúcese en época máis moderna, de xeito que non consideramos fiable ningunha das transcripcións anteriores a 1553, data do inventario do libreiro Giraldo del Sol, que axiña veremos, e que figura nesta base de datos.

Aínda así, botando man de numerosas fontes localizamos un bo número de documentos manuscritos e impresos con numeración indoarábiga, pero frecuentemente só nas datas.

6.1.1 Libros

É posible que xa no século xv chegasen á comunidade galega volumes elaborados en imprentas coa moderna numeración: probablemente foi o espallamento do invento por Europa o que favoreceu a difusión masiva da numeración indoarábiga.

O libro impreso máis antigo que conserva a Universidade santiagoense é unha *Historia Romana* de Apiano adaptada por Pier Candido Decembrio, publicado en 1477 en Venecia⁷⁸. Pero non sabemos cando chegou, nin se foi mercado pola Universidade, pois esta recibiu multitude de libros antigos de conventos en procesos coma a expulsión dos xesuítas ou a Desamortización, e ese exemplar indica “Ad usum M. Fr. Joannis Interian de Ayala, Salamanca. 1698”; é probable que chegara a Galicia despois desa época. En calquera caso, no libro xa se empregan en certas páxinas os números indoarábigos, e poñémolo como exemplo de que puido haber en terras galegas nesa época outros libros impresos con indoarábigos.

En 1483 realízase o primeiro encargo en Galicia para a impresión masiva de libros do que temos noticia: o primeiro contrato –un total

77 Seminario de Lingüística Informática-Universidade de Vigo e Instituto de Lingua Galega. ‘Recursos Integrados da Lingua Galega’. En: <http://sli.uvigo.es/RILG/index.php>, consultada a 10 de xuño de 2019.

78 Apiano. ‘Historia romana, / a Petro Candido Decembrio traducta’. Venetijis, 1477, per Bernardu[m] pictorem & Erhardum ratdolt de Augusta una cum Petro Loslein de Langencen correctore ac socio. En: <http://hdl.handle.net/10347/6728>, consultada a 10 de xuño de 2019.

de 120 breviarios para o Cabido da Catedral compostelá– asíñase o 17 de xuño con Juan de Bobadilla, de Burgos, e con Álvaro de Castro, de Villasendino (Burgos), probablemente para imprimilos fóra de Galicia⁷⁹.

Axiña se imprimirán libros en terras galegas, mais nos primeiros anos unha parte dos impresores seguirán usando a numeración romana, e así sucede co *Breviarium Auriensis*, que se cre –sen total seguridade– que foi impreso entre 1485 e 1490 en Ourense⁸⁰, o mesmo que no *Missale Auriense* de 1494, primeiro libro impreso en Galicia do que non hai dúbidas sobre este extremo: foi impreso en Monterrei (Ourense)⁸¹.

Con todo, aparentemente dous anos despois foron impresos por Juan Gherlinc en Monterrei exemplares dun *Manuale Bracarense* encargado para a arquidiocese de Braga, do que hoxe non se coñecen exemplares, tras perderse nun incendio o da biblioteca do Pazo Arcebispal de Braga; Atanasio López recolle a transcripción do colofón⁸², que indica a data do 10 de xuño de 1496:

Manuale Sacramentorum cum brevi Compilatione Missarum et aliquorum Festorum secundum consuetudinem Metropolitanæ Ecclesiæ Bracarensis. Impressum per Magistrum Joannem Gherlinch Alamanum cui finis datus Monti Regio Domino Francisco de Çuniga. Dominante in eadem villa et Comitatu anno 1496. 4 Idus Junii.

Pola súa parte, López Ferreiro publicou o inventario dos libros feito tras o falecemento en 1511 do rexedor compostelán Francisco de Treviño⁸³. Entre eles está *Otro de Celestina*, é dicir a obra de Fernando de Rojas titulada *Comedia de Calisto y Melibea* na primeira versión, que comeza a imprimirse en 1499, e titulada *Tragicomedia de Calisto y Melibea*, na segunda versión, impresa desde 1507. Trátase dun “best-seller” da época, e xa na primeira versión o colofón

79 Rial Costas, Benito. ‘Algunas reflexiones acerca de los “maestros de hacer breviarios y escrituras de molde” Juan de Bobadilla y Álvaro de Castro (1483)’. En: *Revista General de Información y Documentación*. Vol. 21 (2011). P. 176.

80 Axeitos Agrelo, Xosé Luís; Pepe Barro e Dolores Sánchez Vales. *Exlibris Gallaeciae. Dos libros de Galicia*. Santiago de Compostela, 2010, Fundación Cidade da Cultura de Galicia. P. 78-79.

81 Cabano Vázquez, Ignacio e Xosé María Díaz Fernández (eds.). *Missale Auriense: 1494*. Santiago de Compostela, 1994, Xunta de Galicia. Inclúe unha reprodución facsimilar.

82 López, Atanasio. *La Imprenta en Galicia. Siglos XV-XVIII*. Madrid, 1953, Patronato de la Biblioteca Nacional. P. 20.

83 Ídem. P. 461-463.



O famoso gravado do libro *Margarita Philosophica* de Gregor Reisch, reproducido da páxina 162 da edición de 1503 do Getty Research Institute, dispoñible en copia dixital en: https://archive.org/details/gri_c00033125008256329.

indicaba a data de 1499, mesmo nas edicións impresas ata 1502, aínda que no resto do volume se empregasen números romanos⁸⁴. É un inicio tímido pero importante.

Damos un salto no tempo ata o inventario feito por Juana, viúva do libreiro compostelán de orixe francesa Giraldo del Sol, o máis antigo dunha librería galega e que revela que a finais de 1552 o establecemento –aberto en 1541– tiña máis de 2.500 volumes.

Na lista figuran varios de carácter científico, impresos probablemente todos fóra de Galicia, como⁸⁵: *Tractatus decem astronomiae* de

84 Canet, José Luis. 'La edición burgalesa de la Comedia de Calisto y Melibea: ¿manipulación lucrativa de su fecha de impresión'. En: *eHumanista*. Nº 35 (2017). P. 408-438.

85 Rial Costas, Benito. *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)*. Madrid, 2007, Calambur Editorial. P. 209 a 274.

Guido Bonatti (1277, pero as edicións impresas comezan en 1491); *Margarita philosophica* de Gregor Reisch, editado por primeira vez en 1503 e que incluía un gravado que amosa a competencia entre un algorista –Boecio– e un abaquista –Pitágoras– e os seus sistemas de cálculo, con números indoarábigos e ábaco, respectivamente; *Tratado subtilissimo de arismetica y de geometria* de Juan de Ortega (1537); e *Arte breve y muy provechosa de cuenta castellana y arismética*, de Juan Gutiérrez de Gualba (1539). Os exemplares destes catro títulos dispoñibles en Internet inclúen todos os indoarábigos; así, semella que xa daquela se podían ler en Santiago un bo feixe de libros que os traían, pois aínda que só seleccionamos algúns seguro que se atoparían en máis.

No propio inventario da librería úsanse estes números para indicar o tamaño dos libros: 4º ou 8º (cuarto ou oitavo), en referencia ó número de páxinas que se obtiñan dobrando os folios de papel para ter volumes de formato máis manexable. E aínda que descoñecemos os anos das edicións –de moitos xa houbera varias na época–, entre todos os volumes podería haber bastantes con indoarábigos.

Outro documento de 12 de xuño de 1553 contén o inventario dos libros de Giraldo del Sol, realizado a petición do seu provedor establecido en Salamanca, Mathias Gast⁸⁶; tamén se emprega a numeración indoarábiga, así que podía ser algo común en documentos comerciais e de uso interno de comerciantes.

O libro impreso máis antigo con indoarábigos e textos en lingua galega foi redactado arredor de 1508 polo valisoletano Hernán Núñez de Toledo y Guzmán, e saíu do prelo en 1555, dous anos despois do seu pasamento: *Refranes o Prouerbios en romance / que nueuamente colligió y glossó el comendador Hernan Nuñez... van puestos por la orden del Abc ; van tambien aqui añadidas unas coþlas hechas a su muerte*⁸⁷. A obra recolle milleiros de refráns e ditos en once linguas: castelán maioritariamente e mais aragonés, asturiano, catalán, éuscaro, francés, galego, grego, italiano, latín e portugués. Por poñer

86 Ídem. P. 274-275.

87 Pode atoparse en: <http://bdh.bne.es/bnearch/CompleteSearch.do?visor=&text=&field1val=%22Núñez%2c+Hernán%22&showYearItems=&field1Op=AND&numfields=1&exact=on&textH=&advanced=true&field1=autor&completeText=&pageSize=1&pageSizeAbrev=30&pageNumber=12#>, consultada a 10 de xuño de 2019.

unha mostra, están en galego os dous primeiros (Fol. I): “As vezes ruyn gadela roy boa correa” e “A acha tira pra racha”.

Finalmente, temos que contar que en 1556, foi publicado en Cidade de México o primeiro libro sobre matemáticas impreso en América, da autoría do frade franciscano frei Juan Díez (1480?-1549?). O *Sumario compendioso de las quantas de plata y oro que en los reinos del Piru son necessarias a los mercáderes y a todo género de tratantes. Con algunas reglas tocantes al Arithmetica* usa a numeración romana só no índice e logo a indoarábiga no resto do texto⁸⁸. Aínda que non é segura a súa orixe galega, xa desde 1922 atopamos publicacións nas que este frade é reivindicado como galego⁸⁹, supoñéndose que acompañou a Hernán Cortés na súa expedición a México en 1518.

Pechamos o apartado citando un volume manuscrito de 1594 onde aparece un texto parcialmente en galego de autor anónimo, o “Entremés dos pastores”, primeira creación literaria en galego de época moderna con números indoarábigos no texto, en concreto na “Scena 5^a”⁹⁰.

6.1.2. Impresos breves

Refrámonos agora a impresos distintos do libro. Na década final do século xv, Filgueira Valverde menciona a impresión dunha bula do papa Inocencio VIII por Louis Cruse en Xenebra en 1491, por encargo do Hospital Real compostelán, e redactada en latín⁹¹. Unha copia consérvase nas Bodleian Libraries da Oxford University e no seu catálogo indícase sobre a procedencia⁹²:

Petrus de Vallegia, Anthonia de Challand, and her children, 1491; names supplied in the blank space in the indulgence, dated 17 Sept. ‘141=91’.

88 Fernández Esquivel, Rosa María. *Los impresos mexicanos del siglo XVI: su presencia en el patrimonio cultural del nuevo siglo*. Cidade de México, 2006, UNAM. P. 65 e 210-211.

89 ‘Estos gallegos’. En: ‘Región Gallega’. Bos Aires, agosto de 1922. P. 8.

90 Anónimo. ‘Entremés dos pastores’. En: González Seoane, Ernesto e Rosario Álvarez (dirs.). ‘Proxecto Gondomar’. En: <http://ilg.usc.es/teitok/gondomar/gl/index.php?action=file&id=xmlfiles/GOND063.xml&headers=full>, consultada a 10 de xuño de 2019.

91 Filgueira Valverde, Xosé Fernando. “A hestoria do libro galego”. En: *Seminario encol do Libro Galego*. A Coruña, 1974, Edición do Castro. P. 81.

92 Innocentius VIII, Pont. Max. ‘Indulgence for the benefactors and members of the fraternity of the monastery of Santiago de Compostela [17 Sept. 1491]’. En: <http://incunables.bodleian.ox.ac.uk/record/I-017#copynumber1>, consultada a 10 de xuño de 2019.

Por tanto, isto pode significar que nos espazos en branco destas bulas reservado para poñer a data, había quen usaba xa os números indoarábigos. Esta será a primeira dunha serie de bulas que Filgueira enumera, todas impresas fóra de Galicia.

Atanasio López trae a noticia da impresión xa en Santiago no século XVI dunha bula en latín do papa Xulio II, en 1512 concedida ó Hospital Real compostelán, e que incluíría este texto⁹³:

Anno Incarnatione Dominicae 1512 pridie kalendas maji. Pont. nostri anno nono

Non foi necesariamente impresa nese ano, pois non figura nela a data da impresión, pero cremos que non será moi posterior pois sería de interese para o Hospital divulgala.

6.1.3. Documentos comerciais e gremiais

Se cadra foi o colectivo de comerciantes galegos o que primeiro viu como en documentos de uso cotián se introducían pouco a pouco os números indoarábigos, e especialmente no comercio marítimo con portos do Atlántico e do Mediterráneo. Como exemplo, un documento producido en Barcelona que transcribiu Elisa Ferreira⁹⁴, datado en latín no seu encabezamento “Die Martis xxx octobris ano a nativitate Domini MCCCC LXXXI”. Mais o resto do texto está en catalán e remata “Dimarts, a xi de deembre any dit 1481”. É un seguro feito por Francí Muntmany no nome de Andrés Ortiz, sobre un cargamento de viño levado de Murviedro (hoxe Sagunt, Valencia) a calquera porto de Galicia no “ballener” chamado “Santa María de Finibusterre”, de Miguel Sapello. Seguramente habería con frecuencia contratos con barcos galegos e iso obrigaría os comerciantes a coñecer a nova numeración.

Fóra dos ámbitos eclesiástico e cortesán, aparentemente algunhas confrarías gremiais compostelás foron pioneiras no uso da numeración indoarábiga para indicar o ano no que se elaboraban os seus documentos, mentres os demais números se escribían en palabras;

93 López, Atanasio. *La Imprenta en Galicia. Siglos XV-XVIII*. Madrid, 1953, Patronato de la Biblioteca Nacional. P. 78-79.

94 Ferreira Priegue, Elisa. *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña, 1988, Fundación Pedro Barrié de la Maza. P. 896-897.

non coñecemos o orixinal, así que empregamos a transcripción de López Ferreiro⁹⁵, segundo a cal comezan así as ordenanzas de 1526 da confraría de tecedores:

En la capilla de Sta. Maria de la Cortizela de la Sta. yglesia de Santiago a veynete e nove dias del mes de henero, año del Señor de 1526 años estando ende ayuntados en su cabildo los honrrados confrades de la confradia de los tecelanes desta cibdad [...].

As ordenanzas do gremio dos ferreiros son un ano posteriores, usan tamén os indoarábigos para indicar o ano e palabras para o resto dos números e comezan así na transcripción de López Ferreiro⁹⁶:

En la cibdad de Santiago en el lugar de la plaça e salydo questá cabe la capilla de San Fins de la dha. cibdad a veynete e vn dias del mes de setembre, ano del nascimento de nuestro senor Salbador Ihsu Xpisto de 1527 estando ende ayuntados los honrrados vicarios e confrades de la confradia de los ferreros de la dha. cibdad de la abocacion de San Gian [...].

En cambio, as ordenanzas do gremio de zapateiros de 1571, tamén segundo López Ferreiro, empregan números romanos para cada norma e expresan o resto dos números en palabras completas⁹⁷, o que mostra que non foi rápida e uniforme a adopción dos indoarábigos, e especialmente na documentación oficial ou semioficial.

6.1.4 Correspondencia e documentos administrativos

O uso da nova numeración na correspondencia vémosto xa entrado o século XVI, segundo se observa nas transcripcións da colección documental relacionada co arcebispo Alonso III de Fonseca por García Oro. Así, a carta redactada en latín que lle dirixe desde Vitoria o 1 de xaneiro de 1522 o cardeal Adriano ó emperador Carlos I recomendando para o arcebispado de Toledo –primado das Españas– a Alonso III de Fonseca está datada⁹⁸: “Victoriae primum januarii 1522”.

95 López Ferreiro, Antonio. *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid, 1975, Ediciones Castilla. P. 646.

96 Ídem. P. 648-650.

97 Ídem. P. 650-654.

98 García Oro, José. *Os Fonseca na Galicia do Renacemento: da guerra ó mecenado. Estudio e colección documental*. Noia, 2000, Toxosoutos. P. 556-557.

Outro documento que usa moi cedo as cifras indoarábigas é unha carta en castelán enviada o 6 de decembro de 1524 desde Madrid polo rei Carlos I a Alonso III de Fonseca, xa arcebispo de Toledo, que ademais de indicar o ano (1524) por tres veces inclúe no texto a cantidade de “10.000 ducados” en cifras⁹⁹.

Desde Friburgo de Brisgovia (Freiburg im Breisgau, Alemaña) Erasmo de Rotterdam diríxelle o 13 de xaneiro de 1530 a Alonso III de Fonseca unha carta en latín datada así¹⁰⁰: “Datum apud Friburgum Brisgoiae, Idus Ianuarii anno Domini 1530”, mostra de que polo menos unha parte da intelectualidade europea coñecía e usaba a numeración indoarábiga.

O propio Fonseca diríxelle unha carta ó rei o 12 de marzo de 1530 desde Alcobendas (Madrid) na que usa indoarábigos para indicar cantidades como “400.000 ducados” ou datas¹⁰¹.

Do cántabro Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo desde 1537 a 1545, este último ano do seu falecemento, consérvanse impresas as “Epístolas familiares del illustre señor don Antonio de Guevara, obispo de Mondoñedo, predicador, y chronista : y del consejo del Emperador y rey nuestro señor”. Na edición de 1546-47 impresa na cidade belga de Anveres (Antwerpen) hai cartas con parte da data en indoarábigos, coma a do folio 25V, para o condesable Íñigo de Velasco, datada así: “De la villa de victoria. A treze de Enero. 1522”¹⁰².

Coa data de 23 de outubro de 1547 atopamos un documento outorgado en Melide polo xeneral da Orde de San Xoán de Xerusalén, conservado no arquivo da Casa de Otero¹⁰³, e que preto do final inclúe esta frase:

Datis Melite, in conventu nostro, die vigesima tertia / mensis octobris, 1547

99 Ídem. P. 558-559.

100 Ídem. P. 563-565.

101 Ídem. P. 567-570.

102 Guevara, Antonio de. ‘Epístolas familiares...’. Primera parte. Anveres (Eñueres), 1546-1547, Impreso en casa de Martin Nucio. En: [103 Otero Piñeyro Maseda, Pablo S. *Colección documental del Archivo de la Casa de Otero de Quiroga \(Siglos XIII-XVIII\)*. Lugo, 2007, Diputación Provincial de Lugo. P. 171-173.](http://bdh.bne.es/bnesearch/Complete-Search.do;jsessionid=3F2AF8A71E0EB9EDBDCBA1EF29FF0B50?text=&field1val=%22Guevara%2c+Antonio+de%22&showYearItems=&field1Op=AND&numFields=1&exact=on&textH=&advanced=true&field1=autor&completeText=&pageSize=1&pageSizeAbrv=30&pageNumber=24, consultada a 10 de xuño de 2019.</p>
</div>
<div data-bbox=)

En canto a documentos nobiliarios, no Arquivo Histórico da Universidade compostelá consérvase o concerto que asinaron o bispo de Ávila Álvaro de Mendoza, María de Mendoza e o conde de Ribadavia Luis Sarmiento, para a fundación dunha colexiata en Ribadavia¹⁰⁴. Remata así:

Firmose primero de março del año de 1564.

Mentres, escribáns e notarios da corte española de Carlos I introducen tamén lentamente os números indoarábigos. García Oro transcribe documentos relacionados co conde de Vilalba, Fernando de Andrade, nos que se utilizan.

O primeiro é unha carta do rei ó cardeal Cisneros sobre temas de goberno, e na que se mencionan as relacións cos condes de Vilalba e Lemos¹⁰⁵; só se usan os números modernos para indicar o ano: “De la villa de Bruselas, ultimo dia de abril de 1516”.

Logo vén unha carta do rei enviada a Fernando de Andrade e referida á caza nas terras deste, que inclúe unha única cifra moderna na parte da data¹⁰⁶: “Fecha en la villa de Gante, a 4 dias del mes de Agosto de mill e quinientos e veinte años”.

O seguinte documento foi producido na Coruña a 26 de novembro de 1522 e completado en Valladolid a 5 de decembro do mesmo ano. Son as capitulacións da cidade da Coruña con Cristóbal de Haro, no nome do rei, para instalar na cidade herculina a Casa da Contratación da Especiería; hai dous ítems con numeración moderna (1 e 2) e a data¹⁰⁷: “1522, noviembre 26, La Coruña”. Sobre a preparación das expedicións da Especiería hai unha carta enviada ó monarca desde Betanzos por Francisco de Mejía, factor de Carlos I na Coruña, de novo aparece só o ano¹⁰⁸: “De Betanços, doze de diziembre de 1522”; el mesmo volve escribirlle desde A Coruña¹⁰⁹: “De la Coruña, XXI de henero de 1523”.

104 Fernández Suárez, Gonzalo Francisco. *Os Condes de Ribadavia durante o reinado de Felipe II*. Noia, 2003, Toxosoutos. P. 90-95.

105 García Oro, José. *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*. Santiago de Compostela, 1994, Xunta de Galicia. P. 308-309.

106 Ídem. P. 320.

107 Ídem. P. 343-344.

108 Ídem. P. 346-347.

109 Ídem. P. 347-348.

O Arquivo Histórico da Universidade compostelá garda unha Real Carta dirixida a Carlos I polo príncipe Filipe –futuro Filipe II– sobre os problemas económicos do Hospital Real compostelán, que ocupaba o edificio do actual Hostal dos Reis Católicos. Pódese consultar unha reprodución fotográfica na que se ve a data: “onze de nobiembre de 1553”, e é o documento oficial producido fóra de Galicia máis antigo que atopamos conservado na comunidade con indoarábigos para indicar o ano¹¹⁰.

No Arquivo da Catedral compostelá encontramos unha memoria dos bens de diñeiro, ouro, prata, preseas e enxovais de casa que posuía Isabel López cando casou con Sebastián Felipe, prateiro, os dous veciños da cidade de Santiago¹¹¹. Está datada o 26 de xuño de 1570 e indica en letra as cantidades de cada obxecto no principio das liñas e no final das mesmas sinala en números indoarábigos a mesma cifra, por exemplo a primeira liña do inventario, na primeira páxina, di:

cinco colchones ----- 5

Este é o inventario máis antigo non relacionado cun negocio que localizamos e no que se empregan indoarábigos. É o primeiro no que vemos operacións matemáticas –soamente sumas– cos números novos está datado no 22 de marzo de 1589. Consérvase no Arquivo da Catedral de Santiago e nel Antonio Douteiro, mercador, veciño de Santiago, achega unha relación de bens de Inés Gómez, da que foi titor. Nas tres primeiras páxinas de inventario empréganse números romanos, pero no final da terceira e nas dúas seguintes os indoarábigos. A suma aparece na última páxina, onde se relacionan tres cantidades de reais: 104, 8 e 10, o que dá 122 reais¹¹².

110 Filipe II. Carta a Carlos I, 11 de novembro de 1553. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Fondo: Hospital Real, Administración, Correspondencia. Lxago 1. P. 80.

111 ‘Memoria e inventario de los bienes de oro, plata, preseas, dinero y ajuaras de casa que poseía la señora Isabel López cuando se casó con Sebastián Felipe, platero, ambos vecinos de la ciudad de Santiago’. Arquivo da Catedral de Santiago, signatura moderna ES ACS P 048. Fols. 708r-709v.

112 ‘Cuentas que tomó Antonio Douteiro, mercader, vecino de la ciudad de Santiago, como tutor que fue de la persona y bienes de Inés Gómez, hija del cirujano Fernando de la Graña y su mujer, Madanela Gómez, ambos difuntos’. Arquivo da Catedral de Santiago, signatura moderna ES ACS P 102. Fols. 390r-400v.

A nova numeración tarda en estenderse nos documentos oficiais: no século XVI úsanse en moitos a numeración romana ou os números escritos con letra, pero supoñemos que na segunda metade aumentou o uso dos indoarábigos cando menos para datar as cartas.

Na correspondencia conservada de Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, dos últimos anos do século XVI e primeiros do XVII pode verse que as datas xa se poñen coa nova numeración en gran parte das cartas oficiais; na correspondencia recibida por el na localidade de Toro entre 1596 e 1601 desde a corte real, 20 cartas levan a data total ou parcialmente en indoarábigos, outras cinco optan por escribirla en letra e tres en romanos¹¹³, vese que depende do notario ou escribán.

Ademais recibía cartas en galego: no proxecto Gondomar¹¹⁴ do Instituto da Lingua Galega localizaron dez, a primeira de Lope Gallo de Avellaneda e datada en “santo. Anton 25 de Junio 1596”¹¹⁵. A primeira carta en galego dirixida ó conde por unha muller débese a Beatriz da Serra, desde Baiona, datada en “bayona binte de mayo de 1603” pero non está escrita pola súa man, como recoñece¹¹⁶.

6.1.5 Documentos eclesiásticos

Semella que a nova numeración foi axiña coñecida aínda que non moi empregada por escribáns e notarios e entre as altas dignidades da Igrexa, mesmo da compostelá, nin sequera para levar as contas. Nin nos libros de recadación 1481-1483 e 1486-1491 nin no libro

113 Véxase parte da correspondencia (1596-1601): Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña, Conde de. ‘Correspondencia de D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, siendo Corregidor de Toro’ [Manuscrito]. Signatura MSS.MICRO/13756 da Biblioteca Nacional. En: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000233519&page=1>, consultada a 10 de xuño de 2019.

114 González Seoane, Ernesto e Rosario Álvarez (dirs.). ‘Proxecto Gondomar’. En: <http://ilg.usc.es/gondomar/gl/index.php?action=texts&sort=year>, consultada a 10 de xuño de 2019.

115 Gallo de Avellaneda, Lope. ‘Carta ao Conde de Gondomar’. En: González Seoane, Ernesto e Rosario Álvarez (dirs.). ‘Proxecto Gondomar’. En: <http://ilg.usc.es/gondomar/gl/index.php?action=file&id=xmfiles/GOND041.xml>, consultada a 10 de xuño de 2019.

116 Serra, Beatriz da. ‘Carta ao Conde de Gondomar’. En: González Seoane, Ernesto e Rosario Álvarez (dirs.). ‘Proxecto Gondomar’. En: <http://ilg.usc.es/gondomar/gl/index.php?action=file&id=xmfiles/GOND037.xml>, consultada a 10 de xuño de 2019. Sobre esa carta: Rodríguez Montederramo, José Luis. ‘Carta de Beatriz da Serra ao conde de Gondomar’. En: Villares, Ramón (ed.). ‘Galicia: 100 obxectos para contar unha cultura’. Santiago de Compostela, 2016, Consello da Cultura Galega. P. 133-135.

do subsidio de 1500 figuran outros números orixinais que os romanos e os escritos en letra¹¹⁷.

Soamente desde mediados do século XVI temos con seguridade documentos producidos con números indoarábigos na Catedral compostelá, pois se ben López Ferreiro transcribe textos de finais do século XV e do XVI con indoarábigos, isto non garante que sexan contemporáneos do texto orixinal¹¹⁸. Así, transcribe as constituicións capitulares feitas en 1511, no tempo do arcebispo Alonso III de Fonseca, cuxo orixinal están no libro I de constituicións antigas do Arquivo da Catedral compostelá (escrito sobre pergameo), a partir do folio 121. Na transcripción, cada norma das constituicións está encabezada por un número indoarábigo, do 1 ata o 53, pero no orixinal vese que non os escribiu a mesma man e posiblemente nin son desa época. De feito, en varios folios do volume hai escritas a tinta operacións matemáticas nas que se resta de 1659 a data do texto orixinal para averiguar cantos anos pasaron; puidera ser nese ano cando se engadiron os indoarábigos.

Con todo, no mesmo libro I de constituicións hai un acordo do Cabido catedralicio sobre conmemoración dos defuntos datado a "tres dias del mes de noviébre. 1553 años"¹¹⁹, no que os números 5 son semellantes ó da portada deste traballo. A partir de aí moi de cando en cando aparecen nas actas capitulares o ano e ás veces o día do mes en indoarábigos. No libro 19 de actas¹²⁰ que vai de 1584 a 1589 son usados aínda en menos dun 10% das actas.

117 Vázquez Bertomeu, Mercedes. *A Igrexa de Santiago contra 1500. O Libro do Subsidio*. Noia (A Coruña), 2003, Lóstrego.

Vázquez Bertomeu, Mercedes. *La hacienda arzobispal compostelana: libros de recaudación, 1481-1483 y 1486-91*. Santiago de Compostela, 2002, CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.

118 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, 1905, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central. T. VIII. Apéndices. P. 14 e 19-30.

Cf. López Ferreiro, Antonio. 'Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela'. Santiago de Compostela, 1905, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central. T. VII e VIII. Nos apéndices transcribíense textos recibidos e emitidos na Catedral nos séculos XV e XVI nos que se usaron indoarábigos, pero non é seguro que as transcripcións sexan fieis: así, a transcripción dunha carta do rei Lois XI de Francia indica 1483 en números indoarábigos (T. VII, Apéndices, P. 150-151), que non aparecen no orixinal do Arquivo da Catedral de Santiago.

119 'Constituciones Libro I'. Arquivo da Catedral de Santiago, CF 021, fol. cxxx volto (130v).

120 'Libro 19 de actas capitulares'. Arquivo da Catedral de Santiago, IG 519.

A busca noutras coleccións de documentos eclesiásticos dixitalizadas non achegou resultados fiables. Por iso visitamos o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, situado no antigo mosteiro de San Martiño Pinario –o maior de Galicia–, e onde aínda se conserva documentación dos monxes bieitos que o habitaban hai séculos. Tras descartar documentos que polo seu estado de conservación non poden ser consultados, á espera da súa dixitalización, accedemos a documentos individuais de profesións de fe dos novos monxes¹²¹, o primeiro de 1503. Os máis antigos indican no anverso o nome do abade do mosteiro cando ingresaron, e no reverso, con distinta man, aparecen anotados os anos en números romanos. Hai que agardar a 1559 para atopar dúas profesións de fe co ano indicado con indoarábigos e ademais no anverso: a do “frater Jhoãnes desarralde” (Juanes de Sarralde), documento 10; e a do “frater Stephanus Demora”, documento 30. Nos dous casos emprégase unha fórmula similar, que nos permite datalos no 20 de xaneiro de 1559, festividade dos mártires San Fabián e San Sebastián:

Documento 10: Anno dni. 1559. Die s~cto y mr~us Fabiani et Sebastiani.

Documento 30: Anno dni 1559. Die scto y mr~um Fabiani et Sebastiani.


No mesmo arquivo consérvanse libros parroquiais dun bo número de lugares da diocese; o máis antigo, de 1539, da parroquia de San Xiao de Vilanova de Arousa, pero tanto este como os seguintes máis antigos, de 1550 en diante, por razóns de conservación só se poderán consultar cando se dixitalicen.

6.1.6. Documentos municipais

Nas ordenanzas do Concello de Santiago de 1549 úsase, pero unicamente no título da primeira páxina, a numeración indoarábiga: “Hordenanças del ano de 1549”. É o documento oficial máis antigo dun concello galego que coñecemos que usa estas cifras; consérvase no Arquivo Histórico da Universidade compostelá –pódese ver unha reprodución fotográfica– e foi estudado recentemente¹²².

121 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Fondo do Mosteiro de San Martiño Pinario. Cartafol . Profesións de fe 1503-. Documentos 10 (frater Jhoãnes desarralde) e 30 (frater Stephanus Demora).

122 Cepeda Fandiño, Antonio. *Santiago de Compostela no século XVI : Libro de Ordenanzas de la Ciudad (1546-1583)*. Santiago de Compostela, 2012, Consorcio de Santiago-Universidade de Santiago de Compostela.



Primeira páxina das ordenanzas de 1549 do Concello compostelán. Cortesía do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

6.1.7 Esbozos, mapas e planos

O viaxeiro e peregrino alemán Hyeronimus Münzer ou Monetarius, como tamén lle gustaba chamarse, chegou a Santiago de Compostela o 13 de decembro de 1494 e conta a súa peregrinación e outras viaxes en “Hieronymi Monetarii de Feltkirchen medicinae doctoris, civis Nurembergensis, Itinerarium sive peregrinatio per Hispaniam, Franciam et Alemaniam a. 1494 facta”¹²³; faleceu en 1508 e a súa viaxe hispana foi recollida en 1920 por L. Pfandl¹²⁴. Acompañando o texto referente a Santiago figura a “Ymago ecclesie sancti Jacobi” que é a planta máis antiga que se conserva da Catedral compostelá¹²⁵ e a nós interéсанos porque aínda que o debuxo é pouco preciso indica as distancias en pasos usando números indoarábigos, por exemplo “100 passus”. Supoñendo que a debuxara pola súa propia man, é un exemplo dun peregrino que visita Compostela na transición entre a Idade Media e a Moderna e que coñecía e usaba os indoarábigos.

O mapa dun lugar de Galicia máis antigo que atopamos dixitalizado no Arquivo Xeral de Simancas e no que hai indoarábigos –para indicar a escala– está datado en 1579 e vai acompañado dun informe do enxeñeiro italiano Giorgio Palearo Fratino¹²⁶: é un mapa da vila de Baiona, con nomes en castelán.

123 ‘Hieronymus Münzer 1494-95’. Na web: Digiberichte.de. En: http://www.digiberichte.de/travel.php?ID=106&N=D&suchen1=Martin&Vollname=Hieronymus_Muenzer, consultada a 10 de xuño de 2019.

124 Münzer, Hyeronimus. En: http://xacopedia.com/Münzer_Hyeronimus, consultada a 10 de xuño de 2019.

125 Vázquez Castro, Julio. “La Berengueta y la Torre del Reloj de la Catedral de Santiago”. En: *Semata*. Nº 10 (1998). P. 128.

126 ‘[Traza de la villa, puerto e islas de Bayona (Galicia)] (1579)’. Archivo General de Simancas. Signatura: MPD, 09, 056. En: <http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta/registro.cmd?id=179317>, consultada a 10 de xuño de 2019.



Copia iluminada dunha edición de 1603 do mapa de Galicia de Fernando Oxea. Cortesía da Biblioteca de Galicia, Galiciana.

No mesmo arquivo, o plano máis antigo dunha cidade galega coas súas rúas e monumentos principais está datado en 1595 e corresponde a Santiago de Compostela, indicándose nel a escala con indoarábigos. Os nomes das rúas están en castelán excepto algunha en galego (como “Ruanoba”) e vai acompañado dunha carta e memorial dirixidos ó rei polo arcebispo compostelán sobre a defensa da cidade, datados no 8 de maio de 1595 en Santiago¹²⁷.

En canto a mapas de Galicia, é pioneiro o do dominico ourensán frei Fernando de Oxea (ou Hernando Ojea, como tamén é chamado), cuxa primeira edición foi probablemente en 1598 e imprimiuse en Anveres (Antwerpen), Bélxica, por Jan Baptist Vrients¹²⁸. En

127 “Plano de la ciudad de Santiago rodeada de una muralla con 9 puertas señaladas con una cruz y descripción detallada de calles y edificios” [Material cartográfico] (1595). AGS. Guerra y Marina, Legajos, 00427, 56. En: <http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta/registro.cmd?id=180573>, consultada a 10 de xuño de 2019.

128 Axeitos Agrelo, Xosé Luís; Pepe Barro e Dolores Sánchez Vales. *Exlibris Gallaeciae. Dos libros de Galicia*. Santiago de Compostela, 2010, Fundación Cidade da Cultura de Galicia. P. 124-125.

1604 integraría o *Theatrum Orbis Terrarum* de Abraham Ortelius¹²⁹. Inclúe a escala de leguas españolas, os graos de latitude e lonxitude en indoarábigos e o texto está en latín, con topónimos en castelán e galego.

6.2. Inscricións en pedra

6.2.1. Edifícios e construcións de carácter relixioso

A inscrición en pedra máis antiga de Galicia con números indoarábigos puidera ser unha lápida sepulcral da capela de Alba da Catedral de Santiago de Compostela. Está na entrada da capela desde o claustro, e por riba dela cruza un enreixado de madeira que nunha visita cotiá impide ver a inscrición completa, soamente se albisca un 531, mentres outra parte está cuberta por unha alfombra. Acompañados polo director do Museo da Catedral, Ramón Yzquierdo Peiró, realizamos unha transcrición provisional da inscrición completa, que a falta de revisión por especialistas di¹³⁰:

AQUI IAZ / GOMEZ BALLO CANONIGO / DE ESTA / SANTA IGLESIA 1531

Trátase da sepultura do cóengo Gómez Ballo “O Vello”, fundador da capela¹³¹, que segundo outra inscrición situada na parte posterior esquerda da porta do recinto faleceu o 27 de maio de 1529; nesta inscrición, que é relativa á fundación, aínda se empregan números romanos.

Continuando cos nosos estudos epigráficos, no exterior da porta sur da basílica (hoxe igrexa parroquial) de Santa María a Maior de Pontevedra figura inscrito o ano 1539, data “de las que van marcando las diferentes épocas de distintas partes de la Obra”¹³², constata

129 Bouza, Fernando. “Descrición do Reino de Galicia”. En: Villares, Ramón (ed.). *Galicia: 100 obxectos para contar unha cultura*. Santiago de Compostela, 2016, Consello da Cultura Galega. P. 130-132.

130 Algunhas das palabras van separadas por símbolos que non reproducibles no procesador de textos.

131 García Iglesias, José Manuel. “Evocacións artísticas de Roma en Compostela”. En: *Santiago, cidade de encontros y presencias*. Santiago de Compostela, 2012, Consorcio de Santiago-Alvarellos Editora. P. 60.

132 Sociedad Arqueológica. ‘Documentos, Inscricións, Monumentos, Extractos de Manuscritos, Tradicións, Noticias, etc. para la Historia de Pontevedra / publícanse por la Sociedad Arqueológica’. Pontevedra, 1904, Sociedad Arqueológica. Tomo II. P. 144.



Detalle da lápida sepulcral de 1531 do cóengo Gómez Ballo 'O Vello', na Capela de Alba, situada no claustro da Catedral compostelá. Foto: Henrique Neira, 2018.



Detalle das esculturas situadas sobre a porta da fachada sur da basílica pontevedresa de Santa María a Maior. A data de 1539 albíscase no rectángulo situado no centro da parte superior da imaxe. Foto: Henrique Neira, 2018.

un volume da Sociedad Arqueológica. No teito da basílica pode verse claramente a data de 1559.

Outros monumentos nos que comeza a empregarse a numeración indoarábigo no século XVI son os funerarios. Na Capela de Santiago da Catedral de Lugo está o sepulcro de Alonso López de Lemos, que segundo García Iglesias¹³³ se podería datar entre 1554 e 1560 e que trae esta inscrición:

AQUI IAZ ALONSO LOPEZ
DE LEMOS CVIA ES ESTA
CAPILLA I DE SUS DESCEN
DENTES FALESCIO A 1554

No Museo Provincial de Lugo hai tres sepulturas de granito da familia Salgado Gondín: Antonio (cóengo), Payo e Juan (guerreiros). Proceden da igrexa parroquial de San Miguel de Esporiz (Monterroso), onde estaban enterrados os tres¹³⁴. Na sepultura de Juan indícase en números indoarábigos “1566” como data do falecemento, aínda que non temos total seguridade de se son dous 6 ou outra cifra. Na de Payo semella que a data indicada, en indoarábigos, sería “1586”.

O primeiro monumento funerario para unha muller é o de Mencía de Andrade, encargado a Juan Bautista Celma en 1582 e que indica en indoarábigos 1571 como data do pasamento¹³⁵.

Outro tipo de enterramento é unha simple lousa de pedra cunha inscrición coma a descrita na capela maior da igrexa parroquial de San Mamede da Torre (Taboada, Lugo) por García Iglesias¹³⁶:

SOY DE DOTA
CION Y ENTIERO
DE LA CASA DE
LA TORE ANO DE
158


O último número, indica o autor, non se chegou a gravar.

133 García Iglesias, José Manuel. *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1989, Xunta de Galicia. P. VIII P-2.

134 ‘Gondín’. Na web: ‘Heráldica de apellidos’. En: <https://www.heraldicadeapellidos.com/index.php/origen-y-significado-de-los-apellidos/25-origen-de-apellidos-letra-g/8843-gondin>, consultada a 10 de xuño de 2019.

135 Rodríguez Iglesias, Francisco (dir.). *Galicia na época do Renacemento*. A Coruña, 1993, Hércules de Ediciones. Proxecto Galicia. Arte. Tomo XII. P. 260.

136 García Iglesias, José Manuel. *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1989, Xunta de Galicia. P. XI 1.



O reloxo tripló do claustro da Catedral santiaguesa. Foto: Henrique Neira, 2015.

De 1586 é o cruceiro máis antigo cunha inscrición con indoarábigos, no pedestal: é o situado á beira da Capela da Nosa Señora dos Remedios, na parroquia de San Pedro de Muros (Muros, A Coruña)¹³⁷. De 1587 é o cruceiro do Sar, na parroquia compostelá de Santa María de Sar, tamén datado no pedestal¹³⁸. Son os únicos con datas do século XVI na provincia da Coruña, a única da que existe un inventario concello a concello.

Quédanos falar dos reloxos de sol, dos que hai en Galicia ducias de exemplares con datas; o máis antigo que coñecemos é de 1600, é un reloxo tripló construído no claustro do mosteiro de San Xoán de Poio e no que se usan xa os indoarábigos para indicar as horas e tamén para a data, coa inscrición: FACTA ANNO DNI 1600¹³⁹.

De 1601 é outro reloxo tripló, o xogo de tres reloxos de sol do claustro da Catedral de Santiago, cuxa construción se atribúe a un frade franciscano do convento compostelán, frei Marcos. Neles úsanse romanos e indoarábigos e amosan unha inscrición que se reparte entre os tres así¹⁴⁰:

ELEVATIO
FACTA

POLI ARCTICI
ANNO DÑI

G43 M30
160I

137 Martín Ruiz, Luis. *Cruceiros na provincia da Coruña*. A Coruña, 1999, Diputación Provincial de A Coruña. T. II. P. 1211.

138 Ídem. T. IV. P. 2186.

139 Yáñez, José Manuel; Celsa Formoso e Antonio José Cañones. "Reloxería de sol en arquitecturas das Rías de Ares e Ferrol". En: Cátedra. *Revista eumesa de estudos*. Nº 24 (2017). P. 363-364.

140 Basanta Campos, José Luis. *Relojes de piedra en Galicia*. A Coruña, 2003, Fundación Pedro Barrié de la Maza. P. 86.

6.2.2. Edifícios e construcións civís

En Santiago hai unha inscrición ben antiga no claustro do Colexio de Santiago Alfeo ou Colexio de Fonseca compostelán (hoxe sede da Biblioteca Xeral da Universidade da capital galega), fundado en 1526 polo arcebispo Alonso III de Fonseca¹⁴¹. Foi redactada en latín e en case todo o texto os números están expresados con palabras, pero no final –na esquina suroeste do claustro– aparece en indoarábigos o ano da realización da inscrición, 1544. Está á beira do apelido do seu autor, Cadaval, en referencia a Álvaro de Cadaval, primeiro profesor de letras latinas na Universidade compostelá de nome coñecido, segundo Díaz y Díaz, que transcribiu a inscrición¹⁴²:

Carolo Caesare cum matre regnantibus Alfonsus Fonseca illustris antea Compostellanus demum uero Toletanus archipraesul ad decorem patriae et ut studiosi absque sumptu discere possent gymnasium hoc in aui materni aedibus extruendum curauit. Morte uero praeuentus Lupo Santio de Ulloa archidiacono rectori perficiendum ex b. testamento reliquit. Qui obiit pridie Nonas Februarii anno Domini millesimo quingentesimo trigesimo quarto, aetatis quidem suae sexagesimo.

Nunc magis atque magis Gallaecia fulget alumno qui dedit hunc patriae tantum generosus honorem. Sanctius ipse Lupus propria de stirpe creatus ut Musis gratum faceret tenebrasque fugaret omnibus hoc breuiter compleuit amabile munus quo populus merito, proceres et concio tota innumeras tanto grates pro lumine reddunt. [1544]. <Cadaval hec>

A tradución galega pódese ler no interior do propio claustro¹⁴³.

141 Rivera Vázquez, Evaristo. "A peculiar relación dos xesuítas coa Universidade". En: *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*. Santiago de Compostela, 1995, Universidade de Santiago de Compostela.

142 Díaz y Díaz, Manuel C. "Álvaro de Cadaval, primer latinista de la Universidad de Santiago: unas notas". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela, 1996. Tomo XLIII, Fascículo 108. P. 323 e 341-342.

143 Comeza no lado sur:
 REINANDO O EMPERADOR CARLOS E A SÚA NAI, O ILUSTRE ALONSO DE FONSECA, PRIMEIRO ARZOBISPO DE SANTIAGO E DESPOIS DE TOLEDO, MANDOU QUE SE EDIFICASE ESTE COLEXIO NA CASA DO SEU AVÓ MATERNO, PARA ORNATO DA SÚA PATRIA
 E PARA QUE OS XOVES APLICADOS PUIDESEN APRENDER SEN GASTOS DE NINGUNHA CLASE, SORPRENDIDO, SEN EMBARGO POLA MORTE, DEU NO SEU CODICILO ENCARGO DE CONCLUÍLO Ó RECTOR LOPE SÁNCHEZ DE ULLOA, ARCEDIAGO DA RAÍÑA DA IGREXA COMPOSTELANA. MORREU O 4 DE FEBREIRO DO ANO DO SEÑOR DE 1534, ÓS 60 ANOS DE IDADE, AGORA BRILLA GALICIA CO SEU FILLO QUE LLE DEU TANTO HONOR. O MESMO LOPE SÁNCHEZ, NACIDO DA PROPIA ESTIRPE, LEVOU A CABO EN BREVE ESTE ENCARGO,
 DON A TODOS INESTIMABLE, PARA QUE SERVISE DE GRATO PRACER ÁS MUSAS, E ESCORRENTASE AS TEBRAS. CON RAZÓN POIS, O POBO, OS PRÓCERES E O UNIVERSAL APLAUSO DAN GRACIAS SEN FIN POR TAN INESTIMABLE FACHO DE LUZ. 1544. CADAVAL FIXO ESTA INSCRIPCIÓN.



Final da inscrición en pedra do claustro do Colexio de Fonseca, arriba, onde se indica o ano 1544. Debaixo, tradución á lingua galega. Foto: Henrique Neira, 2018.



Inscrición da Fonte Vella de Mondoñedo. Foto: Henrique Neira, 2018.

Para o caso de inscricións en pedra en construcións distintas de edificios, a máis antiga que coñecemos é a da Fonte Vella de Mondoñedo e di así:

ENEL : AÑO : 1548 SE :
 HIZO : POR : ORDEN :
 DEL : R~MO : SEÑOR :
 DON : DIEGO : DE : SOTO : O[BIS]PO
 Y : SEÑOR : DESTA : CIVDAD

6.3 Inscricións en obxectos e representacións artísticas

6.3.1 Moedas

Durante os reinados de Isabel de Castela e Fernando de Aragón cúñanse varias moedas nas que se indica en números romanos e/ou indoarábigos o seu valor¹⁴⁴: os 8 reais de Burgos e Sevilla, cuñados a partir de 1497, onde aparece o valor VIII no anverso e 8 no reverso, polo tanto usando números romanos e indoarábigos; os 4 excelentes (ducados) cuñados en Segovia en 1497, nos que figura o valor 4 no anverso, só en números indoarábigos; os 10 excelentes (ducados) de Burgos, cuñados en Segovia en 1497, nos que figura no anverso o valor X; ou os 20 excelentes (ducados) cuñados en Sevilla en 1497, nos que figura o valor XX no anverso. Así, nesta época as moedas puideron empezar a ser un vehículo de difusión en Galicia da numeración indoarábica, aínda que nas moedas de menor valor non se empregara neses anos.



Anverso (esquerda) e reverso da moeda de catro excelentes cuñados en 1497 en Segovia¹⁴⁵. O diámetro real é de 33,5 milímetros¹⁴⁶. Fotografía: CGB.

144 "La moneda de los Reyes Católicos". En: Historia de las monedas. *La historia de la moneda en España desde las colonias griegas, siglo V a.C., hasta el euro*. En: <https://historiadelasmonedas.wordpress.com/moneda-medieval/la-moneda-de-los-reyes-catolicos>, consultada a 10 de xuño de 2019.

López de la Fuente, Juan Luis. *Los reales de los Reyes Católicos (1475-1566). Tipos y variantes*.

En: <http://www.maravedis.net/imagenes/tienda/MUESTRA%20RRC.pdf>, consultada a 10 de xuño de 2019.

145 Fotografía procedente de: 'Quadruple en or à l'effigie d'Isabelle et Ferdinand les monarques catholiques.jpg'. En: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Quadruple_en_or_à_l'effigie_d'Isabelle_et_Ferdinand_les_monarques_catholiques.jpg, consultada a 10 de xuño de 2019.

146 CGB.fr. 'Quadruple excellente n.d. Ségovie'. En: https://www.cgb.fr/espagne-royaume-despagne-isabelle-et-ferdinand-les-rois-catholiques-quadruple-excellente-n-d-segovie-tb-,v60_0253,a.html, consultada a 10 de xuño de 2019.



A custodia procesional de Antonio de Arfe do Museo da Catedral de Santiago, á esquerda, e á dereita detalle da parte superior da mesma onde se observa o final da inscrición: *Fecit anno 1544*. Fotos: Cortesía do Museo da Catedral de Santiago.

6.3.2 Obxectos e arte relixiosa

As inscricións máis antigas con números indoarábigos das que hai referencias en obras artísticas conservadas en Galicia, fóra das pétreas e das moedas, están na basílica compostelá. García Iglesias, seguindo a López Ferreiro, apunta que na capela catedralicia de San Fernando estaba pintado sobre a ventá a data de “1542”, que sería a da súa terminación¹⁴⁷; hoxe non se conserva esa pintura, pero si a referencia.

Séguelle en antigüidade a custodia procesional de Antonio de Arfe, que si se conserva no Tesouro da Catedral (Capela das Reliquias) e que no hexágono do templete da parte superior conta cunha inscrición que di¹⁴⁸:

147 García Iglesias, José Manuel. *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1989, Xunta de Galicia. P. VI 8.

148 Tomamos a transcripción da folia número 1882 do *Inventario del Museo Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela, 2019. Museo Catedral de Santiago.



Busto-relicario de Santa Paulina. Cortesía do Museo da Catedral de Santiago.

ANTINIUS DE ARPHE HOC OPUS ADMIRABLE FECIT ANNO 1544. OMNIPOTENTIS GRATIA AUXILIOQUE BEATI IACOBI

De 1553 é o busto-relicario de Santa Paulina, da autoría de Jorge Cedeira “O Vello”, que se conserva na mesma capela que a custodia de Arfe e que contaba cunha inscrición que dicía¹⁴⁹:

Esta pieza hizo Jorege Cedeira año 1553

Esta inscrición perdeuse no incendio da Capela das Reliquias en 1921, pero como está documentada serve para o noso propósito de localizar inscricións temperás en números indoarábigos.

A seguinte peza é foránea e está datada un ano despois. Trátase dun xogo de dúas campañas fabricadas en Malines (Bélxica) que se

¹⁴⁹ Ídem, 1883.

conserva nas coleccións de arte da Catedral de Santiago de Compostela. A inscrición di¹⁵⁰:

ME FECIT IOHANNES AFINE A^o 1554

A súa autoría atribúeselle a Joannes van der Eynde en 1554 e crese que se produciría neses anos a súa chegada á Catedral compostelá¹⁵¹.

Do ano 1579 encontramos unha cruz procesional realizada para a Confraría da Misericordia ourensá e que hoxe en día é propiedade da Deputación de Ourense, como herdeira dos fondos da capela do antigo Hospital de San Roque ourensán. A inscrición di¹⁵²:

ESTA CRUZ MANDO AZER CATALINA DE CAMARA PARA LA COFRADÍA DE LA MISERICORDIA. AÑO DE 1579.

García Iglesias indica que na decoración dun piar da nave da igrexa do mosteiro de Santa María A Real de Oseira (Ourense) pode verse unha representación da Virxe co Neno e San Xoaniño e que figura o ano 1573 no pedestal¹⁵³.

O mesmo autor sinala que nas pinturas da capela maior da igrexa parroquial de Santa María de Soutolongo (Lalín, Pontevedra) unha parte dun epígrafe acaba así: “De 1585”¹⁵⁴.

Así mesmo, hai entre as obras pioneiras en incorporar números indoarábigos un exvoto pintado en 1606 no interior da Capela da Nosa Señora das Virtudes da Ponte en Arante, Ribadeo¹⁵⁵. O exvoto conta –en castelán– que o capitán de infantaría Domingo de Carranza Aguiar visitou ese templo en 1594 antes de marchar para

150 Yzquierdo Peiró, Ramón. “Las colecciones de arte de la Catedral de Santiago: estudio museológico” (Tesis doctoral). Santiago de Compostela, 2015, Universidade de Santiago de Compostela. Vol. I. P. 595-596.

151 Ídem.

152 M.A.G.G. “Cruz procesional”. En: García Iglesias, José Manuel (coord.). *El Hospital Real de Santiago de Compostela y la hospitalidad en el Camino de Peregrinación*. Santiago de Compostela, 2004, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. P. 270-273.

153 García Iglesias, José Manuel. *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1989, Xunta de Galicia. P. XII 5.

154 Ídem. P. X 6.

155 García Iglesias, José Manuel (coord.). *El Hospital Real de Santiago de Compostela y la hospitalidad en el Camino de Peregrinación*. Santiago de Compostela, 2004, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. P. 142-144.

América e que en 1595 a nave padeceu un temporal, e malia todo logrou chegar a porto. Retornado a Arante, fixo ofrendas na capela e o chantre da Catedral mindoniense Gonzalo de Amoeiro Camba, encargado da administración material do santuario, fixo pintar en 1606 a escena. No texto que acompaña o exvoto úsanse os indoarábigos para sinalar os anos (“ANO. DMNI 1606”), pero non a cifra das leguas percorridas pola nave tras o temporal¹⁵⁶.

7. Conclusións

As dificultades para introducir nas sociedades europeas occidentais na Idade Media un novo sistema de numeración que substituíra o vixente nelas durante máis de mil anos deberon ser moitas. Como vimos no caso galego, o número de persoas que sabían ler e escribir era escaso, e dentro deste as que poderían ler de xeito frecuente e formarse aprendendo os novos números e sobre todo o modo de empregalos para facer cálculos sería reducidísimo.

Por tanto, aínda que desde fóra chegasen cartas ou libros coas novas cifras, a primeira dificultade para que se empezasen a usar sería que moi poucas persoas serían quen de interpretar o seu significado e saber escribilas, polo que para asegurarse de que alguén entendera un texto non había máis remedio que recorrer a escribir os números con palabras ou cos caracteres romanos.

Unha vez aprendidas, o máis fácil era usar as novas cifras para escribir as datas: resulta moito máis doado escribir e ler por exemplo 1398 unha vez que se coñece esta numeración que MCCCXCVIII coa romana. Isto explica que en moitos dos textos máis antigos conservados soamente se usen para escribir os anos –logo tamén o día do mes–, mentres que se indican con números romanos ou con palabras cantidades menores e máis facilmente representables e lexibles.

Non descartamos que existise resistencia a empregalas das persoas que traballaban realizando cálculos: tras moitos anos cos sistemas vixentes –cálculo con fichas, con ábacos, coas mans...– aprender un sistema novo para botar contas seríalles complicado.

¹⁵⁶ Lemos a inscrición grazas a unha imaxe de boa calidade en: “Pinturas murales de Nosa Señora da Ponte, exvoto mariner”. En: <http://rinconesdelamarina.blogspot.com/2014/12/pinturas-murales-de-nosa-senora-da.html>, consultada a 10 de xuño de 2019.

Se ben o feito de que se empezaran a escribir en documentos producidos nas cortes reais puido axudar a poñelos de moda, pensamos que serían os libros e outros documentos impresos os elementos que máis contribuíron a dar a coñecer os números indoarábigos e unificar pouco a pouco a forma de representalos nas distintas rexións europeas. Hai que lembrar que as mostras que se conservan en documentos producidos en distintos países amosan que se escribían de xeito diferente e que iso podería inducir a confusión –razón pola que fora prohibido o seu uso temporalmente en Florencia ou Venecia. Mesmo en terras galegas as grafías das cifras varía de persoa a persoa, seguramente dependendo da fonte ou escola na que as aprenderan, e así en edificios ou en documentos do século XVI os números son representados de distintas formas.

Unha vez interiorizadas as novas cifras polo conxunto da poboación que tiña a oportunidade de aprender a ler e escribir e tras ser difundido o método para facer cálculos con elas sería cando empezan a utilizarse con normalidade, pero cremos que iso sucede no século XVII: na correspondencia recibida por Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, na localidade de Toro entre 1596 e 1601 desde a corte real, 20 cartas levan a data total ou parcialmente en números indoarábigos, mentres outras cinco optan por escribirlas en letra e tres en números romanos, ou sexa que nin entre os notarios e escribáns da Corte había unidade para datar sempre os documentos coas cifras indoarábigas.

Coidamos que neste traballo queda reflectida a lenta difusión na Galicia que entraba na Idade Moderna dos números que hoxe parecen insubstituíbles na nosa sociedade. Como peche, achegamos un cadro resumo sobre a difusión dos indoarábigos e as datas máis antigas que atopamos e mais a bibliografía.

8. Cadro resumo

Cadro 1. Datas máis antigas nas que atopamos referencias ou números indoarábigos en Galicia ou en documentos relativos a persoas ou terras galegas

Data	Tipo de obxecto	Descrición
1222	Libros manuscritos	Entre os libros dos conventos composteláns de San Francisco e San Domingos gardados na Catedral podían encontrarse aparentemente obras en latín nas que aparecerían os números indoarábigos como obxecto de estudo.
1477	Libro impreso fóra de Galicia (Venecia)	<i>Historia romana</i> de Apiano, adaptada por Pier Candido Decembrio, en latín (conservada na Universidade de Santiago, pero supoñemos que o volume chegou a Galicia moito máis adiante).
1481	Documento comercial producido fóra de Galicia	Seguro para un cargamento de viño a levar desde Murviedro (Sagunt, Valencia) a un porto de Galicia. Texto en latín e en catalán.
1491	Documento impreso fóra de Galicia	Bula de Inocencio VIII para o Hospital Real compostelán, impresa por Louis Cruse en Xenebra, en latín.
1494	Esbozo dun edificio galego	Esbozo da planta da Catedral compostelá que acompaña o libro do viaxeiro e peregrino Hyeronimus Münzer.
1496	Libro impreso en Galicia	<i>Manuale Bracarense</i> , impreso por Juan Gherlinc en Monterrei (Ourense), con texto en latín.
1497	Moedas	As máis antigas parecen ser os 8 reais de Burgos e Sevilla dos Reis Católicos.
1511	Libro impreso fóra de Galicia do que consta a súa existencia efectiva en terras galegas na data sinalada	A <i>Celestina</i> de Fernando de Rojas, impresa a partir de 1499, data que figura no colofón das primeiras edicións.
1512	Documento impreso en Galicia	Bula do papa Xulio II, en latín, para o Hospital Real compostelán, impresa en Santiago de Compostela.
1522	Carta dun bispo	Dirixida por Antonio de Guevara, futuro bispo de Mondoñedo, ó condestable Íñigo de Velasco, en castelán.
1526	Ordenanzas gremiais	Ordenanzas dos tecedores composteláns, en castelán.
1530	Carta particular	Dirixida por Erasmo de Rotterdam, en latín, a Alonso III de Fonseca.

Data	Tipo de obxecto	Descrición
1530	Carta dun arcebispo	Dirixida por Alonso III de Fonseca ó rei Carlos I, en castelán.
1531	Lápida sepulcral	Enterramento do cóengo da Catedral compostelá Gómez Ballo o Vello, situado na Capela de Alba, fundada por el no claustro catedralicio, con inscrición en castelán.
1539	Inscrición nun edificio relixioso	Na porta lateral sur da igrexa parroquial de Santa María a Maior de Pontevedra.
1542	Pintura con data	Antigamente figuraba pintada a data 1542 enriba da ventá da capela de San Fernando na Catedral de Santiago.
1544	Inscrición nun edificio civil	No Colexio de Fonseca compostelán, da autoría do profesor Álvaro de Cadaval, con texto en latín.
1544	Custodia procesional	Custodia de Antonio de Arfe que se conserva na Capela das Reliquias da Catedral de Santiago, con texto en latín.
1547	Documento dunha orde militar	Texto outorgado en latín polo xeneral da Orde de San Xoán de Xerusalén na súa chancelería.
1548	Inscrición nun monumento	Na Fonte Vella de Mondoñedo, texto en castelán.
1549	Ordenanzas municipais	Ordenanzas do Concello de Santiago de Compostela, en castelán.
1552	Libros científicos e matemáticos e documento de inventario dun negocio	Inventario de máis de 2.500 volumes da librería de Giraldo del Sol en Santiago de Compostela, en castelán.
1553	Relicario	Busto-relicario de Santa Paulina, elaborado por Jorge Cedeira "O Vello".
1553	Acordo do Cabido da Catedral compostelá	No libro primeiro de constituicións da Catedral de Santiago, en castelán.
1553	Carta da familia real española conservada en Galicia	Dirixida polo príncipe Filipe (futuro Filipe II) ó rei Carlos I, en castelán..
1554	Campañas	Fabricadas en Malines (Bélxica) para uso nos rituais eclesiaísticos, texto en latín
1555	Libro impreso máis antigo con algúns textos en lingua galega	<i>Refranes o Prouerbios en romance</i> de Hernán Núñez, con textos en once linguas, entre elas o castelán e o galego.
1556	Libro sobre matemáticas dun autor galego	<i>O Sumario compendioso</i> , primeiro libro sobre matemáticas impreso en América, da autoría de Juan Díez, de quen algúns investigadores cren foi galego; o texto é en castelán.

Data	Tipo de obxecto	Descrición
1559	Documentos monacais	Profesións de fe, en latín, de Johannes de Sarralde e Stephanus de Mora no mosteiro compostelán de San Martiño Pinario.
1554	Monumento funerario	Sepulcro de Alonso López de Lemos na Catedral de Lugo, datado entre 1554 e 1560, con texto en castelán.
1570	Inventario dun enxoval	Inventario das posesións de Isabel López cando era solteira, conservado no Arquivo da Catedral de Santiago; texto en castelán.
1573	Primeira pintura artística datada	Na decoración dun piar da nave da igrexa do mosteiro de Santa María A Real de Oseira (Ourense) pode verse unha representación da Virxe co Neno e San Xoaniño na que figura o ano 1573 no pedestal.
1579	Cruz procesional	Pertencía antigamente ó Hospital de San Roque ourensán e hoxe á Deputación de Ourense.
1579	Plano dunha vila galega	Plano de Baiona polo enxeñeiro italiano Giorgio Palearo Fratino, texto en castelán.
1586	Cruceiro	Situado á beira da Capela da Nosa Señora dos Remedios, na parroquia de San Pedro de Muros (Muros, A Coruña).
1589	Primeira suma representada graficamente	Nunhas contas do mercador Antonio Douteiro, conservadas no Arquivo da Catedral de Santiago, texto en castelán.
1594	Primeiro texto literario en galego	<i>Entremés dos pastores</i> , de autoría anónima, texto en galego e en castelán.
1595	Plano rueiro dunha cidade galega	Plano da cidade de Santiago de Compostela con indicación de rúas e monumentos principais, en castelán.
1596	Primeira carta particular en galego	Carta de Lope Gallo de Avellaneda ó conde de Gondomar.
1598	Mapa de Galicia	Mapa de frei Fernando Oxea, texto en latín e topónimos en galego e castelán.
1600	Reloxo de sol	Son tres reloxos de sol complementarios situados no claustro do mosteiro de San Xoán de Poio, con inscrición en latín.
1603	Primeira carta particular en galego debida a unha muller	Enviada por Beatriz da Serra ó conde de Gondomar, aínda que non escrita pola súa man.
1606	Primeiro exvoto mural	Exvoto que se conserva pintado nun muro da Capela da Nosa Señora das Virtudes da Ponte en Arante, Ribadeo, texto en castelán e latín.

9. Bibliografía e ciberbibliografía

- AA.VV. *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*. Santiago de Compostela, 1995, Universidade de Santiago de Compostela.
- ANTONIO RUBIO, María Gloria de. *Los judíos en Galicia (1044-1492)*. A Coruña, 2006, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- APIANO. *Historia romana*, / a Petro Candido Decembrio traducta. Venetijs, 1477, per Bernardu[m] pictorem & Erhardum ratdolt de Augusta una cum Petro Loslein de Langencen correctore ac socio. En: <http://hdl.handle.net/10347/6728>, web consultada a 10 de xuño de 2019.
- AREA OTERO, Xosé Tomás e PÉREZ LÓPEZ, María Trinidad. *De como aprendemos a contar e os aparellos empregados*. Santiago de Compostela, 2008, Imprenta Universitaria.
- ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Fondo do Mosteiro de San Martiño Pinario. Cartafol Profesións de fe 1503. Documentos 10 (frater Jhoānes desarralde) e 30 (frater Stephanus Demora).
- AXEITOS AGRELO, Xosé Luís; BARRO, Pepe e SÁNCHEZ VALES, Dolores. *Exlibris Gallaeciae. Dos libros de Galicia*. Santiago de Compostela, 2010, Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- BALBOA SALGADO, Antonio. *Gallaecia nas fontes clásicas*. Santiago de Compostela, 1996, Universidade de Santiago de Compostela.
- BASANTA CAMPOS, José Luis. *Relojes de piedra en Galicia*. A Coruña, 2003, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BLANCO, P. e VIU, C. “Las ciencias entran en Dombate para celebrar el solsticio de invierno”. *La Voz de Galicia*, 14 de decembro de 2014. En: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2014/12/14/ciencias-entran-dombate-celebrar-solsticio-invierno/0003_201412C14C12991.htm, consultada a 10 de xuño de 2019.
- BODLEIAN LIBRARIES. “The Kennicott Bible”. En: <http://bav.bodleian.ox.ac.uk/news/the-kennicott-bible>, consultada a 30 de xuño de 2019.
- Britannica.com. En: <https://www.britannica.com> consultada a 30 de xuño de 2019.
- BROOKS, Alison S. e SMITH, Catherine C. “Ishango Revisited: New Age Determinations and Cultural Interpretations”. En: *The African Archaeological Review*. Vol. 5, 1987. P. 65 a 78.
- CABANA OUTEIRO, Alexandra. *Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011)*. Santiago de Compostela, 2015, Consello da Cultura Galega. En: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/98>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- CABANO VÁZQUEZ, Ignacio e DÍAZ FERNÁNDEZ, Xosé María (eds.). *Missale Auriense: 1494*. Santiago de Compostela, 1994, Xunta de Galicia.
- Cabido da Catedral de Santiago. “Actas capitulares”. “Libro 3”. Santiago de Compostela, 1494-17 de xuño de 1505; e “Libro 19”, Santiago de Compostela, 1584-1589.
- Cabido da Catedral de Santiago. “Constituciones Libro I”. Arquivo da Catedral de Santiago, CF 021.

- “Cádiz”. Na web: “Turismo de Cádiz”. En: <http://www.cadizturismo.com/destinos/provincias/cadiz/municipios/cadiz>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- CAMPOS SOUTO, María Begoña. “La revisión de un texto perdido en la memoria: el Libro dos Cambeadores da Cidade de Santiago”. En: *Actes del VII Congres de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval* (Castellò de la Plana, 22-26 de setembre de 1997) (1999). Vol. Publicacions de la Universitat Jaume I. P. 421-430.
- CANET, José Luis. “La edición burgalesa de la Comedia de Calisto y Melibea: manipulación lucrativa de su fecha de impresión”. En: *Humanista*. Nº 35 (2017). P. 408-438.
- CASAL VILA, Benxamín (dir.). *Gran enciclopedia galega Silverio Cañada*. Lugo-Pontevedra, 2003, El Progreso-Diario de Pontevedra. Ed. dixital.
- CASTRO, Manuel de. “La Biblioteca de los Franciscanos de Val de Dios, de Santiago (1220-1230)”. En: *Iacobvs*. Nº 9-10 (2000). P. 29-44.
- CEPEDA FANDIÑO, Antonio. *Santiago de Compostela no século XVI: Libro de Ordenanzas de la Ciudad (1546-1583)*. Santiago de Compostela, 2012, Consorcio de Santiago-Universidade de Santiago de Compostela.
- CGB.fr. “Quadruple excellente n.d. Ségovie”. En: https://www.cgb.fr/espagne-royaume-despagne-isabelle-et-ferdinand-les-rois-catholiques-quadruple-excellente-n-d-segovie-tb-v60_0253,a.html, consultada a 10 de xuño de 2019.
- CHAVES, Idacio de. “Idatii Episcopi Chronicon”. En: *Episcopologio Asturicense*. P. 239-309.
- “Coin”. Na web: Britannica.com. En: <https://www.britannica.com/topic/coin>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA. *Gallaeciae Monumenta Historica*. En: <http://gmh.consellodacultura.gal>, consultada a 30 de xuño de 2019.
- COSTA RICO, Antón. “Educación e cultura literaria en Galiza (414-1483)”. En: *Sarmiento*, nº 4 (2000). Vigo, Servicios de Publicacións das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago. P. 153-200.
- “Cuentas que tomó Antonio Douteiro, mercader, vecino de la ciudad de Santiago, como tutor que fue de la persona y bienes de Inés Gómez, hija del cirujano Fernando de la Graña y su mujer, Madanela Gómez, ambos difuntos”. Arquivo da Catedral de Santiago, signatura moderna ES ACS P 102. Fols. 390r-400v.
- D'ERRICO, Francesco et al. “Early evidence of San material culture represented by organic artifacts from Border Cave, South Africa”. En: *Proceedings of the National Academy of Sciences*. Vol. 109 (33). P. 13214-13219.
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel C. “Álvaro de Cadaval, primer latinista de la Universidad de Santiago: unas notas”. En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela, 1996. Tomo XLIII, Fascículo 108. P. 323-359.
- DURÁN, Antonio J. *Vida de los números*. Madrid, 2006, T Ediciones.
- EGERIA. “Itinerarium Egeriae”. En: *Bibliotheca Augustana*. En: https://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost04/Egeria/ege_it00.html, consultada a 10 de xuño de 2019.
- “Estos gallegos”. En: *Región Gallega*. Bos Aires, agosto de 1922. P. 8.

- FERNÁNDEZ ESQUIVEL, Rosa María. *Los impresos mexicanos del siglo XVI: su presencia en el patrimonio cultural del nuevo siglo*. Cidade de México, 2006, UNAM.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Iván e DOCOBO DURÁNTEZ, José Ángel. *As Matemáticas e a Astronomía en Galicia*. Santiago de Compostela, 2011, Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ SUÁREZ, Gonzalo Francisco. *Os Condes de Ribadavia durante o reinado de Felipe II*. Noia, 2003, Toxosoutos.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa. *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña, 1988, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé Fernando. "A hestoria do libro galego". En: *Seminario encol do Libro Galego*. A Coruña, 1974, Edicións do Castro. P. 77-86.
- Filipe II. Carta a Carlos I, 11 de novembro de 1553. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Fondo: Hospital Real, Administración, Correspondencia. Legaxo 1. P. 80.
- GARCÍA BALLESTER, Luis. "Naturaleza y ciencia en la Castilla del siglo XIII. Los orígenes de una tradición: los Studia franciscano y dominico de Santiago de Compostela (1222-1230)". En: *VI Semana de Estudios Medievales*. Nájera, 31 de julio al 4 de agosto de 1995. Nájera, 1996, Instituto de Estudios Riojanos. P. 145-170.
- GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (coord.). *El Hospital Real de Santiago de Compostela y la hospitalidad en el Camino de Peregrinación*. Santiago de Compostela, 2004, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- GARCÍA IGLESIAS, José Manuel. "Evocaciones artísticas de Roma en Compostela". En: *Santiago, ciudad de encuentros y presencias*. Santiago de Compostela, 2012, Consorcio de Santiago-Alvarellos Editora.
- GARCÍA IGLESIAS, José Manuel. *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1989, Xunta de Galicia.
- GARCÍA ORO, José. *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*. Santiago de Compostela, 1994, Xunta de Galicia.
- GARCÍA ORO, José. *Os Fonseca na Galicia do Renacemento: da guerra ó mecenado. Estudio e colección documental*. Noia, 2000, Toxosoutos.
- GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy. "Lectura y escritura en una ciudad provincialiana del siglo XVI: Santiago de Compostela". En: *Bulletin Hispanique*. Tomo 84. N° 3-4 (1982). P. 264-290.
- "Gondín". Na web: "Heráldica de apellidos". En: <https://www.heraldicadeapellidos.com/index.php/origen-y-significado-de-los-apellidos/25-origen-de-apellidos-letra-g/8843-gondin>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- GONDOMAR, Diego Sarmiento de Acuña, Conde de. "Correspondencia de D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, siendo Corregidor de Toro" [Manuscrito]. Signatura MSS.MICRO/13756 da Biblioteca Nacional. En: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000233519&page=1>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto e ÁLVAREZ, Rosario (dirs.). "Proxecto Gondomar". En: <http://ilg.usc.es/gondomar/gl/index.php?action=texts&sort=year>, consultada a 10 de xuño de 2019.

- GUEVARA, Antonio de. *Epístolas familiares...* Primera parte. Anveres (Enueres), 1546-1547, Impreso en casa de Martin Nucio.
- HERNÁNDEZ ESTEVE, Esteban. “Introducción de los Números Arábigos en Occidente”. En: <http://www.albelda.info/monasterio/introduccion-numeros>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- “Hieronymus Münzer 1494-95”. En: http://www.digiberichte.de/travel.php?ID=106&N=D&suchen1=Martin&Vollname=Hieronymus_Muenzer, consultada a 10 de xuño de 2019.
- HISPALENSIS, Ioannis. *Liber algorismi de pratica arismetrice*. Roma, 1857, Tip. delle Scienze
- Fisiche. En: <http://resolver.sub.uni-goettingen.de/purl?PPN584709110>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- IFRAH, Georges. *Historia universal de las cifras: la inteligencia de la humanidad contada por los números y el cálculo*. Madrid, 1997, Espasa.
- IGLESIAS ALMEIDA, Ernesto. *As moedas medievais galegas*. Noia, 2010, Toxosoutos.
- IGLESIAS ORTEGA, Arturo. “El Cabildo Catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica”. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela, 2010, Universidade de Santiago de Compostela.
- Innocentius VIII, Pont. Max. “Indulgence for the benefactors and members of the fraternity of the monastery of Santiago de Compostela [17 Sept. 1491]”. Na web: <http://incunables.bodleian.ox.ac.uk/record/I-017#copynumber1>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- Instituto da Lingua Galega. “Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega”. En: <https://ilg.usc.es/tmilg>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- “Inventario del Museo Catedral de Santiago”. Santiago de Compostela, 2019, Museo Catedral de Santiago.
- “La moneda de los Reyes Católicos”. En: *Historia de las monedas. La historia de la moneda en España desde las colonias griegas, siglo V a.C., hasta el euro*. En: <https://historiadelasmonedas.wordpress.com/moneda-medieval/la-moneda-de-los-reyes-catolicos>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- LÓPEZ, Atanasio. *La Imprenta en Galicia. Siglos xv-xviii*. Madrid, 1953, Patronato de la Biblioteca Nacional.
- LÓPEZ de la FUENTE, Juan Luis. “Los reales de los Reyes Católicos (1475-1566). Tipos y variantes”. En: <http://www.maravedis.net/imagenes/tienda/MUESTRA%20RRCC.pdf>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid, 1975, Ediciones Castilla.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Galicia en el último tercio del siglo xv*. Santiago, 1883, Imp. de la Gaceta, F. de la Torre y C^ª.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, 1898-1909, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central. T. I-XI.

- MARTÍN RUIZ, Luis. *Cruceiros na provincia da Coruña*. A Coruña, 1999, Diputación Provincial de A Coruña. T. I-IV.
- “Memoria e inventario de los bienes de oro, plata, preseas, dinero y ajueres de casa que poseía la señora Isabel López cuando se casó con Sebastián Felipe, platero, ambos vecinos de la ciudad de Santiago”. Arquivo da Catedral de Santiago, signatura moderna ES ACS P 048. Fols. 708r-709v.
- MENÉNDEZ PIDAL, Gonzalo. “Los llamados numerales árabes en Occidente”. En: *Boletín de la Real Academia de la Historia*. N.º 145 (1959). P. 190.
- MENÉNDEZ PIDAL, Gonzalo. “San Eulogio y la numeración árabe. Los llamados numerales árabes en Occidente”. En: *Boletín de la Real Academia de Córdoba, de Ciencias, Bellas Letras y Nobles Artes*. N.º 80, xaneiro-decembro 1960, P. 334-335.
- MONTEAGUDO ROMERO, Henrique. “Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII, Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores”. En: *Homenaxe á Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela, 1996, Universidade de Santiago de Compostela. P. 351-375.
- MOSQUERA, Javier. “Tesoros al aire libre”. En: *Faro de Vigo*, 17 de novembro de 2010. En: <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2010/11/17/tesoros-aire-libre/491824.html>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- Museo Arqueológico Nacional. “Catálogo. Edad Media. Pedro I de Castilla. 1867/21/2”. En: web do Museo Arqueológico Nacional. En: http://ceres.mcu.es/pages/Viewer?accion=41&Museo=MAN&AMuseo=MAN&Ninv=1867/21/2&txt_id_imagen=2&txt_rotar=0&txt_contraste=0&txt_zoom=10&cabecera=N&viewName=visorZoom, consultada a 10 de xuño de 2019.
- NÚÑEZ DE TOLEDO y GUZMÁN, Hernán. *Refranes o Prouerbios en romance...* Salamanca, 1555, Impreso en casa de Iuan de Canoua.
- NEIRA PEREIRA, Henrique. *Historia da informática en Galicia. Unha cronoloxía*. Santiago de Compostela, 2015, Andavira Editora-CPEIG.
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, Pablo S. *Colección documental del Archivo de la Casa de Otero de Quiroga (Siglos XIII-XVIII)*. Lugo, 2007, Diputación Provincial de Lugo.
- PEREIRA MIRA, Benjamín. “Éxodo librario en la biblioteca capitular de Oviedo: el Codex miscellaneus ovetensis (manuscrito escurialense R.II.18)”. En: *Territorio, Sociedad y Poder*. Oviedo, 2006, Universidad de Oviedo. N.º 1. P. 263-278.
- PEREIRA MIRA, Benjamín. “Un afamado códice otrora perteneciente a la librería de la catedral de Oviedo”. En: *Aabadom*. Vol. 14. Xullo-decembro 2003. P. 25-28.
- “Pinturas murales de Nosa Señora da Ponte, exvoto marinero”. En: *Rincones de la Mariña y del autor, Antonio Herrera, en las redes sociales*. En: <http://rincones-delamarina.blogspot.com/2014/12/pinturas-murales-de-nosa-senora-da.html>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- “[Plano de la ciudad de Santiago rodeada de una muralla con 9 puertas señaladas con una cruz y descripción detallada de calles y edificios] [Material cartográfico] (1595)”. AGS. Guerra y Marina, Legajos, 00427, 56. En: <http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta/registro.cmd?id=180573>, consultada a 10 de xuño de 2019.

- “Quadruple_en_or_à_1%27effigie_d%27Isabelle_et_Ferdinand_les_monarques_catholiques.jpg”. En: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Quadruple_en_or_à_1%27effigie_d%27Isabelle_et_Ferdinand_les_monarques_catholiques.jpg, consultada a 10 de xuño de 2019.
- REISCH, Gregor. “Margarita Philosophica”. Freiburg im Breisgau, 1503, Joanne Schottu Argeñ. En: https://archive.org/details/gri_c00033125008256329, consultada a 10 de xuño de 2019.
- REQUENA FRAILE, Ángel. “El Cronicón Albeldense en la encrucijada medieval de los números”. En: Español González, Luis; José Javier Escribano Benito e María Ángeles Martínez García (editores). *Actas VIII Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas*, 16-20 de septiembre de 2004”. Logroño, 2004, Universidad de la Rioja. Vol. 1. P. 303-313.
- REY CASTELAO, Ofelia. “Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen”. En: *Bulletin Hispanique*. N.º 100-2, 1998. P. 271-311.
- RIAL COSTAS, Benito. “Algunas reflexiones acerca de los ‘maestros de hacer brevariarios y escrituras de molde’ Juan de Bobadilla y Álvaro de Castro (1483)”. En: *Revista General de Información y Documentación*. Vol. 21 (2011). P. 175-185.
- RIAL COSTAS, Benito. *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)*. Madrid, 2007, Calambur Editorial.
- ROCAMONDE IGLESIAS, Teresa (dir.). “Xacopedia.com”. En: <http://xacopedia.com/>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio, FERRER SIERRA, Santiago e ÁLVAREZ ASOREY, Rubén D. *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense)*. Santiago de Compostela, 2004, Consello da Cultura Galega.
- RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco (dir.). *Galicia na época do Renacemento*. A Coruña, 1993, Hércules de Ediciones. Proxecto Galicia. Arte. Tomo XII.
- ROONEY, Anne. *Historia de las matemáticas*. Barcelona, 2009, Oniro.
- RUCQUOI, Adeline. “De grammaticorum schola. La tradición cultural composrelana en el siglo XII”. En: *Visitandum est. Santos y cultos en el Codex Calixtinus (Actas del VIIº Congreso Internacional de Estudios Jacobeos)*. Santiago de Compostela, 2005, Xunta de Galicia. P. 235-254.
- SANTOS ESTÉVEZ, Manuel. “A proporción na escultura galaica da Idade do Ferro”. En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Vol. LIX. N.º 125 (xaneiro-décembro 2012). Páxs. 13-38.
- Seminario de Lingüística Informática-Universidade de Vigo e Instituto de Lingua Galega. “Recursos Integrados da Lingua Galega”. En: <http://sli.uvigo.es/RILG/index.php>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- Sociedad Arqueológica. “Documentos, Inscricións, Monumentos, Extractos de Manuscritos, Tradicións, Noticias, etc. para la Historia de Pontevedra / publícanse por la Sociedad Arqueológica”. Pontevedra, 1904, Sociedad Arqueológica. Tomo II.
- “Tesoro de la neapolis de Empúries”. En: Museu Nacional d’Art de Catalunya, Barcelona. En: <http://www.museunacional.cat/es/colleccio/tesoro-de-la-neapolis-de-empuries/varias-autoridades/076000-cjt>, consultada a 30 de xuño de 2019.

- “The Permanent Mission of the Kingdom of Eswatini to the United Nations”. En: <https://www.un.int/eswatini>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- “[Traza de la villa, puerto e islas de Bayona (Galicia)] (1579)”. Archivo General de Simancas. Signatura: MPD, 09, 056. En: <http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta/registro.cmd?id=179317>, consultada a 10 de xuño de 2019.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes. *A Igrexa de Santiago contra 1500. O Libro do Subsidio*. Noia (A Coruña), 2003, Lóstrego.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes. *La hacienda arzobispal compostelana: libros de recaudación, 1481-1483 y 1486-91*. Santiago de Compostela, 2002, CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- VÁZQUEZ CASTRO, Julio. “La Berenguela y la Torre del Reloj de la Catedral de Santiago”. En: *Semata*. Nº 10 (1998). P. 111-148.
- VEGUÍN CASAS, María Victoria. *Historia de las Matemáticas en la Península Ibérica. Desde la prehistoria al siglo XV*. Barcelona, 2010, Editorial Reverté.
- VILLARES, Ramón (ed.). *Galicia: 100 obxectos para contar unha cultura*. Santiago de Compostela, 2016, Consello da Cultura Galega.
- YÁÑEZ, José Manuel; FORMOSO, Celsa e CAÑONES, Antonio José. “Reloxería de sol en arquitecturas das Rías de Ares e Ferrol”. En: *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. Nº 24 (2017). P. 333-412.
- YZQUIERDO PEIRÓ, Ramón. *Domus Iacobb* Santiago de Compostela, 2011, Cabido da Catedral de Santiago.
- YZQUIERDO PEIRÓ, Ramón. “Las colecciones de arte de la Catedral de Santiago: estudio museológico” (Tesis doctoral). Santiago de Compostela, 2015, Universidade de Santiago de Compostela. Vol. I-II.

10. Agradecementos

Quero manifestarlles o meu agradecemento ás persoas e entidades que me axudaron de distintos xeitos para elaborar este traballo, comezando por José Carlos Baliñas Pérez, director do mesmo, e seguindo con:

- Alicerce - Xestión integral do patrimonio cultural (A Guarda, Pontevedra)
- Anca Calvo, Juan Ángel (Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, Pontevedra)
- Ares Legaspi, Adrián (Universidade de Sevilla)
- Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela
- Biblioteca de Galicia - Galiciana (Santiago de Compostela)
- Biblioteca do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (Santiago de Compostela)
- Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
- Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

- Blanco Valdés, Juan (Servizo de Publicacións - Universidade de Santiago de Compostela)
- Buján Núñez, José Daniel (Biblioteca de Galicia - Galiciana, Santiago de Compostela)
- Cajigal Vera, Miguel Ángel (Fundación Cidade da Cultura de Galicia)
- Conde Roa, Juan (Consortio de Santiago)
- Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela)
- García Iglesias, José Manuel (Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela)
- Gigirey Liste, María Esperanza (Museo das Peregrinacións e de Santiago, Santiago de Compostela)
- Lobato Martínez, Xosé Manuel (IES Félix Muriel, Rianxo, A Coruña)
- López Alsina, Fernando (Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela)
- López Pena, Zósimo (Universidad Internacional de La Rioja, Logroño-A Rioxa)
- Instituto da Lingua Galega (Santiago de Compostela)
- Méndez García, Rosa (Biblioteca do Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela)
- Museo Arqueolóxico - Castelo de Santo Antón (A Coruña)
- Museo de Pontevedra
- Museo Provincial de Lugo
- Neira Pereira, Xerardo (Asociación Raiceiros, San Miguel de Sarandón, Vedra, A Coruña)
- Real Academia Galega (A Coruña)
- Requeixo Cuba, Armando (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela)
- Sánchez Sánchez, Xosé Manoel (Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela)
- Sanmartín López, Pablo (Arquivo Municipal do Concello de Teo, A Coruña)
- Suárez Lorenzo, Fernando e Javier García Tobío (Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, Santiago de Compostela).
- Ulla Lorenzo, Alejandra (Universidad Internacional de La Rioja, Logroño-A Rioxa).
- Vázquez Bertomeu, Mercedes (dehistoria).
- Yzquierdo Peiró, Ramón (Museo da Catedral de Santiago de Compostela).



O clero parroquial de San Xurxo de Codeseda (1620-2020)

Luís Manuel Ferro Pego
leonvenera@hotmail.es

Damián Porto Rico
damianportonaturgalicia@gmail.com

Resumo. Versa esta pescuda sobre os cregos da freguesía de San Xurxo de Codeseda: tanto dos que se ordearon unicamente de prima tonsura como dos capelanistas, patrimonistas e presbíteros que chegaron a vicarios, párrocos ou ecónomos. Comenza esta síntese cando na devandita freguesía principian a elaborarse os libros e rexistros sacramentais que o concilio de Trento estableceu. Os datos que aquí figuran teñen a súa orixe nos arquivos parroquiais, diocesanos, catedralicios, colexiais e tamén en aportacións persoais de cregos e fregueses.

Abstract. This research is about the priests of San Xurxo de Codeseda parish, both the tonsured and the chaplains; patrons and presbyters who became vicars, parish or acting priests. This paper starts when the sacramental books and registers, established by the Council of Trent, began to be written in this parish. The information below comes from different religious files (from parish churches, dioceses, cathedrals and other associations) and also personal contributions of priests and parishioners.

A historia da clerecía das terras de Codeseda remóntase á Idade Media, antes incluso da fundación da diocese de Santiago, cando Sisnando bispo de Iria menciona á parroquia como tributaria do mosteiro de San Sebastián do Pico Sacro a comezos do século X. Sendo pouco despois o cenobio feminino bieito, citado en bulas de Anastasio IV (ano 1154) e Alexandre III (ano 1178), o xermolo da actual igrexa,¹ figurando desde as súas orixes nas mandas testamentarias dos nobres do país (caso da filla de Fernán Pérez de Traba, dona Orraca Fernández, no 1199). Mais ímonos centrar nas seguintes páxinas no clero parroquial e secular dunha época posterior, estreitamente vencellado á freguesía e ás súas xentes: aos veciños, como eles mesmos o eran.

A maior particularidade da parroquia de Codeseda, que a singulariza entre outras do ámbito estradense, describíanola en 1607 o cardeal del Hoyo:

1 Vid. Pérez Rodríguez, F. "San Jorge de Codeseda: un monasterio femenino bajomedieval". En *Studia Monastica* nº 33, fasc. 1, 1991. Tamén Sá Bravo, H. de. *El Monacato en Galicia*. Vol. I. A Coruña, 1972.

Esta igrexa de San George es anexa al Cabildo de Santiago y fué monasterio de monjas, según la fama de llamarse monasterio. Tiene ochenta feligreses. Los frutos andan arrendados en seiscientos y veinte ducados y el tenenciero tiene la jurisdicción temporal desta felegresía y de la de San Lorenzo de Sabucedo y San Juan de Leripio, que aunque es del dicho Cabildo de Santiago anda con esta tenencia. Sirve en esta iglesia un capellán con cinquenta ducados de salario que le dá por congrua el dicho Cabildo. La fábrica tiene de renta dies y siete ferrados de pan. Hay en esta iglesia una dotación de una misa de Nuestra Señora cada sábado: consta, demás de lo de arriba dicho, haber sido esta iglesia monasterio de monjas por unas letras que están escritas en dos piedras, junto a la puerta colateral de la Epistola, que dicen así:

“ABBADESSA MA RIANA. FERN. NOTA. BOCABAR. MUNIO.
EST. QUE. LAPIS. ISTE. MICHI. INREQUIE. DEUM. COLIE DAT.
FERNAM. ERA M.CC.II.ZQD: VII : kls: IVNII:”»²

Non queda hoxe nada deste rastro epigráfico, do que pouco máis se interpreta con claridade que a data e a existencia da abadesa Mariana Fernández. Deberon ser substraídas do seu emprazamento orixinal no século XVIII; poida que cando o mestre de obras Luís Xil, en 1744, fixo arranxos no templo coa aquiescencia do cabido de Compostela e o visto bo do arquitecto Fernando de Casas Novoa. Mais do que foi o desaparecido mosteiro dan idea restos como a ousia semidecagonal da igrexa –de carácter singular mesmo a ollos profanos na materia–, xunto aos capiteis vexetais e aos canzorros de proa e cabeza de boi ou as arquivoltas das xanelas, similares ás de Aciveiro.

O permiso do cabido da catedral de Santiago para remodelar o templo debíase a que a parroquia estaba inserida no sistema de tenzas co que o cabido administraba as súas propiedades: velaí a da Veiga ou a de Veá e Rosallo, que comprendían outras freguesías pertencentes hoxe ao concello da Estrada³. Consistían en bens raíces (ás veces faltos de coherencia territorial) e rendas, destinados ao pago de determinadas cargas –como aniversarios– e xestionados por cóngos (na catedral consérvanse os Tombo de Tenzas, auténticos inventarios de bens e ingresos xenerados por cada unha destas unidades).⁴

2 Hoyo, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Transcripción do manuscrito orixinal do ano 1607, que se garda no Arquivo da Mitra Compostelana; A. H. D. S. Fondo Xeral 496). Fol. 458 rº.

3 A. C. C. Tombo 3º de Tenzas.

4 A. C. C. Tombo C. Lib. I, fol. 67 e ss.



Antiga casa da tenencia, restos do hórreo de 10 claros e igrexa.

Aínda no século XVIII se facía notar nos libros do arquivo parroquial que

para más fácil intelixencia es de advertir, que el Illmo. Cavildo de Santiago tiene en esta feligresía Casa de thenencia, que en otro tiempo fue monasterio de monjas, a quienes pertenecían todos los diezmos, tierras de el Yglesario, y rentas así de dicha feligresía, como del Coto; y otras de fuera de el; en cuios derechos subcedió el dicho Illmo. Cavildo”. Os dezmos estima o reitor que valían anualmente 7700 reais. “El Yglesario, y Casas de el un mill y cien reales, y las rentas, que se cobran de los basallos de el Coto, como de otros de fuera de el, valen ocho mill, y ochocientos reales [...]. Y todo es dies y siete mill y seiscientos reales vellón. Yo el Vicario, como tal Vicario tengo en cada un año quinientos, y cinquenta reales de vellón en dinero efectivo, que el Illmo. Cavildo de Santiago es servido darme, y tiene señalado de congrua [...] desde la agregación de estos diezmos a su mesa capitular. Más percivo todo el ingreso de pie de altar, el qual si se reputa ser renta es el siguiente. Las oblatas de las quatro festividades de el año me redituan, y balen en cada año seiscientos, y sesenta reales vellón. Y todos los demas derechos de bautismo, casamientos, y entierros maiores, y menores, ofrendas, y todo lo demas me vale, y reditua cada año un mill y ochocientos reales todo vellón. Y el todo es tres mill, y diez reales del mismo vellón. Celebro las misas del pueblo, y no tengo casa, ni otra cosa.⁵

5 A. H. D. S. Fondo Xeral 1177.



Inscripción fundacional da capela de Santo Antón de Monteagudo.

Do pulo desta institución eclesiástica é sintomático o traslado que en 1589 se fixo á Tenza de Codeseda –e ás torres de Camba e Rodeiro– dos documentos e obxectos preciosos da catedral de Compostela con motivo da presenza na costa galega do pirata inglés Francisco Drake. É por estas mesmas datas cando iniciaremos a historia do clero parroquial, polos motivos que pasamos a expoñer.

Clérigos: conceptos previos

A relación sistemática de persoas que recibiron ordes sacras da Igrexa Católica Occidental unicamente se pode rastrexar con certeza e continuidade desde a implantación na diocese de Compostela dos postulados do concilio de Trento (1545-1563), levada a efecto mediante os sínodos que comenzaron en Santiago en tempos do arcebispo Francisco Blanco (1574-1581). É desde poucos anos despois cando se conservan os expedientes dos diversos aspirantes a ordes sagradas na Curia. A efectos históricos e de clarexar o asunto en aras da mellor comprensión das seguintes páxinas, podemos resumir afirmando que estas ordes divídense en menores e maiores, enumerándose desde cando menos o século III en sete: catro inferiores ou menores (ostiariado, leitorado, exorcistado e acolitado) e tres maiores ou superiores (subdiaconado, diaconado e presbiterado).

Debido ao lóxico devir dunha institución de tan longa existencia como a Igrexa Católica, as formas de conseguir acceder á ordeación sufriron variacións considerables cando menos até o mencionado concilio de Trento: nas constitucións promulgadas polo arcebispo Bernaldo II no ano 1229⁶ establecíase como función propia dos arcediagos a designación, en tódolos arceprestados dos seus arcediagos, de persoas axeitadas e idóneas que foran as que educaran aos cregos hábiles para o estudo que houbo en cada unha das demarcacións. Tamén debían informar ao arcediago respectivo dos bens cos que contaban eses suxeitos, tanto xa propios da Igrexa como patrimoniais, para sosterse decorosamente no estudo. Porque até o século XIII (curiosamente coincidindo co despegue da institución dos testamentos) non houbo máis que un título de ordeación, que logo se chamaría título benefical; máis neste tempo parece que xurde o título patrimonial ao que pronto nos referiremos.

Do século XV consérvanse varias cartas de presentación de cregos⁷ conforme á fórmula do sínodo de 1229. Ás veces este dereito de presentación amplíase á concesión dun beneficio parroquial. Tamén se conservan rexistros de colacións de beneficios e de ordeacións, con carácter parcial, para varias freguesías do arcebispado.⁸

Un procedemento tan endeble para acadar o estado de crego non podía ter outras consecuencias que as eivas sinaladas por varios autores nos estamentos eclesiásticos e, en especial, no clero rural: absentismo (mesmo das prelaturas da xerarquía),⁹ beneficios dos que se apropiaran os señores feudais, carencia dunha normativa uniforme, ignorancia doutrinal xeneralizada, dedicacións profesionais alleas á vida eclesiástica, incontinencia sexual... eran, en palabras de Baudilio Barreiro Mallón, síntomas que afectaban ao clero e transmi-

6 *Synodicon Hispanum*. Synod. Compost. 1229.

7 A. C. C. Arquivo Capitular 669 C.

8 A. H. D. S. Fondo Xeral 501.

9 Por exemplo, entre 1486 e 1527 non houbo bispo fisicamente na diocese de Ourense, xa que os tres que se sucederon nesas datas se limitaron a percibir as rendas e nomear provedores. Alonso Fonseca estivo máis de vinte anos alonxado de Compostela debido ao seu cargo de Presidente do Consello de Castela... . Comportamentos así da xerarquía non debían causar bo exemplo entre o clero rural. De feito, na Congregación do Clero de Sevilla, promovida polos Reis Católicos en 1478, xa foi motivo de discusión específica a anarquía da vida eclesiástica en Galicia (García Oro, J. *Cisneros y la reforma del clero español en tiempos de los Reyes Católicos*. Madrid, 1974. Páxs. 36 e ss.).

graban aos fieis.¹⁰ Cómpre lembrar, por exemplo, que o arcebispo Pedro Suárez Deza foi elixido en 1167 cando aínda non era máis que diácono. E mesmo a pesares de que Diego Xelmírez escolleu sete cardeais aos que incumbía a celebración por semanas das misas corais na catedral de Compostela ca condición de que tivesen recibido a orde do presbiterado, algúns acadaron dispensa pontificia e foron nomeados cardeais sen ser sequera presbíteros.¹¹

Mais é a etapa posterior á celebración do concilio de Trento –no que a Igrexa Católica reaccionou contra a reforma protestante– a que nos interesa como tempo no que se xeneran e acumulan os expedientes de ordeación nas curias diocesanas de acordo cun procedemento máis definido, aínda que non sempre se cumprido.¹² Este consistía, explicado de xeito sucinto e tendo en conta o estado incompleto ou inconcluso de moitos expedientes, na averiguación da vida e costumes (*vita et moribus*) de cada pretendente,¹³ realizada por comisión concedida ao reitor da súa parroquia de orixe ou residencia, que se encargaba de interrogar ás testemuñas presentadas e de emitir informe por escrito ao provisor. Tamén conteñen copia certificada das partidas de bautismo e de confirmación do aspirante. E xustificación do título polo que se ordea (patrimonio, capelanía, beneficio...), que conleva unha valoración socio-económica de enorme interese histórico.

Así pois, foi en Trento onde e cando se estableceron ás circunstancias que debían ter os que se quixesen ordear:

Os que deban ser promovidos ás ordes menores teñan testimonio favorable do seu párroco ou do mestre do estudo no que se educan. E os que deban ser ascendidos a calquera das maiores, preséntense un mes antes de ordearse ao bispo, que dará ao párroco ou a outro que lle pareza máis conveniente, a comisión para que, propostos publicamente na igrexa os nomes e resolución dos que pretenderan ser promovidos, tome dilixentes informes de persoas fidedignas sobre

10 Barreiro Mallón, B. "Sinodos, pastorales y expedientes de órdenes: tres indicadores de la religiosidad en el N. O. peninsular". En *I Congreso sobre Religiosidad Popular*. Sevilla, 1987.

11 Portela Pazos, S. *Decanologio de la S. A. M Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, 1944. Páx. 40.

12 A figura dos coadutores con dereito a sucesión entre os prebendados da catedral de Santiago, por exemplo, aínda que prohibida por Trento (Ses. XXV, cap. VII, De Reform.) subsistiu até tempos de Filipe IV. Foron suprimidas por real decreto en 1645. O concilio fracasou na reorganización que intentaba e perpetuáronse prácticas patrimoniais que afectaban a nomeamentos beneficiais.

13 Denominábanse no século XVII informacións "de genere, vita et moribus".

o nacemento dos mesmos ordeandos, a súa idade, costumes e vida, e remita o máis rápido que poida ao mesmo bispo as letras testimoniais que conteñan a averiguación ou informes que se teñan feito”.¹⁴ Tamén tratou do esame dos ordeandos e decretou –seguindo a disciplina dos antigos cánones– que cando o bispo determinase facer ordes debía convocar “á cidade a tódolos que pretenderran ascender ao sagrado ministerio, e na feira cuarta próxima ás mesmas ordes, ou cando ao bispo lle parecese. Averigüe i examine con dilixencia o mesmo ordinario, asociándose a sacerdotes e outras persoas prudentes instruídas na Divina Lei, exercitadas nos cánones eclesiásticos, a liñaxe dos ordeandos, a persona, a idade, a crianza, os costumes, a doutrina e a fe”.¹⁵

As normas básicas de Trento tiveron a súa plasmación para o arcebispado de Compostela nas constitucións de 1576, froito das labores sinodais desenvolvidas no pontificado de Francisco Blanco. Nelas adícase un título completo ás condicións que debía reunir o que quixese recibir as ordes sagradas:

El Santo Concilio de Trento, decretó que ninguno se ordenase de prima Corona, que no tuviese recibido el Santo Sacramento de la Confirmación, y que no sepa la Doctrina cristiana, y leer y escribir, y de quien haya probable conjetura que quiere servir a nuestro Señor, en el estado Eclesiástico, y debe ser nacido de legítimo Matrimonio.

Y que los que se deban ordenar de Órdenes menores, traigan testimonio de sus costumbres del Rector de la Parroquia, y del Maestro que los enseña, y entiendan por lo menos la lengua Latina y den esperanza de que serán dignos de ser promovidos a mayores órdenes y se ordenen por intervalos de tiempo en los que ejerciten la orden que tuvieran recibido en la iglesia para la que fueron ordenados, y así suban de grado en grado mostrando su virtud, con buen ejemplo y continuo servicio de la iglesia [...].

Y que los que se debiesen ordenar de orden sacro parezcan un mes antes, ante el Prelado, por comisión para que el rector u otra persona los amoneste en la iglesia y hagan información de su legitimidad, edad y costumbre y vida, y la envíe a su Prelado [...].

Y que el que se deba de admitir al Sacro Subdiaconado, entre en veintidós años, y el Diácono en veintitrés, y al Presbítero en veinticinco [...].

Y que tengan buen testimonio de su vida y costumbres, y estén probados en el ejercicio de las Órdenes menores [...], y que haya un año de intervalo entre el Subdiaconato y Diaconato, y entre el Diaconato y Presbiterato [...]. Y que para ser admitidos a la Orden Presbiteral, se tengan ejercitado en la de Diaconato. Y sea suficiente para enseñar al Pueblo lo que es necesario saber todos para salvarse, y para administrar los Sacramentos.

14 Ses. XXIII, De Reform., cap. V.

15 Ses. XXIII, De Reform., cap. VII. Na sesión XXIII do concilio abordáronse, entre os capítulos III e XVII, diversos aspectos relativos aos requisitos para a ordeación, ascensos e asignacións ás igrexas.

Disponse tamén que para cada unha das ordes maiores, por comisión do arcebispo ou do seu provisor, se publiquen nas igrexas parroquiais os nomes dos que se houbesen de ordear,

para que si alguen supiese algún impedimento, o falta, la digan [...]. Y para el Diaconato, de su edad, legitimidad, y del patrimonio que tienen (debiéndose de ordenar a título de él) [...]. Las informaciones que deban hacer, de Moribus et vita [...] y las escrituras de patrimonio [...] a título del que se ordenaron, queden en poder del Notario ante quien pasaren las dichas órdenes, el cual tenga dos libros, y en ellos asentará el día, mes y año, el nombre de los Ordenados, y de sus padres, y naturaleza, e iglesia en la que se hicieran las órdenes, y testigos, y a título de qué se ordenasen [...]. Y uno lo tendrá en su poder y el otro se pondrá en el Archivo de las Escrituras de nuestra Santa Iglesia.¹⁶

Para os prebendados e racioneiros da catedral hai constancia de que se realizaban tales averiguacións desde antes de Trento¹⁷ e tiñan unha innegable similitude coas que veremos despois para os aspirantes a sagradas ordes, indagando sobre a ascendencia do interesado nos bispados e parroquias nas que tiveran morada os seus devanceiros. Mais ignoramos o momento exacto no que se estableceron estas probas de fidelidade á fe e incluso se afectaban nun principio unicamente aos membros do clero catedralicio ou a todos os que pretendían ordearse. O que resulta indiscutible é que desde antigo debeu ser común a realización de informacións para cercionarse da limpeza de sangue e costumes dos aspirantes, tendo como base da información, sempre, á parroquia.¹⁸

De todas maneiras convén dicir que o cardeal del Hoyo cita unha carta enviada ao bispo de Sigüenza polo arcebispo Francisco

- 16 *Constituciones Synodales, del Arçobispado de Sanctiago, hechas por el Illustrissimo y Reverendissimo Señor Don Francisco Blanco, Arzobispo de la Sancta Yglesia de Santiago. En la Sancta Sínodo, que su Señoría Illustrissima celebró a cinco días del mes [...] de 1576 [...].* Santiago: Luys de Paz, 1601 (2ª ed.). Tit. "Del Sacramento del Orden", const. I-IX.
- 17 A. C. C. Libro antigo de informacións (1545-1579). Nel confirmase que estas informacións se levaban a efecto "por constitución y costumbre antigua de esta Santa Iglesia", xa que "conviene que quienes sean elegidos para desarrollar ministerio en este santo templo, así Canónigos como Porcioneros, estén limpios de toda sospecha ni tengan mácula en sus ascendientes [...] es costumbre en la dicha santa Iglesia no admitir como Dignidades, Canónigos o Porcioneros a los descendientes de judíos o moros ni a los hijos o descendientes de herejes públicos penados o reconciliados". Nin esta constitución nin ningunha das outras do XVI está datada.
- 18 Sobre este tema pode consultarse Iglesias Ortega, Arturo. "Los expedientes de limpieza del Archivo Catedralicio de Santiago de Compostela: un elenco de canónigos compostelanos". En: *Compostellanum*, vol. XLV, números 1-2 (xaneiro-xuño do 2000). E, do mesmo autor, *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. Santiago de Compostela, 2010.

Blanco,¹⁹ datada en Compostela en 1579, na que lle fai as seguintes reveladoras recomendacións no tocante ás ordes:

En lo segundo que toca al gobierno de la Iglesia, se ha de considerar la traza que Jesucristo Nuestro Señor dejó dando a los Apóstoles veintisiete discípulos por ayudadores y a los obispos que sucedieron en su lugar los curas y otros ministros. Estos son los inmediatos pastores que deben conocer a sus ovejas por sus nombres y a quien incumbe el señalarles lo necesario para salvarse y administrarles los Sacramentos y encaminarlas al cielo porque la voz del Prelado no la alcanzan a oír todos. Y así el primer cuidado del obispo ha de ser proveer buenos curas. Hay dos puertas por las que estos pueden entrar; una son las órdenes y están en las manos del Obispo, porque de no ordenar no hay apelación. La otra puerta es la provisión de los beneficios, especialmente de los curados.

Temos pois aquí a primeira división de interese para nós entre o clero secular. Por un lado estaban os beneficios, e por número os chamados *beneficios curados* ou parroquias, rexidas por un párroco ou vicario (vulgo cura ou reitor) que debía ter acadado o grado de presbítero, eran os máis importantes; e pola outra banda estaba o resto dos individuos que recibiran ordes sacras (mesmo o presbiterado), mais que non posuían beneficio; e que polo tanto debían conformarse con ser capeláns ou ben ter formado un patrimonio de bens que lles proporcionase a congrua suficiente para vivir conforme ao seu estado, agardando a que algún parente ben situado con dereitos de presentación os nominase, algún día, para rexer unha parroquia ou outra prebenda.

Así, por exemplo, na visita arceprestal de 1746 a Codeseda, dise que *es Vicaría perpetua del Cabildo de Santiago que lleva todos los diezmos, y da al Vicario 50 ducados al año, y el pie de Altar [...]. Es vicario actual Don Juan Fernández con nombramiento del Canónigo Tenenciero [...].* E situábanse tamén na parroquia don Francisco Eirín (*natural y vecino de ésta, ordenado a título de capellanía que dejó para hacer patrimonio*), don Xoán Antón García (coas mesmas características) e don Domingos Cabada (capelán da de Nosa Señora da Concepción).²⁰ E a estatística xeral do clero do arcebispado de 1857 amosa que en Codeseda, nesas datas, había un reitor: Francisco González (que estivera 11 anos servindo ao culto na catedral de Compostela), que

19 Op. cit. Páx. 29 y ss.

20 A. H. D. S. Fondo Xeral 1267.

contaba como axudantes con Manuel Castro, Manuel María Cortes e Francisco Castro Vallexo; ademais de co patrimonista Bernardo Cabada.²¹ Vinte anos despois, o clero parroquial estaba formado polo ecónomo Xenaro Torre, o coadxutor Domingos Antón Picallo, o capelanista Xosé María Rodríguez, o crego de menores Serafín Eirín e o tonsurado Manuel Castro.²² Unha amalgama de categorías eclesiásticas ben distante da actual situación (un único párroco encargado de múltiples freguesías) e que, malia ter ben definidas a súas funcións e prerrogativas, en ocasión convivían con certas tensións.

Convén facer aquí un inciso aclaratorio para falar de algúns conceptos, xa que en non poucas ocasións teñen lugar confusións –por exemplo– entre termos como capelanía, ermida, capela e oratorio. Este último, seguindo a terminoloxía canónica, é un lugar destinado á oración, ao culto a Deus e á celebración da misa non erexido para utilidade común de todos os fieis, a diferenza das ermidas ou as igrexas.²³ A miúdo chámase tamén capela a algún oratorio ou ermida, aínda que o termo capela designa con maior propiedade a cada un dos compartimentos fundados nos altares secundarios das igrexas. E cando falamos de ermidas, referímonos case sempre a edificacións exentas da igrexa parroquial (aínda tratándose en ocasións propiamente de oratorios). Tocante ás capelanías, son entidades consistentes no dereito a percibir os froitos de determinados bens e na obriga ou oficio espiritual consistente, polo xeral, en celebrar certo número de misas a intención do fundador. Poden estar erexidas a perpetuidade, de forma que os bens delas quedan espiritualizados (esto é, pasan a dominio da Igrexa) e a capelanía serve de título de ordeación que o bispo debe conferir (aínda que a presentación se faga polo padroeiro). Non entraremos aquí nos distintos matices entre capelanías de sangue, mercenarias, laicais, legados píos, memorias de misas, padroados reais de legos, etc. Bástenos saber que os capeláns ou capelanistas, de xeito abreviado, eran os encargados de

21 A. H. D. S. Fondo Xeral 1189.

22 *Nomenclátor del Personal Eclesiástico del Arzobispado de Santiago de Compostela en abril de 1876*. Santiago de Compostela, 1876.

23 Vid. Ferreres, Juan B. *Instituciones canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Benedicto XV y a las prescripciones de la disciplina español y de la América Latina*. Barcelona, 1920. Vol. II, Tít. X, páxs. 41 e ss.



Santuario da Virxe de Guadalupe.

oficiar as misas establecidas por algunha fundación.²⁴ Un exemplo é a capelanía de Nosa Señora da Concepción, estatuída na igrexa parroquial de Codeseda, que fora creada o 24 de maio de 1681 polo labrador Pedro Barreiro no altar colateral do lado do Evanxeo *donde está la imagen de Nuestra Señora de la Concepción* e onde repousaba o corpo do seu pai. Foi dotada cunha casa, prados, pombeiro e un muíño.²⁵

Outras fundacións acadaban unha arquitectura exenta da igrexa parroquial: caso da desaparecida capela das Quintas, adicada a San

24 Para un maior afondamento nas definicións e diferenzas entre ermidas, capelas, capelanías, fundacións e outros conceptos poden consultarse: González Ruíz, Manuel. “Las capellanías españolas en su perspectiva histórica”. En *Revista Española de Derecho Canónico*, vol. 5, nº 14 (1950). Páxs 475-501. Tamén Golmayo, Pedro Benito. *Instituciones del Derecho Canónico*. 3ª ed., t. I. Madrid, 1870. Ou Franco y Ortiz, José M^a; Bravo y Tudela, Antonio. *Novísima legislación comentada sobre capellanías colativas de sangre, y fundaciones análogas*. Madrid, 1868. Do mesmo xeito que Ferreres, Juan B. *Instituciones* [...]. Op. cit. Barcelona, 1920. 2 vols. (3ª ed. corregida y aumentada). Máis sinxelo e desta mesma colección, Porto Rico, Damián. “Inventario de ermidas, capellanías e obras pías da Estrada (1567-1959)”. En *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. Vol. 10 (2007). Páxs. 187-284.

25 Nos anos 1921-27 estaba en trámite a conmutación dos seus bens.

Roque e na que estaba incluída a confradía do Santo, en uso até cando menos mediados do século XVIII. Fora fundada en 1741 (na ermida que comencara a construír don Xosé Barreiro Silva) por Domingos Fernández, que a dotara con bens en Santo André de Souto. Tampouco se conservou a ermida que houbo nos termos da parroquia adicada a Santo Antón.²⁶ Queda hoxe a de Monteagudo, fronte á Casa dese nome que, adornada co brasón dos Ballesteros, puido ser da dona do mestre arquitecto Pedro de Monteagudo (1643-1700); fundación do presbítero Francisco Gómez Vilar e do seu irmán Bieito (escribán da S. M. veciño de Tabeirós). E tamén permanece a monumental capela da Grela, adicada á Virxe de Guadalupe, na que temos un dos máis esclarecidos exemplos de devoción xurdida –e mantida– por concorrencia do pobo, en verbas do reitor:

Advertencia- Principiaron a concurrir Debotos a visitar a Nuestra Señora de Guadalupe y ofrecerle limosnas para el aumento del Culto Divino y extensión de su Capilla luego que su ymagen fue colocada en la Capilla que se halla en el lugar da Grela [...] que fue el día diez y seis de junio del año de mil setecientos quarenta y nueve = y considerando no tendría permanencia la deboción se formó un quaderno para en él escribir las personas que llevaban las especies fiadas de las almonedas que se celebraban desde entonces asta el diecisiete de maio del año de mil setecientos y cinquenta en que principia este libro.

Foi polo tanto preciso, en contra do que se considerou nun primeiro momento, elaborar un libro de contabilidade para ter ao día á administración dos bens que comencaron a fluír a esta ermida. E non tardaron en xurdir disputas sobre os asuntos crematísticos entre o fundador e o párroco, ambos membros do clero parroquial:

Por quanto acerca de la administración de las limosnas hubió, y hay cuestión entre mi el Rector y Don Domingo Cabada Presbítero fundador de la Capilla de Nuestra Señora de Guadalupe.²⁷

Cómpre decir que a fundación deste santuario data do 26 de novembro de 1748 por obra e graza de don Domingos Cabada, presbítero, Paulo Cabada, Domingos Cabada e a súa muller Manuela Fernández, veciños do lugar da Grela. A súa intención era crear unha capelanía, xa que os veciños circundantes (dos lugares da Grela, Bu-

26 A. H. D. S. Fondo Xeral 1267.

27 A. H. D. S. Codeseda, San Xurxo. Capela de Guadalupe (1779-1840).

galleira, Vilaboa e O Couto) non podían acudir á lonxana igrexa parroquial. Dotáranos en principio con 20 ferrados de pan hipotecados sobre o prado do Carballiño e designaron padroeiros aos herdeiros e descendentes de Manuel Cabada. Querían, ademais, levantar á súa costa no lugar do Campo unha capela. A devoción popular debeu facer o resto, xa que pronto se ergueu un *suntuoso templo edificado todo a expensas de las muchas y grandes limosnas de los fieles devotos que en crecido número venían a él en romería*. Sen dúbida os 200 días de indulxencia que Clemenzo XIII outorgou o 7 de xuño de 1766 aos fieis que rezasen na Grela as letanías de Nosa Señora, fixeron moito a prol da grandeza do santuario, que non diminuíu até comenzos do século XIX. Foi entón cando



Imaxe da Virxe Guadalupe da capela da Grela

decahido de su grandeza por la frigiscencia de la devoción, calamidades de los tiempos presentes y fallecimiento de los primeros bienhechores”, e co gallo de “restablecer dicho templo, vivificar la devoción a la soberana Reyna [...], los vecinos de esta parroquia determinaron fundar en ella una Cofradía vajo el título de nuestra señora de Guadalupe, y para ello haviéndose juntado en dicho lugar da Grela el día ocho del mes de Septiembre del corriente año de mil ochocientos doce

establecieron as constituções polas que se debería rexer. A 2ª delas di que pode facerse cofrade calquera, de dentro e de fóra da parro-

quia, *siendo de buena vida, y costumbres, sin que por razón de ello queden obligados a dar ni pagar alguna cosa sino lo que fuere su voluntad*. Sen embargo, os que quixesen ser *cofrades de caveza* pagarían dous reais ao ano (constitución 3ª). A 4ª das ordeanzas establece a celebración do San Lázaro por tódolos defuntos o luns despois da dominica quinta de Cuaresma. A 5ª fixaba a festividade o 8 de setembro, con vísperas e 8 sacerdotes que cobrarían 10 reais e unha libra de pan branco de pitanza, unha de vaca fresca e dous cuartillos de viño. A 6ª manda que se nomee mordomo ese día. A 7ª di que o mordomo recibiría e remataría reses e alfaias...²⁸

Por outra banda, estaban tamén os patrimonistas dentro do clero parroquial: eran –en termos xerais– fillos de familias fidalgas ou de labregos con bens propios que destinaban parte desas propiedades a proporcionar aos seus vástagos que querían recibir ordes sacras a congrua necesaria para asegurarlles a subsistencia até que conseguisen un beneficio ou renda eclesiástica de maior entidade; momento no que eses bens revertían –polo común– á súa familia. Velaí temos ao veciño de Codeseda Hilario Saborido, que no 1794 para ordearse subdiácono constituíu un patrimonio encabezado por:

1ª partida. Una casa con dos molinos en el río nombrado Puente de la Piedra y junto al mismo puente, bien arreados, los que por su situación trabajan todo el año incesantemente; y valen muy bien de renta anualmente, de ductis expensis, trescientos reales vellón. 2ª Una heredad junto a dichos molinos circundada sobre sí a labradío, sembradura de ocho ferrados de centeno [...]. 3ª Una casa, que se nombra da Fonte con su quarto alto, y bajo con varias oficinas, cobertizos [...]; y cinquenta ferrados de sembradura de tierra a labradío confinando [...] todo circundado de sobre sí.

Ou a Miguel Sieiro Castro no ecuador do século XIX, recibindo ordes a título dun patrimonio formado por varias partidas de bens das que se di que *componen una sola de labor como parte de lugar de labranza*.

Así pois, o groso do clero parroquial estaba composto por unha maioría de ordeados a título de patrimonio e por capelanistas, que formaban o que se denominaba clero mercenario, e que procuraban conseguir funcións relixiosas: a mediados do século XVIII, de acordo cos autos das visitas pastorais, o 65% do clero residente no mundo

28 A. H. D. S. Codeseda, San Xurxo. Capela de Guadalupe (1812-1895).

rural estaba formado por patrimonistas e capelanistas Esta situación adoitaba xenerar unha especie de competencia polos fieis e polos sufraxios e celebracións, e non poucas veces desembocaba en tensións entre o clero parroquial que orbitaban sobre temas como o dereito a rendas ou a súa cobranza: a finais do século XVIII ao cóengo don Xosé Castro Mera, como administrador da Tenza de Codeseda, correspondíanlle parte das rendas do beneficio simple de San Martiño de Callobre. Nesta parroquia actuaba como reitor nese tempo don Antón Blanco Portomarín, cando aconteceu a chegada do xuíz ordinario Antón Mexuto, que

viña cos carreiros que enviaba do referido Couto de Codeseda e cabalerías, a buscar os grans [...], que nos anos referidos se mallaban e collían na eira reitoral [...] e ao tempo era Cura [...] Antón Blanco [...] e este [...] decía que el non quería desde alí en diante coller, mallar nin recadar ditos monllos [...] de dezmo tocantes a dita sincura na súa eira porque o enfadaban os que viñan buscalos [...]. E dito don Xosé de Mera tamén amosaba sentimento contra dito Antón Blanco, decindo que se os collía, mallaba e recadaba na súa eira reitoral era polo seu proveito, porque lle daba os grans que se desgranaban dos monllos [...] e que non o facía de balde, que o mesmo lle daba collelo na eira do sobredito que noutra calquera de dita freguesía, que polo prezo non faltaría outra persoa que llellos collese e recadase, na súa eira [...]; e ten novas que dito don Xosé de Mera desde o ano pasado de oitenta e oito até asimesmo o pasado de noventa e catro [...] fixo levar e recoller os ditos foitos [...] á eira da casa de Xacinto Vázquez onde se mallaron e recadaron [...]; e que por razón delo dáballe tamén a palla e grans que se desgranaban [...] e que de alí os facía conducir e portear ás súas tullas, que tiña en dita Tenza.

Os froitos repartíanse pois entre o cura de Callobre e a sincura, correspondéndolle por esta última ao cóengo Mera a metade das primicias da parroquia e realizando a operación na eira da reitoral –ou en calquera outra– pola esmola do gran caído nela e máis a palla: situación que menoscababa a posición preeminente do párroco.²⁹

Mais eran outras eivas que o clero parroquial padecía as que preocupaban seriamente ás autoridades da diocese, que sempre se esforzaran en impoñer o modo de vida exemplar e exemplarizante proposto no concilio de Trento, no eido da denominada Contrarreforma, para os párrocos e presbíteros do arcebispado. Intentaron, en vano, situalos *fóra do mundo e por riba dos seus fieis*, en palabras de

29 A. H. D. S. Fondo do Provisorato 1701-1719.

Delumeau.³⁰ Mais todo quedou nun ideal, como ben estudou Baudilio Barreiro Mallón, reflectíndose no clero parroquial os mesmos costumes e vicios dos que adoeían os seus fregueses, comenzando pola ilexitimidade na descendencia:³¹ non era raro en ningunha parroquia atopar expedientes remitidos ao provisor do arcebispado sobre a vida e costumes inaxeitadas de cregos coma o do coadxutor de Santiago de Tabeirós, Xosé Vilas Fragoso, natural de Codeseda. Del dise en 1878 que *trajo para casa como criada una muchacha su feligresa del anejo, y está en relaciones con ella dicho coadjutor, que son vecinos de un mismo lugar; van juntos a la feria de la Estrada notándolo todo el mundo*. Tamén afirma o cura de Tabeirós que *es un sacerdote indigno, amancebado con una casada que tiene además hijos de dos mujeres solteras y una, según se dice de público, embarazada*.³² E seguindo por ocupacións alleas por completo ao seu ministerio sagrado, que variaban entre o trato con gando, o tráfico de viño ou mesmo desviacións nas que se aproveitaban da súa posición preeminente entre os fregueses, como amosa a carta enviada ao arcebispo a mediados do século XIX por Francisco Carbón, Francisco Rodríguez, Antón García, Bertomeu Míguez Garrido, Manuel Morgade e Xoán Míguez:

Excmo Señor: Francisco Rodriguez labrador y vecino de la parroquia de Sn Pedro de Orazo [...] en union con mas convecinos [...] hacemos presente que en la parroquia de Sn Jorje de Codeseda [...]. El p[re]s[b]i[te]ro Dn Francisco de Castro y Vallexo quien se emplea en administrar los Exorcismos y hacer escritos para el hombre y animales los desconjuros en 9 días no siendo el ultimo día los 8 primeros tan solo con una pieza de ropa de la interior en suciedad acabada de sacar, como le sucedió a mi parienta: que una de las muchísimas mujeres que están pagas para recoger jente a tal fin dirigidas le aconsejó como á otras muchas que si quería sanar de su enfermedad andubiese por iglesia con el tal Ballejo, pues que no hera mal de Cirujano; yo que no me hallaba en la patria al suceder esto y a mi regreso me allo con una obliga de doscientos cuarenta r[ea]les por novenario y escrito que decía mi mujer que lo vendijera el mismo: en la consagracion de la misa poniéndole entre los corporales [...] sabido todo pasé a pagarle y luego me consulte de todo lo acaecido con persona docta y [...] me apresuro a indagar por Codeseda [...] y luego en 4 meses llegué á saber toda la conducta del tal que sucintamente narraré y para hacerlo provar con más citaré hechos y recojo en secreto [...] firmas de los que se allaban en mi situacion: Un

30 Delumeau, Jean. *El catolicismo de Lutero a Voltaire*. Barcelona, 1973. Páx. 272.

31 Barreiro Mallón, Baudilio. "Sinodos, pastorales y expedientes de órdenes: [...]". Op. cit. E tamén, do mesmo autor "El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)". En: *Compostellanum*, vol. XXXIII (1988). Páxs. 469-507.

32 A. H. D. S. Fondo Xeral 1228.

hombre con cuantos vicios hay. Juego [...], vorracheras diarias; de mujeres ya la tiene en casa diario público es esto y los que le fueron y ban a su casa dicen con franqueza que en las abitaciones [...] no observan mas cama que la de él: y en las almuadas se nota sitio de dos [...] y esto no lo observan dos ni cuatro que lo hé bisto yo mismo al hacerle la cuenta [...]. Otro hermano que tiene Cura en Sn Pelayo de Cundis hoy arcipreste de Soneyra sabiendo lo que pasa [...] después de repetidas reprensiones y sin obedecerle se incomodó y no pasa nunca á su casa por no berlo delante de sí, que verguenza le dá que sea su hermano. El tal Castro Vallexo [...] intentó matar la hermana porque le reprendía de conducta y sabido esto por el Sr Cura de Codeseda se la hechó de casa a la concuvina y a él le privó de las funciones de su parroquia; pero allando acogida en el Cura de Arca hoy Canonigo de la M. Y. De Santiago Andrés Díaz Rodríguez que es quien bolbió y buelbe si es necesario por él, hace cosa de un año que lo bolbió admitir en las funciones el Sr Cura porque le hizo ver que vivía independiente y que le calumniaban... Pero no pasa 3 meses la trae otra vez para casa y prosigue haciéndole la guerra á la biuda hermana dejándose decir que hasta que no la bea muerta no parará para hacerse señor y dueño de todo de casa; así es que los vecinos le tiemblan por ser bastante atrabesado y traidor y sino dígalo en la muerte del difunto P[re]s[b]íte[r]o D[o]n Miguel Picallo que lo acompaña hasta la bayuca sitio de su muerte y luego que lo vé con el agresor se marcha á su tiempo esto calló, fue un secreto que me confiaron [...]. Un Alguacil me dice [...] es testigo de un hecho bastante bergonzoso en S[a]n Pedro de Parada a una infeliz [...] biuda a quien por no pagar á su tiempo sacó el poco fruto que la infeliz tenía para su sustento conducida por un arriero de Codeseda en 3 caballerías. Luego supe más que fuera a curar una mujer de Cabanelas y una noche con la borrachera cayera de su caballería y perdiera una estola y un crucifijo que al otro día fueron allados por unos pastores de ganado ¡¡Señor Ex[celentí]mo las estolas por los montes!! [...] ponga traba a tantos males por el bien público y de la infeliz hermana [...], si amaneciese difunta sería un sentimiento para el vecindario y hacerle responsable pues ya en otro tiempo á media noche forzó la puerta de la abitacion de la hermana con compañía de un hombre y no la benció por que se reunió todo vecindario [...] todo esto es público y notorio. Repitimos por último los deponentes que si el nos lo sabe nos matara en nuestros propios ogares [...] le tenemos miedo [...]. Estrada y Julio de 1858.

○ arcebispo remítea ao arcipreste, párroco de Curantes, para que o informe. E este dille:

Exc[elentí]mo [...] S[e]ño[r] Arzobispo: no conozco a los denunciantes, ni S[a]n Pedro de Orazo pertenece a este Arciprestazgo, pero si al presvitero D. Francisco Castro a quien no contemplo criminal según varios ynformes que hé tomado. Verdad triste y amarga es que hay sacerdotes que andan embaucando a los fieles con esas envidias, malos ojos y otras patrañas según tengo oído; pero del presvitero de quien se dice no sé que sea verdad [...], por lo que juzgo esta ynstancia sea obra de enemigos [...].³³

33 A. H. D. S. Fondo Xeral 1234.

Difícil tesitura a deste clero, de extracción rural e que tendía a operar como un sector máis da fidalguía, contando con inimigos dentro e fóra da casa. Mais debemos deixar claro que os valores e motivacións que levaban a alguén a buscar a ordeación no século XVII non tiñan que ser os mesmos que xeneraban esa opción de vida nos séculos XIX, no XX ou no XXI.

Clérigos: índice (1620-2020)

Xoán Rodríguez Ponte Andrade. Sabemos que foi cóengo da catedral e tenencieiro de Codeseda. E no 1620, cando se inician as obras de reedificación e ampliación da igrexa, aparece no contrato xunto co mestre canteiro. Tamén deixou impronta no epígrafe dunha pedra que hoxe se atopa no muro das escaleiras que dan acceso á casa reitoral, e que –en orixe– estaría colocada nun lugar visible da parede do templo.

Gregorio Souto Escudeiro. No 1637 quería que lle admitisen a toma de posesión de bens do seu patrimonio para ascender a ordes maiores, polo que xa tería recibido a prima tonsura. Entre os bens figura a chamada *casa grande* do lugar de Barro.

Francisco Gómez Vilar. En 1649 quería recibir a prima tonsura. Era fillo do escribán Pedro Gómez Vilar e de María Quintillán. No 1656 solicitou ser admitido para grados menores e no 1660 acadaba o presbiterado a título de patrimonio con bens dun vínculo composto ca herdanza paterna: entre eles o lugar de Vilar en San Martiño de Forcarei, o da Insuela en Codeseda, varios muíños, *la torre que está arrimada a la casa de fuego*, etc. Foi ecónomo da parroquia entre 1676 e 1679

Gregorio Castro Couceiro. No 1658 intentou ordearse de grados menores, mais semella que tivo que agardar até o 1663 para conseguilo a título de patrimonio. Un ano despois presentouse ao diaconado.

Xerome Espiño. Ou tamén chamado Xerome Espiña. En 1660 exercía como reitor de San Lourenzo de Sabucedo e quería ordearse de subdiácono e de diácono. Puidera ser natural de San Xurxo de Codeseda.

Gregorio Souto. Exerceu como cura vicario até 1676 (non existen libros parroquiais anteriores).

Marcos Dadín Torres. Natural de Santa Baia de Dena, en 1686 pretendía ordearse de grados menores e ordes maiores até o presbiterado a título da capelanía de Nosa Señora da Concepción fundada na igrexa parroquial de Codeseda.

Francisco Arguide. De San Mateo de Toutón (diocese de Tui), no 1688 quería ordearse subdiácono a título da capelanía de Nosa Señora da Concepción e un ano máis tarde pediu o diaconado.

Vicenzo Silva Nodar. Fillo do familiar e notario do Santo Oficio Xoán Silva e de María Nodar, de San Xiao de Arnois, solicitou a coroa e os grados menores en 1692 e o diaconado en 1695 a título da capelanía de Nosa Señora da Concepción.

Xoán Rodríguez Meín Ortega. Ou cos apelidos Fernández Meín e Ortega. Foi cura vicario desde 1679 até 1698, ano no que faleceu o 8 de setembro.

Francisco Fonte Montenegro. Tamén coñecido como Francisco Vaamonde Fonte, cos apelidos paternos, ou Vaamonde Montenegro. Era fillo do escribán de San Xurxo de Codeseda Domingos Vaamonde Fonte (ou Vázquez Vaamonde) e de Ana Castro Montenegro. En 1693 pediu que o admitisen a recibir a tonsura e os grados menores e nos anos 1696 e 1697 solicitou o subdiaconado a título da capelanía de San Xosé e San Xoán Bautista no lugar do Peñasco de Santo Estevo de Abellá. Nesta última data quixo recibir tamén o diaconado.

Xerome Vallexo Castro. Presbítero soterrado o 19 de setembro de 1706.

Xosé Rodríguez Alén. Foi cura vicario desde o ano 1699 até o 1709.

Xoán Gómez. Exerceu como cura ecónomo desde 1709 até 1710.

André Eirín. Foi sepultado o 2 de xullo de 1733, sendo presbítero.

Domingos Bautís Fernández. Foi cura vicario desde 1710 até 1741.

Fernando Vázquez Castro. De San Xurxo de Codeseda, era un dos varios fillos adicados á Igrexa do escribán don Domingos Vaa-

monde Fonte e de dona Ana Castro Montenegro. En 1712 solicitou a prima tonsura.

Xoán Antón García Saborido. De San Xurxo de Codeseda, no 1727 solicitou a tonsura, xa que pretendía a capelanía de Nosa Señora da Concepción. Semella que morreu en xuño de 1748, dispoñendo que asistisen ao seu enterro, actos de séptimo día e cabo de ano 15 sacerdotes e que se celebrasen pola súa ánima 400 misas: 100 en Codeseda e as outras nos conventos de San Francisco de Pontevedra e San Lourenzo e San Francisco de Santiago.

Gregorio Martelo Fontao. De San Martiño de Laraño, recibiu a coroa clerical en 1729; no 1734 os grados menores, o subdiaconado e o diaconado sendo capelán da de Nosa Señora da Concepción na parroquial de Codeseda; e no 1735 o presbiterado.

Domingos Cabada Quintillán. Do lugar da Grella, recibiu a tonsura no 1733; no 1738 os grados menores e o subdiaconado a título da capelanía de Nosa Señora da Concepción (dotada con casa no lugar das Quintas, prados, etc.); e ao ano seguinte solicitou o diaconado e o presbiterado. Foi sepultado o 5 de abril de 1770.

Francisco Barreiro Magariños. Fillo dos veciños de San Xurxo de Codeseda don Xosé Barreiro e dona Francisca Magariños. En 1738 pediu a prima tonsura.

Salvador Cerviño. Foi soterrado como presbítero o 10 de xaneiro de 1739, con asistencia de 20 sacerdotes.

Francisco Eirín. Presbítero veciño de Abragán, morreu o 16 de decembro de 1754. Dispuxo 200 misas pola súa ánima.

Xoán Teodoro Leira Castro. Natural de San Pedro de Parada, foi cura ecónomo varios meses en 1741. Era fillo de Xoán Rodríguez Leira e de Xosefa Fernández Prado. Tivo unha filla co nome de María Antía o 27 de novembro de 1714, de Susana Souto, solteira e veciña do lugar de Paredes, á que recoñeceu no libro de bautizados da parroquia de Parada o 22 de decembro de 1728. Finou o día 20 de abril de 1776.

Xoán Antón Fernández. Foi cura vicario desde 1741 até 1755: morreu o 3 de marzo deste último ano, deixando dispostas 50 misas rezadas pola súa ánima.

Caetano Xil Taboada. Ou cos apelidos Xil Cerracín. Natural de San Xoán de Meavía, era un dos fillos adicados á carreira eclesiástica de don Ignacio Xil Taboada e Camba e de dona Xosefa Cerracín Arrocha e Montalbán. No 1743 recibiu a prima tonsura. En 1757 obtivo os grados menores, o subdiaconado e o diaconado a título de bens patrimoniais sitos en San Xurxo de Codeseda e Santa Mariña de Ribela. E no 1758 solicitou o presbiterado.

Pedro Ruzo Fernández. Natural de San Tomé de Quireza, obtivo a prima tonsura en 1748 e no 1751 solicitou os grados menores e as ordes maiores a título da capelanía de San Roque de San Xurxo de Codeseda, sita no lugar das Quintas e que comenzara a edificar don Xosé Barreiro Silva e dotara en 1741 Domingos Fernández, veciño de Santo André de Souto.

Xosé Castro. Cura ecónomo desde 1755 até 1756.

Cibrán André Martínez. Foi cura vicario de Codeseda desde 1756 até 1781, falecendo en maio deste ano. Dispuxo que asistisen ao seu enterro e actos fúnebres 12 sacerdotes e que se dixesen 130 misas pola súa ánima. Tamén deixou por herdeira da metade dos seus bens á fábrica parroquial, dunha cuarta parte ao santuario de Nosa Señora de Guadalupe e da outra cuarta porción a unha irmán.

Domingos Antón Vaamonde Montenegro. Ou cos apelidos Vázquez Vaamonde. Era fillo dos veciños do lugar de Codeseda don Xosé Vaamonde e dona Xosefa Cortes (neto de don Domingos Vázquez Vaamonde e dona María Vallexo Castro), recibiu a tonsura en 1758 e entre os anos 1762 e 1763 as demais ordes a título de patrimonio. Faleceu o 22 de abril de 1807, sendo soterrado na igrexa en hábito franciscano de saial nunha sepultura dotada "*lle-vando sobre él el ornato completo y fúnebre de las vestiduras sacerdotales*". Testara dispoñendo que asistisen 12 curas ao seu enterro e actos fúnebres, por separado dos que lle debía facer a Irmandade do Clero do partido, da que era membro. Quixo que se lle aplicasen 200 misas rezadas, que se lle fixese un novenario con 4 sacerdotes, se desen 500 reais ao santuario da Grella e 33 máis a Santo Antón de Padua (*venerada su ymagen en esta dicha Yglesia*)... Deixou

por única herdeira a María Rosa Solís Castro, esposa de Xoán Saborido Vaamonde (veciños da Devesa)

con condición de que si faleciese sin subcesión ella y los hijos lexítimos que huyese en dicho matrimonio, el Cura que al tiempo fuese de esta explicada de Codeseda pudiese vender y suvatar dicha su erencia y distribuir la mitad de ella entre los pobres desta nominada parroquia, y la otra mitad en misas y sufragios por su anima, las de sus padres, y más del Purgatorio, y que por razón de esta fatiga dicho Cura vendedor toma para sí la décima de lo que vendiere.

Domingos Antón Barreiro Silva. Ou cos apelidos Barreiro Magariños: era fillo dos veciños de San Xurxo de Codeseda don Xosé Barreiro e dona Francisca Magariños. En 1759 solicitou a tonsura estando presentado polo padroeiro á capelanía de San Roque e no 1771 pediu os grados menores, o subdiaconado e o diaconado sendo reitor de San Salvador de Leirado (diocese de Tui).

Xosé Antón Cortes. Nacido no lugar de Quintas o 26 de xaneiro de 1747, en 1772 e 1773 pediu as ordes maiores como capelán da de San Roque da parroquia.

Xosé Cortes Barreiro. Nacido no lugar de Quintas o 11 de setembro de 1750, era fillo do escribán Domingos Antón Cortes Ares e de María Antía Barreiro Magariños. Exerceu como cura ecónomo en 1781 e 1782.

Xurxo Cortes Barreiro. Irmán do anterior, era outro dos fillos adicados á carreira eclesiástica dos veciños das Quintas don Domingos Antón Cortes e dona María Antía Barreiro: pediu tódalas ordes a título de bens patrimoniais entre 1773 e 1780. Morreu o 1 de xaneiro de 1808, sendo soterrado en hábito franciscano con vestiduras sacerdotais por riba e nunha sepultura *dotada de los Barreyros*.

Xoán Antón Vila. Natural de San Cristovo de Remesar, foi cura vicario de San Xurxo de Codeseda entre o 23 de marzo de 1782 e o 9 de marzo de 1801, data do seu pasamento en Madrid.

Antón Varela Eiriz. Do lugar de Marcenlos, en 1787 pediu a prima tonsura.

Xosé Estevo Fernández. Natural de Santa Baia de Curtis, foi cura vicario entre os anos 1801 e 1815, ano da súa morte. Fundou a confraría de Nosa Señora de Guadalupe o día 8 de setembro de 1812, sendo o primeiro confrade.

Hilario Saborido Campos. Ou cos apelidos Saborido Campo. Nacido no lugar de Marcenlos en febreiro de 1766, entre 1787 e 1799 pediu tódalas ordes a excepción do presbiterado con bens patrimoniais (encabezados por *unha casa con dous muíños no río nomeado Ponte da Pedra*). Exerceu como ecónomo da parroquia en 1815 e 1816. Foi soterrado o seu corpo o 5 de maio de 1834.

Xosé María Ignacio Antón Buela Ferreiro. Fillo dos veciños de Codeseda don Domingos Buela García e dona Sabela Ferreiro Neira, no 1788 solicitou a prima tonsura.

Xoán Antón Cadavid Cabada. Natural de San Lourenzo de Sabucedo, era un dos fillos adicados Igrexa do escribán do couto de Codeseda don Xoán Antón Cadavid e de dona María Antía Cabada (e neto do tamén escribán don Francisco Antón Cadavid). No 1805 solicitou a tonsura.

Francisco Antón Cadavid Cabada. Era un dos fillos adicados á Igrexa dos veciños de San Lourenzo de Sabucedo don Xoán Antón Cadavid (escribán de número do couto de Codeseda) e dona María Antía Cabada: en 1811 ordeárono de tonsura e no 1815 pediu os grados menores con bens patrimoniais sitos no lugar de Panceiros de Santa María de Moimenta.

Manuel Cortes Núñez. Fillo dos veciños do lugar de Quintas don Plácido Cortes e dona María Vitoria Núñez, obtivo tódalas ordes entre 1806 e 1816 a título de patrimonio cedido –en parte– por un tío seu presbítero: incluía viñas no lugar de Beasque de Santa María de Paradela e dúas rodas de muíño en Toxa Grande *no río da Ponte da Pedra*. Foi soterrado o 17 de maio de 1863, tendo disposto ser amortallado en hábito franciscano de saial e que se aplicasen 200 misas rezadas pola súa ánima. Tamén deixou cabodano e máis misas á Virxe de Guadalupe, á do Carme, a San Xosé...

Xosé Antón Lourenzo Picallo. Natural de Santo André de Souto, entre 1808 e 1811 pediu tódalas ordes a título de patrimonio sito en San Xurxo de Codeseda (no que figuraba parte do muíño de Portoaimó). Chegara a oficial do Rexemento de Maceda e antes do Batallón Literario.

Santiago Castro Picallo. Patrimonista de San Xurxo de Codeseda que recibiu tódalas ordes entre 1812 e 1817.

Domingos Antón Bouzas. Natural de Santo Amedio de Seavia (onde foi bautizado o 17 de outubro de 1786) recibiu as ordes en 1807 e 1816 a título de patrimonio e exerceu como cura vicario en Codeseda desde 1816 até 1830.

Xosé Sebastián Velázquez Carbajal. Foi cura vicario desde 1831 até 1834, ascendendo logo a cóengo doutoral na colexiata da Coruña.

Manuel Roque Castro Vallexo. Fillo dos veciños do lugar de Quintas Xosé Castro e Bernarda Vallexo Castro, foi bautizado o 5 de agosto de 1793. Entre 1812 e 1818 conseguiu tódalas ordes a título de patrimonio (que incluía parte do muíño dos Cerviños). Foi ecónomo da parroquia nos períodos 1834-1836, 1838-1842 e 1845-1848. Foi soterrado o seu corpo o 8 de xaneiro de 1868, amortallado en hábito franciscano e vestiduras sacerdotais, con asistencia de 20 curas.

Martíño Fragoso Fonte. Do lugar de Marcenlos (aínda que seus pais eran naturais de Nigoi), obtivo tódalas ordes como patrimonista entre os anos 1814 e 1818. O seu corpo foi sepultado o 11 de abril de 1843, xa que faleceu de tuberculose aos 54 anos.

Manuel Antón Fernández Gómez. Natural de Codeseda, entre 1817 e 1822 pediu tódalas ordes como patrimonista asignado a Santa María de Nigoi.

Miguel Picallo Lourenzo. Do lugar de Xubrei, acadou tódalas ordes entre os anos 1818 e 1823 como patrimonista. O 27 de maio de 1838 sepultaron o seu corpo no camposanto parroquial

el que murió á las once de la noche poco mas; en el lugar da Portela [...] de resultas de unos golpes mortales que le dieron [...] la noche del veinte y tres del mismo Mayo, unos Sujetos ó Sujeto cuyos nombres y apellidos constarán de la declaración del paciente y testigos: no se le hicieron los funerales por haberse enterrado cosa de las seis de la tarde de aquel día veinte y siete [...] á causa de haberle inspeccionado tres físicos publicamente en el dicho campo santo [...], por mandato del Sr. Corregidor de este partido de Tabeirós; quien prestó su presencia acompañado de escribano y ausiliado de alguna tropa del Cantón de la Estrada; dejando la sepultura señalada con dos cruces divujadas en dos piedras, de las tres que cierran la sepultura.

Francisco Castro Vallexo. Ou cos apelidos Castro Picallo: era fillo dos veciños do lugar de Codeseda Xoán Castro e Luísa Picallo. Entre 1823 e 1838 solicitou tódalas ordes a título de patrimonio

(composto por unha única partida: a casa número 13 da rúa do Franco de Compostela). O seu corpo foi sepultado o 17 de febreiro de 1862 con vestiduras do seu oficio e hábito franciscano. Dispuxo que asistisen 20 curas aos actos e semella que dispuxo 1200 misas pola súa ánima e o reparto da súa herdanza. Mais o papel non estaba firmado e carecía de valor.

Ramón Morgade Pena. Do lugar de Barro, solicitou tódalas ordes entre 1827 e 1836 a título da capelanía de Santo Antón de Padua en Santa María de Sacos. Faleceu en agosto de 1848

de un golpe que llevó de un muro abajo con que rompió una pierna, y habiéndose entrado la Gangrena no ha tenido remedio, por lo que duró la pequeñez de cuatro días [...] siendo de edad de treinta y ocho años.

Bernardo Cabada García. Do lugar da Grela, entre 1828 e 1846 recibiu tódalas ordes: primeiro como capelán da capelanía de Nosa Señora de Guadalupe sita no lugar do Campo e despois con bens patrimoniais. O 20 de xuño de 1873 sepultaron os seus restos mortais amortallados cas vestiduras sacerdotais.

Xosé Vaamonde Castro. Fillo dos veciños do lugar da Devesa Xoán Saborido Vaamonde e Rosa Castro Vallexo, ordeárono de tonsura en 1830 e tres anos despois pretendeu os grados menores como capelán de Nosa Señora do Bo Suceso en San Miguel do Campo.

Salvador María Cadavid Cabada. Era un dos fillos adicados á Igrexa do escribán don Xoán Cadavid e de dona María Antía Cabada, veciños da parroquia. Obtivo tódalas ordes entre 1832 e 1837 a título de patrimonio.

Caetano Taboada Soutelo. Fillo dos veciños de Codeseda don Luís Taboada Vaamonde e dona María Antía Vázquez Soutelo, pediu a tonsura en 1832.

Manuel María Fraíz Morgade. Do lugar da Bugalleira, entre 1834 e 1846 obtivo tódalas ordes como reitor de San Xiao de San Xusto e Santo Adrián de Verdes. Tamén foi párroco de Ribela, Meavía e Liripio. O 17 de outubro de 1876 foi soterrado o seu corpo no camposanto de Ribela, en cuxa reitoral falecera a causa dun accidente.

Xoán García Fernández. De San Xurxo de Codeseda, pediu a tonsura en 1834.

- Xosé Ruzo Castro.** Do lugar da Grela, no 1834 pediu a tonsura.
- Carlos Landeira Ribas.** Natural de San Xoán Apóstolo de Santiago, entre 1834 e 1836 recibiu os grados menores e as ordes maiores a título da capelanía de San Roque en San Xurxo de Codeseda (fundada por Domingos Fernández e que era de padroado da Casa de Quintáns).
- Francisco Díaz Rodríguez.** Cura vicario entre 1836 e 1838. Finou en Santiago de Compostela o día 6 de novembro de 1838 (levaba enfermo sen poder firmar partidas desde o ano 1837).
- Vicenzo Salgueiro.** Fillo de André Salgueiro e Xoana Silva nacido en Santa María do Camiño de Santiago o día 14 de maio de 1807. Foi cura vicario entre 1842 e 1845.
- Manuel Vila Frago.** Do lugar de Marcenlos, obtivo a tonsura en 1844; e nos anos 1849 e 1850 pretendeu os grados menores con patrimonio en Santa María de Nigoi, no lugar de Pedrafita.
- Gabriel Igrexas Eirín.** Do lugar de Currelos, entre 1844 e 1850 recibiu tódalas ordes como patrimonista e catedrático do Seminario Conciliar de Santiago.
- Manuel Cortes Castro.** Do lugar de Quintas, ordeárono de prima tonsura en 1845. E no 1850 solicitou os grados menores a título de patrimonio.
- Francisco González Camiño.** Ou cos apelidos González Cuervo. Naceu en Santiago de Compostela o 12 de marzo de 1813, fillo de Manuel González Camiño, orixinario da vila de Baiona, e de Manuela Xoana Cuervo Porras (noutros documentos aparece como Xoana Cuervo Arango), natural da parroquia do Hospital Real de Santiago. Obtivo as ordes sacras entre 1833 e 1848. Foi cura vicario entre 1848 e 1870. Neste último ano foi elevado arcedián da catedral de Mondoñedo o 5 de marzo. O seu pasamento tivo lugar en Mondoñedo o día 23 de setembro de 1888 e foi sepultado no camposanto municipal.
- Agostiño Salgado Bouzas.** Era fillo de don Xosé Salgado e dona Xoana Bouzas Valcárcel *veciños das casas da Carballeira da Devesa* e recibiu as augas de bautismo na igrexa de Codeseda o 20 de xaneiro de 1834. Entre 1849 e 1858 conseguiu tódalas ordes a título de patrimonio. Foi cura vicario desde 1877 até 1904. O seu

pasamento aconteceu en Codeseda, o día 6 de setembro de 1904, sendo sepultado no cemiterio parroquial.

Xosé Cadavid Cabada. Presbítero do lugar de Codeseda morto en febreiro de 1851 *a resultas de un vómito de sangue* con 55 anos de idade.

Xosé Bieito García Vaamonde. Do lugar de Quintas, entre 1852 e 1863 pediu tódalas ordes con bens patrimoniais. Faleceu en outubro de 1883 sen testar.

Manuel Rodríguez Gómez. Do lugar de Xubrei, pretendeu a tonsura en 1853.

Ricardo Porto Taboada. Fillo dos veciños de Codeseda don Manuel Porto Gómez e Xaquina Taboada Soutelo, en 1853 quería ordearse de prima tonsura.

Santiago Cortes Castro. Do lugar de Quintas, entre 1855 e 1869 recibiu tódalas ordes a título da capelanía de Nosa Señora da Concepción da parroquia de Codeseda; aínda que acadou o subdiaconado e o diaconado na diocese de Tui, onde se vira obrigado a refuxiarse a causa da revolución. Morreu aos 80 anos, sendo sepultado o seu corpo o 27 de xuño de 1907.

Xoán Igrexas Eirín. Patrimonista do lugar de Currelos que pretendeu tódalas ordes entre 1855 e 1862.

Xosé Vilas Fragoso. Do lugar de Marcenlos, entre 1856 e 1863 conseguiu tódalas ordes a título de patrimonio. No 1878 actuaba como coadxutor de Santiago de Tabeirós.

Francisco Sieiro Vallexo. Ou cos apelidos Sieiro Castro. Do lugar de Vilaboa, en 1857 quería ordearse de prima tonsura; orden que acadou, falecendo con ela en agosto de 1859.

Manuel Vilas Fragoso. Presbítero natural de Marcenlos e morto en Compostela aos 36 anos de idade: foi soterrado o 18 de decembro de 1861. Malia non testar, declarara que desexaba 200 misas. Asistiron ao funeral os sacerdotes de que se compoñía a irmandade deles establecida en San Xurxo de Cereixo.

Domingos Antón Picallo Riba. Patrimonista do lugar de Xubrei, na década 1861-1871 acadou tódalas ordes.

Xenaro Torre Castro. Natural de Santo Isidro de Montes, obtivo as ordes sacras entre 1862 e 1868 e foi ecónomo de Codeseda entre 1870 e 1877.

Manuel Souto Ulla. Do lugar de Xubrei, conseguiu a tonsura en 1861; e nos anos 1872 e 1873 as restantes ordes a título de patrimonio.

Miguel Sieiro Castro. Do lugar de Vilaboa, recibiu as ordes sacras entre 1861 e 1871 con bens patrimoniais.

Xosé María Rodríguez Gómez. Patrimonista do lugar de Xubrei que recibiu tódalas ordes entre 1861 e 1873.

Martiño Vilas Fragoso. Patrimonista do lugar de Marcenlos que obtivo tódalas ordes entre 1861 e 1878.

Darío Vaamonde Castro. Natural de Codeseda, solicitou a tonsura no 1861.

Ramón Ribas Cangas. De San Xoán de Saídres (diocese de Lugo) malia que residente en San Xurxo de Codeseda, na década 1864-1874 recibiu as ordes sacras a título de suficiencia.

Xosé Souto Igrexas. Do lugar de Currelos, entre 1870 e 1875 conseguiu as ordes sacras a título de suficiencia. Foi párroco de San Pedro de Muros e morreu en 1922, recibindo sepultura o 11 de abril.

Manuel Garrido Cortes. Do lugar de Quintas, entre os anos 1871 e 1876 obtivo tódalas ordes a título de suficiencia.

Serafín Eirín Cortes. Natural de Codeseda, en 1875 e 1876 conseguiu tódalas ordes a título de suficiencia.

Manuel Castro Ballesteros. Fillo dos veciños de Codeseda don Xosé Castro Cortes e dona Carme Ballesteros Xil que acadou tódalas ordes no período 1875-1880 a título de patrimonio.

Manuel Ermida García. Do lugar da Grela, entre 1875 e 1882 recibiu as ordes sacras a título de suficiencia.

André Souto Carbón. Nacido no lugar de Vilar de San Martiño de Callobre o 6 de xuño de 1857, era fillo de Pascual Souto Rebolo e de Manuela Carbón Porto. Acadou tódalas ordes entre 1877 e 1881 a título de suficiencia e exerceu como párroco de Codeseda desde 1905 até 1933. Sendo cura e arcipreste de Tabeirós no ano 1909, organizou unha peregrinación de todo o arciprestado a Compostela con motivo do Ano Santo, sendo noticia nos xornais da época. En tempos deste párroco fíxose para a igrexa parroquial de Codeseda o altar maior co seu baldaquino, coas

imaxes de San Xurxo no centro e nos laterais as de San Xosé e a Virxe das Dores, polo escultor santiagués Maximino Magariños no ano 1910. En 1924 mercou un harmonio cun custo de 2.200 pesetas. E no 1929 instalou a luz eléctrica na igrexa parroquial. No ano 1928 tiña de coadxutor da parroquia a Mariano Souto Carbón. Finou en Codeseda o 25 de febreiro de 1933, sendo sepultado no camposanto parroquial.

Xosé Ruzo Campos. Do lugar de Barro, ordeárono de coroa en 1880; de grados menores en 1882; e no 1883 pretendeu o subdiaconado.

Manuel Cabada Sieiro. Do lugar da Grela, intentou conseguir a tonsura en 1882 e 1883.

Xosé Garrido Cortes. Natural de Codeseda, en 1884 quixo ordearse de coroa.

Benigno Cortes García. Do lugar de Quintas, solicitou as ordes sacras a título de suficiencia no período 1887-1890.

Agostiño Salgado Rodríguez. Fillo dos veciños de Codeseda don Pedro Alcántara Salgado Bouzas e dona Carme Rodríguez Arias, nos anos 1889 e 1890 conseguiu as ordes sacras a título de suficiencia.

Manuel Castro Rodríguez. Do lugar de Fontenlo, no período 1890-1893 solicitou tódalas ordes a título de suficiencia.

Antón Rodríguez Souto. Natural de Santo André de Souto, onde naceu o 12 de outubro de 1868 de Xosé Rodríguez Penela e Dominga Souto Picallo, obtivo a tonsura en 1890 e parece que as demais ordes na diocese de Yucatán (México), onde foi párroco de San Francisco de Asís de Telechaque. En Codeseda exerceu como ecónomo entre 1933 e 1938. Finou en Souto o día 11 de abril de 1955, sendo soterrado no cemiterio da devandita parroquia.

Manuel Álvarez Vaamonde. Natural de Codeseda, obtivo tódalas ordes no período 1890-1895: primeiro a título de suficiencia e desde 1894 como capelán coadxutor da capelanía de Nosa Señora da Consolación e Concepción de Santiago de Tabeirós. O 12 de decembro de 1910 foi sepultado o seu corpo.

Manuel Eirín Ribas. Do lugar de Abragán, no intervalo 1890-1895 recibiu as ordes sacras a título de suficiencia.

Francisco Xosé Igrexas Vilaboa. Do lugar de Currelos, en 1890 solicitou a tonsura.

Xosé Carbón Rodríguez. De San Xurxo de Codeseda, no período 1892-1894 solicitou tódalas ordes a título de suficiencia.

Manuel Fontes Cabada. Do lugar de Currelos, nos anos 1894 e 1895 pretendeu tódalas ordes a título de suficiencia. Residira en Madrid tres anos con motivo do servizo militar.

Manuel Andión Fraíz. Do lugar da Bugalleira, en 1900 e 1901 obtivo as ordes sacras a título de suficiencia.

Manuel Eirín Cadavid. Nacido o 21 de febreiro de 1877 no lugar da Devesa, era fillo de Xosé Eirín Pena e de Margarida Cadavid Varamonde, *propietarios*. No intervalo 1899-1901 pediu tódalas ordes a título de suficiencia e nos anos 1904 e 1905 exerceu como economo en Codeseda. Entrou a servir como párroco de Muxía en maio de 1921 e alí foi o impulsor da devoción moderna da Virxe da Barca, feito que culminou en 1947 ca coroación canónica. Promoveu tamén a construción das dúas torres do Santuario de Nosa Señora da Barca en 1958 –avalado economicamente polo veciño da vila don Romualdo Bentín–, encargando o proxecto ao arquitecto P. Estellez. A beizón das torres e campás tivo lugar o 29 de setembro de 1959. Don Manuel Eirín fixo moitas máis obras de mellora no santuario, revelándose como un impulsor incansable da súa freguesía e alentando a devoción á Virxe. Canda o seu pasamento, o día 7 de marzo de 1969, aconteceu unha gran manifestación de loito, sendo trasladados os seus restos para que ficasen no interior do santuario de Nosa Señora da Barca.

Constante Souto Barros. Natural de San Lourenzo de Moraña, onde foi bautizado o 16 de abril de 1889, era fillo de Xosé Souto Vilaverde e de María da Concepción Barros Barros, veciños do lugar de Soar. Tiña cinco irmáns chamados Ramón, Concepción, Dolores, Severino (que foi director espiritual do Seminario Conciliar de Santiago) e Ernesto. Obtivo tódalas ordes entre os anos 1909 e 1914 a título de suficiencia e detentou os beneficios curados de Dordaño, Ribela e Codeseda. A esta última parroquia chegou en 1940, e durante os dez anos que permaneceu nela fixo obras de importancia na igrexa: fixo instalar o piso e a balaustrada da

tribuna, varios candeleros eléctricos, pintura de imaxes, adquisición dun Via Crucis, etc. Foi crego moi querido polos fregueses, elaborando numerosos informes favorables aos perseguidos pola ditadura franquista. Finou en Codeseda o 18 de xuño de 1952, cando contaba 62 anos de idade, e está soterrado diante da porta da igrexa. Con motivo do 25 aniversario do seu pasamento celebrouse na parroquia un solemne funeral o 20 de xuño de 1977.

Xoán Basteiro Igrexas. Do lugar de Currelos, no período 1917-1920 obtivo tódalas ordes a título de suficiencia.

Xosé Quintillán Fraiz. Natural de Codeseda, conseguiu tódalas ordes a título de suficiencia entre 1917 e 1920.

Xoán Igrexas Bergueiro. Do lugar de Marcenlos, no trienio 1917-1919 acadou as ordes sacras a título de suficiencia.

Manuel Andión Igrexas. Do lugar de Currelos, entre 1919 e 1921 recibiu as ordes sacras a título de suficiencia.

Xurxo Vázquez Fernández. Bautizado en Santa Uxía de Ézaro (onde o seu pai don Manuel Vázquez Xil, orixinario Codeseda, dirixía as obras da central hidroeléctrica), conseguiu tódalas ordes a título de suficiencia entre 1921 e 1926.

Benigno Cortes Quibeo. Natural de Codeseda, recibiu as ordes sacras a título de suficiencia entre 1924 e 1927.

Ignacio Triñáns Fariña. Natural de Santa Mariña de Cambados, onde naceu o 25 de setembro de 1900, era fillo de Xesús Triñáns Fernández e de Asunción Fariña Portas. Recibiu tódalas ordes entre 1924 e 1926 e exerceu como párroco en Codeseda desde 1953 até o 1957. Nese período realizou diversas compras de obxectos para o culto, restaurou a pintura do retablo da Inmaculada e Santo Antón, encargou a fabricación dun pórtico na entrada da igrexa... Percorreu como capelán, ecónomo e/ou reitor diversas parroquias: Portas, Mourente, Dorrón, Sanxenxo... rematando a súa labor de crego en Sisán. Faleceu na residencia de anciáns de Cambados o 28 de agosto de 1975 e está soterrado no camposanto desa vila.

Xoán Míguez Igrexas. Do lugar de Marcenlos, no período 1933-1935 pretendeu tódalas ordes a título de pensión patrimonial.

Manuel Severino Troitiño Mariño. Nacido no lugar de Cobas da parroquia de San Martiño de Forcarei o 13 de setembro de 1909, era fillo de Manuel Troitiño Roscado, natural de Santo Amedio de Millarada, e de María Esperanza Mariño López, natural de Forcarei. Recibiu tódalas ordes a título de pensión patrimonial entre 1934 e 1937 e exerceu como ecónomo en Codeseda desde 1938 até 1940. No 1954 foi nomeado cóengo da catedral de Santiago, onde tomou posesión o día 16 de xuño dunha canonxía con carga de secretario capitular. Chegou a notario maior da Curia Diocesana e desenvolveu o oficio de vogal da Xunta de Prensa Católica. Celebrou misa na capela privada do Hostal dos Reis Católicos o día 4 de abril de 1971 para o Xefe do Estado, o Xeneralísimo Franco, e a súa dona. Con data de 19 de decembro do mesmo ano celebrou misa na capela maior da catedral con motivo de gañar o xubileo a infanta dona Margarida. Publicou o libro titulado “*La bula Apostolici Ministerii en Santiago*” (CSIC, Salamanca 1952) e no ano 1954 participou nun documental titulado *Misa en Compostela*. Faleceu no hospital Xil Casares de Santiago o 18 de xaneiro de 1994.

Anastasio Fernández Alonso. Naceu en Cármenes, provincia de León, o 23 de agosto de 1910 e exerceu como párroco en Codeseda desde 1957 até 1958. Faleceu na Residencia de anciáns de Betanzos o 24 de setembro de 1999.

Xesús López Souto. Natural do lugar de Soar de San Lourenzo de Moraña, onde nacera o 11 de decembro de 1919, era fillo do perito agrícola Serafín López Fidalgo e de Concepción Souto Barros. Recibiu tódalas ordes entre 1945 e 1947 e exerceu de coadxutor da parroquia e de ecónomo durante seis meses en 1952. Tamén estivo como párroco de San Martiño de Laxe. Finou en Moraña o 6 de febreiro de 1998.

Xosé María Barreiro Paz. Fillo de Emilio Barreiro Varela e de Esperanza Paz Cardesín, veciños do lugar de Loureiro da parroquia de Santa María de Dúas Igrexas, onde naceu o día 10 de marzo de 1923. Obtivo as ordes sacras entre 1948 e 1950 e foi párroco en Codeseda durante máis de medio século: desde 1959 até 2013. Cómpre suliñar as reparacións e obras que se executaron

baixo o seu reitorado: nova instalación eléctrica, restauración da imaxe da Virxe do Rosario, piso novo na tribuna... . No ano 1962 ampliou o camposanto e entre os meses de agosto a decembro de 1972 foi responsable das obras na ousia románica, rematando en pedra (pedra dos pendellos e antigas banquetas da feira de Codeseda) parte da cabeceira da nave da igrexa. No ano 1987 dispuxo restaurar a esfera do reloxos do templo. En 1996 mercou a imaxe de Santa Rita. No ano 2006 adquiriu un alpendre en ruínas que se atopaba na carballeira da Feira. No mes de outubro de 2009 fixo instalar un reloxos electrónico na igrexa parroquial. Revisou as tomas de terra dos pararraios da igrexa e do santuario de Nosa señora de Guadaupe... .

Rubén Diéguez Gutiérrez. Nacido en San Xoán de Vilanova- Lalín o 12 de maio de 1979, fillo de Rubén Diéguez Albore de María do Carme Gutiérrez Gómez, Ordenouno diácono o Arcebispo D. Julián Barrio o día 1 de xullo de 2012 e presbítero o día 7 de xullo 2013 por D. José Diéguez Reboredo, bispo emérito de Tui e Vigo, xa que o arcebispo D. Julián Barrio estaba ingresado no hospital igual que súa nai, que tampouco puido estar na ordenación do seu fillo. O Primeiro que fixo D. Rubén despois da ordenación foi ir ó hospital a visitar a súa nai, dona María do Carmen e ó arcebispo D. Julián Barrio.

Dinos este excelente crego que ten a triste honra de ser o sacerdote da diocese de Santiago de Compostela que máis parroquias ten ó seu cargo, un total de doce: Santa María de Olives, Santa Baia de Pardemarín, Santa Cristina de Vinseiro, San Xurxo de Cereixo, Santa Mariña de Ribela, San Xoán Evanxelista de Meavía, San Xoán Bautista de Liripio, San Lourenzo de Sabucedo, Santa María de Nigoi, Santo André de Souto, San Miguel de Arca e San Xurxo de Codeseda. Ademáis de seis capelas e o Santuario da Virxe de Guadalupe de Codeseda.

Este novo reitor recuperou a procesión da Virxe da Guadalupe da Grela, que levaba mais de medio século sen celebrarse: as imaxes saen desde Codeseda portadas por devotos e internándose no monte por camiños forestais fan o encontro ca Virxe de Guadalupe no alto da Cruz. Logo, en procesión, van todos cara

ao santuario da Grela. Recuperou tamén a festividade do Corpus, na que as mulleres elaboran unha alfombra de flores dentro do templo parroquial e no adro. Tamén dotou ao santuario de Nosa Señora de Guadalupe e á igrexa de equipo de son e outros aditamentos. É o primeiro párroco do que se ten constancia que celebra a misa en galego con regularidade... por moitos anos.

Consideracións finais e análise estatístico

Chegados a este punto é momento de concretar algunhas cifras que nos acheguen á realidade estatística do clero en Codeseda e da súa evolución temporal; para o que imos recorrer tamén á comparación con outras parroquias circunveciñas. Polo de pronto adiantaremos que a gráfica de evolución de ordeados entre 1620 e 2019 debuxaría unha parábola ascendente con cumios acusados até segunda metade do século XVIII, desplomándose de forma irrecuperable a partir do XIX até chegar hoxe aos seus mínimos históricos: basicamente o mesmo comportamento que tería de construíla con datos de clérigos de calquera das parroquias do arcebispado, salpicada de avatares históricos –crises alimentarias de mediados do XVIII ou situacións como a guerra de 1809 contra os franceses, por exemplo– que orixinan descensos puntuais no número de aspirantes.

Podemos concluír que o número total de persoas orixinarias da parroquia de Codeseda que obtiveron ordes sagradas da Igrexa Católica Occidental entre os anos 1649 e 1951 foi de 79 individuos, sendo o momento de maior intensidade nas ordeacións o século XVIII (ao igual que no resto de Galicia). Dos 79 aspirantes a ordes chegaron a presbíteros 48. E do total dos que conseguiron ordes maiores (subdiáconado, diaconado ou presbiterado), unicamente 3 en todo ese tempo o fixeron a título de beneficio ou coenxía; 5 lograron mercé a capelanías (das que a parroquia contaba nese período cando menos con 3, como dixemos arriba); 18 baixo a figura de *suficiencia* a partir de finais do século XIX; e 27 deles empregaron bens para constituír patrimonio. É pois, con diferenza, o grupo dos patrimonistas o máis numeroso; o que nos levaría a pensar na importancia que na parroquia tiñan os labregos acomodados, que podían permi-

tirse unha educación básica, primeiro, para algúns dos seus fillos e a detracción de parte dos seus bens (ou do excedente dos mesmos, ficticia ou aparente os máis dos casos), despois, para procurarlles ordes sagradas. Sería revelador un estudo en fondura sobre a produtividade da parroquia e a importancia dos diferentes cultivos ao longo do chamado Antigo Réxime, alén das palabras de Pascual Madoz no século XIX:

produce maíz, centeno, menudo, algún trigo, mijo, patatas y otras legumbres, mantiene ganado vacuno, mular, de cerda, lanar y cabrío. Hay caza de liebres, perdices y conejos, animales dañinos y pesca de truchas. Industria, además de la agrícola se cuentan cinco molinos harineros y los vecinos se dedican a la cantería en varios puntos de Galicia.³⁴

Debemos ter en conta neste análise, a maiores, a vitalidade da parroquia dentro da zona, xa que nela se celebraban desde antigo dúas concorridas feiras os segundos e cuartos domingos de cada mes, á beira da estrada que unía Codeseda ca vila de Pontevedra e do camiño tradicional que levaba de Cerdedo a Compostela. E que A Estrada non alborexou como vila até o ano 1859, cando se lle concedeu tal distinción mediante Real Decreto.


Se facemos unha gráfica comparativa ca parroquia de Codeseda entre outras da mesma zona e concello, observamos a situación punteira que ostenta en canto a número de ordeados (ver gráfica 1):

De forma simplificada poderíamos pensar que a extensión da parroquia resulta un factor determinante, dado que é a maior do concello en canto a superficie: unha maior dispoñibilidade potencial de recursos (agrarios e forestais, fundamentalmente) orixinaría un maior pulo demográfico que se traduciría (sobre todo no século XVIII, ca axuda e despegue de novos cultivos americanos, coma o millo) nun número máis elevado de aspirantes a ordes sacras (ver gráfica 2).


Mais debemos ampliar o espectro de posibilidades e contemplar –por exemplo– outros factores medioambientais, como a presenza dunha hidrografía privilexiada encabezada polo río Umia e os regatos da Grela, de Barro, das Forcadas, das Quintas, dos Fornos... Á

34 Madoz, Pascual. *Diccionario geográfico, estadístico e histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1845-1850.


Gráfica 1. Número de ordeados por parroquias



Gráfica 2. Número de ordeados en relación á extensión das parroquias



Gráfica 3. Relación entre o número de ordeados e o número de muíños por cada parroquia





Vello muíño no río das Quintas.

vista da seguinte gráfica apreciaremos o cando menos incompleto que podería resultar circunscribirmos a un enfoque sinxelo e unidireccional, pois unha elevada porcentaxe de patrimonistas contaban con muíños e batáns entre os bens que empregaron para acceder ás ordes maiores (ver gráfica 3).

En concreto case un 20% dos patrimonios da parroquia conteñen enxeños hidráulicos. E se nos poñemos en mans da cega estatística, e tendo en conta que unha das tres capelanías instituídas na parroquia se beneficiaba tamén dun muíño, colexiriamos que unha terceira parte destas fundacións dependía en boa medida destes artefactos. Esta porcentaxe de ordeados a título de patrimonio e enxeños hidráulicos dispárase noutras freguesías do concello, asimismo privilexiadas pola hidroloxía: ollemos os casos das de Arca e Souto, Rubín e Lamas, Callobre...

E aínda nos restaría por analizar a importancia dos recursos forestais na constitución de patrimonios: plantacións de carballos e castiñeiros primeiro (para aproveitamentos de madeira de froito) e despois do século XVIII introdución de piñeiros e outras especies. Ou dos vitícolas. Ou rastrexar as produtividades do terreo incul-

to e os seus rendementos nas economías labregas. Por non falar da relevancia que tiveron certos oficios, coma o dos canteiros, na xeneración de clérigos: moitos aforros conseguidos con esta profesión foron investidos en procurarlles estudos e carreira a familiares. Este gremio aportou de forma continuada membros ao clero parroquial; sobre todo en zonas xeográficas concretas –como a chamada Terra de Montes– nas que o traballo da pedra era unha tradición familiar: Xosé Suárez Fernández, de Santo Isidro de Montes, fillo do canteiro Nicolás Suárez e neto do *mestre de cantería* Antón Suárez, obtivo todas as ordes como patrimonista entre 1875 e 1877. Parece lóxico pensar (vendo o que acontecía noutras parroquias próximas) que parte do excedente monetario conseguido mediante o desenvolvemento estacional e migratorio deste oficio se encamiñou a proporcionar cregos á Igrexa: no 1882 o veciño de Santa Mariña de Ribela Manuel Picallo confesa para acceder ao subdiaconado

que aunque es cierto que en su niñez se dedicó a la profesión de cantero, también es cierto que el producto de sus sudores y trabajos lo empleó en dar carrera eclesiástica a un hermano hoy presbítero y coadjutor de Salcedo, sacerdote ejemplar.

Todo un cúmulo de factores e circunstancias que poderían explicar a relevancia na zona de parroquias como Codeseda no que atinxe á xeneración de reitores parroquiais, capeláns e ordeados de todo tipo ao longo das denominadas Idade Moderna e Contemporánea, por riba doutras da mesma comarca. E arroxar algo de luz sobre este mecanismo de supervivencia de parte das clases favorecidas do denominado Antigo Réximen, a súa tendencia global, territorial e social. Restan aínda por elaborar para conseguilo mapas e relacións de clérigos por veciño que revelen, por exemplo, os territorios de maior concentración dos primeiros e expliquen se é debida ao aumento de patrimonistas e capelanistas (categorías máis frecuentes en comarcas do interior de Galicia con maiores explotacións, gandeiría extensiva...) e a relación destes ca frecuencia de vínculos e morgados que favorecerían o acceso á clerecía de algún fillo.

Fontes arquivísticas e persoais

- Arquivo Catedralicio de Santiago (A. C. C.).
 Arquivo Diocesano Santiago Compostela (A. H. D. S.).
 Reverendo don Dositeo Valiñas Fernández, crego de Ribadumia.
 Reverendo don Rubén Diéguez Gutiérrez, crego de Codeseda.
 Rexistros Civís de Betanzos, Cambados, A Estrada, Focarei, Lalín e Moraña.

Fontes bibliográficas

- BARREIRO MALLÓN, B. “Sínodos, pastorales y expedientes de órdenes: tres indicadores de la religiosidad en el N. O. peninsular”. En: *I Congreso sobre Religiosidad Popular*. Sevilla, 1987.
- BARREIRO MALLÓN, B. “El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)”. En: *Compostellanum*, vol. xxxiii (1988). Págs. 469-507.
- Constituciones Synodales, del Arçobispado de Sanctiago, hechas por el Illustrisimo y Reverendissimo Señor Don Francisco Blanco, Arzobispo de la Sancta Yglesia de Santiago. En la Sancta Sínodo, que su Señoría Illustrissima celebró a cinco días del mes [...] de 1576 [...]. Santiago: Luys de Paz, 1601 (2ª ed.).
- DELUMEAU, Jean. *El catolicismo de Lutero a Voltaire*. Barcelona, 1973.
- El Sacrosanto y Ecuménico Concilio de Trento*, traducido al castellano por Don Ignacio López de Ayala. Madrid: Imprenta Real, 1785.
- FERRERES, Juan B. *Instituciones Canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Benedicto XV y a las prescripciones de la disciplina española y de la América Latina*. Barcelona, 1920. 2 vols. (3ª ed. corregida y aumentada).
- FRANCO y ORTIZ, José Mª; BRAVO y TUDELA, Antonio. *Novísima legislación comentada sobre capellanías colativas de sangre, y fundaciones análogas*. Madrid, 1868.
- GARCÍA ORO, José. *Cisneros y la reforma del clero español en tiempos de los Reyes Católicos*. Madrid, 1974.
- GOLMAYO, Pedro Benito. *Instituciones del Derecho Canónico*. 3ª ed., t. I. Madrid, 1870.
- GONZÁLEZ RUIZ, Manuel. “Las capellanías españolas en su perspectiva histórica”. En: *Revista Española de Derecho Canónico*, vol. 5, nº 14 (1950). Páxs 475-501.
- Guías da Arquidiocese de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela. Imprenta del Seminario Conciliar Central. 1965-2000.
- HOYO, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome.
- IGLESIAS ORTEGA, A. “Los expedientes de limpieza del Archivo Catedralicio de Santiago de Compostela: un elenco de canónigos compostelanos”. En: *Compostellanum*, vol. XLV, números 1-2 (xaneiro-xuño do 2000).

- IGLESIAS ORTEGA, A. *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. Santiago de Compostela, 2010.
- MADOZ, Pascual. *Diccionario geográfico, estadístico e histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1845-1850.
- Nomenclátor del Personal Eclesiástico del Arzobispado de Santiago de Compostela en abril de 1876*. Santiago de Compostela, 1876.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F. “San Jorge de Codeseda: un monasterio femenino bajo-medieval”. En: *Studia Monastica* nº 33, fasc. 1, 1991.
- PORTELA PAZOS, S. *Decanologio de la S. A. M Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, 1944.
- PORTO RICO, Damián. “Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)”. En: *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. Vol. 10 (2007). Páxs. 187-284.
- SÁ BRAVO, Hipólito de. *El Monacato en Galicia*. Vol. I. A Coruña, 1972.



Alguacís, serenos, gardas municipais e policía locais da Estrada nos séculos XIX, XX e XXI

Luís Manuel Ferro Pego
leonvenera@hotmail.com

Resumo. O concello da Estrada dispón desde o primeiro momento duns empregados públicos para o seu servizo de seguridade. O traballos que realizan van cambiando cos tempos e cambia incluso a súa denominación: alguacil, sereno, garda urbano, garda municipal, policía municipal e policía local.

Abstract. From the beginning, A Estrada city council has had civil servants for its security service. Their functions are changing over the years and even their name: bailiff, night watchman, city guard, local guard, city police and local police.

Alguacís

Os primeiros alguacís do concello da Estrada datan de comezos do ano 1840, é dicir, desde cando o concello deu os primeiros pasos. O alguacil era un funcionario que dependía do concello e que debía facer todos os encargos que se lle encomendaban. Podémoslos asimilar aos conserxes máis que a uns gardas, aínda que tamén cumprían algún labor propio destes. Así, por exemplo, debían velar para que non se xogasen cartos, arrestando aos xogadores e aos donos das casas onde se xogaba.

Outros traballos usuais encomendados ao alguacil son o de porteiro, debendo levar os avisos aos concelleiros, que vivían moitos deles a longa distancia da Estrada; o de levar os pregos do Servicio Nacional, traballo que facían ata entón os peóns do concello, o de comisionado de apremos por consumos e tamén o de encargado da seguridade do xulgado de 1ª instancia.

Exemplos concretos do seu labor temos en 1872: *El alguacil Pedro Caramés (foi) comisionado por la Alcaldía para hacer saber a los vecinos de*

Gondomar de Arriba y de Abajo en San Julián de Veá y de Ramirás en la de San Andrés procediesen a la reparación del puente Tallo acordada por el Ayuntamiento. E en 1880 o tenente de Alcalde encargoulle ao alguacil Manuel Rivadulla que ordenase levantar o esterco do camiño do lugar de Souto (hai que recordar que camiños e rúas cubríanse de estrume para aproveitar as deposicións do gando).

En 1931 vemos que os alguacís son equiparados aos outros empregados municipais ou subalternos, cando se lles concede 10 pts. como aguinaldo de Nadal.

Serenos-gardas municipais

A comezos de 1880 creáronse dúas prazas de sereno que exerceron Manuel Castro e José Vaamonde. O sereno era o encargado nocturno de vixiar as rúas e regular o alumeado público. Era habitual que levasen uniforme, un garrote e mesmo un asubío para dar a alarma en caso necesario. Para o seu labor os serenos utilizaban unhas lanternas de aceite, polo que o concello lles pagaba a razón dun cuarto de litro de combustible diario. En 1921 aínda seguían con este labor de sereno, pois o alumeado eléctrico público, ademais de ser pouco eficiente, non se estendía á totalidade da vila.

En 1957 a garda municipal seguía prestando un labor semellante, pois os que facían o servizo nocturno e saían ás 6 da mañá, debían apagar as luces — neste caso eléctricas — do alumeado público do xardín e da avenida principal.

En 1888 estes serenos xa teñen a consideración de *gardas municipais*. Así o concello di que *Por cuanto los Guardias Municipales que hoy existen tienen que hacer el servicio de Serenos dos de ellos, y el de portero el otro, no pudiendo por consiguiente ninguno de ellos hacer el servicio permanente, desde que se retiran aquellos hasta las diez de la noche que salen, sin embargo de que los tres alternan de día, notándose las necesidades de remediar dicho servicio, se acuerda por la Comisión de policía urbana presente un proyecto de reorganización a la mayor brevedad posible.*

Nese momento o garda municipal que traballaba de porteiro e que facía o servizo de inspección ou vixilancia durante as primeiras horas da mañá e da noite nas rúas da vila chamábase Francisco



Casco e gorras.

Campos. E foi el precisamente quen capturou a Manuel Alonso, presunto autor da morte por envelenamento do Sr. Cura de Sabucedo. Francisco tamén se destacou no seu traballo cando se incendiou a casa de D. José Pereiras. En ambos casos a gratificación consistiu nunhas palabras de agradecemento por parte do concello, aínda que logo lle tiveron que mercar un novo uniforme, pois o que tiña quedara moi estragado con motivo do incendio.

E chegando a 1947, vemos que, como non había teléfono ou outro medio semellante, adoptan un código de sinais co asubío torpedo tipo policía:

1. Unha pitada longa e pronunciada Pi... Chamada do señor Alcalde ao persoal de servizo.
2. Dúas pitadas longas e pronunciadas Pi.....Pi..... Chamada do Xefe ao persoal de servizo.
3. Tres pitadas longas e pronunciadas Pi.....Pi.....Pi..... Auxilio ao compañeiro en perigo.
4. Catro pitadas longas e pronunciadas Pi.....Pi.....Pi.....Pi....Incendio ou roubo.

Toda chamada debíase contestar cunha pitada longa e pronunciada.

Os gardas municipais en todos os seus grados están considerados en 1925 como *emplegados subalternos*, ao igual que o porteiro, axentes

executivos, peóns de limpeza, laceiros, perceptores de arbitrios e outros traballadores como fontaneiros e demais análogos. En 1931 hai cinco Gardas Municipais, ademais do porteiro, o conserxe da Praza de Abastos, os varredores e un peón Municipal.

En 1931 suprímese o cárcere do Partido que se converte en Depósito Municipal, para o que se nomea un garda. Páganse 125 pts mensuais e ocupa a vivenda do cárcere.

Número de alguacís

Nos primeiros tempos o número importante de alguacís débese a que daquela tiñan que trasladarse ata as distintas parroquias a pé ou a cabalo, polo que se necesitaba a varias persoas para facer un labor que agora pode facer unha soa persoa en moito menos tempo. Claro que o soldo era inversamente proporcional.

Nomeáronse en 1840 a:

1. Atanasio Graña, veciño de Ouzande.
2. Francisco Villar, de Callobre
3. Francisco Martínez, de Cereixo.
4. José Hermida, de Codeseda.
5. Juan Cagide, de Santeles.
6. Pascual Sines, da Estrada.
7. Ramón Lamas, de Guimarei.
8. Jacinto Rey, de Vinseiro.
9. Joaquín Gómez, de Lagartóns.
10. Juan Mesejo, de Cereixo.
11. Manuel Durán, de Ouzande.
12. Francisco Gestoso, de Figueroa.
13. Antonio Barros, de Moreira, como supernumerario dos anteriores.

Porén, en novembro dese mesmo ano xa se aumenta o número ata vinte, nomeando a:

14. José Besteiro, veciño de Rubín.
15. Felipe Bouzón, de San Pedro de Acorados.
16. Francisco Barcala, de Lagartóns.
17. Miguel Villaverde, de Guimarei.



Procesión das festas patronais, 27 de xuño de 1952. De esquerda a dereita e de diante atrás: Xefe local da Falanxe; Xuíz Luis Losada Magariños; Alcalde Pelayo Bergueiro López; Capitán da Garda Civil Carlos Núñez González. Garda Municipal Vicente Fandiño Fernández; Xefe da Garda Municipal Manuel Deza; Garda Municipal Hipólito Constenla Figueira. Garda Civil Manuel Casais Pisos.

18. Manuel Otero, de Figueroa.

19. Vicente Vázquez, de Callobre.

20. Froilán Rosende, de Agar.

A todos eles se lle dá un título que presenten ante os pedáneos ou celadores cando actuasen en misión oficial. Porén algún alguacís cometían excesos polo que en 1842 algún foi cesado. E así en 1854 os alguacís xa son outros.

Logo o número vai variando segundo pasa o tempo.

Corpo de garda rural

En xuño de 1916 créase un *Corpo de Garda Rural*, de carácter *gratuito*, composto por dez homes aptos para elo, destinando tres a cada zona e un cabo ou xefe que se dedique á dirección, para a vixilancia das propiedades nas aldeas, un tanto descoidadas. Esta forza sería armada de revólver e debía levar ademais un bastón e as iniciais “P.R.” na solapa da chaqueta. Pero o certo foi que nunca chegou a actuar.

En 1932 propúxose de novo crear catro prazas de *Gardas rurais* destinados á vixilancia e inspección da parte rural do Municipio e

para levar ordes aos alcaldes de barrio e celadores correspondentes, con soldo cada un de 2.050 pts. e 600 pts. máis para gastos de manutención e cabalería, pois os axentes tiñan que dispor de cabalo. Para eses posto de gardas rurais preséntanse varias persoas, aínda que unha delas di que se non pode ser esa praza, que lle dean outra calquera, *como barrendero, sepultureiro, portero o análogo*.

O Partido Republicano Radical Socialista da vila protesta contra esta actuación e ao ano seguinte é a Federación de Labradores quen pide que se deixe sen efecto a creación das catro prazas de Gardas Rurais montados. E así, isto sumado a que non había presuposto, anúlase a creación deste corpo.

Uniforme dos gardas municipais e policía locais

Nas actas do concello dos anos 1882 e seguintes, fálase do uniforme que tiñan os gardas municipais. Os uniformes estaban compostos de guerreira, pantalón e gorra con divisas, así como un *capote* para os días de inverno. Na Sesión de 10 de maio do mesmo ano dise;

Teniendo en cuenta que el uniforme que actualmente usan los Guardias Municipales, y que a efectos de llevarlos de día y noche desde hace más de dos años que prestan servicio, se hallan rotos e indecorosos; sin que, efecto del insignificante sueldo que disfrutan puedan atender a proveerse de otros nuevos se acuerda; que por la Presidencia se contraten tres nuevos uniformes para el portero, que presta también servicio y los dos Guardias Municipales para que lo usen de día y abonándose su importe del capítulo de imprevistos.

O custo destes tres uniformes foi de 328 pesetas. En 1893 o uniforme era de *tono azul con vivos encarnados*. Tamén portaban un sable na súa funda ou tahalí, que aínda levaban en 1921.

No ano 1948, cando o señor Deza era Xefe da Policía Urbana, dinos, referido ao uniforme, o seu regulamento (capítulo 13, artigo 85):

Los Guardias de Policía Urbana usarán uniforme de verano y de invierno. Artículo 86.- El uniforme de verano constaría de las siguientes prendas; 1º un pantalón de paño del color que determine la Alcaldía. 2º Guerrera de igual género, con cuello alto y vuelto, dos bolsillos y cinco botones grandes para abotonarse por delante. 3º Gorra de plato del mismo género, o casco y guantes. 4º Correa negra con bandolera, funda para el arma del mismo color y porra. 5º Botas

negras. 6º Pistola Astra, calibre 9m/m. corto; los que la poseen actualmente podrían usarla aunque sea de otra marca.

Artículo 87.- El uniforme de invierno constará de las prendas siguientes. 1º Guerrera de paño. 2º pantalón de paño. 3º Gorra de plato de paño o casco. 4º Capa o capote. 5º Impermeable con capucha. 6º Corraje como se indica anteriormente. 7º Botas o botos de becerro negras.

Artículo 88. Para días de gala se usará: Funda blanca en la gorra. Hombrecas también blancas, cinturón blanco con chapa, la cual tendrá el escudo del Ayuntamiento grabado en relieve. Guantes blancos.”

A Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no artigo 39 as competencias das Comunidades Autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas coas Policía Localis.

De conformidade cos mencionadas disposicións a Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 243/2008 desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de Policía Localis (Diario Oficial de Galicia, número 211, de 30 de outubro de 2008)

Na Orde de 22 de xullo de 2010, establecen a descrición e características das distintas prendas de uniformidade do Corpo da Policía Local. Na gorra de prato e gorra tipo béisbol, unha galleta centrada sobre a parte frontal de forma ovalada servirá de soporte ó escudo do concello.

O emblema municipal irá na manga esquerda e a placa na parte dereita do peito, e na manga dereita o escudo de Galicia.

Na parte dereita do peito e do lombo se levará o símbolo de cor branco cunha banda azul co lema “Policía Local”

O pasador pega garabatas, centrado, irá policromado, co escudo oficial da Comunidade Autónoma de Galicia; escudo que se mostrará en releve nos botóns e na parte dianteira do corraje.

As ombreiras han ter manguitos co escudo do concello e para a colocación das divisas.

Soldo

En 1880 o soldo que cobraban os gardas municipais era unha peseta diaria. En 1882 os gardas piden aumento de soldo e, como non, o concello négase pero a cambio ofrece facerlles uns uniformes de gala, que se encargan á xastrería de Manuel Fuentes de Santiago. Xa en 1889 os gardas piden que se lles pague dúas pesetas diarias e



Garda Municipal anos 60. No centro o Xefe da Garda Municipal Sr. Calvelo.

a cambio correrían eles cos gastos do aceite e dos uniformes, pero a contestación é negativa.

En outubro de 1891 José Vaamonde, que desde había un ano facía a quenda de día, presenta a dimisión por motivos económicos, pois seguía cobrando unha peseta diaria. O concello en vista de que non había quen traballase por ese soldo, súbelle o soldo desde as 365 pts. anuais a 500 pts.

No ano 1900 seguía habendo tres gardas municipais: Francisco Campos, Ramón Pérez e Francisco Ferro, e ao ano seguinte queda vacante a praza de porteiro do concello polo que se nomea como interino a Manuel Isla como garda municipal e porteiro do cárcere cun soldo de 730 pts anuais.

En 1907 varios gardas piden aumento de soldo, e sóbeselle 50 céntimos diarios.

En 1925 o xefe da garda municipal cobraba 2.040 pesetas anuais e os gardas 1.859,50 pts.

En 1931 o garda do cárcere cobraba 125 pts pesetas mensuais ademais de dispoñer da vivenda no cárcere. Ese mesmo ano a alcaldía acorda conceder como aguinaldo de Nadal dez pesetas a cada un dos cinco gardas que hai.



Garda Municipal 1978. No centro o Xefe da policía Municipal, Sr. Loureiro.

Durante os anos da Guerra Civil un dos traballos dos gardas é a notificación para Consellos de Guerra, que se practican en diversas parroquias como Arca, Souto e Codeseda, e que son compensados con dietas pecuniarias.

No ano 1944 o soldo do Xefe da Garda Municipal ou Policía Urbana era de 5.040 pts anuais, que en 1946 pasa a 5.500 pesetas e desde xaneiro de 1948 pasa a ser 6.800 pts. E os seis Gardas Municipais que había en 1944 gañaban cada un 3.250 pts máis trienios, que sobe dous anos despois a 4.200 pesetas, e en 1948 a 5.000 pts. Porén o soldo sempre foi raquíptico, polo que ás veces, nos anos seguintes os gardas pedían excedencia para traballar noutra cousa e mesmo para emigrar.

En 1958 o concello acepta pagar aos gardas o 7% do valor das multas que impoñen, con efectos retroactivos desde cinco anos antes.

O cadro de persoal para o ano 1996 era: un Sarxento, 813.063 pesetas; un Cabo, 721.229 pesetas e quince Policías a 464.933 pesetas cada un.



Garda de honor da Policía Municipal ante os restos de Virxinia Pereira.

Xubilación e baixas temporais ou definitivas

Aínda que estrañe á xente moza, pasaron moitos anos en que non había dereito a unha xubilación pagada, a una pensión por viuvez ou orfandade, e a unha sanidade gratuíta.

En 1906 Manuel Isla, ferido en acto de servizo, foi considerado inútil, de aí que o concello lle concedese unha subvención anual voluntaria e eventual de 456,22pts. mentres non se busca un destino axeitado.

En 1932 Manuel López Señoráns ingresou no Hospital de Pontevedra debido a un disparo casual de pistola en acto de servizo, polo que se lle dá como indemnización as tres cuartas partes do seu xornal diario ata que se reintegre ao seu posto. E en 1958 concédese unha axuda de oito mil pesetas ao garda municipal Manuel Meijide Castro en atención aos gastos que tivo con motivo dunha delicada operación cirúrxica.

E como era impensable falar de vacacións, en 1933 o xefe da Garda Municipal, Rafael Vilariño, expón que por prescrición facultativa, necesita cura de baños e augas medicinais polo cal solicita 15 días de licencia (sen soldo). Efectivamente, ir a un balneario era

una opción moi importante para recuperar a saúde, tanto no século XIX como XX.

En decembro de 1939 fálase por primeira vez de vacacións regulamentarias, que nese momento é de oito días, para todos os subalternos do concello.

Pero non é ata 1934 en que vemos que se concede unha pensión de orfandade ás dúas fillas do finado José Vaamonde Corral, garda municipal. Nese mesmo ano tamén se outorga unha pensión á viúva do Garda Municipal Silverio Campos. A cantidade será o 25 por cento da cantidade que cobraba o garda, incluídos os trienios.

En 1944 aparece a primeira mención á unha xubilación, neste caso a do xefe da Garda Municipal, Rafael Vilariño que cando estaba en activo cobraba 5.044, 40 pesetas e como xubilado pasa a cobrar 2.049 pesetas anuais.



Medalla da Constancia no Servizo.

Medios de locomoción

Desde a creación do concello os gardas utilizaban o cabalo para desprazarse e comunicar as ordes que se lle encargaban, e así seguía sendo en 1931. O cabalo era propiedade persoal do garda, ao que se lle daba unha gratificación por ese servizo.

Na sesión do Concello do 23 de maio de 1977 apróbbase a adquisición dunha moto para a Policía Municipal, en concreto unha *Ducati, tipo Road 250*, que costaba daquela unhas 95.000 pesetas. E dous meses máis tarde adquirese tamén para a policía municipal un *CITROEN C-8*, por 221.098 pts.

Na actualidade dispoñen de cinco automóbiles e tres motocicletas.

Cárcere

En 1931 suprímese o cárcere do Partido, que se converte en Depósito Municipal.

Regulamento

En 1916 promóvese facer un regulamento para que a Garda Municipal poida cumprir satisfactoriamente o seu cometido.

E en 1936, non existindo Regulamento para a Garda Municipal, uns días antes do comezo da Guerra Civil, o concello nomeou unha comisión para redactar o que debía rexer no desempeño dos servizos que estaban a cargo de dito Corpo de Policía Municipal. Pero isto non segue adiante precisamente por mor da guerra.

Non será ata 1948 cando se redacte un proxecto de regulamento, do que foi autor D. Manuel Deza, Xefe da Garda Municipal e que se remite a unha comisión para a súa análise e aprobación. Ten como curiosidade este Regulamento que é idéntico ao da Garda Civil, de onde procedía o actual xefe, (hoxe sería un plaxio) e consta de 97 artigos e 13 capítulos: 1º Regulamento, 2º Ingreso, 3º Organización e funcións, 4º Do Xefe, 5º Do Garda de Primeira Clase, 6º Obrigacións do Garda de servizo. 8º Vacacións e licenzas, 10º Premios e recompensas, 11º Das faltas e o seu correctivo, 12º Sección administrativa, 13º Do Uniforme. Reproducimos media ducia de artigos.

Reglamento de Policía Urbana

Capítulo Primero.

Artículo 1º. El honor es la cualidad moral que nos induce al cumplimiento de nuestro deber, y por consiguiente ha de ser la principal divisa del Guardia de la Policía Urbana, debe conservarlo sin mancha. Una vez perdido no se recobraría jamás.

Artículo 2º. El Guardia por su compostura, aseo, circunspección, buenos modales y reconocida honradez, ha de ser siempre un modelo de corrección.

Artículo 3º. Las vejaciones, las malas palabras, los malos modos y acciones bruscas, jamás debería usarlas ningún individuo que vista uniforme de la Policía Urbana.

Artículo 4º. Será fiel en su deber, sereno en el peligro, y desempeñará sus funciones con dignidad y prudencia; de este modo será mas respetado que el que con amenazas solo consigue mal quitarse con todos.

Artículo 5º. El Guardia será prudente sin debilidad y firme sin violencia. No debe ser temido sino de los malhechores, ni temible sino de los enemigos del orden.

Artículo 6º. Sus primeras armas han de ser la persuasión y la fuerza moral, recurriendo a las que lleve reglamentariamente cuando se vea atacado por otras y sus palabras no hayan bastado.

Policía Local. 19 de maio de 1995

Deberes do SARXENTO.- Xefatura dos servicios baixo a dependencia directa do Alcalde ou concelleiro delegado se o houbese.

- Responsabilizarse da seguridade e correcta formación profesional do persoal ó seu cargo.
- Coordinar e despachar coa Alcaldía ou Concelleiro Delegado para conquistar os obxectivos municipais en materia de seguridade cidadán.
- Desenvolver informes e memorias do Corpo de Policía.
- Organización do traballo, asignando tarefas e confeccionando os partes diarios.
- Responsable da seguridade do tráfico no casco urbano.
- Control do cumprimento das mediadas de seguridade nas obras, tanto públicas como de particulares.
- Recepción de todas as novidades que se produzan e o súa notificación ao Alcalde.
- Dirección do Negociado de multas.
- Deberes do CABO.- Substitución do Sarxento por ausencia do mesmo.
- Xefatura do persoal en horario distinto ó Sarxento.
- Funcións de vixilancia e control.
- Actuar en calidade de Policía en calquera momento en que sexa preciso.
- Participar en tarefas de vixilancia de edificios e instalacións.
- Colaborar na regulación e ordenación do tráfico.
- Colaborar no control e ordenación de actos públicos.
- Participar na vixilancia de zonas públicas conflitivas.
- Participar na vixilancia control e denuncias de infraccións.

Deberes dos AXENTES DE POLICÍA.- Funcións establecidas na Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Policía Autónoma.

- Desempeñar tarefas de vixilancia en xeral.



Policía Local en uniforme de gala.

- Regular e ordenar o tráfico.
- Controlar, vixiar e ordenar actos públicos.
- Colaborar co resto das Forzas e Corpos de Seguridade na detención de persoas sospeitosas da comisión de delitos.
- Protexer as Autoridades Municipais en calquera circunstancia que así o requira.
- Vixiar e controlar as posibles infraccións ás ordenanzas municipais a Lei de Seguridade Vial, denunciando as infraccións que se poidan cometer.
- Asistir e axudar ó cidadán en todas aquelas circunstancias nas que sexan requiridos para elo, ou consideren necesaria a súa colaboración.
- Observar en todo momento as normas de seguridade establecidas para o uso de armas.
- Realizar xornada anual en réxime de turnos de mañá, tarde e noite.
- Vixilancia de obras en colaboración coa oficina técnica e negociado administrativo.
- Comprobación de licencia de apertura de establecementos e horario de peche.

- Control da ocupación da vía pública, vixilancia de vallas, dirección de tráfico, etc.
- Instruír atestados por accidentes de circulación no casco urbano.
- Por el contrario, non serían da súa atribución a realización de notificacións nin traballos de oficina, salvo situacións excepcionais ou de forza maior, e citación de Plenos e Comisións.

Expedientes

A consecuencia dos sucesos de outubro de 1924 Higinio Carracedo foi “represaliado”, pero en 1936 solicita o abono de haberes, durante o tempo que estivo privado do cargo de Garda Municipal. A corporación, de acordo co Decreto de amnistía, dispón recoñecer o indicado tempo e pagarlle a razón do soldo que tiña.

O 1 de abril de 1937 abríuselle expediente ao garda Municipal D. Silverio Campos por *manifestaciones contrarias al actual y glorioso movimiento salvador de España*.

Tamén foi destituído o garda municipal Gumersindo Docid Sieiro o 18 de setembro de 1936 por relacionarse con elementos da Fronte Popular da Estrada e ser de ideoloxía marxista.

Pero ás veces, para solucionar un problema de tipo administrativo (non político), non se abre expediente. Así, para evitar irregularidades no cobro de arbitrios e postos públicos, acórdase establecer quendas entre os individuos da Garda Municipal, variando os puntos ou lugares que cada cal tiña asignado e cambiándoos en cada feira.

Acceso ao corpo

Nos primeiros anos ofrecíanse voluntarios para exercer este labor ou ben buscábanse entre os veciños, que logo ratificaba o Concello. Algúns tamén entraban como mutilados de guerra ou por ter sido Gardas Cívís.

En 1925 é cando se propón un concurso ou oposición para ser nomeado Garda. Neste caso sería un tribunal integrado polo alcalde, un membro da Comisión permanente designado pola mesma, un xefe da garda municipal de calquera dos concellos da provincia e do Secretario do concello, este con voz pero sen voto.

Pero é a partir de 1942 cando se normalizan as oposicións ou concursos para entrar. Así por exemplo en 1946 convócase un concurso restrinxido para o nomeamento en propiedade de dúas prazas de Garda Municipal ou de Policía Urbana, e así mesmo a de Xefe da Garda Municipal. A resolución do tribunal foi a proposta de Xefe da Garda Municipal para D. Manuel Deza Bello e de Gardas Municipais para D. Ramiro García Pérez e D. José Manuel Silva Iglesias.

Con data 23 de outubro de 1948, no regulamento proposto polo Xefe da Policía Urbana, no capítulo 2º, artigo 49 dise:

Para optar a la plaza de Policía Urbano de este Excmo. Ayuntamiento de La Estrada se necesita:

- 1º Ser Español, mayor de 23 años y menor de 40
- 2º Observar intachable conducta en todos los conceptos
- 3º Carecer de antecedentes penales
- 4º Talla mínima 1 metro 670 m/m
- 5º No padecer defecto físico
- 6º Ser adicto al Movimiento Nacional
- 7º Haber servido en el Ejército
- 8º En igualdad de circunstancias serán preferidos los licenciados del Ejército
- 9º Saber leer y escribir correctamente
- 10 Dominar las cuatro reglas de aritmética y conocer las Ordenanzas Municipales y el Reglamento del Cuerpo.

Documentos que han de presentarse.

- 1º Instancia suscrita de puño y letra del interesado dirigida a la Alcaldía en papel de 8ª clase.
- 2º Certificado de nacimiento.
- 3º Certificado de antecedentes penales.
- 4º Certificado de buena conducta
- 5º Certificado de Adhesión al Movimiento
- 6º Certificado de aptitud física.

Cambiase o nome de Policía Municipais polo de Policía Locais atendendo a Lei 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade, e posteriormente modifícase a denominación de Cabo e Sarxento por Oficial e Inspector, respectivamente, segundo se recolle na Lei 4/2007 de Coordinación de policía Locais de Galicia.

Na actualidade a Academia Galega de Seguridade pública é a encargada de preparar e realizar cursos de formación para o ingreso e a promoción interna das distintas escalas da Policía Local.



Policia Local en uniforme de servizo, 2015.

Xefes da garda municipal e policía local

Ano 1880, Sesión Plenaria de 10 de maio, cítanse por primeira vez os Gardas Municipais. Francisco Campos, Xefe da Garda Municipal, Porteiro do concello, que tiña a misión de vixiar as rúas nas primeiras horas da mañá e da noite. Na Sesión plenaria de data 28 de setembro de 1888, acórdase que,

se manifieste al portero de este Ayuntamiento Francisco Campos, la grata satisfacción con que ha visto el celo y actividad que ha desplegado en busca de Manuel Alonso, y la captura consiguiente, como presunto autor de la muerte del Sr. Cura de Sabucedo.

1890, Sesión de 20 de agosto:

En vista de la excelente conducta y esmerado comportamiento observado por el Jefe de la Guardia Municipal Don Francisco Campos en el incendio de la casa de D. José Pereiras ocurrido hace unos días, se acuerda; que por la Presi-

dencia se le comunique la satisfacción que experimenta este Ayuntamiento por tan heroico proceder. Habiendo sufrido grandes desperfectos el uniforme del Jefe de la Guardia Municipal D. Francisco Campos de los esfuerzos que hizo para extinguir el fuego de la casa incendiada de D. José Pereira en esta Villa, se acuerda que del capítulo de Beneficencia se apliquen ochenta pesetas para la adquisición de otro uniforme.

1901. Xefe Garda Municipal: D. Manuel Isla, que era Garda Municipal en agosto de 1893, e logo chaveiro do cárcere, nomeado porteiro do concello, e Xefe da Garda Municipal en outubro de 1901. Cesa en 1905 por inutilidade por ser ferido en acto de servicio.

1906. Xefe Garda Municipal, D. Ricardo Fernández Nogueira. Procede da Garda Civil. Toma posesión 1 de outubro de 1906 e é cesado no pleno do 17 de maio de 1921.

A partir desta Sesión Plenaria o Xefe da Garda Municipal xa non desenvolverá o emprego de porteiro.

1921. Xefe da Garda Municipal: D. Francisco Atilano Calvo, posiblemente nacera na Estrada no ano 1879. Nomeado o día 17 de maio de 1921 e suspendido en 1922.

Ano 1924. Cabo Xefe: Rafael Vilariño Porto, nado o día 17 de xaneiro de 1870, en Lamas. Foi nomeado Cabo Municipal polo Alcalde con data 14 de marzo de 1924, tomando posesión ao día seguinte. Por acordo da Permanente de 21 de decembro de 1929, terá a praza en propiedade. Xubilase con data 7 de decembro de 1944. Domiciliado na Rúa Fernando Conde desta Vila, onde acontece o óbito o día 30 de xuño de 1946, sendo soterrado no cemiterio da Estrada.

Ano 1946. Cabo Xefe: Manuel Santiago Deza Vello, nacido o día 25 de xaneiro de 1892 no concello de Cenlle (Ourense). Procedente da Garda Civil; ingresa como Cabo Xefe da Garda Municipal da Estrada o 31 de marzo de 1946. Gaña a praza en propiedade por concurso oposición, sendo nomeado o 7 de outubro de 1946, exercendo ata o 26 de xaneiro de 1962, momento do seu pase a xubilado cando contaba 70 anos. Acontece o seu pasamento na vila da Estrada o 5 de marzo de 1970 sendo soterrado no cemiterio da Estrada.

Ano 1962. Cabo Xefe: Rogelio Calvelo Villar, o seu nacemento acontece no lugar de Celeirón na parroquia de Santo André de Veá o 29 de maio de 1916.

Ingresa o 27 de outubro de 1938 sendo nomeado pola “Comisión Provincial de Caballeros Mutilados de Guerra por la Patria” como Garda Municipal. Desempeña o cargo de Xefe Accidental da Garda Municipal desde a xubilación do señor Deza no ano 1962. Participa no concurso para prover a praza de Xefe da Policía Municipal e aproba con data 21 de maio de 1963, ascendendo a Cabo Xefe da Policía Municipal. Xubilado por incapacidade permanente por acordo da Comisión Municipal Permanente o 7 de xullo de 1978. Finou na Vila da Estrada o 13 marzo de 2009, sendo inhumado no cemiterio parroquial da Estrada.



Policía Municipal Motorista. Hipólito Constenla Figueira

Ano 1978. Cabo Xefe: José Luís Loureiro Rey. Nado o 14 de outubro de 1952. Cursa Bacharelato no Colexio Inmaculada Concepción da Estrada sito na Rúa Serafín Pazo e posteriormente continúa no Instituto Nacional de Ensino Medio da Estrada. Incorporase ao Servizo Militar o día 17 de abril de 1974, Arma de Artillería, licenciado o día 15 de xullo de 1975.

O día 6 de febreiro de 1975, ingresa na Policía Municipal, tomando posesión o 8 de febreiro do mesmo ano e por Decreto da Alcaldía concédeselle licenza para cumprir o servizo militar, incorporándose ao servizo como Policía Municipal motorizado o día 16 de xullo de 1975.

En Sesión Plenaria do día 20 de outubro de 1978 foi nomeado Xefe Accidental da Policía Municipal por Xubilación do anterior

Xefe o Sr. Calvelo con data xullo de 1977. No ano 1979 ascende a Cabo, exercendo as funcións de Cabo Xefe

En novembro de 1995 foi nomeado Sarxento da Policía Local, despois de superar un concurso-oposición e realizar un curso selectivo de formación para o ingreso no Corpo da Policía Local do Concello da Estrada na categoría de Sarxento, na Academia Galega de Seguridade Pública con base na Estrada. Posteriormente, atendendo á Lei de 2/1986 cámbiase a denominación de Sarxento pola de Inspector, desempeñando o cargo de Inspector Xefe ata a súa xubilación. Está en posesión da Medalla á Constancia no Servizo. En outubro de 2017 tivo lugar a súa xubilación.

2018. Xefe Accidental. Oficial da Policía Local: Aurelio Fernández Bascuas, nado en San Xiao de Piñeiro (Silleda) o 21 de abril de 1964. Ingresna na Policía Municipal o día 9 de febreiro de 1989; ascende a Cabo en xullo de 2006. Na actualidade desempeña o cargo de Xefe Accidental como Oficial da Policía Local. Está en posesión da Medalla á Constancia no Servizo.

Gardas da policía municipal e local da Estrada

Noméanse os dous primeiros Gardas Municipais na Sesión do Pleno de data 10 de maio de 1882. Pero non é ata o 14 de decembro de 1888, cando coñecemos os seus nomes:

Manuel Castro, Garda Municipal, (sereno) facía a vixilancia nocturna no ano 1888.

José Vaamonde Corral, Garda Municipal, (sereno) facía vixilancia nocturna no ano de 1888. Despois de máis de 30 anos de servizo xubilábase en novembro de 1921. Por acordo da Comisión permanente de 21 de agosto de 1926 concédeselle unha pensión dunha peseta e cincuenta céntimos diarios que tiña ata 1924, impoñéndolle a renuncia aos atrasos.

Ramón García Pérez, Garda Municipal en 1900.

Francisco Ferro, Garda Municipal en setembro de 1900.

Eduardo Aboal, Garda Municipal en setembro de 1907. Solicita socorro como Garda Municipal imposibilitado en outubro de 1912.

Andrés Gañete, Garda Municipal en setembro de 1907.

Antonio Chico, Garda Municipal setembro de 1907.

Rosendo Pampín, Garda Municipal en 1916.

Silverio Campos, nomeado Garda Municipal con data 15 de outubro de 1918; na Sesión de 5 de outubro de 1920 foi nomeado axente executivo de recadación. Expedientado por manifestacións contrarias ao alzamento franquista.

Gerardo Arjones, deste Garda Municipal encontramos noticias na acta do Pleno de 2 de setembro de 1922, cando foi suspendido de emprego e soldo, xunto ao Xefe da Garda Municipal, Señor Francisco Atilano Calvo.

Manuel Varela, noméase Garda Municipal en outubro de 1923. Procede da Garda Civil. En 1923 non tiña uniforme. Cesou o 12 de agosto de 1926, renunciando a petición propia e alegando problemas de saúde e outros.

A partir do 25 de decembro de 1923, a Unidade consta dun Xefe, catro Gardas Municipais e un porteiro.

Juan García López, natural da Arzúa, naceu sobre o ano de 1858. Remata a súa profesión de Garda Municipal o día 7 de marzo de 1931. Xubilouse por enfermidade o 11 marzo de 1931. Finou no barrio da Decoita da Estrada o 23 de febreiro de 1936.

Ramón Martínez García, nado en Noia, A Coruña, o día 21 de agosto de 1897. Garda da Policía Municipal interino. Suspendido de emprego e soldo por acordo da Alcaldía de data 10 de xullo de 1932 por falta grave (abandono de destino). Separado de Garda Municipal por sentenza de 16 de febreiro de 1934.

Manuel López Señoráns, nacido o 8 de agosto de 1892 no lugar das Vilas na parroquia de Parada. Ingresa como interino de garda da Policía Municipal o 7 de marzo de 1931 e con praza en propiedade o 25 de maio de 1935. Cesa cando contaba 70 anos de idade o día 8 de agosto de 1962. Exerceu de Xefe accidental tras xubilarse o Cabo Xefe Rafael Vilariño Porto, facéndose cargo da unidade o 1 de xaneiro de 1945. Fixou a súa residencia na parroquia de Cereixo. Ten unha felicitación por escrito que di:

Participo a vd. que esta Comisión Permanente en sesión ordinaria celebrada el día 8 de los corrientes resolvió entre otros, el asunto siguiente: JUBILACIÓN DEL GUARDIA D. MANUEL LÓPEZ SEÑORÁNS. A propuesta del

Sr Alcalde se acuerda por unanimidad hacer constar el agradecimiento de esta Corporación al funcionario expresado por su lealtad y probidad en los servicios prestados durante su función de Guardia Municipal a D. Manuel López Señoráns jubilado en esta fecha. Lo que traslado a vd. para su conocimiento y efectos. Dios guarde a vd. muchos años.

La Estrada 27 de agosto de 1962. El Secretario.

Higinio Carracedo Buzo, nomeado para substituír a Ramón Martínez; foi represaliado a consecuencia dos sucesos de outubro de 1924 e suspendido de pensión, emprego e soldo con data 30 de xuño de 1932. Atopábase de Garda Municipal no ano 1934. Cesado por estar desaparecido do seu domicilio e da Estrada desde o 24 de xullo de 1936, deixando de prestar servizo. (no libro *Galicia y el Movimiento Nacional*, de Manuel Silva Ferreiro. Santiago 1938, dise: *Era Guardia Municipal de la Estrada e instructor de milicias marxistas. Logró fugarse en los primeros tiempos del Movimiento, y de él se decía que mandaba una columna en Asturias.*

Manuel Meijide Castro, nado en Irún (Guipúzcoa) o 5 de novembro de 1914. Nomeado Garda Municipal ou Policía Urbano na convocatoria do Boletín Provincial do 5 agosto 1939 e 14 maio de 1940. Nomeamento da Comisión Inspectorá Provincial de Mutilados; ingresa con data 9 de febreiro de 1942, en segunda actividade como vixilantes do xardín do concello. Finou o 22 de agosto de 1994 na rúa Don Nicolás, da Estrada.

Jesús Castro Ribadeo. Nado no lugar de Trasmonte, de San Martiño de Barbude o día 21 de agosto de 1913. Finou na parroquia de San Lourenzo de Ouzande o día 4 de maio de 1970, sendo inhumado no cemiterio parroquial. Foi nomeado Garda Municipal ou Policía Urbano o 14 de maio de 1940. Exerceu aquel cargo durante 28 anos e posteriormente pasa a peón de limpeza

Gumersindo Docid Sieiro. Nado na parroquia de Rubín o 10 de agosto de 1896. Tomou posesión como interino o 22 de setembro de 1930 e foi destituído o 18 de setembro de 1936 por relacionarse con elementos da Fronte Popular desta vila e ser de ideoloxía marxista. Finou na Estrada o 2 de setembro de 1978.

Manuel Cernadas Extraviz. Nomeado con data 31 de xullo de 1936 para substituír a Higinio Carracedo.

Alfonso Castro Pereira. Nado o 6 de marzo de 1896 en San Miguel de Cerceda do concello do Pino (A Coruña). Nomeado garda municipal o 7 de novembro de 1931 para substituír ao señor López Señoráns, que sufriu un accidente. O 1 de marzo de 1932 reincorpórase este e o Sr. Castro Pereira pasa a desempeñar a función de encargado da prisión desde o 23 de xuño de 1932 ata o 1 de xullo de 1932. Finou na Baiuca o 8 de abril de 1957.

Ramiro Castro Villaverde, nado na parroquia de Callobre o 24 de novembro de 1901. Procedente da Garda Civil, substituirá a don Higinio Carracedo desde o 5 de outubro de 1934 ata a súa incorporación o 24 de febreiro de 1936. O seu óbito tivo lugar en Lagartóns o 11 de novembro de 1965.

Constantino Iglesias Iglesias, natural del Ferrol; nacido o 28 de maio de 1907. Ingresou como garda no ano 1935 e foi cesado o 24 de febreiro 1936. Morreu en Barbude o 13 de decembro de 1962.

José Martínez Agrelo, Garda Municipal Armado; tomou posesión o 1 de novembro de 1936.

Antonio Rodríguez Barreiro, tomou posesión provisional o 19 de febreiro de 1941

Antonio Sanmartín Somoza. Toma posesión como interino o 16 de agosto de 1947.

Vicente Fandiño Fernández, nacido en Vedra o 14 de marzo de 1914. Finou na parroquia de San Pedro de Toedo, onde foi soterrado, o 22 de xaneiro de 1990. Mobilizado o 6 de decembro de 1935, foi promovido a cabo o 1 de maio de 1938, ofrecendo o seu servizo de P.M. ametralladoras e ametralladoras de primeira liña na fronte de León, Levante, Teruel, Cataluña e Centro, sendo licenciado por Orde de 27 de xuño de 1939 (B.O.do Estado nº 179). Fixa a súa residencia en Toedo e ingresa como Garda interino da Policía Municipal o 28 de febreiro de 1947, tomando posesión o 15 de marzo de 1947 e cesando o 26 de xaneiro de 1949. Logo toma posesión da praza en propiedade por oposición o 31 de decembro de 1948 ata que se xubila o 14 de marzo de 1979, cando contaba 65 anos de idade.

Ramiro García Pérez, nado o 10 de abril de 1914 no lugar de da Igrexa da parroquia de Orazo. Chamado a filas en 1935, incorpórase ao exército o 30 de xaneiro de 1936 en el permanece ata o 31 de

maio de 1938, causando baixa no Rexemento Burgos nº 31 con base en León. Foi ascendido ao emprego de cabo. Ingresar como eventual na Garda Policía Municipal, tomando posesión o 31 de abril de 1943. Consegue praza en propiedade o de outubro de 1946 e exerce ata o 15 de xaneiro de 1972. Pasa a segunda actividade con vixilante de xardíns do concello. Xubilase o 5 de setembro de 1979. Faleceu o 10 de xaneiro de 1985.

José Manuel Silva Iglesias, Garda Municipal. Nomeamento publicado no Boletín Oficial da Provincia de 31 de xaneiro de 1946.

Félix Louzao López, nado lugar da Somoza o 13 de marzo de 1919. Toma de posesión o 2 de xaneiro de 1948 e solicita excedencia para emigrar a Arxentina, séndolle concedida o día 1 de xaneiro de 1956. Nomeado pola Comisión Permanente) con data 18 de outubro de 1965) Garda Municipal en excedencia; Reingresa con praza o 9 de abril de 1966. Finou na Estrada o 23 de xullo de 1972.

José María Parada Porto, nado no lugar de San Martiño na parroquia de San Martiño de Barbude o 21 de novembro de 1917. Finou na parroquia de Santa María de Aguións o 16 de febreiro de 1974. Ingresar como Garda Municipal accidental o 31 de xaneiro de 1948, e por oposición con data 31 decembro 1948.

José Cabanas Diéguez, nacido na vila da Estrada, rúa Serafín Pazo, o 16 de setembro de 1914. Ingresar como Garda Policía Municipal Accidental o 31 de decembro de 1948 por oposición. O 18 de xuño de 1964 solicitou licenza por enfermidade por tempo indefinido, séndolle concedida o 1 de xullo de 1964. Finou en San Lourenzo de Ouzande, onde foi soterrado, o 15 de outubro de 1964.

Hipólito Constenla Figueira, Veu a luz no lugar de Tosar na parroquia de Tabeirós o 25 de abril de 1919. Finou na Estrada o día 1 de outubro de 2012 e foi soterrado no cemiterio parroquial de Santo André da Somoza. Ingresar como Garda da Policía Municipal con carácter interino o 23 de maio de 1952 ata que cesa o 28 de febreiro de 1953. Reingresa como interino o 2 de marzo de 1953 e consegue a praza en propiedade o 16 de xullo de 1953. Solicita a excedencia séndolle concedida con data 23 de outubro de 1954 co motivo de emigrar ao estranxeiro. Por ese motivo entrega prendas de uniformidade: unha guerreira, un pantalón, unha capa, un casco branco, un

cinto e banderola, tahalí e porra, cordón de gala, asubío torpedo e un talonario de recibo de multas. Reingresa, tomando posesión o 12 de maio de 1970, exercendo ata a súa xubilación o 25 de abril de 1984, cando contaba 65 anos. Estaba en posesión de dúas condecoración: Medalla de Campaña e Medalla da Cruz Roxa.

Constantino Rodríguez Pérez, natural de Garabelos (Ourense), onde naceu o 14 de marzo de 1890. Foi nomeado Garda Municipal o 30 de xaneiro de 1953 e tomou posesión o 1 de febreiro de 1953, cesando o 31 de marzo de 1956. Tiña residencia en Codeseda. Finou en Velle (Ourense) o 29 de outubro de 1972.

Álvaro Coto Blanco, natural da parroquia de San Pedro de Toedo, onde naceu o 26 de xuño de 1924. Ingresou como interino de Garda da Policía Municipal o 15 de abril de 1957 e exerce como tal ata o 29 de marzo de 1958 en que toma posesión da praza en propiedade. Cesa por xubilación o 29 de agosto de 1989. Finou en Vigo o 11 de xaneiro de 2018, sendo soterrado no cemiterio parroquial de Santa Baia de Matalobos.

Manuel Coto Blanco, nado na parroquia de San Pedro de Toedo o 20 de febreiro do ano de 1923, irmán do anterior. Foi soldado durante 29 meses do Rexemento de Artillería nº 33 de Melilla; solicitou por primeira vez, mediante instancia, o ingreso na Garda Policía Municipal en virtude da convocatoria publicada no B.O.P. do 28 de marzo de 1953. Exerceu como interino desde o 9 de febreiro de 1955 ata o 29 marzo de 1958, en que ingresa por oposición. Exerceu de maneira accidental como Xefe da Policía Municipal. Cesa por xubilación o 20 de febreiro de 1988. O pasamento acontece en San Pedro de Toedo o 17 de xaneiro de 2005, onde foi soterrado.

Adolfo Ares Terceiro, nacido no lugar de Rendo de San Xoán de Santeles o 27 de novembro de 1938. Ingresou con praza en propiedade de Garda da Policía Municipal o día 20 de maio de 1963 en convocatoria por oposición. Solicitou a excedencia voluntaria e de novo retomou a posesión da praza vacante o 1 de febreiro de 1975.

José Manuel Ares Terceiro, nacido no lugar de Rendo, de San Xoán de Santeles, o 11 de febreiro de 1934; irmán do anterior. Foi nomeado como Garda da Policía Municipal en propiedade na oposición o 20 maio de 1963.

Nemesio Rey Oubel, nacido na parroquia de Santo Estevo do Campo, en Arzúa, o 1 de xaneiro de 1928. Tomou posesión como Garda da Policía Municipal o 20 de maio de 1963 e exerceu ata a súa xubilación o 1 de xaneiro de 1993, con 29 anos e 7 meses de servizo. A Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, concédelle a Insignia de Ouro no ano 1991. Acadou méritos que transcenderon as fronteiras locais e foi obxecto de recoñecementos público, como mostra o xornal *El Correo Gallego* do domingo, 24 de xuño de 1984. O óbito deste policía aconteceu o 27 de agosto de 2006.

Vicente Rodríguez Díaz, procedente da Garda Civil; natural de Lobera (Ourense). Nomeado por Orde da Presidencia do Goberno de 25 de marzo de 1965, ingresa como Garda Policía Municipal o 28 de abril de 1965, tomando posesión 16 de xuño do mesmo ano. Solicita a baixa por asuntos familiares e persoais o día 24 de xuño de 1965, cesando ao día seguinte.

Leopoldo Garza Rey, nado no lugar de Vilar da parroquia de Ribeira o día 16 de febreiro de 1942. Ingresar por oposición o día 22 de febreiro de 1974 como Garda da Policía Municipal Motorizado, tomando posesión do cargo o día 1 de marzo de 1974. Solicitou excedencia voluntaria, concedida por Decreto da Alcaldía do 1 de abril de 1981. Na Sesión de 9 de maio de 1991 solicita o reingreso como Policía local, e o Pleno, por unanimidade, acorda reintegralo ao servizo, debendo tomar posesión nun prazo de trinta días.

Francisco Barcala Calvo, nado na parroquia de San Xurxo de Veá o día 1 de abril de 1949. Antes de ingresar no corpo da Policía Municipal é nomeado Garda Policía Municipal Motorizado mediante oposición o día 22 de febreiro de 1974. Tomou posesión do cargo o día 1 de marzo de 1974.

José Luís Coto Cabana, nacido na parroquia de San Martiño de Tufín (Monterroso) o 23 de outubro de 1951. Ingresar por oposición con data 22 de febreiro de 1974 como Garda da Policía Municipal Motorizado. Tomou posesión o día 4 de marzo de 1974. Cesou como Policía Municipal en outubro de 2016. Foille concedida a Medalla á Constancia no Servizo.

Camilo Barcala Reyes, nacido no lugar de Sequeiro de Santa María de Couso o 1 de febreiro de 1941. Por oposición foi nomeado

Garda da Policía Municipal Motorizado o 22 de febreiro de 1974. Por resolución da Lei de Réxime Local pasa a depender directamente da alcaldía a efectos de levar a cabo notificacións e control de obras o día 24 de maio de 1989. Obtén a invalidez permanente total o 30 de xuño de 1994.

José Bal Míguez, nacido o 4 de agosto de 1950 na Casagrande do lugar de Barreiro, pertencente á parroquia de Santa María de Graba (Silleda). Ingresa no servizo militar o 19 de xullo de 1972, arma de Artillería. Licenciado do exercito 10 de outubro de 1973. Ingresa no concello da Estrada como peón de limpeza en decembro de 1977 e o día 2 de decembro de 1980 como Policía Municipal. Cesa como Policía Local o día 24 de maio de 2007. Exerce, como segunda actividade, o cargo de conserxe no Colexio Pérez Viondi, ata a súa xubilación o 4 de agosto de 2.015. Medalla á Constancia no Servizo.

Luis Magariños Camino, nado na Rúa do Cruceiro da vila da Estrada o día 2 de decembro de 1953. Ingresa no exército o 15 de abril de 1975, destinado en automobilismo e resulta licenciado o día 15 de xullo 1976. Foi nomeado Garda Municipal o día 8 de agosto de 1980 e toma de posesión o 5 de setembro 1980. Retirado en decembro de 2018. Medalla á Constancia no Servizo.

Alfonso Fernández Salgado, naceu en Lamela de Pereiro de Aguiar (Ourense) o día 12 de marzo de 1924. Procedente da Agrupación Temporal Militar da Garda Civil, toma de posesión o 29 agosto de 1980. Cesa por xubilación forzosa o 29 de agosto de 1989. Finou o 23 de xuño de 2001, e foi inhumado no cemiterio parroquial de Santa Mariña de Ribela.

José Manuel Sanmartín Fernández, veu ao mundo no lugar de San Xiao, de San Xiao de Guimarei, o día 12 de xaneiro de 1960. Ingresa no Servizo Militar o día 31 de agosto de 1980, na Arma de Sanidade e obtén a licenza o día 1 de decembro de 1881. Obtén o nomeamento como Garda Municipal o día 13 de xaneiro de 1983, xubilándose en decembro de 2019. Está en posesión da Medalla á Constancia no Servizo.

Rafael Cardona Constenla, nado na Travesía Hermanos Valladares da vila da Estrada, o día 22 de marzo de 1959. Ingresa na Armada o día 7 de febreiro de 1979 e licencia o día 28 febreiro de

1981. Foi nomeado o 8 de febreiro de 1989, tomando posesión o 9 de febreiro daquel ano. Retirado o día 30 de agosto de 2015. Exerceu a segunda actividade de conserxe no colexio Figueroa ata o 1 de setembro de 2015. Medalla á Constancia no Servizo.

Manuel Ferreiro Cabaleiro, nado en Berres o día 4 de xaneiro de 1962. Toma posesión o día 31 de xaneiro de 1989. Retirado no ano 1997, exerce a segunda actividade de conserxe colexio do Foxo ata a actualidade.

Carlos Antonio González Puente, naceu o 6 de xuño de 1967 na Estrada. Foi nomeado pola Comisión de Goberno para ocupar de forma interina a praza de Garda da Policía Municipal con data 14 de xullo de 1988. Toma Posesión o 13 de febreiro de 1989 e foi cesado como Garda da Policía Municipal interino o 31 de xaneiro de 1991.

José Enrique Loureiro Carbón, nacido na barriada de Catro Camiños da vila da Estrada o día 17 de marzo de 1967. Contratado como Garda Municipal interino con data 3 de xullo de 1989. Cesa el día 31 de xaneiro de 1991 como funcionario interino Toma Posesión con praza en propiedade o 1 de febreiro de 1991. Medalla á Constancia no Servizo.

Javier Quintero Torres. Nado na Rúa do Cruceiro, A Estrada, o día 30 de xaneiro de 1969. Obtén o nomeamento de Garda Municipal con data 24 de xaneiro de 1991, tomando posesión o 1 de febreiro. Goza da Medalla á Constancia no Servizo.

José Antonio Álvarez Vázquez, Nacido na parroquia de San Miguel de Moreira o día 24 de febreiro de 1968. Nomeado Garda da Policía Local o 29 de xullo de 1994. Toma Posesión 1 de agosto do mesmo ano.

José Luís Rey García, nado na parroquia de San Martiño de Barbude o día 8 de xuño de 1969. Nomeado Garda Municipal con data 27 de outubro de 1995, toma posesión o día 28 de outubro daquel ano.

Ventura Alejandro García Rosende, nacido en Loureiro de Arriba (Cuntis) o día 19 de xullo de 1977. Nomeamento como Garda Municipal o día 26 de maio de 1999. Toma Posesión 31 de maio de 1999.



Sede da Policía Local.

Raúl Castro Bernárdez, nado en Santo Estevo de Lagartóns o 7 de xullo de 1973. Data nomeamento como Garda da Policía Local: 26 de maio de 1999; toma Posesión 31 de maio.

Javier García Calvo, nacido en Upton Hospital Slongh Busks de Londres o día 21 de abril de 1972. Policía en prácticas. Toma Posesión como Garda da Policía Local o día 19 de febreiro de 2002.

Roberto Rodríguez Chao, nacido en San Lourenzo de Ouzande o 4 de xaneiro de 1980. Policía en prácticas. Toma de Posesión como Garda da Policía Local o 19 de febreiro de 2002.

Pablo Gómez Crespo, nado en Vilagarcía de Arousa o día 10 de xuño de 1984. Data nomeamento: 18 xullo de 2005, e de posesión o 22 de xuño de 2006. Cesou en decembro de 2016, trasladándose, mediante concurso de méritos (mobilidade horizontal) para o concello de Marín.

Santiago Campos Villaverde, nado en San Miguel de Arca o día 25 de xullo de 1975. Toma de Posesión como Policía Local o día 22 de xuño de 2006.

José López Louro, nado na Rúa Serafín Pazo da vila estradense o 25 de maio de 1979. Toma Posesión como Policía Local o día 1 de febreiro de 2011.

Javier Miguéns Magariños, nado o día 26 de abril de 1982, en San Miguel de Barcala, A Estrada. Toma de Posesión o 1 de febreiro de 2011. Desde xuño do 2014 ata xuño de 2015 permaneceu en comisión de servizo no concello de Carballo entre xuño 2014 e xuño 2015. Cesa en Marzo de 2019, trasladándose por concurso de méritos (mobilidade horizontal) para a Policía Local do concello de Pontevedra.

Oxalá que outros mais doutos que este humilde investigador decidan ampliar e completar este traballo. Aproveito a ocasión que me brinda este breve artigo para felicitar a nosa Policía Local da Estrada. Parabéns e bo servizo.

Fontes e bibliografía

- ARQUIVO MUNICIPAL DA ESTRADA. Libros de Actas dos Plenos. Expedientes de Gardas Municipais.
- MUSEO DO POBO ESTRADENSE MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA. Documentos varios e fotografías.
- POLICÍA LOCAL DA ESTRADA. Expedientes de ingreso e toma de posesión.
- DIARIO OFICIAL DE GALICIA.
- REXISTRO CIVIL DA ESTRADA.
- MEMORIA 1983-2017. Asociación de Fillos e Amigos da Estrada.
- FERRO PEGO, L.M., “Cuerpos de Seguridad, Policía Local”, en *Heráldica, Genealogía y Nobiliaria*, T. LIX, 2008.
- SILVA FERREIRO, M. *Galicia y el Movimiento Nacional*. Santiago de Compostela, 1938.



Varios documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tomo do mosteiro de San Xoán da Cova

Adrián Ares Legaspi
aares@us.es

Resumo. O mosteiro de San Xoán da Cova foi unha das institucións da Terra de Santiago que precisaron da escritura para poder xestionar a súa facenda. Deste xeito nace o tomo no que se recollen diversos documentos referentes ás súas propiedades, o cal fora encargado aos notarios que traballan na súa contorna. Neste traballo estudamos quen foron eses notarios e recolleemos ademais a transcripción de 3 documentos relativos a zonas do actual concello da Estrada: San Breixo de Lamas e Codeseda.

Abstract. The monastery of San Xoán da Cova was one of the institutions in Galicia (Terra de Santiago) which had a deed in order to manage its property. In this way, we have the cartulary, with some different documents related to its belongings, which was entrusted to the notaries who worked nearby. This paper is about these notaries and it also includes the transcript of three documents related to some regions in A Estrada city council: San Breixo de Lamas and Codeseda.

Introdución¹

O coñecido como *Tomo de San Xoán da Cova* é un códice diplomático elaborado a mediados do século XV no dito mosteiro, logo de este ser anexionado polo de Santa María a Real de Sar², coa finalidade de atender aos requirimentos da xestión da facenda da institución. Esta función está estreitamente vinculada co contido do libro e especialmente coa tipoloxía documental que de xeito maioritario se recolle nos seus folios: o foro. Xa que non imos entrar na análise desta tipoloxía por mor do espazo que para isto precisaríamos, o cal excede ademais os límites desta contribución, abonda con subliñar que estes documentos permítennos non só facer unha reconstrución das posesións territoriais deste mosteiro, senón tamén facer un estudo económico da zona na que se asenta o mosteiro e dos terreos nos

- 1 Esta investigación foi sido posible grazas ao finamento do V Plan Propio de Investigación da Universidade de Sevilla e ao proxecto de investigación I+D+I "Excelencia" do Ministerio de Economía e Competitividade: HAR2017-85025-P. IESOP. Iglesia y Escritura en el Occidente Peninsular (Castilla y Potugal. Siglos XII-XVII).
- 2 Neira Pereira, Henrique (2007), Vedra. *Da prehistoria ós inicios do século xx*, Vedra, p. 90.

que se estableceron os foreiros, pois neste tipo de contratos especifícase a renda en moeda que o cenobio debería de percibir ou ben a parte da produtividade xerada pola propiedade aforada³. Porén, aínda que esta tipoloxía sexa a máis recorrente no códice, isto non foi óbice para atoparmos outro tipo de diplomas como apeos, cartas de venda, de traspaso, de doazón, confirmacións e rectificacións de foros, devolución de bens ou sentencias xudiciais.

Mais este códice diplomático⁴ mostra ao investigador outra información de gran relevancia para entender a xestión que o mosteiro de San Xoán da Cova facía dos seus bens: o artellamento da escritura como un recurso que a institución posúe para administrar a súa facenda. E aínda máis. O feito de que isto non podería ter ocorrido sen o labor dos notarios. Estes podían ser nomeados por distintas autoridades: o rei, o papa ou algún delegado seu, o arcebispo no caso de Santiago, algúns señores laicos que gozasen desta prerrogativa ou outras institucións como os mosteiros⁵. Porén, o de San Xoán da Cova non posuía esta capacidade, polo que se vía na obriga de botar man de figuras alleas á súa comunidade⁶: notarios apostólicos, notarios sen unha incardinación concreta que actuaban por toda a diocese ou, naqueles nos que nos imos centrar agora, notarios adscritos a un territorio que habitualmente coincidía cos arciprestados⁷.

O notario público xurado na Terra de Tabeirós e Ribadulla Fernán Pérez foi o notario que máis documentos validou neste libro, 77. Un feito que non nos debe de estrañar se temos en conta que unha das súas angueiras era prestar servizo a particulares e institucións situadas dentro dos límites das terras nas que traballaba⁸. Lucas Ál-

3 Para un estudo histórico deste fenómeno, vid. Lucas Álvarez, Manuel (1953), *Evolución histórica del Foro Gallego*, Santiago de Compostela.

4 Belmonte Fernández abordou a cuestión da terminoloxía de libros como os *Libros de Estatutos, Carteiros e Códices Diplomáticos* tendo en conta o estado de transmisión de cada un dos documentos que se recollen neste libros. Vid. Belmonte Fernández, Diego (2014), "Borradores, originales, copias y recopilaciones: los Libros de Estatutos del cabildo catedralicio sevillano", *Historia. Instituciones. Documentos*, 41, pp. 45-74.

5 Bono Huerta, José (1979-1982), *Historia del derecho notarial español, I, La Edad Media*, Madrid.

6 Para o estudo de todos os notarios que participaron na confección deste tomo, vid. Ares Legaspi, Adrián (2018), "O Tombo do mosteiro de San Xoán da Cova (Vedra). Notas paleográficas e rexestos", *Cuadernos de estudios gallegos*, 131, pp. 171-203.

7 Vázquez Bertomeu, Mercedes (2001), *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su Tierra en el siglo xv*, Sada, p. 20.

8 *Ibid.* p. 21.

varez constata a presenza deste tipo de notarios na área de Ribadulla e Cornado xa dende 1276⁹, polo que, como vemos, o seu papel no mundo da cultura escrita xa estaba consolidado a mediados do século xv debido á máis que longa tradición das súas tarefas neste espazo xeográfico.

Porén, a importancia destes notarios non só residiu no feito de permitir o desenvolvemento do día a día destas institucións e do núcleo de poboación para os que traballaron, senón tamén por tratárense da figura que “garantiza documentalmente el orden socio-político establecido”¹⁰ por parte de quen posuía o poder no territorio no que exercían, no caso de Santiago, o arcebispo. Deste xeito, os notarios das terras do arcebispado formaban parte do que podemos considerar unha rede notarial ben definida e asentada sobre os dominios nos que o prelado compostelán desenvolvía o seu poder como señor, a súa xurisdición, a cal abranguía a prerrogativa de nomear escribáns. Esta rede que se asentaba sobre a organización de unidades territoriais das terras, vilas e núcleos urbanos de máis grandes apuntada por González Vázquez¹¹, permitía ademais a mobilidade horizontal dentro do sistema dos notarios que exercían nalgún destes ámbitos, normalmente actuando como *escusadores* ou substitutos doutros escribáns na cidade de Santiago. Deste xeito, individuos como Xácome González, que era notario da terra de Tabeirós e Ribadulla, ou Xácome Eáns, notario de Tabeirós, Ribadulla e Cornado, podían traballar tamén como *escusadores* dos notarios do cabido da catedral de Santiago Gómez Vázquez de Vaamonde e Sancho de Cardama o primeiro e Álvaro de Casteenda e Alonso de Fonseca o segundo¹².

Finalmente, algunhas das notarías destas terras, entre elas as de Taveirós, Ribadulla ou Veá, puideron pertencer a membros da oligarquía urbana da cidade de Santiago, sobre todo no século xvi. Neste caso, estas oficinas debían de ser traballadas por veciños des-

9 Lucas Álvarez, Manuel (1989), “El notariado en Galicia hasta el año 1300 (una aproximación)”, *Notariado público y documento privado: de los orígenes a al siglo xiv. Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática*, vol. I, Valencia, p. 347.

10 Pardo Rodríguez, María Luisa (1994-1995), “La Diplomática señorial en la Corona de Castilla”, *Estudis Castellonencs*, 6, p. 1020.

11 González Vázquez, Marta (1996), *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, Sada, p. 134.

12 Vid. Vázquez Bertomeu, Mercedes (1997), “El escritorio capitular compostelano (1460-1481)”, *Historia. Instituciones. Documentos*, 24, pp. 533 y 534.

tes territorios mediante contratos de arrendamento (frecuentemente cunha duración entre 2 e 5 anos) e cartas de poder¹³, convertendo a estes últimos en *escusadores* dos titulares da oficina.

Os documentos¹⁴

1419, xullo, 8. Mosteiro de San Xoán da Cova

O prior e cóngos do mosteiro de San Xoán da Cova consenten a venda realizada o 8 de xullo de 1419 por parte de Xoán Foupete, alfaiate, veciño da Ponte Ulla, e a súa muller, Constanza García, a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, dunhas viñas. A'.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, f. 59r.

Enno anno do nasçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e noue annos, oytto días do mes de juyo. Sabean todos que en presença de min notario e testemuñas so escriptas, estando Juan Foupete, alfaiate, enno moesteiro de San Juan da Coua, e estando y presente Nuno Afón, prior do dito moesteiro, e Rodrigo Eanes e Gonçaluo Rodríguez, cóngos do dito moesteiro, entón o dito Juan Foupete diso ao dito prior e cóngos que eles ben sabían en commo el tiina aforado do dito moesteiro e convento del çertas leiras de vinas e herdades que son enno chaao e couto do dito moesteiro e el as agora non podía labrar nen teer, nen vsar e por menesteres que avía mester quería vender o foro dellas e traspasarlas en outras personas e especialmente en Afón Fernández, clérigo de San Breixome de Lamas, que presente estaua. Por ende que lles dezía e frontaua e requería ao dito prior e cóngos se querían os ditos foros que lle así fezeran das ditas vinas tanto por tanto para si e para o convento do dito moesteiro. E eles diron que as non querían para sy, mais que o consentían e consentiron de as el vender e traspasar ao dito Afón Fernández, clérigo, e súas voces e non a outra persona e que outorgauan enna dita venta que el así fezeze do dito foro das ditas vinas ao dito Afón Fernández. E o dito Juan Foupete diso que pedía delo testemoyo para garda do seu dereito. Esto foy no dito moesteiro, anno, mes e día sobreditos. Testemuñas que foron presentes Iohán Afón Estraga, escudeiro, e Gonçaluo Doqua, carpenteiro, e Diego Lourenço da Ponte da Vlla e Juan Eanes de Galegos e Rodrigo Eanes, frade de Camanço, e outros.

13 Para unha mostra destes contratos: Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos notariais, S-17, ff. 275v-277v e S-72, ff. 452r-453v.

14 Seguimos para as normas de transcripción destes documentos os criterios empregados por Lucas Álvarez e Justo Martín, quen, pola súa banda, toman os propostos pola Comisión Internacional de Diplomática e outros do Consello da Cultura Galega que non chegaron a ser publicados. Vid. Justo Martín, María Xosé, Lucas Álvarez, Manuel (1991), *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela: pergameos da serie BENS do Arquivo Histórico Universitario (anos 1237-1537)*, Santiago de Compostela; e vid. tamén Varela Gómez, David (2011), "La transcripción paleográfica de documentos medievales en gallego: Estado de la cuestión y necesidad de la Interdisciplinarietà", *Nuevas líneas de investigación en el estudio diacrónico de la lengua española*. Actas del IX Congreso de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española (AJIHL), Palma de Mallorca, pp. 83-93.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Taueirôds e de (sinal) Ribadulla por la iglesia de Santiago, este contrabto saqey das notas feytas por ante Afón Ballo, notario que foy da dita terra, meu antecesor, e por min ben e fielmente aquí escripuy para o qual ey abtoridade do señor arçobispo de Santiago e meu nome e signo aquí pono en testemuño de verdade que tal he. (+)

1419, xullo, 8. [s.l.]

Xoán Foupete, alfaiate, veciño da Ponte Ulla, e a súa muller, Constanza García, venden a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, unhas viñas por 800 marabedís. A'.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, f. 59v.

Enno anno do nasçemento de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e noue annos, oytro días do mes de juyo. Sabean todos que eu Iohán Foupete, alfaiate morador que foy enno lugar da Ponte da Vlla, por min e en nome de mia moller, Costança García, por la qual me obliguo de dar outorgamento desto adeante contiúdo por min e por ela e por todas nosas vozes, vendo firmemente e outorgo para senpre a vos Afón Fernández, clérigo de San Breixome de Lamas, comprante por vos e para todas vosas vozes, conven a saber: que vos vendo a nosa leira de herdade e vina que jaz ontre a leira de herdade que ora ten García, yrmao de Gonçaluo Eanes, feito cóengo, e de Fernán Ferrucho e ontre a leira de Diego Lourenço, as quaes leiras jazzen enno Chao. Iten vos vendo mais o sesto da herdade e vina e leira que jaz ontre o chao e a vina de Roy de Santeles. Iten vos vendo mais a outra leira de vina que jaz enno dito lugar do Chao ontre a vina de Diego Lourenço e Afón Barbauchio, as quaes vinas e leiras de herdade eu e a dita mia moller agora teemos postas e prantadas de vina e as quaes nos perteesçen por foro que delas teemos feito do prior e conuento do moesteiro de San Iohán da Coua, que son enno couto do dito moesteiro e que, outrosí, Nunno Afón, prior do dito moesteiro e huna parte do convento del me dou liçençia e consentimento para vos las vender. E véndovoslas commo dito he con todas súas perteescas e dereituras con tal condiçón que tenades as ditas vinas e as labredes en maneira que se non pergan por mingoa de lauor e de chousura e pagedes o foro por contía de oytocentos marabedís de moeda vella branca en tres dineiros. Os quaes marabedís me logo dades e pagades en huna taça de prata e en penores que montan e valen a dita contía; dos quaes confeso e outorgo que sôo entrego e pago e renunçio a toda eixepçón que nunca ende diga o contrario. E se mais val esto que dito he toda esa demaiosia vos dou e outorgo en pura e justa doaçón para todo senpre e todo jur, señorío, voz, auçón e dereito que eu e a dita mia moller avemos en esto que vos vendemos de min e dela o quito e tiro e en vos e vosas vozes e pono e traspaso e de aquí endeante façades delo toda vosa vontade. E se eu ou mia uoz contra esta carta e venda vier quen quer que for, page por pena a vos e a uosa voz o dobro da dita contía e a pena, pagada ou non pagada, esto valla para senpre. E eu o dito Afón Fernández así o reço e outorgo e obliguo a elo meus bêês. Testemuñas que foron presentes Juan Afón Estraga, escudeiro, e Gonçaluo Doqua, carpenteiro, e Diego Lourenço da Ponte da Vlla e Juan Eanes de Galegos e outros.

Eu Fernán Pérez, notario público jurado de terra de Taueirôds e de Ribadulla (sinal) por la iglesia de Santiago, este contrabto saqey das notas feytas por ante Afón Ballo, notario que foy da dita terra, meu anteçesor, e por min ben e fielmente aquí scripuí para o qual ey autoridade do señor arçobispo de Santiago e aquí meu nome e signo pono en testemuño de verdade que tal he. (+)

1419, xullo, 8. Mosteiro de San Xoán da Cova

O prior e cóngos do mosteiro de San Xoán da Cova aforan de forma vitalicia a Afonso Fernández, clérigo de San Breixo de Lamas, a metade dunha casa e pardiñeiro na Ponte Ulla por 3 marabedís anuais.

A'.- AHDS, Fondo San Matiño, carpeta 46, documento 11, ff. 59v-60r

